

I. DISPOSICIÓNS XERAIS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, recentemente modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, regula no capítulo terceiro do seu título preliminar a definición de currículo e enumera os elementos que o integran, e tamén establece que o currículo deberá estar orientado a facilitar o desenvolvemento educativo do alumnado, garantindo a súa formación integral, contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e preparándoo para o exercicio pleno dos dereitos humanos e dunha cidadanía activa e democrática na sociedade actual, sen que en ningún caso poida supoñer unha barreira que xere abandono escolar ou impida o acceso e o exercicio do dereito á educación.

Así mesmo, coas modificacións introducidas pola citada Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, realízase unha nova distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, e establécese que, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos títulos correspondentes, o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación e os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Esas ensinanzas mínimas requirirán o 50 por cento dos horarios escolares para as comunidades autónomas que teñan lingua cooficial, como é o caso da Comunidade Autónoma de Galicia. As administracións educativas, pola súa vez, serán as responsables de establecer o currículo correspondente para o seu ámbito territorial, do cal formarán parte os aspectos básicos antes mencionados. Finalmente, corresponderá aos propios centros docentes desenvolver e completar, de ser o caso, o currículo de cada etapa e ciclo no uso da súa autonomía, tal como se recolle na propia lei.

Por outra banda, con relación á educación primaria, a nova redacción da lei modifica algúns aspectos da ordenación e da organización das ensinanzas desa etapa.

En desenvolvemento do anterior, o Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación primaria, aprobou e concretou a nivel estatal as ensinanzas mínimas para a educación primaria e determinou os



aspectos básicos do currículo, así como outros aspectos da súa ordenación, tales como a avaliación e a promoción, a atención ás diferenzas individuais, a autonomía dos centros e os documentos e informes de avaliación.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída no artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, competencia plena sobre a regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución española e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do artigo 81 desta, o desenvolvan e das facultades que atribúe ao Estado o número 30 do punto 1 do artigo 149 da Constitución española, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e a súa garantía.

Neste contexto, este decreto ten por obxecto establecer a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación primaria.

II

Son moitos os cambios que se teñen producido nos últimos anos nos comportamentos sociais, cambios que tamén afectan o papel da educación e a percepción que a sociedade ten desta. Entre eses cambios cabe destacar o uso xeneralizado das tecnoloxías da información e da comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá, que está a modificar a maneira en que as persoas participan na sociedade, e as súas capacidades para construír a propia personalidade e para aprender ao longo da vida.

O sistema educativo galego non pode permanecer alleo a estes continuos cambios que deben ter un reflexo na aprendizaxe das persoas ao longo da vida, con diferentes enfoques para adaptar a formación aos requisitos actuais e futuros. Entre os moitos enfoques que hai que ter presentes destacan os dereitos da infancia como principio reitor; a igualdade de xénero a través da coeducación e a aprendizaxe da igualdade efectiva de mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual; a inclusión educativa para que todo o alumnado teña garantías de éxito na educación por medio dunha dinámica de mellora continua dos centros docentes e unha maior personalización da aprendizaxe; a importancia de atender ao desenvolvemento sustentable que inclúe a educación para a paz e os dereitos humanos, a comprensión internacional e a educación intercultural, así como a educación para a transición ecolóxica; e tamén o cambio dixital



que se está producindo nas nosas sociedades e que forzosamente afecta a actividade educativa. A sociedade no seu conxunto reclama un sistema educativo moderno, menos ríxido, máis aberto, multilingüe e cosmopolita, que desenvolva todo o potencial e o talento do alumnado.

Todas estas importantes consideracións teñen que estar presentes na configuración dun currículo galego para a etapa da educación primaria, que permita establecer e homoxeneizar no territorio os dereitos formativos e de aprendizaxe do alumnado, pero tamén guiar o profesorado nos procesos de ensino e aprendizaxe que poña en práctica, permitíndolle ter unha base máis clara sobre a que desenvolver a súa docencia segundo as idades do alumnado. Nese sentido, unha das funcións do currículo será a de indicarlles ás e aos docentes sobre o que se pretende acadar e proporcionarlles pautas de acción e orientacións sobre como conseguilo. Ademais, constitúe un referente dentro do propio sistema educativo para as avaliacións da calidade deste, entendidas como a súa capacidade para acadar as intencións educativas fixadas.

O currículo da educación primaria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias clave e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física.

A etapa de educación primaria participa do proceso de adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente que aparecen recollidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018. Neste decreto, estas competencias clave adaptáronse ao contexto escolar, así como aos principios e fins do sistema educativo.

O currículo establecido neste decreto baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Establécense novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación, que van supoñer un importante cambio nas tarefas para o alumnado, e propostas metodolóxicas innovadoras.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe abordarse desde todas as áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais coma nos non formais



e informais; o seu dinamismo reflíctese en que as competencias clave non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

Para lograr este proceso de cambio curricular é preciso favorecer unha visión interdisciplinaria e, de xeito especial, posibilitarlle unha maior autonomía á función docente, de forma que permita satisfacer as demandas dunha maior personalización da educación. O rol do persoal docente é fundamental, pois debe ser quen de deseñar tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos, xa que os contidos están subordinados á acción.

Todos estes enfoques están considerados neste decreto e van unidos ao recoñecemento dunha maior autonomía dos centros docentes, aumentando a súa capacidade de decisión no desenvolvemento do currículo.

III

Desde o punto de vista formal, o decreto conta con trinta e cinco artigos estruturados en catro títulos, cinco disposicións adicionais, unha disposición transitoria única, unha disposición derogatoria única e tres disposicións derradeiras.

O título preliminar, relativo ás disposicións xerais, establece o obxecto e o ámbito de aplicación do decreto e concreta os fins e os principios xerais da etapa de educación primaria no marco do sistema educativo.

O título I, que se denomina Organización e desenvolvemento, distribúese en catro capítulos.

No capítulo primeiro defínese o currículo e os elementos que o conforman, concréntanse os obxectivos xerais e as competencias clave para esta etapa educativa e introdúcese, con carácter anovador, o perfil de saída ao termo do ensino básico. Abórdase a organización das áreas da etapa e a súa estrutura curricular, referida aos obxectivos, aos criterios de avaliación, aos contidos e ás orientacións pedagóxicas. A organización da etapa vértase sobre os ciclos e os cursos, sen perder de vista o seu carácter global e integrador, que exige a máxima coordinación e resalta a importancia da función titorial. Abórdase, tamén, o horario e a agrupación das áreas en ámbitos.



No capítulo segundo regúlase o desenvolvemento do currículo, potenciando a autonomía dos centros e establecendo o contido que deberán ter a concreción curricular e as programacións didácticas. Neste capítulo tamén se tratan os principios pedagóxicos da intervención educativa, os elementos transversais e a importancia da coordinación da etapa da educación primaria coa previa de educación infantil e a posterior de educación secundaria obrigatoria.

No capítulo terceiro trátase o papel da titoría, así como a atención á diversidade.

No capítulo cuarto regúlase a avaliación e a promoción e establécese o grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa como os referentes para as avaliacións; tamén se regula a avaliación de diagnóstico que se realizará no cuarto curso, así como o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva, e a participación e o dereito á información das nais, dos pais ou das persoas titoras legais.

O título II regula os documentos oficiais de avaliación do alumnado; nel defínese cales deben ser os documentos e os informes de avaliación, regúlanse as actas de avaliación, o expediente académico, o historial académico, o informe final de etapa e o informe persoal por traslado, e establécense tamén as garantías para a autenticidade, seguridade e confidencialidade dos documentos oficiais de avaliación.

Por último, o título III dedícase a diferentes plans educativos relevantes e estratéxicos para o sistema educativo galego, entroncados cos compromisos asumidos polos distintos sistemas a nivel europeo no Marco para a cooperación europea en educación e formación, e coas necesidades propias dun sistema destinado a proporcionarlle ao alumnado as competencias cruciais para as cidadás e os cidadáns do século XXI. Regúlanse certos aspectos das bibliotecas escolares e o fomento dunha aproximación á lectura, e do proceso de educación dixital, no cal a promoción do uso das tecnoloxías da información e da comunicación constitúe un factor esencial para facilitar cambios metodolóxicos que proporcionen novos elementos e oportunidades para o éxito educativo en Galicia. Igualmente, faise fincapé na promoción de estilos de vida saudables entre o alumnado desta etapa, esencial para o seu desenvolvemento.

O decreto finaliza con cinco disposicións adicionais, relativas á adaptación de referencias normativas, á ensinanza da relixión, á aprendizaxe de linguas estranxeiras, ás tarefas extraescolares e ao calendario escolar; mais unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.



Neste decreto inclúense, ademais, tres anexos: o anexo I, relativo ao perfil de saída ao termo do ensino básico, no que se establecen as competencias clave e os descritores operativos que rexerán na etapa; o anexo II, sobre o currículo de cada área da etapa, que se estrutura en introdución, obxectivos, criterios de avaliación e contidos organizados en bloques para cada un dos cursos da etapa, e orientacións pedagóxicas; e o anexo III, no cal se regula o horario escolar das áreas en cada un dos cursos da etapa.

IV

Desde o punto de vista da mellora da calidade normativa, este decreto adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia, que se recollen no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

No que se refire aos principios de necesidade e eficacia, trátase dunha norma necesaria para a regulación da ordenación e do currículo da etapa da educación primaria conforme a nova redacción da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, tras as modificacións introducidas pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, e o Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación primaria.

De acordo cos principios de proporcionalidade e de simplicidade, contén a regulación imprescindible da estrutura destas ensinanzas ao non existir ningunha alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos.

Conforme os principios de seguridade xurídica e eficiencia, resulta coherente co ordenamento xurídico e permite unha xestión máis eficiente dos recursos públicos.

Cumple tamén cos principios de transparencia e accesibilidade, xa que se identifica claramente o seu propósito e durante o procedemento de tramitación da norma permitiuse a participación activa das persoas potenciais destinatarias a través dos trámites de consulta pública prevista e de publicación no portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en exercicio das facultades outorgadas polo artigo 34 da Lei 1/1983,



do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, consultado o Consello Escolar de Galicia, de acordo co Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do quince de setembro de dous mil vinte e dous,

DISPOÑO:

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

Este decreto ten por obxecto establecer a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación primaria.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

Este decreto será de aplicación nos centros docentes correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan as ensinanzas de educación primaria.

Artigo 3. *A etapa de educación primaria*

1. A educación primaria é unha etapa educativa que constitúe, xunto coa educación secundaria obrigatoria e os ciclos formativos de grao básico, a educación básica.

2. A educación primaria comprende tres ciclos de dous cursos académicos cada un e organízase en áreas que terán un carácter global e integrador, as cales estarán orientadas ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado e poderán organizarse en ámbitos.

Artigo 4. *Fins*

A finalidade da educación primaria é facilitarlle ao alumnado as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, as habilidades lóxicas e matemáticas, a adquisición de nocións básicas da cultura e o hábito de convivencia, así como



os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade, e de preparalo para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.

Artigo 5. *Principios xerais*

1. A educación primaria é unha etapa que comprende seis cursos académicos e ten carácter obrigatorio e gratuíto.

2. Con carácter xeral, cursarase entre os seis e os doce anos de idade e o alumnado incorporarase ao primeiro curso da educación primaria no ano natural en que cumpra seis anos.

3. A acción educativa nesta etapa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado desde unha perspectiva global e adaptarse aos seus ritmos de traballo.

4. As medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares que se adopten rexeranse polos principios do deseño universal para a aprendizaxe.

Artigo 6. *Currículo*

1. De conformidade co artigo 6.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación da educación primaria constitúe o currículo desta etapa.

2. Para os efectos deste decreto entenderase por:

a) Obxectivos da etapa: logros que se espera que o alumnado alcance ao finalizar a etapa e cuxa consecución está vinculada á adquisición das competencias clave.

b) Competencias clave: desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente e aparecen recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico. Así mesmo, eses



desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

c) Perfil de saída: concreción dos principios e fins do sistema educativo referidos á educación básica que fundamenta o resto de decisións curriculares. O perfil de saída identifica e define as competencias clave que o alumnado debe desenvolver ao finalizar a educación básica, e introduce orientacións sobre o nivel de desempeño esperado ao termo da educación primaria e da educación secundaria obrigatoria a través dos correspondentes descritores operativos.

d) Obxectivos de área: desempeños que o alumnado debe poder despregar en actividades ou en situacións cuxa abordaxe require as aprendizaxes asociadas aos contidos de cada área ou ámbito. Os obxectivos das áreas constitúen un elemento de conexión entre, por unha banda, o perfil de saída do alumnado e, por outra, os criterios de avaliación e os contidos das áreas ou dos ámbitos. Os obxectivos de área correspóndense coas competencias específicas establecidas no Real decreto 157/2022, do 1 de marzo.

e) Criterios de avaliación: referentes que indican os niveis de desempeño esperados no alumnado nas situacións ou actividades a que se refiren os obxectivos de cada área nun momento determinado do seu proceso de aprendizaxe. Nese sentido, actúan como unha ponte de conexión entre os contidos e os obxectivos da área, polo que son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado, e describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias.

f) Contidos: coñecementos, destrezas e actitudes propios dunha área ou dun ámbito e cuxa aprendizaxe é necesaria para adquirir o nivel de desempeño indicado nos criterios de avaliación e para o logro dos obxectivos da área. Os contidos están enunciados na forma de saberes básicos de acordo co sinalado no artigo 10.1 do Real decreto 157/2022, do 1 de marzo.

g) Orientacións pedagóxicas: indicacións para orientar o profesorado no deseño e na planificación das estratexias, nos procedementos e nas accións docentes, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado que lle permita o logro dos obxectivos e a adquisición das competencias clave.



Artigo 7. Obxectivos da etapa

A educación primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.

e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.



i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Artigo 8. Competencias clave e perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico

1. As competencias clave da etapa, para os efectos deste decreto, son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).



e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).

f) Competencia cidadá (CC).

g) Competencia emprendedora (CE).

h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

2. As competencias clave da etapa, así como os descritores operativos do grao da súa adquisición que estea previsto ao finalizar a etapa, interpretaranse de acordo coas definicións contidas no anexo I.

3. O currículo que establece este decreto ten por obxecto garantir o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída. A concreción do currículo que realicen os centros docentes nos seus proxectos educativos e funcionais terá como referente o devandito perfil de saída.

TÍTULO I

Organización e desenvolvemento

CAPÍTULO I

Organización

Artigo 9. Áreas

1. As áreas da educación primaria que se imparten en todos os cursos son as seguintes:

a) Ciencias da Natureza.

b) Ciencias Sociais.

c) Educación Física.

d) Educación Plástica e Visual.

e) Lingua Castelá e Literatura.



f) Lingua Estranxeira.

g) Lingua Galega e Literatura.

h) Matemáticas.

i) Música e Danza.

2. Ás áreas incluídas no punto anterior engadirase no sexto curso:

– Educación en Valores Cívicos e Éticos.

3. As áreas de Ciencias da Natureza e de Ciencias Sociais constitúen o desdoblamento da área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural, e as áreas de Educación Plástica e Visual e de Música e Danza constitúen o desdoblamento da área de Educación Artística.

4. A área de Lingua Galega e Literatura terá un tratamento no centro análogo á de Lingua Castelá e Literatura, de xeito que se garanta, en todo caso, o obxectivo de competencia lingüística suficiente en ambas as linguas oficiais segundo o establecido no artigo 6 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario.

5. A organización en áreas entenderase sen prexuízo do carácter global da etapa, dada a necesidade de integrar as distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado nestas idades.

Artigo 10. *Estrutura das áreas*

1. A organización en áreas desenvólvese no anexo II seguindo, respecto de cada área, a seguinte estrutura:

a) Introducción.

b) Obxectivos, que serán comúns para todos os ciclos da etapa.

c) Criterios de avaliación e contidos, organizados en bloques para cada un dos cursos da etapa.

d) Orientacións pedagóxicas.



2. A agrupación por bloques dos criterios de avaliación e dos contidos de cada área non supón unha secuencia establecida nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis axeitada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnas e alumnos a que van dirixidos.

Artigo 11. *Horario*

1. A carga horaria semanal en períodos lectivos para cada unha das áreas dos distintos cursos da etapa é a que figura no anexo III.

Este horario debe entenderse como o tempo semanal necesario para o traballo en cada unha das áreas, sen esquecerse do carácter global e integrador da etapa.

2. A distribución das áreas en cada xornada e durante a semana realizarase atendendo exclusivamente a razóns pedagóxicas e organizativas. Nese sentido, os centros docentes, no uso da súa autonomía, poderán organizar o horario lectivo en cada xornada en sesións ou medias sesións que se poderán agrupar co fin de potenciar estratexias metodolóxicas para o desenvolvemento das competencias clave ou de traballo interdisciplinario, respectando en todo caso o horario semanal previsto no anexo III para cada unha das áreas.

3. As actividades escolares desenvolveranse, cando menos, ao longo de vinte e cinco horas semanais.

Artigo 12. *Agrupación de áreas en ámbitos*

1. Os centros docentes poderán establecer agrupacións de áreas en ámbitos no marco do establecido a este respecto pola consellería con competencias en materia de educación.

2. O currículo dos ámbitos constituídos por agrupacións de áreas incluírá os obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos das áreas que os conforman, así como o horario asignado ao conxunto delas.

CAPÍTULO II

Desenvolvemento do currículo

Artigo 13. *Autonomía dos centros*

1. Os centros docentes disporán de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión, no marco da lexislación vixente e nos termos recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3



de maio, e nas normas que a desenvolven; favorecerán o traballo en equipo do profesorado e estimularán a actividade investigadora a partir da súa práctica docente. A consellería con competencias en materia de educación fomentará e favorecerá a aplicación por parte dos centros docentes do disposto neste número.

2. Os centros docentes, no uso da súa autonomía, desenvolverán e completarán, de ser o caso, o currículo da educación primaria e fixarán a súa concreción e incorporarán ao seu proxecto educativo e funcional, que impulsará e desenvolverá os principios, os obxectivos e a metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa.

3. Así mesmo, os centros docentes poderán establecer medidas de flexibilización na organización das áreas, nas ensinanzas, nos espazos e nos tempos, e promover alternativas metodolóxicas, co fin de personalizar e mellorar a capacidade de aprendizaxe e os resultados de todo o alumnado, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación.

4. No exercicio da súa autonomía, os centros docentes poderán adoptar experimentacións, innovacións pedagóxicas, programas educativos, plans de traballo, formas de organización, normas de convivencia ou ampliación do calendario escolar ou do horario lectivo de áreas ou ámbitos, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación e dentro das posibilidades que permita a normativa aplicable, incluída a laboral, sen que, en ningún caso, supoña discriminación de ningún tipo, nin comporte a imposición de achegas ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais, nin de exixencias para as administracións educativas.

Artigo 14. *Concreción curricular*

1. A concreción curricular é o marco que establece o Claustro de profesorado cos criterios e as decisións para orientar o desenvolvemento do currículo por parte do profesorado e a coordinación interdisciplinaria por parte dos órganos de coordinación didáctica, para garantir a coherencia na actuación docente.

2. A concreción curricular da etapa incluirá, como mínimo:

- a) A adecuación dos obxectivos da etapa ao contexto do centro.
- b) A contribución á adquisición das competencias clave.



c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.

f) Os criterios para o deseño das actividades complementarias.

g) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso.

h) Os criterios xerais para a avaliación e a promoción.

i) As decisións e os criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas.

j) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.

k) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.

3. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e modificación da concreción curricular.

Artigo 15. *Programacións didácticas*

1. Os centros docentes desenvolverán o currículo das ensinanzas de educación primaria mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das áreas ou ámbitos seguindo as decisións e os criterios xerais establecidos na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

2. As programacións didácticas das áreas ou ámbitos das ensinanzas de educación primaria incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:

a) Introducción.

b) Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.



c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.

d) Metodoloxía.

– Concrecións metodolóxicas.

– Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

– Procedemento para a avaliación inicial.

– Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área e criterios de recuperación.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

– Concreción dos elementos transversais.

– Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

– Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

– Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

3. O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada área, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

4. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento das programacións didácticas.



Artigo 16. *Principios pedagógicos*

1. Na educación primaria poñerase especial énfase en garantir a inclusión educativa, a atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, a participación e a convivencia, a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan axiña como se detecte calquera destas situacións.

2. A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adecuada adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída, tendo sempre en conta o seu proceso madurativo individual, así como os niveis de desempeño esperados para esta etapa.

3. A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido, prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II para cada unha das áreas.

4. Co obxecto de fomentar a integración das competencias clave, os centros docentes dedicarán un tempo do horario lectivo, nos termos recollidos na súa concreción curricular, á realización de proxectos significativos para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Nese sentido, as aprendizaxes que teñan carácter instrumental para a adquisición doutras competencias clave recibirán especial consideración.

5. A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave, é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o há-



bito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura e práctica da oratoria nos termos recollidos na súa concreción curricular. Para facilitar esta práctica, a consellería con competencias en materia de educación promoverá plans de fomento da lectura e de alfabetización en diversos medios, tecnoloxías e linguaxes. Para iso contarase, de ser o caso, coa colaboración das familias ou persoas titoras legais e do voluntariado, así como co intercambio de boas prácticas.

6. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

7. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso priorizarase a comprensión, a expresión e a interacción oral.

8. Prestarase especial atención ao principio de igualdade, poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial atención nos libros de texto e materiais educativos.

9. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúñas das áreas da etapa, a comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas.

10. De igual modo, desde todas as áreas promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.

11. Así mesmo, prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.



Artigo 17. *Elementos transversais*

1. Na etapa de educación primaria trataranse, como mínimo, aqueles contidos de carácter transversal que se recollen nos números 9, 10 e 11 do artigo 16.

2. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

3. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

4. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Artigo 18. *Coordinación entre etapas*

Para garantir a continuidade do proceso de formación e unha transición e evolución positiva desde a educación infantil á educación primaria e desde esta á educación secundaria obrigatoria, a consellería con competencias en materia de educación e os centros docentes establecerán mecanismos para realizar a coordinación entre as diferentes etapas.

CAPÍTULO III**Titoría e atención á diversidade****Artigo 19. *Titoría e orientación***

1. Na educación primaria, a orientación e a acción titorial acompañarán o proceso educativo individual e colectivo do alumnado. Así mesmo, fomentarse na etapa o respecto mutuo e a cooperación entre iguais, con especial atención á igualdade de xénero.



2. Cada grupo de alumnas e alumnos terá unha mestra titora ou un mestre titor.

3. Desde a titoría coordinarase a intervención educativa do conxunto do profesorado que incida sobre o mesmo grupo de alumnas e alumnos de acordo co que estableza a consellería con competencias en materia de educación, e manterase unha relación permanente coas nais, cos pais ou coas persoas titoras legais, co fin de facilitar o exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 4.1.d) e g) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e no artigo 6.1 da Lei galega 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

4. As persoas titoras informarán regularmente as nais, os pais ou as persoas titoras legais do seu alumnado sobre o proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelen. Esta información subministrarase, como mínimo, cunha periodicidade trimestral e incluírá as valoracións realizadas en cada área, así como a información relativa ao seu proceso de integración socioeducativa.

5. Ao longo do terceiro ciclo, desde a titoría coordinarase a incorporación de elementos de orientación académica e profesional que inclúan, polo menos, o progresivo descubrimento de estudos e profesións e a xeración de intereses vocacionais libres de estereotipos sexistas.

Artigo 20. *Atención á diversidade*

1. Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión, asegurar o dereito a unha educación de calidade e para evitar a permanencia nun mesmo curso. Os mecanismos de apoio e reforzo serán tanto organizativos como curriculares e entre estes poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

2. Os centros docentes adoptarán as medidas necesarias, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación, para responder ás necesidades educativas concretas das súas alumnas e dos seus alumnos, tendo en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe.

Estas medidas estarán orientadas a permitir que todo o alumnado poida alcanzar os obxectivos e as competencias clave da etapa, así como o nivel de desempeño esperado ao



termo da educación primaria, de acordo co perfil de saída, polo que en ningún caso poderán supoñer unha discriminación que impida a quen se beneficie delas acadar a promoción ao seguinte ciclo ou etapa.

En particular, favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación da lingua estranxeira, especialmente co alumnado que presente dificultades na súa comprensión e expresión.

Igualmente, estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades deste alumnado.

3. A escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo rexe-rase polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo, e poderán introducirse medidas de flexibilización das distintas etapas educativas, cando se considere necesario.

4. A identificación e a valoración do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración realizaranse da forma máis temperá posible, nos termos que determine a consellería con competencias en materia de educación. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención. Neste proceso de identificación e valoración serán preceptivamente oídas e informadas as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado. A consellería con competencias en materia de educación regulará os procedementos que permitan resolver as discrepancias que poidan xurdir, sempre tendo en conta o interese superior do menor e a vontade das familias que mostren a súa preferencia polo réxime máis inclusivo.

5. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións de accesibilidade ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, os recursos de apoio que favorezan ese acceso e, de ser o caso, os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións que se aparten significativamente dos criterios de avaliación e dos contidos do currículo, co fin de dar resposta a este alumnado que as precise, buscando permitirlle o máximo desenvolvemento posible das competencias clave.

6. A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería con competencias



en materia de educación, poderá flexibilizarse conforme a normativa vixente, de forma que poida reducirse un curso a duración da etapa, cando se prevexa que esta é a medida máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

7. A escolarización do alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo, a que se refire o artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, realizarase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico. Cando presenten graves carencias nalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou desfaseamento curricular, recibirán, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación, unha atención específica que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización no grupo ordinario, co que compartirá o maior tempo posible do horario semanal.

Quen presente un desfaseamento no seu nivel de competencia curricular de dous ou máis cursos poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería por idade. Para este alumnado adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación, de ser o caso, do seu desfaseamento e que lle permitan continuar con aproveitamento a súa aprendizaxe. No caso de superar ese desfaseamento, incorporárase ao curso correspondente á súa idade.

8. Para a atención á diversidade do alumnado de educación primaria estarase ao disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, así como na normativa que o desenvolve.

CAPÍTULO IV

Avaliación, participación e dereito á información

Artigo 21. *Avaliación*

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II.



Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

2. A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

3. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

4. Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

5. A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

6. Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará, de forma colexiada, o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

Artigo 22. *Promoción*

1. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.



2. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.

3. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes. A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

4. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias clave de cada alumna ou alumno, no cal indique, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo ou na etapa seguinte.

5. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe sobre a súa evolución e o grao de desenvolvemento das competencias clave.

6. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as características dos informes finais de ciclo e etapa a que se refiren os números 4 e 5 anteriores.

Artigo 23. *Avaliación de diagnóstico*

No cuarto curso de educación primaria, todos os centros docentes realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias clave adquiridas polo seu alumnado, segundo dispoña a consellería con competencias en materia de educación. Esta avaliación terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros docentes, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias ou persoas titoras legais, e para o conxunto da comunidade educativa. Esta avaliación, de carácter censual, terá como marco de referencia o establecido de acordo co artigo 144.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.



Artigo 24. Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva

Co fin de garantir o dereito das alumnas e dos alumnos a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos conforme criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicarlles ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais os criterios de avaliación, os instrumentos de avaliación e os criterios de promoción que, en todo caso, atenderán ás características da avaliación dispostas na lexislación vixente e, en particular, ao carácter global, continuo e formativo da avaliación nesta etapa.

Artigo 25. Participación e dereito á información de nais, pais ou persoas titoras legais

1. De conformidade co establecido no artigo 4.2.e) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e no artigo 24 do Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, e de acordo coas previsións da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, as nais, os pais ou as persoas titoras legais deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelén, así como coñecer as decisións relativas á súa avaliación e á promoción, colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo e terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e ás probas e aos documentos das avaliacións que se lles realicen ás súas fillas, aos seus fillos ou ás persoas tuteladas, na parte referida á alumna ou ao alumno de que se trate, sen prexuízo do respecto ás garantías establecidas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal. Para esta finalidade, o acceso ás actas de avaliación poderá substituírse por un boletín individualizado coa información da acta referida á alumna ou ao alumno de que se trate.

2. Igualmente, os centros docentes promoverán compromisos educativos coas nais, cos pais ou coas persoas titoras legais do seu alumnado en que se consignen as actividades que as persoas integrantes da comunidade educativa se comprometen a desenvolver para facilitar o progreso académico do alumnado.



TÍTULO II**Documentos oficiais de avaliación****Artigo 26. Documentos e informes de avaliación**

1. Na educación primaria, os documentos oficiais de avaliación son as actas de avaliación, o expediente académico, o historial académico, o informe final de etapa e, de ser o caso, o informe persoal por traslado.

2. O historial académico e, de ser o caso, o informe persoal por traslado considéranse documentos básicos para garantir a mobilidade do alumnado por todo o territorio nacional.

3. Os documentos oficiais de avaliación deberán recoller sempre a norma que establece o currículo correspondente. Cando teñan que producir efecto fóra do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, observarase o disposto no artigo 15.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. A custodia e o arquivamento dos documentos oficiais de avaliación correspóndenlles aos centros docentes en que se realizasen os estudos. O labor de cubrir e custodiar estes documentos será supervisado pola Inspección educativa.

Artigo 27. Actas de avaliación

1. As actas de avaliación estenderanse para cada un dos cursos e pecharanse ao termo do período lectivo. Comprenderán, polo menos, a relación nominal do alumnado que compón o grupo xunto cos resultados da avaliación das áreas ou dos ámbitos e as decisións sobre promoción e permanencia.

2. Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de insuficiente (IN) para as cualificacións negativas e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

– Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

– Suficiente: 5.



- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

3. No caso dos ámbitos que integren distintas áreas, o resultado da avaliación expresase mediante unha única cualificación, sen prexuízo dos procedementos que poidan establecerse para manter informados da súa evolución nas diferentes áreas a alumna ou o alumno e as súas nais, os seus pais ou as súas persoas titoras legais.

4. As actas de avaliación serán asinadas pola persoa que exerza a titoría do grupo e levarán o visto e prace da directora ou do director do centro.

Artigo 28. *Expediente académico*

1. O expediente académico recollerá, xunto cos datos de identificación do centro, os da alumna ou do alumno, así como a información relativa ao seu proceso de avaliación. Abrirase no momento de incorporación ao centro e recollerá, polo menos, os resultados da avaliación das áreas ou dos ámbitos, as decisións de promoción de etapa, as medidas de apoio educativo e as adaptacións curriculares que se adoptasen para a alumna ou o alumno.

2. No caso de existiren áreas que fosen cursadas de forma integrada nun ámbito, no expediente figurará, xunto coa denominación do devandito ámbito, a indicación expresa das áreas integradas nel.

3. O expediente académico será asinado pola persoa que exerza a secretaría do centro e levará o visto e prace da directora ou do director do centro.

Artigo 29. *Historial académico*

1. O historial académico terá valor acreditativo das ensinanzas realizadas. Como mínimo recollerá os datos identificativos da alumna ou do alumno, as áreas cursadas en cada un dos anos de escolarización, as medidas curriculares e organizativas aplicadas, os resultados da avaliación, as decisións sobre promoción e permanencia, a información relativa aos cambios de centro e as datas en que se producisen os diferentes feitos. Deberá figurar, así mesmo, a indicación das áreas que se cursaron con adaptacións curriculares.



2. Co obxecto de garantir a mobilidade do alumnado, cando varias áreas fosen cursadas integradas nun ámbito, farase constar, no historial a cualificación obtida en cada unha delas. Esta cualificación será a mesma que figure no expediente para o ámbito correspondente.

3. Tras finalizar a etapa, o historial académico de educación primaria entregaráselles ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais da alumna ou do alumno. Igualmente, enviarase unha copia do historial académico e do informe final de etapa a que se refire o artigo seguinte ao centro de educación secundaria en que vaia proseguir os seus estudos a alumna ou o alumno, logo da petición do devandito centro.

4. O historial académico será asinado pola persoa que exerza a secretaría do centro e levará o visto e praxe da directora ou do director do centro.

Artigo 30. *Informe final de etapa*

1. O informe final de etapa recollerá información sobre a evolución e o grao de desenvolvemento das competencias clave da alumna ou do alumno ao finalizar a etapa, segundo o disposto pola consellería con competencias en materia de educación.

2. O informe final de etapa será asinado pola persoa que exerza a titoría do grupo da alumna ou do alumno e levará o visto e praxe da directora ou do director do centro.

Artigo 31. *Informe persoal por traslado*

1. Cando unha alumna ou un alumno se traslade a outro centro antes de finalizar a etapa para proseguir os seus estudos, o centro de orixe remitirá ao de destino, por petición deste, unha copia do historial académico e o informe persoal por traslado. O centro receptor abrirá o correspondente expediente académico. A matrícula adquirirá carácter definitivo unha vez recibida a copia do historial académico.

2. O informe persoal por traslado conterá os resultados das avaliacións que se realizan, as medidas curriculares e organizativas que, de ser o caso, foran aplicadas e todas as observacións que se consideren oportunas sobre o progreso xeral da alumna ou do alumno.

3. O informe persoal por traslado será asinado pola persoa que exerza a titoría do grupo da alumna ou do alumno e levará o visto e praxe da directora ou do director do centro.



Artigo 32. *Autenticidade, seguridade e confidencialidade*

1. A consellería con competencias en materia de educación establecerá os procedementos oportunos para garantir a autenticidade dos documentos oficiais de avaliación, a integridade dos datos recollidos neles e a súa supervisión e custodia, así como a súa conservación e o seu traslado en caso de supresión ou extinción do centro.

2. No referente á obtención dos datos persoais do alumnado, á súa cesión duns centros docentes a outros e á seguridade e á confidencialidade destes, atenderase o disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e, en todo caso, o establecido na disposición adicional vixésimo terceira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

3. Os documentos oficiais de avaliación e os seus procedementos de validación descritos nos puntos anteriores poderán ser substituídos polos seus equivalentes realizados por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, sempre que quede garantida a súa autenticidade, integridade e conservación, e sempre que se cumpran as garantías e os requisitos establecidos pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; polo Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE; pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e pola normativa que as desenvolve.

4. O expediente electrónico do alumnado estará constituído, polo menos, polos datos contidos nos documentos oficiais de avaliación e cumprirá o establecido no Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica e demais normativa aplicable.

TÍTULO III**Plans educativos****Artigo 33. *Bibliotecas escolares e aproximación á lectura***

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura coa finalidade de promover a lectura, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas ao fomento da lectura, da



escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

2. Os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar e deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de biblioteca, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións, coa finalidade de promoverla como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Así mesmo, a biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura.

Artigo 34. *Educación dixital*

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional a súa estratexia dixital a través dun plan dixital de centro, que se concibe como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións.

2. A consellería con competencias en materia de educación e os equipos directivos dos centros docentes promoverán o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

3. A consellería con competencias en materia de educación ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido, sen prexuízo das competencias que no ámbito das tecnoloxías da información e da comunicación poidan corresponder a outras entidades integrantes do sector público autonómico.

4. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.



5. Os centros docentes que desenvolvan o currículo completo nun contorno dixital deberán establecer un proxecto de educación dixital que formará parte do seu proxecto educativo e deberá contar coa aprobación da consellería competente en materia educativa, segundo o procedemento que se estableza.

Artigo 35. *Promoción de estilos de vida saudables*

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade da práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e da promoción dunha vida activa, saudable e autónoma por parte das alumnas e dos alumnos, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións.

2. O deseño, a coordinación e a supervisión das medidas que se adopten serán asumidas polo profesorado coa cualificación ou especialización adecuada, e de acordo cos recursos dispoñibles.

Disposición adicional primeira. *Adaptación de referencias*

1. As referencias realizadas pola normativa vixente ás áreas e disciplinas de educación primaria entenderanse realizadas ás áreas correspondentes recollidas neste decreto.

2. As referencias contidas no número 3 do artigo 6 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, relativas a Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural enténdense feitas ás Ciencias da Natureza e ás Ciencias Sociais, para os efectos da súa impartición en lingua galega.

Disposición adicional segunda. *Ensinanzas de Relixión e Proxecto Competencial*

1. As ensinanzas de relixión incluíranse na educación primaria de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

2. A consellería con competencias en materia de educación garantirá que, ao comezo do curso, as nais, os pais ou as persoas titoras legais poidan manifestar a súa vontade de que as súas fillas, os seus fillos ou as persoas que tutelan reciban ou non ensinanzas de relixión.

3. Os centros docentes disporán as medidas organizativas para que as alumnas e os alumnos cuxas nais, pais ou persoas titoras legais non optasen por que cursen ensinanzas



de relixión reciban a debida atención educativa. Esta atención planificarase e programarase polos centros docentes a través da área de Proxecto Competencial, cuxo currículo será o que se recolle no anexo II deste decreto, que se dirixe ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e que poderá configurarse a modo de traballo monográfico ou proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade. En todo caso, as actividades propostas nesta área irán dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os diferentes saberes.

As actividades a que se refire este punto en ningún caso comportarán a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a ningunha área da etapa.

A atribución docente do Proxecto Competencial correspóndelle ao profesorado de calquera das especialidades do corpo de mestres.

4. A avaliación da ensinanza da Relixión Católica e do Proxecto Competencial realizárase nos mesmos termos e cos mesmos efectos ca a das outras áreas da educación primaria. A avaliación das ensinanzas das diferentes confesións relixiosas axustarase ao establecido nos acordos de cooperación subscritos polo Estado.

5. A determinación do currículo da ensinanza de Relixión Católica e das diferentes confesións relixiosas con que o Estado subscribiu acordos de cooperación en materia educativa será competencia, respectivamente, da xerarquía eclesiástica e das correspondentes autoridades relixiosas.

6. Co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrència entre todo o alumnado, as cualificacións que se obtiveron na avaliación das ensinanzas de Relixión e do Proxecto Competencial non se computarán nas convocatorias en que deban entrar en concorrència os expedientes académicos.

Disposición adicional terceira. *Aprendizaxe de linguas estranxeiras*

1. Na impartición de áreas en linguas estranxeiras, os centros docentes aplicarán o disposto no capítulo IV do Decreto 79/2010, do 20 de maio, sen que iso supoña modificación dos aspectos regulados neste decreto e na normativa básica estatal correspondente. Neste



caso, procurarase que ao longo da etapa as alumnas e os alumnos adquiran a terminoloxía propia das áreas na lingua estranxeira e nas dúas linguas oficiais de Galicia.

2. Os centros docentes que impartan unha parte das áreas do currículo en linguas estranxeiras aplicarán, en todo caso, os criterios para a admisión do alumnado establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Disposición adicional cuarta. *Tarefas extraescolares*

1. Os centros docentes incluirán dentro da súa programación xeral anual, segundo o marco de autonomía pedagóxica e organizativa, as pautas e/ou os criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares na etapa de educación primaria, de xeito que entronque co desenvolvemento adecuado das competencias clave do alumnado segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa educativa.

2. No caso do seu establecemento terase en conta un encaixe adecuado na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa destas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado. Ao tempo fomentárase a responsabilidade das alumnas e dos alumnos na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

Disposición adicional quinta. *Calendario escolar*

1. O calendario escolar comprenderá un mínimo de 175 días lectivos.

2. En calquera caso, no cómputo do calendario escolar incluíranse os días dedicados ás avaliacións de diagnóstico de cuarto curso.

Disposición transitoria única. *Aplicabilidade do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, será de aplicación nos cursos segundo,



cuarto e sexto de educación primaria, durante o curso académico 2022/23, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria segunda do Real decreto 157/2022, do 1 de marzo.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

1. Queda derogado o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante o anterior, será de aplicación nos cursos segundo, cuarto e sexto de educación primaria, durante o curso académico 2022/23.

2. Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste decreto.

Disposición derradeira primeira. *Calendario de implantación*

O disposto no presente decreto implantarase para os cursos primeiro, terceiro e quinto no curso escolar 2022/23, e para os cursos segundo, cuarto e sexto no curso escolar 2023/24.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo*

Facúltase a persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para ditar cantas disposicións sexan precisas, no relativo á organización e ás materias propias do seu departamento, e o desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, quince de setembro de dous mil vinte dous

Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades



ANEXO I**Perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico**

O perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico é a ferramenta en que se concretan os principios e os fins do sistema educativo galego referidos ao devandito período. O perfil identifica e define, en conexión cos retos do século XXI, as competencias clave que se espera que as alumnas e os alumnos desenvolvesen ao completar esta fase do seu itinerario formativo.

O perfil de saída é único e o mesmo para todo o territorio do Estado. É a pedra angular de todo o currículo, a matriz que cohesiona e cara a onde converxen os obxectivos das distintas etapas que constitúen o ensino básico. Concíbese, polo tanto, como o elemento que debe fundamentar as decisións curriculares, así como as estratexias e as orientacións metodolóxicas na práctica lectiva. Debe ser, ademais, o fundamento da aprendizaxe permanente e o referente da avaliación interna e externa das aprendizaxes do alumnado, en particular no relativo á toma de decisións sobre promoción entre os distintos cursos, así como á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

O perfil de saída parte dunha visión á vez estrutural e funcional das competencias clave, cuxa adquisición por parte do alumnado se considera indispensable para o seu desenvolvemento persoal, para resolver situacións e problemas dos distintos ámbitos da súa vida, para crear novas oportunidades de mellora, así como para lograr a continuidade do seu itinerario formativo e facilitar e desenvolver a súa inserción e participación activa na sociedade e no coidado das persoas, da contorna natural e do planeta. Garántese así a consecución do dobre obxectivo de formación persoal e de socialización previsto para o ensino básico no artigo 4.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), co fin de dotar cada alumna ou alumno das ferramentas imprescindibles para que desenvolva un proxecto de vida persoal, social e profesional satisfactorio. Este proxecto constitúese como o elemento articulador das diversas aprendizaxes que lle permitirán afrontar con éxito os desafíos e os retos a que terá que enfrontarse para levalo a cabo.

O referente de partida para definir as competencias recollidas no perfil de saída foi a Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018, relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente. A ancoraxe do perfil de saída á Recomendación do Consello reforza o compromiso do sistema educativo galego co obxectivo de



adoptar unhas referencias comúns que fortalezan a cohesión entre os sistemas educativos da Unión Europea e faciliten que a súa cidadanía, se así o considera, poida estudar e traballar ao longo da súa vida tanto no seu propio país como noutros países da súa contorna.

No perfil, as competencias clave da Recomendación europea vinculáronse cos principais retos e desafíos globais do século XXI a que o alumnado se vai ver confrontado e ante os cales necesitará desenvolver esas mesmas competencias clave. Do mesmo xeito, incorporáronse tamén os retos recollidos no documento *Key Drivers of Curricula Change in the 21st Century* da Oficina Internacional de Educación da UNESCO, así como os obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030 adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en setembro de 2015.

A vinculación entre competencias clave e retos do século XXI é a que lles dará sentido ás aprendizaxes, ao achegar a escola a situacións, cuestións e problemas reais da vida cotiá, o que, pola súa vez, proporcionará o necesario punto de apoio para favorecer situacións de aprendizaxe significativas e relevantes, tanto para o alumnado como para o persoal docente. Quérese garantir que todo o alumnado que supere con éxito o ensino básico e, polo tanto, acade o perfil de saída, saiba activar as aprendizaxes adquiridas para responder aos principais desafíos a que deberá facer fronte ao longo da súa vida:

– Desenvolver unha actitude responsable a partir da toma de conciencia da degradación do ambiente e dos malos tratos animais baseada no coñecemento das causas que os provocan, agravan ou melloran, desde unha visión sistémica, tanto local como global.

– Identificar os diferentes aspectos relacionados co consumo responsable, valorar as súas repercusións sobre o ben individual e o común, xulgar criticamente as necesidades e os excesos e exercer un control social fronte á vulneración dos seus dereitos.

– Desenvolver estilos de vida saudable a partir da comprensión do funcionamento do organismo e a reflexión crítica sobre os factores internos e externos que inciden nela, asumindo a responsabilidade persoal e social no coidado propio e no coidado das demais persoas, así como na promoción da saúde pública.

– Desenvolver un espírito crítico, empático e proactivo para detectar situacións de inequidade e exclusión a partir da comprensión das causas complexas que as orixinan.



– Entender os conflitos como elementos connaturais á vida en sociedade que deben resolverse de maneira pacífica.

– Analizar de maneira crítica e aproveitar as oportunidades de todo tipo que ofrece a sociedade actual, en particular, as da cultura na era dixital, avaliando os seus beneficios e riscos e facendo un uso ético e responsable que contribúa á mellora da calidade de vida persoal e colectiva.

– Aceptar a incerteza como unha oportunidade para articular respostas máis creativas, aprendendo a manexar a ansiedade que pode levar aparellada.

– Cooperar e convivir en sociedades abertas e cambiantes, valorando a diversidade persoal e cultural como fonte de riqueza e interesándose por outras linguas e culturas.

– Sentirse parte dun proxecto colectivo, tanto no ámbito local como no global, desenvolvendo empatía e xenerosidade.

– Desenvolver as habilidades que lle permitan seguir aprendendo ao longo da vida, desde a confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento e a valoración crítica dos riscos e beneficios deste último.

A resposta a estes e outros desafíos –entre os que existe unha absoluta interdependencia– necesita dos coñecementos, destrezas e actitudes que subxacen ás competencias clave e son abordados nas distintas áreas, ámbitos e materias que compoñen o currículo. Estes contidos disciplinares son imprescindibles, porque sen eles o alumnado non entendería o que ocorre ao seu ao redor e, xa que logo, non podería valorar criticamente a situación nin, moito menos, responder adecuadamente. O esencial da integración dos retos no perfil de saída radica en que engaden unha exixencia de actuación, a cal conecta co enfoque competencial do currículo: a meta non é a mera adquisición de contidos, senón aprender a utilizalos para solucionar necesidades presentes na realidade.

Estes desafíos implican adoptar unha posición ética exixente, xa que supoñen articular a procura lexítima do benestar persoal respectando o ben común. Requiren, ademais, transcender a mirada local para analizar e comprometerse tamén cos problemas globais. Todo iso exige, por unha banda, unha mente complexa, capaz de pensar en termos sistémicos, abertos e cun alto nivel de incerteza e, por outra, a capacidade de empatizar con aspectos relevantes, aínda que non nos afecten de maneira directa, o que implica asumir



os valores de xustiza social, equidade e democracia, así como desenvolver un espírito crítico e proactivo cara ás situacións de inxustiza, inequidade e exclusión.

Competencias clave que se deben adquirir.

As competencias clave que se recollen no perfil de saída son a adaptación ao sistema educativo galego das competencias clave establecidas na citada Recomendación do Consello da Unión Europea. Esta adaptación responde á necesidade de vincular as devanditas competencias cos retos e desafíos do século XXI, cos principios e fins do sistema educativo establecidos na LOE e co contexto escolar, xa que a Recomendación se refire á aprendizaxe permanente que debe producirse ao longo de toda a vida, mentres que o perfil remite a un momento preciso e limitado do desenvolvemento persoal, social e formativo do alumnado: a etapa do ensino básico.

Con carácter xeral, debe entenderse que a consecución das competencias e dos obxectivos previstos na LOE para as distintas etapas educativas está vinculada á adquisición e ao desenvolvemento das competencias clave recollidas neste perfil de saída, que son as seguintes:

CCL: competencia en comunicación lingüística.

CP: competencia plurilingüe.

STEM: competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

CD: competencia dixital.

CPSAA: competencia persoal, social e de aprender a aprender.

CC: competencia cidadá.

CE: competencia emprendedora.

CCEC: competencia en conciencia e expresión culturais.

A transversalidade é unha condición inherente ao perfil de saída, no sentido de que todas as aprendizaxes contribúen á súa consecución. Da mesma maneira, a adquisición de cada unha das competencias clave contribúe á adquisición de todas as demais. Non existe xerarquía entre elas nin pode establecerse unha correspondencia exclusiva cunha



única área, ámbito ou materia, senón que todas se concretan nas aprendizaxes das distintas áreas, ámbitos ou materias e, pola súa vez, se adquiren e desenvolven a partir das aprendizaxes que se producen no seu conxunto.

Descritores operativos das competencias clave no ensino básico.

En canto á dimensión aplicada das competencias clave, definiuse para cada unha delas un conxunto de descritores operativos, partindo dos diferentes marcos europeos de referencia existentes.

Os descritores operativos das competencias clave constitúen, xunto cos obxectivos xerais da etapa, o marco referencial a partir do cal se concretan os obxectivos de cada área, ámbito ou materia. Esta vinculación entre descritores operativos e obxectivos propicia que da avaliación destes últimos, a través dos correspondentes criterios de avaliación asociados, poida colixirse o grao de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída e, polo tanto, a consecución das competencias clave e dos obxectivos xerais previstos para a etapa.

Dado que as competencias se adquiren necesariamente de forma secuencial e progresiva, inclúense tamén no perfil os descritores operativos que orientan sobre o nivel de desempeño esperado ao completar a educación primaria, favorecendo e explicitando así a continuidade, a coherencia e a cohesión entre as dúas etapas que compoñen o ensino obrigatorio.

CCL: competencia en comunicación lingüística.

A competencia en comunicación lingüística supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos. Implica mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritas, signadas ou multimodais evitando os riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respectuosa.

A competencia en comunicación lingüística constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento en todos os ámbitos do saber. Por iso o seu desenvolvemento está vinculado á reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua nos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento, así como aos usos da oralidade,



a escritura ou a signación para pensar e para aprender. Por último, fai posible apreciar a dimensión estética da linguaxe e gozar da cultura literaria.

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL1. Expresa feitos, conceptos, pensamentos, opinións ou sentimentos de forma oral, escrita, signada ou multimodal, con claridade e adecuación a diferentes contextos cotiáns da súa contorna persoal, social e educativa, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para intercambiar información e crear coñecemento como para construír vínculos persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL1. Exprésase de forma oral, escrita, signada ou multimodal con coherencia, corrección e adecuación aos diferentes contextos sociais, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa tanto para intercambiar información, crear coñecemento e transmitir opinións como para construír vínculos persoais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL2. Comprende, interpreta e valora textos orais, escritos, signados ou multimodais sinxelos dos ámbitos persoal, social e educativo, con acompañamento puntual, para participar activamente en contextos cotiáns e para construír coñecemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL2. Comprende, interpreta e valora con actitude crítica textos orais, escritos, signados ou multimodais dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional para participar en diferentes contextos de maneira activa e informada e para construír coñecemento.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL3. Localiza, selecciona e contrasta, co debido acompañamento, información sinxela procedente de dúas ou máis fontes, avaliando a súa fiabilidade e utilidade en función dos obxectivos de lectura, e intégra e transfórmaa en coñecemento para comunicala adoptando un punto de vista creativo, crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL3. Localiza, selecciona e contrasta de maneira progresivamente autónoma información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e intégra e transfórmaa en coñecemento para comunicala adoptando un punto de vista creativo, crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL4. Le obras diversas adecuadas ao seu progreso madurativo, seleccionando aquelas que mellor se axustan aos seus gustos e intereses; recoñece o patrimonio literario como fonte de gozar e de aprendizaxe individual e colectivo; e mobiliza a súa experiencia persoal e lectora para construír e compartir a súa interpretación das obras e para crear textos de intención literaria a partir de modelos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL4. Le con autonomía obras diversas adecuadas á súa idade, seleccionando as que mellor se axustan aos seus gustos e intereses, aprecia o patrimonio literario como canle privilexiada da experiencia individual e colectiva e mobiliza a súa propia experiencia biográfica e os seus coñecementos literarios e culturais para construír e compartir a súa interpretación das obras e para crear textos de intención literaria de progresiva complexidade.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL5. Pon as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a xestión dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, e detecta os usos discriminatorios, así como os abusos de poder, para favorecer a utilización non só eficaz senón tamén ética dos diferentes sistemas de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL5. Pon as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, e evita os usos discriminatorios, así como os abusos de poder, para favorecer a utilización non só eficaz senón tamén ética dos diferentes sistemas de comunicación.



CP: competencia plurilingüe.

A competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz, para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, de ser o caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais. Integra, así mesmo, dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade co obxectivo de fomentar a convivencia democrática.

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CP1. Usa, polo menos, unha lingua, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder a necesidades comunicativas sinxelas e predicibles, de maneira adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a situacións e contextos cotiáns dos ámbitos persoal, social e educativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CP1. Usa eficazmente unha ou máis linguas, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder as súas necesidades comunicativas, de maneira apropiada e adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a diferentes situacións e contextos dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CP2. A partir das súas experiencias, recoñece a diversidade de perfís lingüísticos e experimenta estratexias que, de maneira guiada, lle permiten realizar transferencias sinxelas entre distintas linguas para comunicarse en contextos cotiáns e ampliar o seu repertorio lingüístico individual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CP2. A partir das súas experiencias, realiza transferencias entre distintas linguas como estratexia para comunicarse e ampliar o seu repertorio lingüístico individual.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CP3. Coñece e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na súa contorna, e recoñece e comprende o seu valor como factor de diálogo, para mellorar a convivencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CP3. Coñece, valora e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na sociedade, integrándoa no seu desenvolvemento persoal como factor de diálogo, para fomentar a cohesión social.

STEM: competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

A competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (competencia STEM, polas súas siglas en inglés) entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñaría para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable.

A competencia matemática permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos.



A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social.

A competencia en tecnoloxía e enxeñaría comprende a aplicación dos coñecementos e metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
<ul style="list-style-type: none"> ▪ STEM1. Utiliza, de maneira guiada, algúns métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas, e selecciona e emprega algunhas estratexias para resolver problemas reflexionando sobre as solucións obtidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ STEM1. Utiliza métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas, e selecciona e emprega diferentes estratexias para resolver problemas analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento, se for necesario.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ STEM2. Utiliza o pensamento científico para entender e explicar algúns dos fenómenos que ocorren ao seu arredor, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, facéndose preguntas e realizando experimentos sinxelos de forma guiada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ STEM2. Utiliza o pensamento científico para entender e explicar os fenómenos que ocorren ao seu arredor, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, facéndose preguntas e comprobando hipóteses mediante a experimentación e a indagación, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, apreciando a importancia da precisión e a veracidade e mostrando unha actitude crítica sobre o alcance e as limitacións da ciencia.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ STEM3. Realiza, de forma guiada, proxectos, e diseña, fabrica e avalía diferentes prototipos ou modelos, adaptándose ante a incerteza, para xerar en equipo un produto creativo cun obxectivo concreto; e procura a participación de todo o grupo e resolve pacificamente os conflitos que poidan xurdir. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ STEM3. Formula e desenvolve proxectos deseñando, fabricando e avaliando diferentes prototipos ou modelos para xerar ou utilizar produtos que dean solución a unha necesidade ou un problema de forma creativa e en equipo, e procura a participación de todo o grupo, resolve pacificamente os conflitos que poidan xurdir, adáptase ante a incerteza e valora a importancia da sustentabilidade.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ STEM4. Interpreta e transmite os elementos máis relevantes dalgúns métodos e resultados científicos, matemáticos e tecnolóxicos de forma clara e veraz, utilizando a terminoloxía científica apropiada, en diferentes formatos (debuxos, diagramas, gráficos, símbolos...) e aproveitando de forma crítica, ética e responsable a cultura dixital para compartir e construír novos coñecementos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ STEM4. Interpreta e transmite os elementos máis relevantes de procesos, razoamentos, demostracións, métodos e resultados científicos, matemáticos e tecnolóxicos de forma clara e precisa e en diferentes formatos (gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos...), aproveitando de forma crítica a cultura dixital e incluíndo a linguaxe matemático-formal con ética e responsabilidade, para compartir e construír novos coñecementos.



Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
<ul style="list-style-type: none"> ▪ STEM5. Participa en accións fundamentadas cientificamente para promover a saúde e preservar o ambiente e os seres vivos, aplicando principios de ética e seguridade e practicando o consumo responsable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ STEM5. Emprende accións fundamentadas científicamente para promover a saúde física, mental e social, e preservar o ambiente e os seres vivos; e aplica principios de ética e seguridade na realización de proxectos para transformar a súa contorna próxima de forma sustentable, valorando o seu impacto global e practicando o consumo responsable.

CD: competencia dixital.

A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas.

Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD1. Realiza procuras guiadas na internet e fai uso de estratexias sinxelas para o tratamento dixital da información (palabras clave, selección de información relevante, organización de datos...) cunha actitude crítica sobre os contidos obtidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD1. Realiza procuras na internet atendendo a criterios de validez, calidade, actualidade e fiabilidade; selecciona os resultados de maneira crítica e arquivaos, para recuperalos, referencialos e reutilizalos, respectando a propiedade intelectual.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD2. Crea, integra e reelabora contidos dixitais en distintos formatos (texto, táboa, imaxe, audio, vídeo, programa informático...) mediante o uso de diferentes ferramentas dixitais para expresar ideas, sentimentos e coñecementos, respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor dos contidos que reutiliza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD2. Xestiona e utiliza a súa contorna persoal dixital de aprendizaxe para construír coñecemento e crear contidos dixitais, mediante estratexias de tratamento da información e o uso de diferentes ferramentas dixitais; selecciona e configura a máis adecuada en función da tarefa e das súas necesidades de aprendizaxe permanente.



Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD3. Participa en actividades ou proxectos escolares mediante o uso de ferramentas ou plataformas virtuais para construír novo coñecemento, comunicarse, traballar cooperativamente e compartir datos e contidos en contornas dixitais restrinxidas e supervisados de maneira segura, cunha actitude aberta e responsable ante o seu uso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD3. Comunícase, participa, colabora e interactúa compartindo contidos, datos e información mediante ferramentas ou plataformas virtuais, e xestiona de maneira responsable as súas accións, a presenza e visibilidade na rede, para exercer unha cidadanía dixital activa, cívica e reflexiva.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD4. Coñece os riscos e adopta, coa orientación do docente, medidas preventivas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o ambiente, e iníciase na adopción de hábitos de uso crítico, seguro, saudable e sustentable das devanditas tecnoloxías. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD4. Identifica riscos e adopta medidas preventivas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o ambiente, e para tomar conciencia da importancia e necesidade de facer un uso crítico, legal, seguro, saudable e sustentable das devanditas tecnoloxías.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD5. Iníciase no desenvolvemento de solucións dixitais sinxelas e sustentables (reutilización de materiais tecnolóxicos, programación informática por bloques, robótica educativa...) para resolver problemas concretos ou retos propostos de maneira creativa, e solicita axuda en caso necesario. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD5. Desenvolve aplicacións informáticas sinxelas e solucións tecnolóxicas creativas e sustentables para resolver problemas concretos ou responder a retos propostos, mostrando interese e curiosidade pola evolución das tecnoloxías dixitais e polo seu desenvolvemento sustentable e uso ético.

CPSAA: competencia persoal, social e de aprender a aprender.

A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autoconecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente, colaborar con outros de forma construtiva, manter a resiliencia e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de lle facer fronte á incerteza e á complexidade, de adaptarse aos cambios, de aprender a xestionar os procesos metacognitivos, de identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas, contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro, así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CPSAA1. É consciente das propias emocións, ideas e comportamentos persoais e emprega estratexias para xestionalas en situacións de tensión ou conflito, adaptándose aos cambios e harmonizándoos para alcanzar os seus propios obxectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CPSAA1. Regula e expresa as súas emocións, fortalecendo o optimismo, a resiliencia, a autoeficacia e a procura de propósito e motivación cara á aprendizaxe, para xestionar os retos e cambios e harmonizalos cos seus propios obxectivos.



Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CPSAA2. Coñece os riscos máis relevantes e os principais activos para a saúde, adopta estilos de vida saudables para o seu benestar físico e mental, e detecta e busca apoio ante situacións violentas ou discriminatorias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CPSAA2. Comprende os riscos para a saúde relacionados con factores sociais, consolida estilos de vida saudable nos ámbitos físico e mental, recoñece condutas contrarias á convivencia e aplica estratexias para abordalas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CPSAA3. Recoñece e respecta as emocións e experiencias das demais persoas, participa activamente no traballo en grupo, asume as responsabilidades individuais asignadas e emprega estratexias cooperativas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CPSAA3. Comprende proactivamente as perspectivas e as experiencias das demais persoas e incorpórasas á súa aprendizaxe, para participar no traballo en grupo, distribuindo e aceptando tarefas e responsabilidades de maneira equitativa e empregando estratexias cooperativas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CPSAA4. Recoñece o valor do esforzo e a dedicación persoal para a mellora da súa aprendizaxe e adopta posturas críticas en procesos de reflexión guiados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CPSAA4. Realiza autoavaliacións sobre o seu proceso de aprendizaxe, buscando fontes fiables para validar, sustentar e contrastar a información e para obter conclusións relevantes.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CPSAA5. Planea obxectivos a curto prazo, utiliza estratexias de aprendizaxe autorregulada e participa en procesos de auto e coavaliación, recoñecendo as súas limitacións e sabendo buscar axuda no proceso de construción do coñecemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CPSAA5. Planea obxectivos a medio prazo e desenvolve procesos metacognitivos de retroalimentación para aprender dos seus erros no proceso de construción do coñecemento.

CC: competencia cidadá.

A competencia cidadá contribúe a que alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e no compromiso activo coa sustentabilidade e co logro dunha cidadanía mundial. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sustentable acorde cos obxectivos de desenvolvemento sustentable expostos na Axenda 2030.

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC1. Entende os procesos históricos e sociais máis relevantes relativos á súa propia identidade e cultura, reflexiona sobre as normas de convivencia e aplícaa de maneira construtiva, dialogante e inclusiva en calquera contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC1. Analiza e comprende ideas relativas á dimensión social e cidadá da súa propia identidade, así como aos feitos culturais, históricos e normativos que a determinan, demostrando respecto polas normas, empatía, equidade e espírito construtivo na interacción cos demais en calquera contexto.



Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC2. Participa en actividades comunitarias, na toma de decisións e na resolución dos conflitos de forma dialogada e respectuosa cos procedementos democráticos, os principios e valores da Unión Europea e a Constitución española, os dereitos humanos e da infancia, o valor da diversidade e o logro da igualdade de xénero, a cohesión social e os obxectivos de desenvolvemento sustentable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC2. Analiza e asume fundadamente os principios e valores que emanan do proceso de integración europea, a Constitución española e os dereitos humanos e da infancia, participando en actividades comunitarias, como a toma de decisións ou a resolución de conflitos, con actitude democrática, respecto pola diversidade e compromiso coa igualdade de xénero, a cohesión social, o desenvolvemento sustentable e o logro da cidadanía mundial.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC3. Reflexiona e dialoga sobre valores e problemas éticos de actualidade, comprendendo a necesidade de respectar diferentes culturas e crenzas, de cooidar a contorna, de rexeitar prexuizos e estereotipos, e de opoñerse a calquera forma de discriminación ou violencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC3. Comprende e analiza problemas éticos fundamentais e de actualidade, considerando criticamente os valores propios e alleos e desenvolvendo xuízos propios para afrontar a controversia moral con actitude dialogante, argumentativa, respectuosa e oposta a calquera tipo de discriminación ou violencia.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC4. Comprende as relacións sistémicas entre as accións humanas e a contorna e iníciase na adopción de estilos de vida sustentables, para contribuír á conservación da biodiversidade desde unha perspectiva tanto local como global. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CC4. Comprende as relacións sistémicas de interdependencia, ecodpendencia e interconexión entre actuacións locais e globais, e adopta, de forma consciente e motivada, un estilo de vida sustentable e ecossocialmente responsable.

CE: competencia emprendedora.

A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas. Achega estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades, adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e para crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación; e espertar a disposición para aprender a arriscar e a afrontar a incerteza. Así mesmo, implica tomar decisións baseadas na información e no coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sustentables de valor social, cultural e económico-financeiro.



Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CE1. Recoñece necesidades e retos que afrontar e elabora ideas orixinais, utilizando destrezas creativas e tomando conciencia das consecuencias e efectos que as ideas puidesen xerar na contorna, para propoñer solucións valiosas que respondan ás necesidades detectadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CE1. Analiza necesidades e oportunidades e afronta retos con sentido crítico, facendo balance da súa sostibilidade, valorando o impacto que poidan supoñer na contorna, para presentar ideas e solucións innovadoras, éticas e sostibles, dirixidas a crear valor no ámbito persoal, social, educativo e profesional.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CE2. Identifica fortalezas e debilidades propias utilizando estratexias de autoconhecimento e iníciase no coñecemento de elementos económicos e financeiros básicos, aplicándoos a situacións e problemas da vida cotiá, para detectar aqueles recursos que poidan levar as ideas orixinais e valiosas á acción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CE2. Avalía as fortalezas e debilidades propias, facendo uso de estratexias de autoconhecimento e autoeficacia, e comprende os elementos fundamentais da economía e das finanzas, aplicando coñecementos económicos e financeiros a actividades e situacións concretas, utilizando destrezas que favorezan o traballo colaborativo e en equipo, para reunir e optimizar os recursos necesarios que leven á acción unha experiencia emprendedora que xere valor.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CE3. Crea ideas e solucións orixinais, planifica tarefas, coopera con outros en equipo, valorando o proceso realizado e o resultado obtido, para levar a cabo unha iniciativa emprendedora, considerando a experiencia como unha oportunidade para aprender. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CE3. Desenvolve o proceso de creación de ideas e solucións valiosas e toma decisións, de maneira razoada, utilizando estratexias áxiles de planificación e xestión, e reflexiona sobre o proceso realizado e o resultado obtido, para levar a termo o proceso de creación de prototipos innovadores e de valor, considerando a experiencia como unha oportunidade para aprender.

CCEC: competencia en conciencia e expresión culturais.

A competencia en conciencia e expresión culturais supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Implica tamén un compromiso coa comprensión, o desenvolvemento e a expresión das ideas propias e do sentido do lugar que se ocupa ou do papel que se desempeña na sociedade. Así mesmo, require a comprensión da propia identidade en evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade, así como a toma de conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden supoñer unha maneira de mirar o mundo e de darlle forma.

Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC1. Recoñece e aprecia os aspectos fundamentais do patrimonio cultural e artístico, comprendendo as diferenzas entre distintas culturas e a necesidade de respectalas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC1. Coñece, aprecia criticamente e respecta o patrimonio cultural e artístico, implicándose na súa conservación e valorando o enriquecemento inherente á diversidade cultural e artística.



Descritores operativos	
Ao completar a educación primaria, a alumna ou o alumno...	Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno...
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC2. Recoñece e interésase polas especificidades e intencionalidades das manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio, identificando os medios e soportes, así como as linguaxes e os elementos técnicos que as caracterizan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC2. Goza, recoñece e analiza con autonomía as especificidades e intencionalidades das manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio, distinguindo os medios e soportes, así como as linguaxes e os elementos técnicos que as caracterizan.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC3. Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións de forma creativa e cunha actitude aberta e inclusiva, empregando distintas linguaxes artísticas e culturais, integrando o seu propio corpo, interactuando coa contorna e desenvolvendo as súas capacidades afectivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC3. Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións por medio de producións culturais e artísticas, integrando o seu propio corpo e desenvolvendo a autoestima, a creatividade e o sentido do lugar que ocupa na sociedade, cunha actitude empática, aberta e colaborativa.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC4. Experimenta de forma creativa con diferentes medios e soportes, e diversas técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para elaborar propostas artísticas e culturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC4. Coñece, selecciona e utiliza con creatividade diversos medios e soportes, así como técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para a creación de produtos artísticos e culturais, tanto de forma individual como colaborativa, identificando oportunidades de desenvolvemento persoal, social e laboral, así como de emprendemento.

ANEXO II

Currículo das áreas

1. Ciencias da Natureza.

1.1. Introducción.

A área de Ciencias da Natureza concíbese como un ámbito cuxo obxectivo principal é que as nenas e os nenos cheguen a ser persoas activas, responsables e respectuosas co mundo en que viven, adquirindo os coñecementos esenciais e os principios básicos do medio natural para que poidan construír un mundo máis solidario, xusto, igualitario e sustentable.

As ciencias naturais supoñen, polo tanto, comprender a ciencia como un proceso de investigación, a través da observación sistemática, a medición, a experimentación e a formulación de hipóteses, como base do método científico e eixe central da materia, intentando así dar resposta aos principais problemas dunha sociedade globalizada, tendo en conta o rápido desenvolvemento e progreso científico-tecnolóxico.



Para iso, o alumnado debe adquirir conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento e a organización dos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía, así como co funcionamento do corpo humano, para abordar a importancia do coidado da saúde e o benestar emocional, o respecto cara aos seres vivos e á súa contorna a favor da consecución e do mantemento dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.

Por outra banda, a dixitalización das contornas de aprendizaxe fai preciso que o alumnado faga un uso seguro, eficaz e responsable da tecnoloxía, que, xunto coa promoción do espírito emprendedor e o desenvolvemento das destrezas e técnicas básicas do proceso tecnolóxico, facilitarán a realización de proxectos interdisciplinares cooperativos nos cales se resolva un problema ou se dea resposta a unha necesidade da contorna próxima, de modo que o alumnado poida achegar solucións creativas e innovadoras a través do desenvolvemento dun prototipo final con valor ecosocial.

Ao longo de toda a etapa partírase do desenvolvemento cognitivo e emocional do alumnado, achegándoo ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, da procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas que permitan a utilización tanto do pensamento lóxico como do pensamento lateral.

A área de Ciencias da Natureza estrutúrase en catro bloques de contidos que deberán aplicarse en diferentes contextos reais para favorecer unha aprendizaxe holística e competencial do alumnado.

No bloque 1, Cultura científica, o alumnado desenvolve destrezas e estratexias propias do pensamento científico a través da indagación e o descubrimento do mundo que o rodea, poñendo en valor o impacto da ciencia na nosa sociedade. Así mesmo, integra os coñecementos necesarios para o desenvolvemento dos bloques restantes, co que ten un carácter transversal.

O bloque 2, A vida no noso planeta, integra contidos relacionados co funcionamento do corpo humano, a prevención de condutas de risco que provocan enfermidades cotiás no ser humano e a adquisición de hábitos saudables que inciden no benestar físico, emocional e social. Estes contidos serán desenvolvidos ao longo do 1º ciclo e ampliados no último curso do 2º e 3º ciclo.



Este bloque engloba tamén as relacións que establecen os seres vivos coa contorna e o coidado da biodiversidade, o coñecemento das características dos animais e das plantas, a súa conservación e o medio en que viven. Contidos que serán desenvolvidos ao longo do 1º ciclo e ampliados no primeiro curso do 2º e 3º ciclo.

O bloque 3, Materia, forzas e enerxía, inclúe as propiedades dos distintos tipos de materia, a experimentación dos fenómenos físicos e químicos, así como os efectos das forzas sobre os obxectos. Desenvólvense as diferentes fontes de enerxía que podemos atopar na contorna, así como as máquinas e os aparellos de uso cotián e a enerxía que utilizan, analizando as súas consecuencias ambientais e contribuíndo aos obxectivos de desenvolvemento sustentable.

O bloque 4, Tecnoloxía e dixitalización, oriéntase de modo transversal ao resto de bloques desde dous ámbitos. Por unha banda, busca habilitar o alumnado no manexo básico dunha variedade de ferramentas e recursos dixitais como medio para satisfacer as súas necesidades de aprendizaxe, de buscar e comprender información, de reelaborar e crear contido, comunicarse de forma efectiva e desenvolverse nunha ambiente dixital de forma responsable e segura. Por outra banda, tamén desenvolve estratexias propias do pensamento de deseño e do pensamento computacional para resolver problemas que dean solución a unha necesidade concreta.

A gradación destes contidos, a súa programación e secuenciación non debe seguir necesariamente unha orde cronolóxica determinada, senón que han de traballarse de maneira integrada, adaptándose ás intencións didácticas e demandas formativas que requira o alumnado en cada ciclo.

1.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.
<ul style="list-style-type: none">Os enfoques didácticos para o ensino das ciencias han de partir da curiosidade do alumnado por comprender o mundo que o rodea, favorecendo a participación activa nos diferentes procesos de indagación e exploración propios do pensamento científico.Polo tanto, o alumnado ha de poder identificar e formular pequenos problemas, recorrer a fontes e probas fiables; obter, analizar e clasificar información, xerar hipóteses, facer predicións, realizar comprobacións e interpretar, argumentar e comunicar os resultados.



▪ Para que esta forma de traballo xere verdadeiras aprendizaxes, o profesorado debe asumir o papel de facilitador e guía, proporcionándolle ao alumnado as condicións, pautas, estratexias e materiais didácticos que favorezan o desenvolvemento destas destrezas. Grazas ao carácter manipulativo e vivencial das actividades, ofreceránselle ao alumnado experiencias que o axuden a construír a súa propia aprendizaxe. Ademais, é necesario contextualizar as actividades na contorna máis próxima, de forma que o alumnado sexa capaz de aplicar o aprendido en diferentes contextos e situacións. Deste xeito, ademais, estímúlase o interese pola adquisición de novas aprendizaxes e pola procura de solucións a problemas que poidan presentarse na vida cotiá.

OBX2. Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.

▪ A toma de conciencia do propio corpo desde idades temperás permítelle ao alumnado aprender a coñecelo, coidalo, valoralo e controlalo, á vez que mellora a execución dos movementos e a súa relación coa contorna, sendo ademais o corpo a vía de expresión dos sentimentos e das emocións. A súa regulación e expresión fortalecen o optimismo, a resiliencia, a empatía e a procura de propósitos e permiten xestionar construtivamente os retos e os cambios que xorden na súa contorna.

▪ O coñecemento científico que adquire o alumnado sobre o corpo humano e os riscos para a saúde ao longo da súa escolaridade debe vincularse con accións de prevención mediante o desenvolvemento de hábitos, estilos e comportamentos de vida saudables. Isto, unido á educación afectivo-sexual, adaptada ao seu nivel madurativo, que é imprescindible para o crecemento, o desenvolvemento e o benestar dunha persoa sa en todas as súas dimensións físicas, emocionais e sociais.

OBX3. Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.

▪ Coñecer os diferentes elementos e sistemas que conforman o medio natural é o primeiro paso para comprender e valorar a súa riqueza e diversidade. Por iso, este obxectivo persegue que o alumnado non só coñeza os diferentes elementos do medio que o rodea, de maneira rigorosa e sistémica, senón que estableza relacións entre estes. Desta forma, búscase que o alumnado coñeza, comprenda, valore e protexa o medio natural e que respecte e coide os seres vivos que nel habitan.

▪ Comprender, por exemplo, como os seres vivos, incluídos os seres humanos, se adaptan á contorna en que viven e establecen relacións con elementos bióticos ou abióticos ou como se comporta a materia ante a presenza de diferentes forzas, permítelle ao alumnado adquirir un coñecemento científico conectado que mobilizará nas investigacións ou nos proxectos que realice.

OBX4. Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, co coidado e coa protección das persoas e do planeta.

▪ Coñecer como evolucionou a interacción do ser humano co mundo que o rodea no uso e no aproveitamento dos recursos naturais, así como a relación das máquinas e dos obxectos de uso cotián coa necesidade de enerxía para o seu funcionamento, resulta esencial para que o alumnado reflexione e sexa consciente dos límites da biosfera, dos problemas asociados co consumo acelerado de bens e do establecemento dun modelo enerxético baseado nos combustibles fósiles.



▪ Desta maneira o alumnado poderá afrontar os retos e desafíos da sociedade contemporánea desde a perspectiva da sustentabilidade e comprender as relacións de interdependencia e ecodpendencia, así como a importancia que teñen para nós o respecto cara aos seres vivos e ao ambiente, en particular, ao valor da biodiversidade e ao desenvolvemento de estilos de vida sustentable.

▪ É preciso, polo tanto, dotar o alumnado de ferramentas que faciliten o seu apoderamento como axentes de cambio ecosocial desde unha perspectiva emprendedora e unha actitude crítica e cooperativa. Isto supón que deseñen, participen e se involucren en actividades que permitan avanzar cara aos obxectivos de desenvolvemento sustentable de maneira consciente e contextualizada. Así serán partícipes da construción de modelos de relación e convivencia baseados na empatía, a cooperación e o respecto ás persoas e ao planeta.

OBX5. Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.

▪ Nas últimas décadas, as tecnoloxías da información e da comunicación foron entrando e integrándose nas nosas vidas, e expandíronse a todos os ámbitos da nosa sociedade, proporcionando coñecementos e numerosas ferramentas que axudan nunha multitude de tarefas da vida cotiá.

▪ A variedade de dispositivos e aplicacións que existen na actualidade fai necesario introducir o concepto de dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe, entendido como o conxunto de dispositivos e recursos dixitais que cada alumna ou alumno utiliza de acordo coas súas necesidades de aprendizaxe e que lle permiten realizar as tarefas de forma eficiente, segura e sustentable, levando a cabo un uso responsable dos recursos dixitais. Polo tanto, este obxectivo aspira a preparar o alumnado para desenvolverse nun ambiente dixital que vai máis aló do simple manexo de dispositivos e a procura de información na rede. O desenvolvemento da competencia dixital permitirá comprender e valorar o uso que se lle dá á tecnoloxía, aumentar a produtividade e a eficiencia no propio traballo, desenvolver estratexias de interpretación, organización e análise da información, reelaborar e crear contido, comunicarse a través de medios informáticos e traballar de forma cooperativa. Así mesmo, este obxectivo implica coñecer estratexias para facer un uso crítico e seguro da contorna dixital, tomando conciencia dos riscos, aprendendo como evitalos ou minimizalos, e pedir axuda cando sexa preciso e resolver os posibles problemas tecnolóxicos da forma máis autónoma posible. Este uso da contorna dixital irase introducindo de forma gradual e adecuándose ao nivel madurativo do alumnado.

OBX6. Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.

▪ A elaboración de proxectos baseados en actividades cooperativas supón o desenvolvemento coordinado, conxunto e interdisciplinar dos contidos das diferentes áreas para dar resposta a un reto ou problema da contorna física, natural, social, cultural ou tecnolóxica, utilizando técnicas propias do desenvolvemento de proxectos de deseño e do pensamento computacional. A detección de necesidades, o deseño, a creación e proba de prototipos, así como a avaliación dos resultados, son fases esenciais do desenvolvemento de proxectos de deseño para a obtención dun produto final con valor ecosocial. Doutra banda, o pensamento computacional utiliza a descomposición dun problema en partes máis sinxelas, o recoñecemento de patróns, a realización de modelos, a selección da información relevante e a creación de algoritmos para automatizar procesos da vida cotiá. Ambas as estratexias non son excluíntes, polo que poden ser utilizadas de forma conxunta de acordo coas necesidades do proxecto.

▪ A realización deste tipo de proxectos fomenta, ademais, a creatividade e a innovación ao xerar situacións de aprendizaxe onde non existe unha única solución correcta, senón que toda decisión, errónea ou acertada, se presenta como unha oportunidade para obter información válida que axudará a elaborar unha mellor solución. Estas situacións propician, ademais, unha contorna adecuada para o traballo cooperativo, onde se desenvolven destrezas como a argumentación, a comunicación efectiva de ideas complexas, a toma de decisións compartidas e a xestión dos conflitos de forma dialogada.



1.3. Criterios de avaliación e contidos.

Primeiro ciclo.

1º curso.

Área de Ciencias da Natureza Primeiro ciclo 1º curso	
Bloque 1. Cultura científica	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	OBX1
▪ CA1.2. Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	OBX1
▪ CA1.3. Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	OBX1
▪ CA1.4. Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas.	OBX1
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. ▪ Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. ▪ Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. ▪ Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. ▪ Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. ▪ Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. ▪ Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. 	
Bloque 2. A vida no noso planeta	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	OBX3
▪ CA2.2. Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	OBX3



Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.3. Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	OBX3
▪ CA2.4. Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	OBX2
▪ CA2.5. Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	OBX2
▪ CA2.6. Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares a que pertence.	OBX2
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Necesidades básicas dos seres vivos e a diferenza cos obxectos inertes. ▪ Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables. ▪ As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas. ▪ Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna en que viven. ▪ Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades. ▪ Identificación e descrición das partes do corpo humano. ▪ Coñecemento e experimentación cos órganos dos sentidos para relacionarse coa súa contorna. ▪ Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demais. 	
Bloque 3. Materia, forzas e enerxía	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	OBX3
▪ CA3.2. Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	OBX4
▪ CA3.3. Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Tipos de materiais segundo a súa procedencia. ▪ Propiedades observables dos materiais (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e o seu uso en obxectos da vida cotiá. ▪ Cambios observables na materia a través da súa experimentación. ▪ Observación e identificación de máquinas e aparellos na súa vida cotiá. ▪ Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar. 	



Bloque 4. Tecnoloxía e dixitalización	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	OBX5
▪ CA4.2. Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	OBX6
▪ CA4.3. Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	OBX6
▪ CA4.4. Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	OBX6
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: <ul style="list-style-type: none"> – Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. – Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador. – Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguras. ▪ Proxectos de deseño e pensamento computacional: <ul style="list-style-type: none"> – Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. – Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa...). – Estratexias básicas de traballo en equipo. 	

2º curso.

Área de Ciencias da Natureza Primeiro ciclo 2º curso	
Bloque 1. Cultura científica	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	OBX1
▪ CA1.2. Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	OBX1
▪ CA1.3. Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	OBX1
▪ CA1.4. Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas.	OBX1



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. ▪ Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. ▪ Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. ▪ Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. ▪ Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. ▪ Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. ▪ Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. 	
Bloque 2. A vida no noso planeta	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.1. Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.2. Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.3. Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.4. Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.5. Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social, recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares a que pertence. 	OBX2
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ As adaptacións dos seres vivos ao seu hábitat, concibido como o lugar en que cobren as súas necesidades. ▪ Observación dun animal ou dunha planta, no seu medio natural ou reproducindo o medio no centro educativo. ▪ Clasificación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables. ▪ Importancia no coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna en que viven, evitando a degradación do solo, do aire ou da auga. ▪ Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades. 	



- Recoñecemento dos cambios do corpo a través do tempo. As etapas da vida.
- Observación, identificación e función das principais partes do corpo. Ósos, articulacións e músculos.
- Introducción das funcións de relación, reprodución e nutrición como funcións vitais. Principais órganos implicados.
- Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: estratexias de identificación das propias emocións e respecto polas dos demais. Sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. Educación afectivo-sexual.

Bloque 3. Materia, forzas e enerxía

Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	OBX3
▪ CA3.2. Recoñecer a través de pequenas investigacións o comportamento da luz e do son ante diferentes corpos.	OBX3
▪ CA3.3. Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	OBX4
▪ CA3.4. Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	OBX4

Contidos

- Identificación da materia e das súas propiedades.
- Propiedades observables dos materiais, a súa procedencia e o seu uso en obxectos da vida cotiá de acordo coas necesidades de deseño para os que foron fabricados.
- As substancias puras e as mesturas: distinguir e separar mesturas heteroxéneas mediante distintos medios a través da experimentación.
- A luz e o son como formas de enerxía presentes na vida cotiá.
- Observación e identificación de máquinas e aparellos da súa contorna.
- Estructuras resistentes, estables e útiles. Experimentación e observación dos efectos das forzas sobre estruturas construídas con materiais de uso común na aula.
- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.

Bloque 4. Tecnoloxía e dixitalización

Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	OBX5
▪ CA4.2. Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	OBX6



Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.3. Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	OBX6
▪ CA4.4. Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	OBX6
▪ CA4.5. Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	OBX6
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe <ul style="list-style-type: none"> – Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador. – Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación. – Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguras. ▪ Proxectos de deseño e pensamento computacional <ul style="list-style-type: none"> – Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. – Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipo e comunicación. – Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa...). – Estratexias básicas de traballo en equipo. 	

Segundo ciclo.

3º curso.

Área de Ciencias da Natureza Segundo ciclo 3º curso	
Bloque 1. Cultura científica	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	OBX1
▪ CA1.2. Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	OBX1
▪ CA1.3. Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	OBX1
▪ CA1.4. Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	OBX1



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. ▪ Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. ▪ Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. ▪ Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. ▪ Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. ▪ Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados. ▪ Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais...). 	
Bloque 2. A vida no noso planeta	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.1. Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.2. Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.3. Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora. 	OBX3
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada. Utilización de claves e guías para clasificar e identificar os diferentes reinos a través das súas características observables. ▪ Características e clasificación de animais vertebrados e invertebrados. Observación e comparación das diversas formas en que realizan as funcións vitais. ▪ Clasificación das plantas a través das súas características observables. Análise, a través da experimentación, da súa capacidade de adaptación ao medio en que viven e realizan as funcións vitais. ▪ Identificación dun ecosistema e dos elementos que o compoñen. Observación dun ecosistema próximo recollendo datos en diferentes soportes e elaborando hipóteses de forma guiada. ▪ Relación do ser humano cos ecosistemas. Exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais do noso planeta e das súas consecuencias. ▪ Valoración da biodiversidade e importancia da súa conservación. Respecto polos seres vivos da contorna. Animais en perigo de extinción. 	



Bloque 3. Materia, forzas e enerxía	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	OBX3
▪ CA3.2. Coñecer diferentes formas e fontes de enerxía, identificando os seus usos na vida cotiá.	OBX4
▪ CA3.3. Recoñecer a través de pequenas investigacións diferentes formas de produción da calor e dos seus efectos sobre os corpos.	OBX3
▪ CA3.4. Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.	OBX4
▪ CA3.5. Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e de uso sustentable dos recursos naturais, e expresar os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación dos estados en que se presenta a materia na nosa contorna. Cambios de estado da auga. ▪ Fontes de enerxía renovables e non renovables. ▪ A calor e as súas formas de produción. Cambios de estado e instrumentos de medida. Efectos da calor sobre a materia a través da experimentación. ▪ Propiedades das máquinas simples, a súa observación e manipulación. Aplicacións e usos na vida cotiá. ▪ Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Impacto ambiental: contaminación e residuos. 	
Bloque 4. Tecnoloxía e dixitalización	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	OBX5
▪ CA4.2. Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e os materiais adecuados.	OBX6
▪ CA4.3. Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.	OBX6
▪ CA4.4. Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	OBX6
▪ CA4.5. Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	OBX6



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: <ul style="list-style-type: none"> – Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. – Procuras guiadas de información na internet seguras e eficientes. – Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais). – Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar pola internet. – Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto. – Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas...) e estratexias de actuación. ▪ Proxectos de deseño e pensamento computacional: <ul style="list-style-type: none"> – Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto. – Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipo e proba, avaliación e comunicación. – Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...). – Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico. – Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

4º curso.

Área de Ciencias da Natureza	
Segundo ciclo	
4º curso	
Bloque 1. Cultura científica	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	OBX1
▪ CA1.2. Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	OBX1
▪ CA1.3. Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura; realizar observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	OBX1
▪ CA1.4. Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	OBX1



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. ▪ Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. ▪ Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. ▪ Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. ▪ Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. ▪ Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados. ▪ Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais...). 	
Bloque 2. A vida no noso planeta	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.1. Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.2. Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.3. Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, xestionando as emocións propias e respectando as dos demais, mostrando empatía e establecendo relacións afectivas saudables. 	OBX2
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano: relación, nutrición e reprodución. Importancia dos órganos dos sentidos e do seu coidado para relacionarse coa contorna. ▪ Importancia da función de nutrición para o ser humano e identificación dos aparellos relacionados con ela (dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor). ▪ O sistema nervioso e o aparello locomotor. Os ósos, as articulacións e os músculos. Hábitos de hixiene postural nas súas actividades diarias. ▪ Pautas para unha alimentación saudable e sustentable. Pirámide dos alimentos e clasificación en función dos seus nutrientes principais. ▪ Pautas para a prevención de enfermidades, riscos e accidentes na súa contorna máis próxima. Enfermidades relacionadas co proceso da alimentación e a aceptación do propio corpo. ▪ Pautas que fomenten unha saúde emocional e social adecuadas: hixiene do sono, xestión do lecer e do tempo libre, contacto coa natureza, uso adecuado de dispositivos dixitais e estratexias para o fomento de relacións sociais saudables. Educación afectivo-sexual. 	



Bloque 3. Materia, forzas e enerxía	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	OBX3
▪ CA3.2. Recoñecer, a través de pequenas investigacións, diferentes formas de produción da calor e os seus efectos sobre os corpos.	OBX3
▪ CA3.3. Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.	OBX4
▪ CA3.4. Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cambios reversibles e irreversibles que experimenta a materia desde un estado inicial a un final para recoñecer os procesos e as transformacións que ocorren na materia en situacións da vida cotiá. ▪ Características e propiedades da calor. Materiais condutores e illantes, instrumentos de medición e aplicacións na vida cotiá. ▪ Forzas de contacto e a distancia. Efecto sobre os obxectos dependendo do seu tamaño, masa e forma. ▪ Máquinas simples, o seu efecto sobre as forzas e aplicacións na natureza e usos na vida cotiá. Planificación e montaxe dalgunha máquina de construción sinxela. ▪ Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Importancia da calidade do aire e da auga da nosa contorna. 	
Bloque 4. Tecnoloxía e dixitalización	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo e de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	OBX5
▪ CA4.2. Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	OBX6
▪ CA4.3. Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos e explicando os pasos seguidos.	OBX6
▪ CA4.4. Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	OBX6
▪ CA4.5. Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto e respectando as normas básicas de convivencia.	OBX6



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: <ul style="list-style-type: none"> – Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. – Estratexias de procura guiada de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección e organización). – Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais). – Aplicación das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar pola internet para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe. – Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital. – Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e correos non desexados...) e estratexias de actuación. ▪ Proxectos de deseño e pensamento computacional: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación dun proxecto sinxelo, identificando e seleccionando adecuadamente os materiais, as ferramentas e os obxectos necesarios para a súa consecución. – Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipo e proba, avaliación e comunicación. – Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...). – Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico. – Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

Terceiro ciclo.

5º curso.

Área de Ciencias da Natureza	
Terceiro ciclo	
5º curso	
Bloque 1. Cultura científica	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	OBX1
▪ CA1.2. Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	OBX1

CVE-DOG: uaqmd6c3-yry3-ddz7-8sy4-jwvzfc915r6



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.3. Deseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.4. Analizar a información e os resultados obtidos, e comunicar as conclusións das investigacións, utilizando linguaxe científica e explicando os pasos seguidos. 	OBX1
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ A ciencia, a tecnoloxía e a enxeñaría como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero, relacionadas co desenvolvemento de hábitos de vida sustentable e co coidado do planeta. ▪ Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións, enunciando hipóteses. ▪ Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións. ▪ Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo. ▪ Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade. ▪ Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. ▪ Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos...). ▪ Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais...). 	
Bloque 2. A vida no noso planeta	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.1. Coñecer a estrutura e organización dos seres vivos identificando as súas características e funcións. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.2. Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.3. Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.4. Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do medio natural, a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade. 	OBX3



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estrutura e niveis de organización dos seres vivos: tipos de células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas. ▪ Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada a partir do estudo e da análise das características de diferentes ecosistemas. Os seres vivos: características, clasificación e tipos. ▪ Características propias dos animais que permiten a súa clasificación e diferenciación en subgrupos relacionados coa súa capacidade adaptativa ao medio e a realización das funcións vitais: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie. Animais autóctonos de Galicia. ▪ Características propias das plantas que permiten a súa clasificación en relación coa súa capacidade adaptativa ao medio e a realización das funcións vitais: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie. A importancia da fotosíntese para a vida na terra. Plantas autóctonas de Galicia. ▪ Os ecosistemas como lugar onde interveñen factores bióticos e abióticos, mantendo un equilibrio entre os diferentes elementos e recursos. Relacións entre os seres vivos dun ecosistema, cadeas alimentarias, características, compoñentes e tipos de ecosistemas. ▪ Relación do ser humano cos ecosistemas para cubrir as necesidades da sociedade. Exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais do noso planeta e as súas consecuencias, recoñecendo as accións humanas que modifican o medio natural e contribúen á extinción de especies. Importancia da biodiversidade. 	
Bloque 3. Materia, forzas e enerxía	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	OBX3
▪ CA3.2. Recoñecer e explicar as diferentes formas e fontes de enerxía, identificando os seus usos na vida cotiá e a súa influencia no desenvolvemento sustentable.	OBX4
▪ CA3.3. Participar con actitude emprendedora na procura, no contraste e na avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna.	OBX4
▪ CA3.4. Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna para partir do uso de máquinas simples e compostas.	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Propiedades da materia. Masa e volume. Cálculo da masa e do volume a través da experimentación. ▪ As fontes de enerxía renovables e non renovables. ▪ A enerxía eléctrica. Os circuitos eléctricos e as estruturas robotizadas. Atracción e repulsión de cargas eléctricas. ▪ Influencia das fontes de enerxía renovables na contribución ao desenvolvemento sustentable. ▪ Fontes, transformacións, transferencia e uso responsable da enerxía na vida cotiá para afrontar problemas ecosociais. ▪ Identificación, características e funcións das máquinas simples e compostas de uso cotián. 	



Bloque 4. Tecnoloxía e dixitalización	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo, de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	OBX5
▪ CA4.2. Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía, identificando os seus riscos e os beneficios na sociedade.	OBX6
▪ CA4.3. Formular problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou solución dixital, avaliando as necesidades da contorna e establecendo obxectivos concretos.	OBX6
▪ CA4.4. Deseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de proxectos de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	OBX6
▪ CA4.5. Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, os dispositivos, as técnicas e os materiais adecuados.	OBX6
▪ CA4.6. Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos.	OBX6
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: <ul style="list-style-type: none"> – Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. – Estratexias de procura de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual). – Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. – Tratamento e elaboración de textos sinxelos para recoller e comunicar información (formato de texto, axuste de páxina, inserción de imaxes...). Xestión de arquivos. – Regras básicas de seguridade e privacidade para navegar pola internet e para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe. – Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital. – Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, dependencia tecnolóxica, acceso a contidos inadecuados...) e estratexias de actuación. 	



▪ **Proxectos de deseño e pensamento computacional:**

- Influencia do desenvolvemento tecnolóxico na mellora das condicións de vida e de traballo na sociedade actual.
- Avances da ciencia na contorna (medicina, tecnoloxías da información e da comunicación, cinema, deporte...).
- Observación e formulación de situacións problema derivadas de necesidades que xurdan na súa contorna próxima.
- Iniciación ás fases do pensamento computacional (creación de esquemas ou diagramas sinxelos para planificar accións, descomposición dunha tarefa en partes máis sinxelas, desenvolvemento de diferentes estratexias para a resolución dun problema).
- Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos.
- Estratexias en situacións de incerteza: adaptación e cambio de estratexia cando sexa necesario, e valoración do erro propio e o dos demais como oportunidade de aprendizaxe.
- Deseño, prototipo, proba e avaliación dun proxecto de deseño sinxelo que teña relevancia na súa contorna.
- Construción de proxectos sinxelos, utilizando de forma guiada diferentes materiais, ferramentas, obxectos, dispositivos e recursos dixitais seguros e adecuados para a consecución do proxecto.
- Linguaxe sinxela de programación por bloques e as relacións lóxicas entre eles (executar movementos, sensores, motores, impresión 3D...).
- Presentación dos proxectos desenvolto, utilizando diferentes soportes e estratexias de comunicación e explicando de forma oral e escrita as estratexias seguidas.

6º curso.

Área de Ciencias da Natureza	
Terceiro ciclo	
6º curso	
Bloque 1. Cultura científica	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	OBX1
▪ CA1.2. Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	OBX1
▪ CA1.3. Deseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura e rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas.	OBX1
▪ CA1.4. Analizar a información e os resultados obtidos e comunicar as conclusións das investigacións utilizando unha linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.	OBX1



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ A ciencia, a tecnoloxía e a enxeñaría como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero relacionadas co desenvolvemento de hábitos de vida sustentable e co coidado do planeta. ▪ Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses. ▪ Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións. ▪ Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo. ▪ Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade. ▪ Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. ▪ Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos...). ▪ Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais...). 	
Bloque 2. A vida no noso planeta	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.	OBX2
▪ CA2.2. Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene e a prevención de accidentes e enfermidades.	OBX2
▪ CA2.3. Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, fomentando relacións afectivas saudables e reflexionando sobre o uso adecuado de novas tecnoloxías e a xestión do tempo libre.	OBX2
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecemento do corpo humano: anatomía e fisioloxía. Células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas. ▪ Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano desde unha perspectiva integrada: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie. ▪ A función da relación. Os órganos dos sentidos, o sistema nervioso e o aparello locomotor. ▪ A función da nutrición e os aparellos que interveñen (respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor). ▪ A función da reprodución. O aparello reprodutor e os órganos que interveñen. ▪ Os cambios físicos, emocionais e sociais que supón a puberdade e a adolescencia, para aceptalos de forma positiva tanto nun mesmo como nos demais. Educación afectivo-sexual. ▪ Pautas para unha alimentación saudable e sustentable: menús saudables e equilibrados. A importancia da cesta da compra e da etiquetaxe dos produtos alimenticios para coñecer os seus nutrientes e a súa achega enerxética. 	



- Principais enfermidades que afectan os aparellos e sistemas do organismo humano. Enfermidades relacionadas co proceso da alimentación e a aceptación do propio corpo. Pautas para a súa prevención.
- Pautas para a prevención de riscos e accidentes. Coñecemento de actuacións básicas de primeiros auxilios.
- Pautas que fomenten unha saúde emocional e social adecuadas: hixiene do soño, prevención e consecuencias do consumo de drogas, xestión saudable do lecer e do tempo libre, contacto coa natureza, uso adecuado de dispositivos dixitais, estratexias para o fomento de relacións sociais saudables e fomento do coidado das persoas.

Bloque 3. Materia, forzas e enerxía

Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Identificar e analizar as características e as propiedades da materia a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas, os instrumentos e procesos adecuados.	OBX3
▪ CA3.2. Recoñecer e explicar as diferentes formas e fontes de enerxía, identificando os seus usos na vida cotiá e a súa influencia no desenvolvemento sustentable.	OBX4
▪ CA3.3. Recoñecer, a través de pequenas investigacións, as propiedades do aire, analizando os principios básicos do voo.	OBX3

Contidos

- Propiedades da materia. Concepto de densidade e a súa relación coa flotabilidade dun obxecto nun líquido.
- Realización de experiencias para estudar as propiedades de diferentes materiais de uso común.
- As fontes de enerxía renovables e non renovables e a súa influencia na contribución ao desenvolvemento sustentable da sociedade.
- As formas de enerxía e as súas transformacións.
- As propiedades do aire e a súa interacción cos obxectos dependendo da súa forma. As forzas implicadas no voo. Principios básicos da aerodinámica.

Bloque 4. Tecnoloxía e dixitalización

Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	OBX5
▪ CA4.2. Expor problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou dunha solución dixital, avaliando as necesidades da contorna e establecendo obxectivos concretos.	OBX6
▪ CA4.3. Deseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de pensamento de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	OBX6
▪ CA4.4. Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, os dispositivos, as técnicas e os materiais adecuados.	OBX6
▪ CA4.5. Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos.	OBX6



Contidos

- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
 - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
 - Estratexias de procura de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual).
 - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.
 - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para recoller e comunicar información (formato de texto, axuste de páxina, inserción de imaxes...). Xestión de arquivos.
 - Regras básicas de seguridade e privacidade para navegar pola internet e para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe.
 - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital.
 - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, dependencia tecnolóxica, acceso a contidos inadecuados, etc.) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
 - Observación e formulación de situacións problema derivadas de necesidades que xurdan na súa contorna próxima.
 - Fases do pensamento computacional (creación de esquemas ou diagramas sinxelos para planificar accións, descomposición dunha tarefa en partes máis sinxelas, desenvolvemento de diferentes estratexias para a resolución dun problema).
 - Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos.
 - Estratexias en situacións de incerteza: adaptación e cambio de estratexia cando sexa necesario, e valoración do erro propio e do dos demais como oportunidade de aprendizaxe.
 - Deseño, prototipo, proba e avaliación dun proxecto de deseño sinxelo que teña relevancia na súa contorna.
 - Construción de proxectos sinxelos, utilizando de forma guiada diferentes materiais, ferramentas, obxectos, dispositivos e recursos dixitais seguros e adecuados para a consecución do proxecto.
 - Linguaxe sinxela de programación por bloques e as relacións lóxicas entre eles (executar movementos, sensores, motores, impresión 3D...).
 - Presentación dos proxectos desenvolto, utilizando diferentes soportes e estratexias de comunicación, explicando de forma oral e escrita as estratexias seguidas.

1.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na área de Ciencias da Natureza desenvolverá o seu currículo e tratará de asentir de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da área e, en combinación co resto de áreas, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.



Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da área e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos apartados seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da área de Ciencias da Natureza e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da área	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2			5		1-2-3	3		
OBX3			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5	3	1	4	1-2-3-4-5				4
OBX6			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Liñas de actuación non proceso de ensino e aprendizaxe.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, potenciando as súas habilidades máis destacables e facendo fincapé na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo e ampliación.

– A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.

– Actividades que partan da observación e experimentación para coñecer os fenómenos naturais da vida cotiá e a comprensión dos cambios da contorna causados pola actividade humana de xeito vivencial e transversal. Porase en práctica o método científico a través de diversas investigacións e traballos, desenvolvendo así unha actitude de rigor e pensamento crítico ante fenómenos que suceden no seu contorno máis próximo.



– O desenvolvemento de habilidades para traballar de forma cooperativa e colaborativa facilitará a propia aprendizaxe, compartíndoa e favorecendo a inclusión de todo o alumnado. Reforzará a autoestima, o espírito crítico, a reflexión e a responsabilidade, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo o traballo en equipo e o emprendemento.

– Contidos traballados arredor da realización de tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (ambientais, de saúde, novas tecnoloxías, consumo...), nas cales o alumnado avance no desempeño das súas competencias ao longo da etapa, elixindo en cada caso a metodoloxía adecuada en función das necesidades que se presenten.

– Metodoloxías que partan dun enfoque globalizador e interdisciplinar baseado nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais, tendo en conta os recursos dos centros educativos, principalmente a biblioteca escolar como fonte de aprendizaxe e recursos.

– O desenvolvemento de actitudes positivas con respecto ao benestar persoal, social e físico, así como a capacidade de respectar a diversidade nos demais. Potenciaranse actividades en que o alumnado descubra e tome consciencia da necesidade de coidar o propio corpo, recoñecendo aqueles factores que prexudican a nosa saúde física e mental e incidindo na importancia dos hábitos saudables.

– A relevancia das tecnoloxías dixitais e as contornas virtuais de aprendizaxe na sociedade actual fai necesario que o alumnado as integre na súa aprendizaxe facendo un uso seguro, crítico e responsable desde idades temperás.

– Tarefas en que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

– O uso de distintos procedementos e instrumentos variados (rúbricas, rexistros anecdóticos, listas de cotexo, organizadores gráficos, portafolios, dianas de avaliación, probas orais, claves dicotómicas...), que permitirá unha avaliación obxectiva da totalidade do alumnado.



– O espírito crítico que permita coñecer porque hai profesións tan feminizadas ou masculinizadas e a presentación de persoas que representen logros e rupturas de teitos de cristal no eido profesional.

2. Ciencias Sociais.

2.1. Introducción.

Os retos do século XXI demandan que o noso sistema educativo proporcione as ferramentas para que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital con garantías de éxito. A área de Ciencias Sociais concíbese co obxectivo de que as nenas e os nenos cheguen a ser persoas activas, responsables e respectuosas coa súa contorna próxima e afastada.

Nunha sociedade cada vez máis diversa e cambiante, é necesario promover novas formas de sentir, de pensar e de actuar, favorecedoras da inclusión do alumnado e acordes cun mundo máis xusto, solidario e sustentable. O devir do tempo e a interpretación da acción humana como responsable do cambio implican que o alumnado teña que adoptar un coñecemento de si mesmo e da contorna que o rodea, adaptándose a el e sendo capaz de contribuír ao seu avance e conservación. Isto supón tamén, o recoñecemento da diversidade como riqueza pluricultural, a resolución pacífica de conflitos e a aplicación crítica dos mecanismos democráticos de participación cidadá, todo iso fundamentado na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, na Convención sobre os Dereitos do Neno, nos principios recollidos no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución, nos valores do europeísmo e no compromiso cívico e social.

O alumnado debe adquirir os coñecementos, as destrezas e actitudes relacionadas co uso seguro e fiable das fontes de información e coa educación para o desenvolvemento sustentable e a cidadanía global, que inclúe entre outros: o coñecemento e o impulso para traballar a favor da consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, o respecto pola diversidade etnocultural e afectivo-sexual, a cohesión social, o espírito emprendedor, a valoración e conservación do patrimonio, o emprendemento social e ambiental e a defensa da igualdade efectiva entre mulleres e homes; en resumo, nenas e nenos comprometidos co planeta e coas persoas, que chegarán a ser persoas adultas con intereses e inquietudes para conservar a contorna que os rodea.

O desenvolvemento dunha cultura científica baseada na indagación forma unha cidadanía con pensamento crítico, capaz de tomar decisións ante as situacións que se lle expoñan, xa sexa no ámbito persoal, social ou educativo. Os procesos de indagación favorecen



o traballo interdisciplinar e a relación dos diferentes coñecementos e destrezas que posúe o alumnado. Desde esta óptica, proporcionarlle unha base científica sólida e ben estruturada ao alumnado axudarao a comprender o mundo en que vive, animarao a coidalo, respectalo e valoralo, propiciando o camiño cara a unha transición ecolóxica xusta.

Noutra orde de cousas, a dixitalización da sociedade require que o alumnado faga un uso seguro, eficaz e responsable das tecnoloxías da información e da comunicación, que facilitará a realización de proxectos interdisciplinares cooperativos nos cales se resolva un problema ou se dea resposta a unha necesidade da contorna próxima. Xunto coa promoción do espírito emprendedor e o desenvolvemento das destrezas e técnicas básicas do proceso tecnolóxico, o alumnado poderá achegar solucións creativas e innovadoras a problemas presentes da sociedade, desenvolvendo propostas prácticas que apliquen os principios da aprendizaxe servizo.

Para todo iso, é necesario partir dos centros de interese do alumnado e da súa realidade próxima, achegándoo ao descubrimento, á observación e á indagación dos distintos elementos naturais, sociais e culturais do mundo que o rodea.

A área de Ciencias Sociais engloba diferentes disciplinas e relaciónase con outras áreas do currículo, o que favorece unha aprendizaxe holística e competencial. Para determinar as competencias específicas, que son o eixe vertebrador do currículo, tomáronse como referencia os obxectivos xerais da etapa e o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

A avaliación dos obxectivos da área realízase través dos criterios de avaliación, que miden tanto os resultados coma os procesos, dunha maneira aberta, flexible e interconectada dentro do currículo.

Os criterios de avaliación e os contidos, pola súa banda, estrutúranse en catro bloques, que deberán aplicarse en diferentes contextos reais para alcanzar o logro dos obxectivos da área.

O primeiro bloque, Ciencia e tecnoloxía, presenta unha ampla variedade de temas relacionados co ámbito científico, onde o alumnado desenvolve destrezas e estratexias a través da investigación. Deste xeito, iníciase nos principios básicos do método científico, que propicia a indagación e o descubrimento do mundo que o rodea, poñendo en valor o impacto da ciencia na nosa sociedade desde unha perspectiva de xénero.



Por outra banda, este bloque pretende tamén habilitar o alumnado no manexo básico dunha variedade de ferramentas e recursos dixitais como medio para satisfacer as súas necesidades de aprendizaxe, buscar e comprender a información, crear contido, comunicarse de forma efectiva e desenvolverse nun ambiente dixital de forma responsable, segura e crítica, dándolle a oportunidade de compartir a súa experiencia con outros contextos educativos.

O bloque O mundo e o desenvolvemento sostible axuda a que o alumnado coñeza as interaccións entre as actividades humanas e o medio natural e social, así como o impacto ambiental que xeran. Desta forma, involucrarase na adquisición de hábitos de vida sustentable e na participación en actividades que poñan en valor os coidados do medio que o rodea e que lle permitan avanzar cara aos obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030 de maneira consciente, contextualizada e vivenciada, facendo uso da contorna para entender dunha maneira práctica como coidal e respectalo.

No bloque Vivir en sociedade, o alumnado introducirase no contexto social dunha maneira máis cívica, democrática, sustentable e comprometida, permitíndolle elaborar unha interpretación persoal da súa contorna próxima e do mundo. Faise especial énfase no rexeitamento de calquera tipo de discriminación e na convivencia pacífica, co obxectivo de formar unha futura cidadanía responsable, participativa e solidaria.

O bloque Leccións do pasado préstalles atención aos retos e situacións do presente e da contorna local e global, tomando como referencia a realidade histórica máis próxima, ata obter unha comprensión máis global. Pártese duns coñecementos básicos da historia de Galicia e de España, respectando e valorando os aspectos comúns e de carácter diverso, utilizando o pensamento histórico e as relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión como medio para entender a evolución das sociedades ao longo do tempo e do espazo.

A gradación destes contidos, a súa programación e a súa secuenciación non debe seguir necesariamente unha orde cronolóxica determinada, senón que han de adecuarse ás intencións didácticas e formativas que marca o alumnado en cada ciclo, partindo dos seus intereses, motivacións e das circunstancias que se dean na realidade da aula e na súa comunidade. As prácticas innovadoras neste ámbito supoñen unha oportunidade para aplicar metodoloxías activas, que sitúen o alumnado como protagonista do proceso. Neste sentido, as situacións de aprendizaxe han de ser un espazo aberto que fomente a curiosidade e a observación analítica para construír unha propia posición persoal ante a realidade, unha posición que debe considerarse potencialmente transformadora da realidade social existente.



2.2. Obxectivos.

Obxectivos da área
<p>OBX1. Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.</p>
<ul style="list-style-type: none">▪ Nas últimas décadas, as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) fóronse introducindo e integrando nas nosas vidas, e expandíronse a todos os ámbitos da nosa sociedade, e proporcionáronnos coñecementos e numerosas ferramentas que axudan en multitude de tarefas da vida cotiá. Esta situación avanza a pasos axigantados, de maneira que as TIC se fan cada vez máis imprescindibles; dispositivos móbiles e tecnolóxicos son unha constante actualmente en diversos ámbitos.▪ A cidadanía do mañá desenvolverase nun ambiente dixital, que implicará unha serie de coñecementos non soamente técnicos, senón tamén de discriminación de información. A diferenza de outrora, gran parte da información que manexamos hoxe en día atópase en dispositivos e recursos dixitais e é moi importante a súa procura e selección. Hai que ter en conta que as nosas alumnas e alumnos nacen na era dixital, con certas habilidades para manexar os devanditos dispositivos e na nosa man está ensinarlles a filtrar toda aquela información pouco útil, irrelevante ou errónea.▪ Un aspecto importante e inherente ás tecnoloxías son os riscos asociados ao seu uso. É imprescindible saber como actuar en caso de perda de datos, ciberacoso, ameazas á privacidade, dependencia, contidos inapropiados... Por iso se traballará activamente desde os centros na prevención deste tipo de situacións, dándolle unhas pautas de actuación a toda a comunidade educativa.
<p>OBX2. Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.</p>
<ul style="list-style-type: none">▪ As Ciencias Sociais contribúen ao desenvolvemento persoal e social do alumnado, achegándolle recursos para integrarse e participar activamente na sociedade en que vive, comprendendo o mundo que o rodea, favorecendo a participación activa nos diferentes procesos de indagación e exploración propios do pensamento científico. Os diversos ámbitos de estudo desta área incentivarán este pensamento científico, aplicándoo aos aspectos xeográficos, sociais e históricos; iso levará a unha comprensión do mundo dunha maneira máis global.▪ Para que esta forma de traballo xere verdadeiras aprendizaxes, o profesorado debe asumir o papel de facilitador e guía, proporcionándolle ao alumnado as condicións, pautas, estratexias e os materiais didácticos que favorezan estas destrezas. Contextualizaranse as actividades na contorna máis próxima, buscando que o alumnado sexa capaz de aplicar o aprendido en diferentes contextos, extrapolando o coñecemento científico a outro tipo de situacións, de maneira global e interdisciplinar. Deste xeito, ademais, estímúlase o interese pola adquisición de novas aprendizaxes e pola procura de solucións a problemas que poidan formularse na vida cotiá.
<p>OBX3. Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e as propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.</p>
<ul style="list-style-type: none">▪ Iniciarse como futuros cidadáns e cidadás para participar na sociedade e interactuar co medio implica comprender a realidade en que se vive (natural, social e cultural), valorando a súa riqueza e diversidade. Nesta área proporcionáanse recursos para coñecer e comprender a contorna cotiá, vivila, respectala, valorala, conservala, protexela e transformala, para melloralala. Ao facer fincapé no mundo que nos rodea, no desenvolvemento de actitudes críticas e na aceptación das diferenzas, lévase a cabo un achegamento a realidades diferentes no espazo e no tempo. É importante visibilizar os problemas relacionados co uso do espazo e as súas transformacións, os cambios e as adaptacións protagonizados polos humanos a través do tempo para as súas necesidades, e as distintas organizacións sociais que foron desenvolvéndose.



▪ A toma de conciencia do continuo uso e explotación dos recursos da contorna debe favorecer que o alumnado desenvolva accións de uso sustentable, conservación e mellora do patrimonio natural e cultural do territorio galego, considerándoo como un ben común. Ademais, debe promover o compromiso e a proposta de actuacións orixinais e éticas que respondan a retos naturais, sociais e culturais expostos.

OBX4. Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.

▪ Coñecer como evolucionou a interacción do ser humano co mundo que o rodea no uso e aproveitamento dos bens comúns mediante procesos tecnolóxicos cada vez máis avanzados resulta esencial para que o alumnado reflexione e sexa consciente dos límites da biosfera, dos problemas asociados co consumo acelerado de bens e o establecemento dun modelo enerxético baseado nos combustibles fósiles. Desta maneira poderán afrontar os retos e desafíos da sociedade contemporánea de forma sustentable.

▪ Comprender as relacións de interdependencia e ecodpendencia, así como a importancia que teñen para nós, como seres sociais dependentes, os coidados que nos achega a comunidade, é o punto de partida para poder identificar e afondar nas diferentes problemáticas que formula o modelo de sociedade actual e o seu impacto no ámbito local e global. É preciso, polo tanto, dotar o alumnado de ferramentas que faciliten o seu apoderamento como axentes de cambio ecosocial desde unha perspectiva emprendedora e cooperativa. Isto supón que deseñe, participe e se involucre en actividades que permitan avanzar cara aos obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, de maneira consciente e contextualizada. Así, será participe da construción de modelos de relación e convivencia baseados na empatía, na cooperación e no respecto ás persoas e ao planeta.

OBX5. Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.

▪ Coñecer os trazos das distintas sociedades ao longo do tempo e o papel que mulleres e homes desempeñaron nestas como protagonistas individuais e colectivos da historia débelle servir ao alumnado para relacionar as diferentes épocas e identificar as accións e os feitos máis destacados en cada unha delas. Os elementos e as manifestacións culturais de cada sociedade son a expresión de complexas relacións económicas, sociais e políticas, así como dos valores, crenzas e ideas que as sustentan, pero tamén das súas múltiples identidades, do talento dos seus integrantes e das relacións con outras culturas. Comprender esa rede dinámica de interaccións é o fondo de toda interpretación e valoración crítica do pasado, sentando as bases das súas propias ideas futuras. Así mesmo, resulta de vital importancia o coñecemento e a conservación da idiosincrasia galega, mantendo vivos os valores e as ideas que a caracterizan e contribuíndo á súa transmisión a futuras xeracións.

▪ O coñecemento e a contextualización de acontecementos relevantes desde un punto de vista histórico resultan fundamentais para que o alumnado comprenda a forma en que o pasado contribúe na configuración do presente. A investigación de tales acontecementos, establecendo relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre eles, e identificando os aspectos dinámicos e os máis estables, permítelle ao individuo unha maior e mellor comprensión de si mesmo e das súas relacións cos demais e coa contorna, e dispoño na mellor situación para adoptar unha actitude obxectiva e analítica con respecto á actualidade e para asumir un compromiso responsable e consciente dos retos do futuro.



OBX6. Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.

▪ A diversidade é un trazo característico das sociedades contemporáneas e formula retos para a vida en democracia. A análise comparativa entre diferentes sociedades e territorios no mundo mostra a coexistencia de distintas formas de organización social e política derivadas de diversos factores. A realidade pluricultural da contorna favorece a toma de conciencia da diversidade e a riqueza patrimonial existentes, promovendo unha actitude de respecto e diálogo con persoas e culturas diferentes. A interconexión mundial, os procesos de integración, como o da Unión Europea e os movementos migratorios, conectan con esta realidade múltiple e diversa, que é necesario afrontar desde os principios de igualdade, de respecto aos dereitos humanos e da infancia e desde os valores do europeísmo, para previr prexuízos e actitudes discriminatorias e favorecer a inclusión e a cohesión social.

▪ No seo da sociedade atopámonos, ademais, con outros tipos de diversidade asociados á etnicidade, ao xénero, á idade, ás crenzas, á identidade, á orientación sexual ou á situación funcional das persoas, que precisan de actitudes baseadas no respecto, na valoración das súas diferenzas e na inclusión. Especial importancia cobran os comportamentos relativos á igualdade entre mulleres e homes, que ten que implicar accións comprometidas para evitar toda actitude discriminatoria. Todos estes comportamentos e valores deben desenvolverse na contorna familiar e social do alumnado, a través do exercicio dunha cidadanía activa, responsable, participativa e solidaria.

OBX7. Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, aos dereitos humanos e da infancia e aos principios e valores do Estatuto de autonomía de Galicia, da Constitución española e da Unión Europea, valorando a función do Estado e das súas institucións no mantemento da paz e da seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.

▪ Comprender a organización e o funcionamento dunha sociedade no seu territorio e valorar o papel das administracións na garantía dos servizos públicos e bens comúns é fundamental para a educación cidadá e a participación democrática. A sociedade demanda unha cidadanía comprometida e crítica que participe de maneira activa no ámbito escolar e noutras actividades que teñan influencia no benestar da comunidade. Neste marco de convivencia, o alumnado debe tomar conciencia da importancia das normas de conduta social, da mobilidade segura, saudable e sustentable, e da distribución de dereitos e responsabilidades entre persoas de maneira igualitaria e dialogada, desenvolvendo destrezas comunicativas e de escoita activa, de pensamento crítico e de resolución pacífica de conflitos, valorando a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da seguridade integral e da defensa como un compromiso cívico e solidario ao servizo da paz.

▪ Os principios e valores do Estatuto de autonomía de Galicia, da Constitución española e da Unión Europea, xunto cos do Estado e das institucións democráticas, implican o exercicio dunha cidadanía activa que contribúa a manter e cumprir as súas obrigas cívicas e favoreza a xustiza social, a dignidade humana, a liberdade, a igualdade, o Estado de dereito e o respecto aos dereitos humanos e ás minorías etnoculturais. A adopción consciente de valores como a equidade, o respecto, a xustiza, a solidariedade e a igualdade entre mulleres e homes preparan o alumnado para afrontar os retos e desafíos do século XXI.



2.3. Criterios de avaliación e contidos.

Primeiro ciclo.

1º curso.

Área de Ciencias Sociais Primeiro ciclo 1º curso	
Bloque 1. Ciencia e tecnoloxía	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	OBX1
▪ CA1.2. Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	OBX2
▪ CA1.3. Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	OBX2
▪ CA1.4. Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	OBX2
▪ CA1.5. Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	OBX7
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). ▪ Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando os persoais e modelos. ▪ Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. ▪ A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. ▪ Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. ▪ Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, dun acontecemento ou dunha inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. ▪ Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. 	



Bloque 2. O mundo e o desenvolvemento sostible	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA2.1. Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.2. Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, da manipulación e da experimentación. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.3. Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, dos coidados, da corresponsabilidade e da protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o solo e a auga. 	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo. A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria. Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. Cofecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos. 	
Bloque 3. Vivir en sociedade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA3.1. Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA3.2. Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza e apreciándoa como fonte de aprendizaxe. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA3.3. Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA3.4. Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> CA3.5. Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta. 	OBX7



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. ▪ A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos. ▪ Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. ▪ Igualdade de xénero e conduta non sexista. ▪ Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte. ▪ A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos. ▪ Ocupación e traballo. Identificación con perspectiva de xénero das principais actividades profesionais e laborais na contorna. 	
Bloque 4. Leccións do pasado	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	OBX3
▪ CA4.2. Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando noicións básicas de medida e sucesión.	OBX5
▪ CA4.3. Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	OBX5
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano), situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo. ▪ A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro. ▪ As expresións e producións artísticas da contorna próxima. ▪ Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia. 	

2º curso.

Área de Ciencias Sociais Primeiro ciclo 2º curso	
Bloque 1. Ciencia e tecnoloxía	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	OBX1



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA1.2. Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA1.3. Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA1.4. Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA1.5. Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta. 	OBX7
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación. Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. Tipos de profesións presentes na contorna próxima e relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía, desde unha perspectiva de xénero: similitudes, diferenzas e ferramentas que empregan. Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Posibilidades seguras de procura guiada de información na internet. 	
Bloque 2. O mundo e o desenvolvemento sostible	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA2.1. Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.2. Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, da manipulación e da experimentación. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.3. Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, dos coidados, da corresponsabilidade e da protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o solo e a auga. 	OBX4



Contidos	
<ul style="list-style-type: none">▪ A Terra no universo. Elementos, movementos e dinámicas relacionados coa Terra e co universo e as súas consecuencias na vida diaria e na contorna. Secuencias temporais e cambios estacionais.▪ Fenómenos atmosféricos. Observación, reflexión e rexistro de datos atmosféricos. Comprobación do observado nos diferentes medios de comunicación.▪ Orientacións espaciais, nocións básicas para que lle permitan orientarse nun debuxo, nun plano ou en maquetas simples da contorna máis próxima.▪ Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, a mellora e o uso sustentable dos bens comúns.▪ Hábitos de vida sustentable. O aire como elemento imprescindible para a vida. A contaminación atmosférica.	
Bloque 3. Vivir en sociedade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	OBX2
▪ CA3.2. Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	OBX6
▪ CA3.3. Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas, recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	OBX6
▪ CA3.4. Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	OBX7
▪ CA3.5. Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	OBX7
Contidos	
<ul style="list-style-type: none">▪ Identidade e diversidade cultural: existencia de realidades diferentes e aproximación ás distintas etnoculturas presentes na contorna. A convivencia cos demais e o rexeitamento ás actitudes discriminatorias. Cultura da paz e non violencia.▪ A localidade e o seu goberno. O concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía. A pertenza a grupos sociais da localidade: deportivos, recreativos, culturais...▪ Igualdade de xénero e conduta non sexista.▪ Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas básicas nos desprazamentos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción.▪ A vida en sociedade. Espazos, recursos e servizos da contorna entendidos como bens comúns e compartidos. Formas e modos de interacción social en espazos públicos desde unha perspectiva de xénero.▪ Medios de transporte máis comúns na contorna, recoñecendo os máis adecuados para as persoas e/ou mercadorías.	



Bloque 4. Leccións do pasado	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	OBX3
▪ CA4.2. Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando noicións básicas de medida e sucesión.	OBX5
▪ CA4.3. Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	OBX5
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o cambio e a continuidade, as causas e as consecuencias. ▪ O ciclo vital e as relacións interxeracionais. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. Toma de conciencia do paso do tempo, ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna... ▪ As expresións e producións artísticas a través do tempo. O patrimonio material e inmaterial local. Coidado e conservación. ▪ Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia. 	

Segundo ciclo.

3º curso.

Área de Ciencias Sociais Segundo ciclo 3º curso	
Bloque 1. Ciencia e tecnoloxía	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	OBX1
▪ CA1.2. Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	OBX2
▪ CA1.3. Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	OBX2
▪ CA1.4. Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	OBX2



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA1.5. Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe incluída e non violenta. 	OBX7
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. Fomento da curiosidade, da iniciativa e da constancia na realización das diferentes investigacións. Avances no pasado relacionados coa ciencia e coa tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual. 	
Bloque 2. O mundo e o desenvolvemento sostible	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA2.1. Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e os procesos adecuados. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.2. Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.3. Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana. 	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo. O clima e a paisaxe. Os fenómenos atmosféricos. Toma e rexistro de datos e variables meteorolóxicas (temperatura, humidade, vento, precipitacións) e a súa representación gráfica e visual: o climograma. Cofecemento do espazo. Representación do espazo. Representación da Terra a través do globo terráqueo, dos mapas e doutros recursos dixitais. Uso de planos do barrio ou da localidade, como representación gráfica de espazos. Interpretación de lendas e símbolos cartográficos elementais en mapas. O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático e o seu impacto nas paisaxes da Terra. Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural. Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos. 	



Bloque 3. Vivir en sociedade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA3.1. Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA3.2. Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas, recoñecendo modelos positivos ao longo da historia. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA3.3. Coñecer os principais órganos de goberno e as funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> CA3.4. Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable, tanto para as persoas como para o planeta. 	OBX7
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Desigualdade social e acceso aos recursos. Usos do espazo polo ser humano e evolución das actividades produtivas. Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura da paz e non violencia. Organización política e territorial de Galicia. Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de Galicia. Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación. A organización do territorio en Galicia. Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarias. Mobilidade segura, saudable e sustentable, como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción. Compromisos e normas para a vida en sociedade. 	
Bloque 4. Leccións do pasado	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA4.1. Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA4.2. Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA4.3. Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero. 	OBX5



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais) como vía para a análise dos cambios e permanencias na localidade ao longo da historia. ▪ O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos. ▪ As expresións artísticas e culturais prehistóricas e da antigüidade e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. ▪ O patrimonio natural e cultural. Os espazos protexidos, culturais e naturais. O seu uso, coidado e conservación. ▪ Iniciación na investigación e nos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente. ▪ A acción de mulleres e homes como suxeitos na historia. Descubrimentos e inventos importantes ao longo da historia.

4º curso.

Área de Ciencias Sociais Segundo ciclo 4º curso	
Bloque 1. Ciencia e tecnoloxía	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.1. Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo, de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.2. Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.3. Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.4. Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.5. Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática, e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta. 	OBX7



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). ▪ Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos. ▪ Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. ▪ Fomento da curiosidade, da iniciativa e da constancia na realización das diferentes investigacións. ▪ Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade, mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. ▪ Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación das aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. ▪ Estratexias de procuras guiadas de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección e organización). 	
Bloque 2. O mundo e o desenvolvemento sostible	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.1. Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e os procesos adecuados. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.2. Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.3. Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna, e de uso sustentable dos recursos naturais, expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana. 	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Relación dos elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo con determinados fenómenos físicos que afectan a Terra e repercuten na vida diaria e na contorna. ▪ As tecnoloxías da información xeográfica (TIX). A estación meteorolóxica e os seus instrumentos. Relación entre as zonas climáticas e a diversidade de paisaxes. Algunhas características do clima de Galicia. ▪ Mapas e planos en distintas escalas. Técnicas de orientación mediante a observación dos elementos do medio físico e outros medios de localización espacial. ▪ O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra. Medidas de mitigación. ▪ Responsabilidade ecosocial. A transformación e a degradación dos ecosistemas naturais pola acción humana. Conservación e protección da natureza. Os malos tratos animais e a súa protección. ▪ Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos. 	



Bloque 3. Vivir en sociedade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA3.1. Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA3.2. Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas, recoñecendo modelos positivos ao longo da historia. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA3.3. Coñecer os principais órganos de goberno e as funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> CA3.4. Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable, tanto para as persoas como para o planeta. 	OBX7
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> O valor, o control do diñeiro e os medios de pagamento. Da supervivencia á sobreprodución. Os costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura da paz e non violencia. A organización política e territorial de España. Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de España. Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación con datos obtidos de fontes estatísticas. A organización do territorio en España e en Europa. Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarias. Mobilidade segura, saudable e sustentable, como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción. Compromisos e normas para a vida en sociedade. 	
Bloque 4. Leccións do pasado	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA4.1. Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA4.2. Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA4.3. Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero. 	OBX5



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ As pegadas da historia en lugares, edificios, obxectos, oficios ou tradicións da localidade. Os museos como espazo de aprendizaxe e gozo. ▪ O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos. Temas de relevancia na historia (Prehistoria e Idade Antiga). ▪ A función da arte e da cultura no mundo da Prehistoria e da Idade Antiga. ▪ O patrimonio natural e cultural. Diferenzas entre parques nacionais, rexionais e naturais. Os espazos naturais protexidos. O seu uso, coidado e conservación. ▪ Iniciación á investigación e aos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente. ▪ Interpretación do papel dos individuos e dos distintos grupos sociais, relacións, conflitos, crenzas e condicionantes en cada época histórica.

Terceiro ciclo.

5º curso.

Área de Ciencias Sociais Terceiro ciclo 5º curso	
Bloque 1. Ciencia e tecnoloxía	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	OBX1
▪ CA1.2. Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	OBX2
▪ CA1.3. Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	OBX2
▪ CA1.4. Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	OBX2
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). ▪ Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. 	



- Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.
- A ciencia, a tecnoloxía, a enxeñaría e as matemáticas como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero.
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual.
- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.

Bloque 2. O mundo e o desenvolvemento sostible

Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	OBX3
▪ CA2.2. Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	OBX3
▪ CA.2.3. Promover estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, cos coidados, coa corresponsabilidade e coa protección das persoas e do planeta, a partir da análise crítica da intervención humana na contorna.	OBX4
▪ CA2.4. Participar con actitude emprendedora na procura, no contraste e na avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna.	OBX4

Contidos

- A Terra, o universo e o sistema solar. Movementos terrestres e fases lunares.
- O clima e o planeta. Tipos de clima en Galicia e en España. Elementos e factores climáticos.
- Cartografía, planos, mapas e planisferios. Escalas e símbolos convencionais de mapas, elaboración de itinerarios.
- O cambio climático do local ao global: causas e consecuencias. Medidas de mitigación e adaptación.
- O desenvolvemento sostible. A actividade humana sobre o espazo e a explotación dos recursos. A actividade económica e a distribución da riqueza: desigualdade social e rexional no mundo e en España. Os obxectivos de desenvolvemento sustentable.
- Estilos de vida sustentable: os límites do planeta e o esgotamento de recursos.

Bloque 3. Vivir en sociedade

Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e pola igualdade de xénero.	OBX6
▪ CA3.2. Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	OBX6



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA3.3. Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, da seguridade integral cidadá e no recoñecemento das vítimas da violencia. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> CA3.4. Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno do concello, das comunidades autónomas, do Estado español e da Unión Europea, valorando as súas funcións e a xestión dos servizos públicos para a cidadanía. 	OBX7
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país: diversidade cultural e lingüística de Galicia. A cultura da paz e non violencia. O pensamento crítico como ferramenta para a análise dos conflitos de intereses. O recoñecemento das vítimas da violencia. A organización política. Principais entidades políticas e administrativas da contorna local, provincial e autonómica en Galicia. Sistemas de representación e de participación política. A memoria democrática. Análise multicausal do proceso de construción da democracia en España. Galicia. Principais institucións, valores e funcións. Migracións e diversidade cultural. As principais variables demográficas e a súa representación gráfica. Os comportamentos da poboación e a súa evolución. Os movementos migratorios e a apreciación da diversidade cultural. Contraste entre zonas urbanas e despoboamento rural. Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes. Seguridade viaria. Normas básicas de circulación, sinais de tráfico e marcas viarias. Condutas e hábitos viarios correctos. Causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico. 	
Bloque 4. Leccións do pasado	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA4.1. Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA4.2. Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA4.3. Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia. 	OBX5



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais). ▪ O tempo histórico na Idade Media: o Camiño de Santiago, o Románico e o Gótico, duración e feitos históricos, papel representado por suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos. ▪ O tempo histórico na Idade Moderna: os descubrimentos, o Renacemento e o Barroco, duración e feitos históricos, papel representado por suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos. ▪ As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en Galicia e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e da cultura no mundo actual. ▪ O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

6º curso.

Área de Ciencias Sociais	
Terceiro ciclo	
6º curso	
Bloque 1. Ciencia e tecnoloxía	
Contidos	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.1. Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.2. Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.3. Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.4. Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente. 	OBX2
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). Iniciativa emprendedora. ▪ Técnicas para unha adecuada exposición oral dos resultados dunha investigación, con claridade e orde. Presentación de resultados en formatos diversos. ▪ Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. Realización dun glosario. ▪ Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións. ▪ A relación entre os avances en matemáticas, ciencia, enxeñaría e tecnoloxía para comprender a evolución da sociedade no ámbito científico-tecnolóxico. 	



- Estratexias de procura e selección de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual); recoñecemento de riscos asociados a un uso inadecuado e pautas de actuación.

- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise, individual e cooperativamente, facilitando o diálogo e a resolución de conflitos.

Bloque 2. O mundo e o desenvolvemento sostible

Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.1. Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.2. Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.3. Promover estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, cos coidados, coa corresponsabilidade e coa protección das persoas e do planeta, a partir da análise crítica da intervención humana na contorna. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.4. Participar con actitude emprendedora na procura, no contraste e na avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna. 	OBX4

Contidos

- O futuro da Terra e do universo. Os fenómenos físicos relacionados coa Terra e co universo e a súa repercusión na vida diaria e na contorna. A exploración espacial e a observación do ceo, a contaminación lumínica, a concienciación polo coidado do medio.

- O clima e o planeta. Introducción á dinámica atmosférica e ás grandes áreas climáticas do mundo. Os principais ecosistemas e as súas paisaxes.

- A contorna que nos rodea. A diversidade xeográfica de España e de Europa. Representación gráfica, visual e cartográfica a través de medios e recursos analóxicos e dixitais usando as tecnoloxías da información xeográfica (TIX).

- O cambio climático. Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia, interdependencia e interrelación entre persoas, sociedades e medio natural.

- Axenda Urbana. O desenvolvemento urbano sustentable. A cidade como espazo de convivencia.

- Economía verde. A influencia dos mercados (de bens, financeiro e laboral) na vida da cidadanía. Os axentes económicos e os dereitos laborais desde unha perspectiva de xénero. O valor social dos impostos. Responsabilidade social e ambiental das empresas. Publicidade, consumo responsable (necesidades e desexos) e dereitos do consumidor.

- Estilos de vida sustentable: a pegada ecolóxica.



Bloque 3. Vivir en sociedade	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA3.1. Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e pola igualdade de xénero. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA3.2. Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA3.3. Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, da seguridade integral cidadá e no recoñecemento das vítimas da violencia. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> CA3.4. Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno do municipio, das comunidades autónomas, do Estado español e da Unión Europea, valorando as súas funcións e a xestión dos servizos públicos para a cidadanía. 	OBX7
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país, particularmente as propias do pobo xitano. Recoñecemento da diversidade cultural e lingüística de España. Os principios e valores dos dereitos humanos e da infancia, o Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española, dereitos e deberes da cidadanía. A contribución do Estado e das súas institucións á paz, á seguridade integral e á cooperación internacional para o desenvolvemento. A organización política. Principais entidades políticas e administrativas da contorna local, autonómica e nacional en España. Sistemas de representación e de participación política. España e a Unión Europea. Formas de goberno. Fórmulas para a participación da cidadanía na vida pública. España e Europa. As principais institucións de España e da Unión Europea, dos seus valores e das súas funcións. Os ámbitos de acción das institucións europeas e a súa repercusión na contorna. Cidadanía activa. Fundamentos e principios para a organización política e xestión do territorio en España. Participación social e cidadá. Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes: a discriminación positiva. Seguridade viaria. Normas básicas de circulación, sinais de tráfico e marcas viarias. Condutas e hábitos viarios correctos. Causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico. 	
Bloque 4. Leccións do pasado	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA4.1. Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade. 	OBX3



Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.2. Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.	O BX5
▪ CA4.3. Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.	O BX5
▪ CA4.4. Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	O BX6
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais). As pegadas da historia na contorna. ▪ Temas de relevancia na historia: Idade Contemporánea, transformacións económicas, políticas, sociais e culturais, o papel representado polos suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos. ▪ O papel da muller na historia e os principais movementos en defensa dos seus dereitos. Situación actual e retos de futuro na igualdade de xénero. ▪ As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en España e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e da cultura no mundo actual. ▪ O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación. 	

2.8. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na área de Ciencias Sociais desenvolverá ou seu currículo e tratará de asentarse de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da área e, en combinación co resto das áreas, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da área e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos apartados seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.



Relación entre os obxectivos da área de Ciencias Sociais e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da área	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5	3		4		4	1-3	2	1
OBX6		3			3	1-2-3		1
OBX7	5				1	1-2-3		1

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado, usando diferentes estratexias e respectando os ritmos de aprendizaxe, partindo dos seus coñecementos previos, reforzando a autoestima, a autonomía, a curiosidade, a motivación e a responsabilidade sobre as propias aprendizaxes.

– A reflexión metodolóxica conxunta da que xurda unha proposta de centro común, cun enfoque global e interdisciplinar, que garanta o cumprimento dos principios pedagóxicos que se propoñen desde a área de Ciencias Sociais.

– O aproveitamento dos recursos propios da contorna, partindo de aprendizaxes máis simples cara a outras máis complexas e considerando as diferenzas interculturais como un aspecto enriquecedor que achega posibilidades de aprendizaxe.

– A introdución da aprendizaxe servizo, para fomentar a aprendizaxe activa a través da participación do alumnado nas actividades comunitarias, involucrándose nas necesidades reais da súa contorna e mellorándoa, facendo posible conectar o aprendido na aula cun contexto real.

– O traballo individual e en equipo, cooperativo, que posibilite a resolución conxunta e colaborativa das tarefas e favoreza a participación do alumnado, facéndoo protagonista das súas aprendizaxes.



– Os principios de normalización e inclusión, a atención individualizada, a detección precoz e a prevención das dificultades de aprendizaxe como medios para garantir a atención á diversidade, promovendo a súa cohesión social.

– A innovación educativa como estratexia de experimentación, renovación e innovación curricular.

– A aplicación de diferentes técnicas para a avaliación do desempeño do alumnado, como, por exemplo, o porfolio, as rúbricas, os mapas mentais, os diarios, os debates, as probas específicas, as escalas de valoración...

– O emprego de personaxes relevantes ao longo da historia, no ámbito científico-tecnolóxico, resaltando o papel das mulleres, incidindo especialmente nas de orixe galega, desde unha perspectiva de xénero.

– O espírito crítico que permita coñecer porque hai profesións tan feminizadas ou masculinizadas e a presentación de persoas que representen logros e rupturas de teitos de cristal no eido profesional.

3. Educación Física.

3.1. Introducción.

A Educación Física na etapa da educación primaria prepara o alumnado para afrontar unha serie de retos fundamentais que pasan pola adopción dun estilo de vida activo, o coñecemento da propia corporalidade, o achegamento a manifestacións culturais de carácter motor, a integración de actitudes ecosocialmente responsables ou o desenvolvemento de todos os procesos de toma de decisión que interveñen na resolución de situacións motrices. Estes elementos contribúen a que o alumnado sexa motrizmente competente, o que facilita o seu desenvolvemento integral, posto que a motricidade constitúe un elemento esencial e indisoluble da propia aprendizaxe.

As competencias establecidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico, na súa adecuación á etapa de educación primaria, xunto cos obxectivos xerais da etapa, concretaron o marco de actuación para definir os obxectivos da área. Este elemento curricular convértese no referente que se debe seguir para lle dar forma a unha área que se pretende desenvolver de xeito que sexa máis competencial, máis actual e máis aliñada coas necesidades da cidadanía para afrontar os retos e os desafíos do século XXI.



Os obxectivos da área de Educación Física na etapa de educación primaria recollen e sintetizan estes retos, abordando a motricidade de forma máis estruturada para lles dar continuidade aos logros e aos avances experimentados polo alumnado antes da súa escolarización obrigatoria. O descubrimento e a exploración da corporalidade, esenciais para as actuacións que se desenvolven desde o enfoque da psicomotricidade, dará paso a un tratamento máis preciso e en profundidade do corpo, que pretenderá sentar as bases para a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos na etapa de educación secundaria obrigatoria para, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida.

A motricidade, desde a integración dos compoñentes do esquema corporal, desenvolve-rase no seo de prácticas motrices con diferentes lóxicas internas, con obxectivos variados e en contextos de certeza e incerteza. A resolución de situacións motrices en diferentes espazos permitiralle ao alumnado afrontar a práctica motriz con distintas finalidades: lúdica e recreativa, agonística, funcional, social, expresiva e comunicativa, creativa, catártica ou de interacción co medio urbano e natural.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices a que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo-motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa. Isto contribuirá a manter e a enriquecer un espazo compartido de carácter verdadeiramente intercultural nun mundo cada vez máis globalizado.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

O grao de desenvolvemento e a consecución dos diferentes obxectivos da área será avaliado a través dos criterios que constitúen o referente para levar a cabo este proceso. A



relación existente entre os criterios de avaliación e os contidos permitirá integrar e contextualizar a avaliación no seo das situacións de aprendizaxe ao longo da etapa.

Os criterios de avaliación e os contidos da área de Educación Física organízanse en seis bloques, que se deberán desenvolver en distintos contextos coa intención de xerar situacións de aprendizaxe variadas.

O bloque 1, Vida activa e saudable, aborda os compoñentes físico, mental e social da saúde a través do desenvolvemento de relacións positivas en contextos funcionais de práctica físico-deportiva, incorporando a perspectiva de xénero, a aceptación do propio corpo e a súa diversidade, rexeitando os comportamentos antisociais ou contrarios á saúde que poden producirse nestes ámbitos e incidindo na importancia da nutrición sa e responsable.

O bloque 2, Organización e xestión da actividade física, aborda seis compoñentes diferenciados: a elección da práctica física, a preparación da práctica motriz, a planificación e a autorregulación de proxectos motores; o uso adecuado do material, do espazo e das instalacións e a xestión da seguridade antes, durante e despois da actividade física e deportiva, e o coñecemento do propio corpo e a súa implicación na práctica deportiva.

O bloque 3, Resolución de problemas en situacións motrices, ten un carácter transdisciplinar e aborda tres aspectos clave: a toma de decisións, o uso eficiente dos compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade e os procesos de creatividade motriz. Estes saberes deberán desenvolverse en contextos moi variados de práctica que, en calquera caso, responderán á lóxica interna da acción motriz desde a que se deseñaron os saberes: accións individuais, cooperativas, de oposición e de colaboración-oposición.

O bloque 4, Autorregulación emocional e interacción social en situacións motrices, céntrase, por unha banda, no desenvolvemento dos procesos dirixidos a regular a resposta emocional do alumnado ante situacións derivadas da práctica da actividade física e deportiva e, por outra, incide sobre o desenvolvemento das habilidades sociais e o fomento das relacións construtivas e inclusivas entre os participantes neste tipo de contextos motrices, desterrando a competitividade.

O bloque 5, Manifestacións da cultura motriz, abarca tres compoñentes: o coñecemento da cultura motriz tradicional, a cultura artístico-expresiva contemporánea e o deporte como



manifestación cultural, desde unha perspectiva integradora que inclúa exemplos de persoas e culturas diferentes.

O bloque 6, Interacción eficiente e sustentable coa contorna, incide sobre a interacción co medio natural e urbano desde unha tripla vertente: o seu uso desde a motricidade, a súa conservación desde unha visión sustentable e o seu carácter compartido desde unha perspectiva comunitaria da contorna.

Pola influencia vital do movemento na aprendizaxe, recoméndase o desenvolvemento de distintas situacións de aprendizaxe que incorporen o movemento como recurso, así como enfoques e proxectos interdisciplinares na medida en que sexa posible. Estas situacións integrarán procesos orientados á adquisición das competencias e deberán enfocarse desde diferentes bloques, evitando centrarse nun de maneira exclusiva e, simultaneamente, desde a articulación con elementos plurais como as diferentes opcións metodolóxicas de carácter participativo, os modelos pedagóxicos, o tipo e a intención das actividades expostas ou a organización dos grupos. Será igualmente importante ter en conta a regulación dos procesos comunicativos, o desenvolvemento das relacións interpersoais e da autoestima, a conversión de espazos e materiais en oportunidades de aprendizaxe e a transferencia do coñecemento adquirido a outros contextos sociais próximos que permitan comprobar o valor do aprendido, aspecto este último clave para unha sociedade xusta e equitativa.

Todos estes procesos deben establecerse en función da interrelación dos contidos, do docente, do alumnado e do contexto en que se aplican, pero sobre todo cómpre ter claro por que e para que se utilizan.

3.2. Obxectivos.

Obxectivos da área
OBX1. Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.
▪ Este obxectivo atópase aliñado cos retos do século XXI e cos obxectivos de desenvolvemento sostible. A súa adquisición alcanzarase a través da participación activa nunha variada gama de actividades físico-deportivas que, ademais de lle proporcionar ao alumnado unha ampla bagaxe de experimentación motriz, lle darán a oportunidade de coñecer estratexias para vivenciar a práctica en coherencia cos referentes que serven de base para a promoción da saúde física, mental e social.



▪ O seu carácter transdisciplinar impregna a globalidade da área de Educación Física e pode abordarse desde a participación activa, a alimentación e hidratación saudable, a educación postural, o coidado do corpo, o autoconcepto, a autoestima, a imaxe percibida no campo da actividade física e o deporte desde unha perspectiva de xénero ou desde a análise dos comportamentos antisociais e dos malos hábitos para a saúde que se producen en contextos cotiáns e/ou vinculados co deporte e coa práctica de actividade física, entre outros. Existen distintas fórmulas e contextos de aplicación para materializar estas aprendizaxes, desde as prácticas aeróbicas (correr a ritmo, xogos de carreira, cordas, aeróbic ou similares) e a análise de situacións cotiáns (da contorna próxima ou en medios de comunicación), ata as dinámicas grupais reflexivas (debates ou análises críticos), os proxectos interdisciplinares, a integración de normas de seguridade e hábitos de hixiene en prácticas motrices cotiáns ou a simulación de protocolos de intervención ante accidentes deportivos, entre outros.

OBX2. Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.

▪ Este obxectivo implica comezar a tomar decisións, definir metas, elaborar plans sinxelos, secuenciar accións, executar o planificado, analizar que ocorre durante o proceso, cambiar de estratexia se for preciso e valorar finalmente o resultado. Todas estas medidas lévanse a cabo no seo de prácticas motrices con diferentes lóxicas internas (individual, de cooperación, de oposición ou de colaboración-oposición), con obxectivos variados e en situacións de certeza e incerteza.

▪ Estas estratexias deberán desenvolverse en contextos de práctica moi variados. Entre eles, poderían destacarse os proxectos e as montaxes relacionados coas cordas, os malabares, as actividades acrobáticas ou as circenses, os desafíos físicos cooperativos, os contos motores cooperativos, o xogo motor e a indagación, os espazos de acción e aventura, os ambientes de aprendizaxe e, por suposto, os xogos deportivos. En relación con estes últimos, é posible atopar distintas manifestacións segundo as súas características, desde xogos deportivos de invasión (balonmán, baloncesto, *ultimate* ou *rugby-etiqueta*, entre outros), ata xogos de rede e muro (voleibol, bádminton, frontenis, *pickleball* ou semellantes), pasando por deportes de campo e bate (béisbol, *softball* etc.), de branco e diana (*boccia*, bolos ou modalidades autóctonas ou similares), de loita (judo, esgrima, entre outros) ou de carácter individual (atletismo, natación, ciclismo e as súas modalidades). Débese procurar, na medida do posible e segundo o contexto particular de cada centro, que durante a etapa o alumnado participe en todas estas categorías e hanse de priorizar en todo caso as manifestacións que destaquen polo seu carácter mixto ou inclusivo.

OBX3. Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude empática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.

▪ Este obxectivo sitúase no punto de converxencia entre o persoal, o social e o ético. Desde el, ponse en xogo a capacidade de manter un esforzo constante e consciente ao servizo de metas persoais ou de equipo, especialmente en contextos que requiren de esforzo e perseveranza, activando a automotivación e a actitude positiva para afrontar retos, regulando a impulsividade, tolerando a frustración e perseverando ante as dificultades. Dentro do plano persoal, supón ademais a identificación das emocións que se viven no seo da práctica motriz, a expresión positiva destas e a súa xestión adecuada para saber controlar e reconducir as emocións desagradables e facelas máis prazenteiras.



▪ O plano colectivo implica poñer en xogo habilidades sociais para afrontar a interacción coas persoas coas que se converxe na práctica motriz. Trátase de dialogar, debater, contrastar ideas e poñerse de acordo para resolver situacións, expresar propostas, pensamentos e emocións, escoitar activamente e actuar con asertividade. Require que o alumnado afronte os conflitos mediante o diálogo, considerando tamén a perspectiva das outras persoas implicadas e buscando solucións xustas por consenso que satisfagan as necesidades mínimas das partes implicadas. Require igualmente que o alumnado identifique condutas contrarias á convivencia e aplique estratexias para abordalas. Este tipo de situacións implica desenvolver un certo grao de empatía e actuar desde a prosocialidade, a través de accións que buscan tamén o benestar alleo, valorando a realidade asociada á práctica motriz e actuando sobre ela desde parámetros de liberdade exercida con responsabilidade, equidade, inclusión, respecto, solidariedade, cooperación, xustiza e paz.

OBX4. Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.

▪ Este obxectivo implica construír a identidade corporal, persoal e social desde unha práctica vivenciada que integra expresións culturais, como o xogo, o deporte, a danza e outras actividades artístico-expresivas vinculadas coa motricidade, asumindo que forman parte do patrimonio cultural e que han de ser obxecto de recoñecemento, preservación, mellora e gozo. Nun mundo globalizado e marcado polos movementos migratorios, isto supón enriquecer o acervo común coas achegas das diferentes etnias e culturas que converxen nun espazo sociohistórico, desde a mestizaxe cultural asociada á interculturalidade.

▪ Existen numerosos contextos en que desenvolver esta competencia. Así, a cultura motriz tradicional podería abordarse a través de xogos tradicionais, autóctonos e populares, danzas propias do folclore tradicional, xogos multiculturais ou danzas do mundo, entre outros. Para abordar a cultura artístico-expresiva contemporánea poderían empregarse técnicas expresivas concretas (como a improvisación, a mímica ou a pantomima), o teatro (dramatizacións, teatro de sombras, teatro de luz negra ou similares), representacións máis elaboradas (xogos de rol ou actividades circenses, entre outros) ou actividades rítmico-musicais con carácter expresivo (bailes, coreografías ou outras expresións semellantes). Finalmente, no que respecta ao deporte como manifestación cultural, ademais de abordar os xogos e os deportes tradicionais, autóctonos e populares, e aqueles pertencentes a outras culturas, tamén se poderían levar a cabo debates sobre certos estereotipos de xénero aínda presentes no deporte e como evitalos.

OBX5. Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos, de actividades físico-deportivas e de ocio, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.

▪ A adopción de hábitos sustentables co ambiente e a súa conservación debe comezar a producirse nesta etapa, incidindo especialmente naqueles xestos e condutas sinxelas que cada un pode facer para fixar os devanditos hábitos. Este enfoque atopa, nas actividades físico-deportivas, un contexto moi favorable para mostrar o potencial que ofrece a contorna, xa sexa natural ou urbana, para o desenvolvemento deste tipo de prácticas.

▪ Este obxectivo implica desenvolver coñecementos, destrezas e actitudes para interactuar co medio, participar na súa preservación e mellora e contribuír, desde o local, á sustentabilidade a escala global. Así, no que respecta ás contornas urbanas, existen manifestacións como a patinaxe, o uso do monopatín, o patinete ou a danza urbana, entre outros, que poden constituír opcións interesantes. No relativo ao medio natural, segundo a localización do centro, as súas posibilidades contextuais e a dispoñibilidade de acceso que teñan as distintas localizacións naturais tanto terrestres coma, se é o caso, acuáticas, é posible atopar unha variada gama de contextos de aplicación, desde o sendeirismo, a escalada, o esquí, as actividades acuáticas, a orientación (tamén en espazos urbanos), o cicloturismo ou as rutas BTT, ata a autoconstrución de materiais, o franqueamento de obstáculos ou a nodería, entre outros; todos eles afrontados desde a óptica dos proxectos dirixidos á interacción coa contorna.



3.3. Criterios de avaliación e contidos.

Primeiro ciclo.

1º curso.

Área de Educación Física Primeiro ciclo 1º curso	
Bloque 1. Vida activa e saudable	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	OBX1
▪ CA1.2. Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	OBX1
▪ CA1.3. Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	OBX1
▪ CA1.4. Recoñecer a importancia de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	OBX2
▪ CA1.5. Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	OBX3
▪ CA1.6. Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	OBX3
▪ CA1.7. Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	OBX3
Contidos	
▪ Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> – Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo. – Alimentación saudable e hidratación. – Educación postural en situacións cotiás. – Coidado do corpo: a hixiene persoal e descanso tras a actividade física. 	



- Saúde social:
 - A actividade física como práctica social saudable.
 - Dereitos dos nenos e das nenas no deporte escolar.
 - Respecto cara a todas as persoas, con independencia das súas características persoais.
- Saúde mental:
 - Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo.
 - Benestar persoal e na contorna a través da motricidade.
 - Autoconecemento e identificación das fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental).

Bloque 2. Organización e xestión da actividade física

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	OBX1
▪ CA2.2. Participar en xogos de activación e volta á calma, recoñecendo a súa utilidade para adaptar o corpo á actividade física e evitar lesións.	OBX1
▪ CA2.3. Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	OBX1
▪ CA2.4. Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	OBX2
▪ CA2.5. Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	OBX2
▪ CA2.6. Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	OBX4
▪ CA2.7. Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.	OBX4
▪ CA2.8. Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	OBX5
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos. ▪ Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver. ▪ Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal. ▪ Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma. 	



Bloque 3. Resolución de problemas en situacións motrices	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	OBX1
▪ CA3.2. Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	OBX1
▪ CA3.3. Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	OBX2
▪ CA3.4. Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Esquema corporal: <ul style="list-style-type: none"> – Conciencia corporal. – Lateralidade e a súa proxección no espazo. – Coordinación óculo-pédica e óculo-manual. – Equilibrio estático e dinámico. ▪ Técnicas básicas de respiración e relaxación/contracción para controlar o corpo e ser aplicadas en situacións motrices cotiás. ▪ Percepción espazo-temporal. Nocións básicas (arriba-abaxo, encima-debaixo, diante-detrás, preto-lonxe, dentro-fóra, esquerda-dereita) para orientarse no espazo próximo. ▪ Habilidades e destrezas motrices básicas xenéricas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. ▪ Capacidades físicas desde o ámbito lúdico e o xogo. 	
Bloque 4. Autorregulación emocional e interacción social en situacións motrices	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	OBX1
▪ CA4.2. Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	OBX3
▪ CA4.3. Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	OBX3
▪ CA4.4. Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións discriminatorias e de violencia.	OBX3
▪ CA4.5. Coñecer e valorar os logros de distintos referentes do deporte de ambos os xéneros, recoñecendo o esforzo, a dedicación e os sacrificios requiridos para alcanzar os devanditos éxitos.	OBX4
▪ CA4.6. Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura na contorna natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	OBX5



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais. ▪ Habilidades sociais: verbalización de emocións derivadas da interacción en contextos motrices. ▪ Respecto das regras de xogo. ▪ Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias. 	
Bloque 5. Manifestacións da cultura motriz	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA5.1. Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	OBX2
▪ CA5.2. Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	OBX4
▪ CA5.3. Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas como manifestación da propia cultura. ▪ Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia. ▪ Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento. ▪ Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo. 	
Bloque 6. Interacción eficiente e sustentable coa contorna	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA6.1. Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	OBX1
▪ CA6.2. Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	OBX2
▪ CA6.3. Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	OBX2
▪ CA6.4. Gozar de forma segura da contorna natural e urbana, coñecendo os usos que nos achega a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación cara a eles durante o desenvolvemento de distintas prácticas lúdico-recreativas en distintos contextos.	OBX5
▪ CA6.5. Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	OBX5



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Normas de uso da vía pública: educación viaria para peóns. Mobilidade segura, saudable e sustentable. ▪ Posibilidades de uso que achega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna. ▪ Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz. ▪ Realización de actividades físicas seguras no medio natural e urbano. ▪ Coidado e conservación da contorna próxima durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

2º curso.

Área de Educación Física Primeiro ciclo 2º curso	
Bloque 1. Vida activa e saudable	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	OBX1
▪ CA1.2. Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	OBX1
▪ CA1.3. Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	OBX1
▪ CA1.4. Recoñecer a importancia de establecer metas claras á hora de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	OBX2
▪ CA1.5. Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	OBX3
▪ CA1.6. Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	OBX3
▪ CA1.7. Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	OBX3



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> – Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo. – Alimentación saudable e hidratación. – Educación postural en situacións cotiás. – Coidado do corpo: a hixiene persoal e o descanso tras a actividade física. ▪ Saúde social: <ul style="list-style-type: none"> – A actividade física como práctica social saudable. – Dereitos dos nenos e das nenas no deporte escolar. – Respecto cara a todas as persoas con independencia das súas características persoais. ▪ Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> – Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. – Benestar persoal e na contorna a través da motricidade. – Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental). 	
Bloque 2. Organización e xestión da actividade física	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	OBX1
▪ CA2.2. Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	OBX1
▪ CA2.3. Participar en xogos de activación e volta á calma recoñecendo a súa utilidade para adaptar o corpo á actividade física e evitar lesións.	OBX1
▪ CA2.4. Recoñecer a importancia de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	OBX2
▪ CA2.5. Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	OBX2
▪ CA2.6. Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	OBX2
▪ CA2.7. Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	OBX4
▪ CA2.8. Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	OBX5



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos. ▪ Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver. ▪ Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal. ▪ Planificación e autorregulación de proxectos motores sinxelos: obxectivos ou metas. ▪ Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma. 	
Bloque 3. Resolución de problemas en situacións motrices	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.1. Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.2. Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.3. Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.4. Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.5. Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos. 	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Toma de decisións en situacións motrices diversas: <ul style="list-style-type: none"> – Adecuación das accións ás capacidades e ás limitacións persoais en situacións motrices individuais. – Coordinación de accións en situacións cooperativas. – Axuste da acción á localización do adversario en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. – Selección de accións para manter a posesión, recuperar o móbil ou evitar que o atacante progrese en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil. – Decisión sobre a posición corporal e a distancia adecuadas en situacións que impliquen oposición sen contacto e con contacto. 	



- Esquema corporal:
 - Conciencia corporal.
 - Lateralidade e a súa proxección no espazo.
 - Coordinación óculo-pédica e óculo-manual.
 - Equilibrio estático e dinámico.
- Técnicas básicas de respiración e relaxación/contracción para controlar o corpo e ser aplicadas en distintas situacións motrices cotiás.
- Percepción espazo-temporal. Nocións básicas (arriba-abaxo, encima-debaixo, diante-detrás, preto-lonxe, dentro-fóra, esquerda-dereita) para orientarse no espazo.
- Capacidades físicas desde o ámbito lúdico e o xogo.
- Habilidades e destrezas motrices básicas xenéricas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas.
- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos externos e internos.

Bloque 4. Autorregulación emocional e interacción social en situacións motrices

Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	OBX1
▪ CA4.2. Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	OBX3
▪ CA4.3. Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	OBX3
▪ CA4.4. Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións discriminatorias e de violencia.	OBX3
▪ CA4.5. Coñecer e valorar os logros de distintos referentes do deporte de ambos os xéneros, recoñecendo o esforzo, a dedicación e os sacrificios requiridos para alcanzar os devanditos éxitos.	OBX4
▪ CA4.6. Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	OBX5

Contidos

- Xestión emocional: estratexias de identificación, experimentación e manifestación de emocións, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.
- Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais.
- Habilidades sociais: verbalización de emocións derivadas da interacción en contextos motrices.
- Respeto das regras de xogo.
- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.



Bloque 5. Manifestacións da cultura motriz	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA5.1. Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	OBX4
▪ CA5.2. Coñecer e valorar os logros de distintos referentes do deporte de ambos os xéneros, recoñecendo o esforzo, a dedicación e os sacrificios requiridos para alcanzar os devanditos éxitos.	OBX4
▪ CA5.3. Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Achegas da cultura motriz á heranza cultural. Os xogos e as danzas como manifestación da propia cultura. ▪ Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia. ▪ Usos comunicativos da corporalidade: xestos, acenos, posturas e outros. ▪ Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento. ▪ Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo. ▪ Deporte e perspectiva de xénero: referentes no deporte de distintos xéneros. 	
Bloque 6. Interacción eficiente e sustentable coa contorna	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA6.1. Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	OBX1
▪ CA6.2. Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	OBX1
▪ CA6.3. Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	OBX2
▪ CA6.4. Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	OBX2
▪ CA6.5. Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	OBX5
▪ CA6.6. Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	OBX5



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Normas de uso da vía pública: educación viaria para peóns. Mobilidade segura, saudable e sustentable. ▪ Posibilidades motrices dos espazos de xogo e espaxemento infantil. ▪ Posibilidades de uso que achega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna. ▪ Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz. ▪ Realización de actividades físicas seguras no medio natural e urbano. ▪ Coidado e conservación da contorna próxima durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

Segundo ciclo.

3º curso.

Área de Educación Física Segundo ciclo 3º curso	
Bloque 1. Vida activa e saudable	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.1. Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.2. Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.3. Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais, superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.4. Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.5. Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia. 	OBX3



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> – Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo. – Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados. – Hidratación na práctica da actividade física. – Educación postural en accións motrices habituais. – Factores básicos que inciden no coidado do corpo. ▪ Saúde social: <ul style="list-style-type: none"> – A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas. – Límites para evitar unha competitividade desmedida. – Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas. ▪ Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> – Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. – Respecto e aceptación do propio corpo. – Autoconecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental). 	
Bloque 2. Organización e xestión da actividade física	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	OBX1
▪ CA2.2. Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material e cos espazos e instalacións no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	OBX1
▪ CA2.3. Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	OBX2
▪ CA2.4. Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición e de colaboración-oposición, en contextos simulados de actuación.	OBX2
▪ CA2.5. Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	OBX5



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coidado e preparación do material, das instalacións e dos espazos que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver. ▪ Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física. ▪ Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado. ▪ Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións. 	
Bloque 3. Resolución de problemas en situacións motrices	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.1. Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.2. Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.3. Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.4. Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.5. Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental. 	OBX5
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Toma de decisións: <ul style="list-style-type: none"> – Distribución racional do esforzo en situacións motrices individuais. – Localización no espazo en situacións cooperativas. – Posicionamento no espazo e recolocación tras cada acción en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. – Anticipación ás decisións ofensivas do adversario en situacións de oposición de contacto. – Pase a compañeiros desmarcados ou en situación vantaxosa en situacións motrices de colaboración-oposición, de persecución e de interacción cun móbil. 	



- Esquema corporal:
 - Control tónico-postural e independencia segmentaria en situacións motrices.
 - Conciencia e control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Conciencia dos diferentes tipos de respiración.
 - Definición da lateralidade.
 - Equilibrio estático e dinámico en situacións a diversas alturas e sobre superficies estables e inestables.
 - Coordinación dinámica xeral e segmentaria.
- Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas.
- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos.

Bloque 4. Autorregulación emocional e interacción social en situacións motrices

Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	OBX3
▪ CA4.2. Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	OBX3
▪ CA4.3. Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	OBX3
▪ CA4.4. Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas; coñecendo o deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	OBX4
▪ CA4.5. Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	OBX4

Contidos

- Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.
- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.
- Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices.
- Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que traen consigo.



Bloque 5. Manifestacións da cultura motriz	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA5.1. Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	OBX2
▪ CA5.2. Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, contextualizando a súa orixe, a súa aparición e a súa transmisión ao longo do tempo e valorando a súa importancia, repercusión e influencia nas sociedades pasadas e presentes.	OBX4
▪ CA5.3. Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas do mundo como manifestación da interculturalidade. ▪ Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia. ▪ Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas simples. ▪ Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo. 	
Bloque 6. Interacción eficiente e sustentable coa contorna	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA6.1. Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	OBX1
▪ CA6.2. Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	OBX1
▪ CA6.3. Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	OBX2
▪ CA6.4. Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	OBX5
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Normas de uso: educación viaria. Uso de medios de desprazamento con rodas. Mobilidade segura, saudable e sustentable. ▪ Espazos naturais no contexto urbano: uso, gozo e mantemento. ▪ Material para actividades no medio natural e urbano: valoración previa e actuación ante posibles danos. ▪ Prevención e sensibilización sobre a xeración de residuos, fomentando a construción e a reutilización de materiais para a práctica motriz. ▪ Realización de actividades físicas no medio natural e urbano. ▪ Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano. 	



4º curso.

Área de Educación Física Segundo ciclo 4º curso	
Bloque 1. Vida activa e saudable	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	OBX1
▪ CA1.2. Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	OBX1
▪ CA1.3. Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais e superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	OBX1
▪ CA1.4. Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	OBX3
▪ CA1.5. Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	OBX3
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> – Efectos físicos e psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. – Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados. – Hidratación na práctica da actividade física. – Educación postural en accións motrices habituais. – Factores básicos que inciden no coidado do corpo. ▪ Saúde social: <ul style="list-style-type: none"> – A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas. – Límites para evitar unha competitividade desmedida. – Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas. ▪ Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> – Beneficios a nivel psicolóxico dun estilo de vida activo. – Respecto e aceptación do propio corpo. – Autoconecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental). 	



Bloque 2. Organización e xestión da actividade física	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA2.1. Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA2.2. Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material, así como dos espazos e instalacións, no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA2.3. Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais e superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA2.4. Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA2.5. Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA2.6. Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.7. Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.8. Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental. 	OBX5
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Elección da práctica física: usos e finalidades catárticos, lúdico-recreativos e cooperativos. Respecto ás eleccións dos demais. Coidado e preparación do material, espazos e instalacións que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver. Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física. Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado. Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións. 	



Bloque 3. Resolución de problemas en situacións motrices	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA3.1. Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA3.2. Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA3.3. Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA3.4. Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA3.5. Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental. 	OBX5
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Toma de decisións: <ul style="list-style-type: none"> Distribución racional do esforzo en situacións motrices individuais. Localización no espazo en situacións cooperativas. Posicionamento no espazo e recolocación tras cada acción en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. Anticipación ás decisións ofensivas do adversario en situacións de oposición de contacto. Pase a compañeiros desmarcados ou en situación vantaxosa en situacións motrices de colaboración-oposición, de persecución e de interacción cun móbil. Esquema corporal. <ul style="list-style-type: none"> Control tónico-postural e independencia segmentaria en situacións motrices. Conciencia e control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Conciencia dos diferentes tipos de respiración. Definición da lateralidade. Equilibrio estático e dinámico en situacións a diversas alturas e sobre superficies estables e inestables. Coordinación dinámica xeral e segmentaria. Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas. Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. Combinación de habilidades. Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos. 	



Bloque 4. Autorregulación emocional e interacción social en situacións motrices	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, controlando a impulsividade e as emocións negativas que xurdan en contextos de actividade motriz.	OBX3
▪ CA4.2. Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando a achega dos participantes.	OBX3
▪ CA4.3. Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	OBX3
▪ CA4.4. Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	OBX4
▪ CA4.5. Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices. ▪ Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima. ▪ Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices. ▪ Concepto de deportividade. ▪ Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas, en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que levan consigo. 	
Bloque 5. Manifestacións da cultura motriz	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA5.1. Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	OBX2
▪ CA5.2. Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	OBX3
▪ CA5.3. Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, contextualizando a súa orixe, a súa aparición e a súa transmisión ao longo do tempo e valorando a súa importancia, repercusión e influencia nas sociedades pasadas e presentes.	OBX4



Criterios de avaliación		Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA5.4. Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar. 		OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA5.5. Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade. 		OBX4
Contidos		
<ul style="list-style-type: none"> Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas do mundo como manifestación da interculturalidade. Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia. Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas simples. Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo. Deporte e perspectiva de xénero: ligas masculinas, femininas e mixtas de distintos deportes. Referentes no deporte de distintos xéneros. 		
Bloque 6. Interacción eficiente e sustentable coa contorna		
Criterios de avaliación		Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA6.1. Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo. 		OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA6.2. Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto. 		OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA6.3. Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles. 		OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA6.4. Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental. 		OBX5
Contidos		
<ul style="list-style-type: none"> Normas de uso: educación viaria. Uso de medios de desprazamento con rodas. Mobilidade segura, saudable e sustentable. Espazos naturais no contexto urbano: uso, gozo e mantemento. Material para actividades no medio natural e urbano: valoración previa e actuación ante posibles danos. Prevención e sensibilización sobre a xeración de residuos, fomentando a construción e a reutilización de materiais para a práctica motriz. Realización de actividades físicas no medio natural e urbano. Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano. 		



Terceiro ciclo.

5º curso.

<p>Área de Educación Física</p> <p>Terceiro ciclo</p> <p>5º curso</p>	
Bloque 1. Vida activa e saudable	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	OBX1
▪ CA1.2. Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	OBX1
▪ CA1.3. Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución.	OBX1
▪ CA1.4. Adquirir hábitos de vida saudables (alimentación equilibrada, hidratación adecuada e actividade física regular) e convertelos en algo perdurable ao longo de toda a vida.	OBX1
▪ CA1.5. Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	OBX2
▪ CA1.6. Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	OBX3
▪ CA1.7. Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	OBX4
Contidos	
<p>▪ Saúde física:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Efectos físicos beneficiosos do estilo de vida activo. – Impacto dos alimentos ultraprocesados e das bebidas pouco saudables. – Educación postural en accións motrices específicas. – Responsabilidade persoal no coidado do corpo. 	



- Saúde social:
 - Efectos sociais beneficiosos do estilo de vida activo.
 - Aproximación aos efectos dos hábitos non saudables e influencia na práctica da actividade física.
 - Deporte profesional: dimensión social.
 - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.
 - Estereotipos corporais, de xénero e competencia motriz.
- Saúde mental:
 - Efectos psicolóxicos beneficiosos do estilo de vida activo.
 - Consolidación e axuste realista do autoconceito tendo en conta a perspectiva de xénero.
 - Respecto e aceptación do propio corpo e do aspecto corporal dos demais.

Bloque 2. Organización e xestión da actividade física

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	OBX1
▪ CA2.2. Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	OBX1
▪ CA2.3. Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física, aplicando actuacións básicas de primeiros auxilios, recoñecendo os contextos de risco e actuando con precaución ante eles.	OBX1
▪ CA2.4. Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	OBX2
▪ CA2.5. Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	OBX2
▪ CA2.6. Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	OBX3



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Usos e finalidades: catárticos, lúdico-recreativos, competitivos e agonísticos. ▪ Actitudes consumistas respecto do equipamento. Análise crítica da adquisición de material para a práctica físico-deportiva. ▪ Utilización adecuada e coidado do material, espazos e instalacións na práctica da actividade física. ▪ Hábitos autónomos de hixiene corporal e postural en accións cotiás. ▪ Planificación e autorregulación de proxectos motores: seguimento e valoración durante o proceso e o resultado. ▪ Uso de ferramentas ou plataformas dixitais. ▪ Prevención de accidentes e lesións nas prácticas motrices: quecemento xeral, dosificación do esforzo e volta á calma. Importancia de respectar as normas de seguridade. Compromiso de responsabilidade cara á seguridade propia e á dos demais. ▪ Actuacións básicas de primeiros auxilios ante accidentes e lesións durante a práctica da actividade física. Posición lateral de seguridade. Conduta PAS (protexer, avisar, socorrer). 	
Bloque 3. Resolución de problemas en situacións motrices	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.1. Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.2. Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.3. Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.4. Reproducir e crear composicións con ou sen soporte musical e comunicar diferentes sensacións, emocións e ideas, de forma estética e creativa, desde o uso dos recursos rítmicos e expresivos da motricidade. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.5. Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosustentable da contorna e comunitaria. 	OBX5



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Toma de decisións: <ul style="list-style-type: none"> – Selección de accións en función da contorna en situacións motrices individuais. – Adecuación de accións para o axuste espazo-temporal na interacción cos compañeiros en situacións cooperativas. – Selección de zonas de envío do móbil desde onde sexa difícil devolvelo, en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. – Elección adecuada das habilidades motrices en situacións de oposición de contacto. – Desmarque e localización nun lugar desde o que constitúa un apoio para os demais en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil. ▪ Esquema corporal: <ul style="list-style-type: none"> – Equilibrio estático e dinámico en situacións complexas ou superficies inestables. – Estruturación espacial, percepción de obxectos e de distancias, orientación, percepción e interceptación de traxectorias, agrupamento-dispersión e transposición. – Estruturación temporal e espazo-temporal, percepción de duracións, de velocidade, de intervalos, de estruturas e de ritmo. – Dominio e control motor en situacións complexas e descoñecidas. ▪ Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas e resultantes (coordinación, equilibrio e axilidade). ▪ Iniciación das habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas: aspectos principais. ▪ Creatividade motriz: Identificación de estímulos internos ou externos que exixan un reaxuste instantáneo da acción motriz. 	
Bloque 4. Autorregulación emocional e interacción social en situacións motrices	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.1. Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.2. Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.3. Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.4. Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais. 	OBX3



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA4.5. Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA4.6. Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro. 	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Xestión emocional: autoestima, ansiedade e situacións motrices. Estratexias de afrontamento e xestión. Autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais durante a práctica motriz. Habilidades sociais: estratexias de traballo en equipo para a resolución construtiva de conflitos nas diversas situacións motrices. Concepto de <i>fairplay</i> ou xogo limpo. Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices (discriminación por cuestións de xénero, de capacidade, de competencia motriz; actitudes xenófobas, racistas ou de índole sexista; abuso sexual ou calquera forma de violencia). 	
Bloque 5. Manifestacións da cultura motriz	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA5.1. Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA5.2. Participar en actividades de carácter motor, desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA5.3. Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, recoñecendo e transmitindo o seu valor cultural e o seu potencial como espazo xerador de interaccións construtivas entre persoas con orixes diferentes e entendendo as vantaxes da súa conservación. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA5.4. Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA5.5. Reproducir e crear composicións con ou sen soporte musical e comunicar diferentes sensacións, emocións e ideas, de forma estética e creativa, desde o uso dos recursos rítmicos e expresivos da motricidade. 	OBX4



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os deportes e os xogos tradicionais populares e autóctonos como sinal de identidade cultural. ▪ Coñecemento e execución de bailes e danzas populares de Galicia, de España e do mundo. ▪ Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas complexas. ▪ Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo. 	
Bloque 6. Interacción eficiente e sustentable coa contorna	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.1. Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.2. Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.3. Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosustentable da contorna e comunitaria. 	OBX5
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Normas de uso: a educación viaria desde a actividade física e deportiva. ▪ Transporte activo e sustentable: bicicletas, patíns, patinetes. ▪ Construción e reutilización de materiais para a práctica motriz, fomentando a sensibilización sobre a xeración de residuos. ▪ Realización de actividades físicas no medio natural e urbano. ▪ Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano. 	

6º curso.

Área de Educación Física Terceiro ciclo 6º curso	
Bloque 1. Vida activa e saudable	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.1. Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria. 	OBX1



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA1.2. Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica das actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA1.3. Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA1.4. Adquirir hábitos de vida saudables (alimentación equilibrada, hidratación adecuada e actividade física regular) e convertelos en algo perdurable ao longo de toda a vida. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA1.5. Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial. 	OBX2.
<ul style="list-style-type: none"> CA1.6. Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA1.7. Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro. 	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> Efectos físicos beneficiosos do estilo de vida activo. Impacto dos alimentos ultraprocesados e das bebidas pouco saudables. Educación postural en accións motrices específicas. Responsabilidade persoal no coidado do corpo. Saúde social: <ul style="list-style-type: none"> Efectos sociais beneficiosos do estilo de vida activo. Aproximación aos efectos dos hábitos non saudables e influencia na práctica de actividade física. Deporte profesional: dimensión social. Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas. Estereotipos corporais, de xénero e competencia motriz. Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> Efectos psicolóxicos beneficiosos do estilo de vida activo. Consolidación e axuste realista do autoconceito tendo en conta a perspectiva de xénero. Respecto e aceptación do propio corpo e do aspecto corporal dos demais. 	



Bloque 2. Organización e xestión da actividade física	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA2.1. Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA2.2. Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA2.3. Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física, aplicando actuacións básicas de primeiros auxilios, recoñecendo os contextos de risco e actuando con precaución ante eles. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA2.4. Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA2.5. Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA2.6. Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva. 	OBX3
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Usos e finalidades: catárticos, lúdico-recreativos, competitivos e agonísticos. Actitudes consumistas respecto do equipamento. Análise crítica da adquisición de material para a práctica físico-deportiva. Utilización adecuada e coidado do material, dos espazos e das instalacións na práctica da actividade física. Hábitos autónomos de hixiene corporal e postural en accións cotiás. Planificación e autorregulación de proxectos motores: seguimento e valoración durante o proceso e o resultado. Uso de ferramentas ou plataformas dixitais. Prevenção de accidentes e lesións nas prácticas motrices: quecemento xeral, dosificación do esforzo e volta á calma. Importancia de respectar as normas de seguridade. Compromiso de responsabilidade cara á seguridade propia e á dos demais. Actuacións básicas de primeiros auxilios ante accidentes e lesións durante a práctica da actividade física. Posición lateral de seguridade. Conduta PAS (protexer, avisar, socorrer) 	



Bloque 3. Resolución de problemas en situacións motrices	
Contidos	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.1. Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.2. Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.3. Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.4. Reproducir e crear composicións con ou sen soporte musical, e comunicar diferentes sensacións, emocións e ideas, de forma estética e creativa, desde o uso dos recursos rítmicos e expresivos da motricidade. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.5. Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosustentable da contorna e comunitaria. 	OBX5
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Toma de decisións: <ul style="list-style-type: none"> – Selección de accións en función da contorna en situacións motrices individuais. – Adecuación de accións para o axuste espazo-temporal na interacción cos compañeiros en situacións cooperativas. – Selección de zonas de envío do móbil desde onde sexa difícil devolve-lo, en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. – Elección adecuada das habilidades motrices en situacións de oposición de contacto. – Desmarque e localización nun lugar desde o que constitúa un apoio para os demais en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil. ▪ Esquema corporal: <ul style="list-style-type: none"> – Equilibrio estático e dinámico en situacións complexas ou en superficies inestables. – Estruturação espacial, percepción de obxectos e de distancias, orientación, percepción e interceptación de traxectorias, agrupamento-dispersión e transposición. – Estruturação temporal e espazo-temporal e percepción de duracións, de velocidade, de intervalos, de estruturas e de ritmo. – Dominio e control motor en situacións complexas e descoñecidas. ▪ Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas e resultantes (coordinación, equilibrio e axilidade). ▪ Iniciación das habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas: aspectos principais. ▪ Creatividade motriz: identificación de estímulos internos ou externos que exixan un reaxuste instantáneo da acción motriz. 	



Bloque 4. Autorregulación emocional e interacción social en situacións motrices	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA4.1. Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA4.2. Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA4.3. Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA4.4. Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA4.5. Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA4.6 Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro. 	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Xestión emocional: autoestima, ansiedade e situacións motrices. Estratexias de afrontamento e xestión. Autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais durante a práctica motriz. Habilidades sociais: estratexias de traballo en equipo para a resolución construtiva de conflitos nas diversas situacións motrices. Concepto de <i>fairplay</i> ou xogo limpo. Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices (discriminación por cuestións de xénero, de capacidade, de competencia motriz; actitudes xenófobas, racistas ou de índole sexista; abuso sexual ou calquera forma de violencia). 	
Bloque 5. Manifestacións da cultura motriz	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA5.1. Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero, e evitando activamente a súa reprodución. 	OBX1



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA5.2. Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA5.3. Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA5.4. Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero. 	OBX3.
<ul style="list-style-type: none"> CA5.5. Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, recoñecendo e transmitindo o seu valor cultural e o seu potencial como espazo xerador de interaccións construtivas entre persoas con orixes diferentes e entendendo as vantaxes da súa conservación. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA5.6. Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA5.7. Reproducir e crear composicións con ou sen soporte musical e comunicar diferentes sensacións, emocións e ideas, de forma estética e creativa, desde o uso dos recursos rítmicos e expresivos da motricidade. 	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os deportes e os xogos tradicionais populares e autóctonos como sinal de identidade cultural. Coñecemento e execución de bailes e danzas populares de Galicia, de España e do mundo. Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas complexas. Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo. Deporte e perspectiva de xénero: sexismo no deporte amador e profesional. Deportes olímpicos e paralímpicos, historia e institucións asociadas aos xogos olímpicos e paralímpicos. 	
Bloque 6. Interacción eficiente e sustentable coa contorna	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA6.1. Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA6.2. Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable. 	OBX1



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA6.3. Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física, recoñecendo os contextos de risco e actuando con precaución ante eles. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA6.4. Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA6.5. Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosustentable da contorna e comunitaria. 	OBX5
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Normas de uso: a educación viaria desde a actividade física e deportiva. Transporte activo e sustentable: bicicletas, patíns, patinetes. Previsión de riscos de accidente durante a práctica no medio natural e urbano: valoración previa e actuación. Construción e reutilización de materiais para a práctica motriz, fomentando a sensibilización sobre a xeración de residuos. Realización de actividades físicas no medio natural e urbano. Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano. 	

3.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na área de Educación Física desenvolverá o seu currículo e tratará de asentarse de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da área e, en combinación co resto das áreas, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da área e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos apartados seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.



Relación entre os obxectivos da área de Educación Física e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da área	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1			2-5		2-5		3	
OBX2			1	3	4-5			
OBX3	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4		3				3		1-2-3-4
OBX5			5			2-4	1-3	

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– A selección de contidos e metodoloxías activas contribuirán á adquisición das competencias clave, convertendo o xogo no elemento fundamental para a maioría das aprendizaxes, dado o carácter global e lúdico desta área ao longo de toda a etapa.

– Propoñer proxectos significativos para o alumnado utilizando metodoloxías non directivas (descubrimiento guiado, resolución de problemas e libre exploración), o traballo cooperativo e os retos motrices e reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– Uso de distintas metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, partindo das súas capacidades, valorando non só o resultado senón a progresión e o proceso da actividade motriz mesma e favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos.

– A progresión irá desde tarefas sinxelas cara ás de maior dificultade. Empregaranse estratexias que permitan integrar os elementos do currículo mediante o deseño de tarefas e actividades relacionadas, primeiro, coa resolución de problemas en contextos da vida real coñecidos e, posteriormente, coa resolución de problemas descoñecidos.

– As distintas situacións de aprendizaxe deben incorporar enfoques interdisciplinarios nos que se vinculen os contidos de Educación Física coas demais áreas da etapa a través de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a adquisición dun estilo de vida activo e saudable e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.



– A necesidade de ter en conta a regulación dos procesos comunicativos, o desenvolvemento das relacións interpersoais, a conversión de espazos e materiais en oportunidades de aprendizaxe ou a transferencia do coñecemento adquirido a outros contextos sociais próximos.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– Débese potenciar o deseño, a elaboración e o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación.

4. Educación en Valores Cívicos e Éticos.

4.1. Introducción.

A educación en valores constitúe a base fundamental para o exercicio crítico e responsable da cidadanía e para a educación integral das persoas. No primeiro caso, proporciona as ferramentas para que o alumnado adopte un compromiso activo e autónomo cos valores, principios e normas que articulan a convivencia democrática. No segundo, contribúe á formación intelectual, moral e emocional necesaria para que as nenas e os nenos comecen a construír o seu propio proxecto vital e emprendan unha reflexión autónoma e argumentada arredor dos retos do século XXI. En termos xerais, e de acordo cos obxectivos da etapa e co perfil de saída do alumnado ao remate da educación básica, a formación en valores cívicos e éticos implica mobilizar o conxunto de coñecementos, destrezas, actitudes e valores que lle permiten ao alumnado tomar conciencia da súa identidade persoal e cultural, de certas cuestións éticas e sociais relativas á convivencia e do carácter interconectado e ecodependente da súa vida con relación á contorna. Todo iso co obxecto de poder apreciar e aplicar con autonomía aquelas normas e valores que rexen a convivencia nunha sociedade plural e democrática.

A área de Educación en Valores Cívicos e Éticos na etapa de educación primaria comprende o desenvolvemento de catro obxectivos fundamentais. O primeiro é o do autoconhecimento e o desenvolvemento da autonomía persoal. O segundo engloba a comprensión do marco social de convivencia e o compromiso cos principios, normas e valores democrá-



ticos que o rexen. O terceiro refírese á adopción de actitudes compatibles coa sostibilidade da contorna desde o entendemento da relación de interdependencia e ecodependencia con el. E, finalmente, o cuarto, máis transversal e dedicado á educación das emocións, ocúpase de desenvolver a sensibilidade e a actitude afectiva adecuada con respecto aos valores e problemas éticos, cívicos e ecosociais que nos suscita o noso tempo. Pola súa vez, cada un destes obxectivos desprégase en dous niveis integrados: un máis teórico, dirixido á comprensión significativa de conceptos e cuestións relevantes, e outro, máis práctico ou instrumental, orientado a promover, desde a reflexión e o diálogo, condutas e actitudes acordes con determinados valores éticos e cívicos.

En canto aos criterios de avaliación, que se formulan en relación directa con cada un dos catro obxectivos, entenderanse como ferramentas de diagnóstico e mellora en relación co nivel de desempeño que se espera da adquisición daqueles. Os criterios de avaliación teñen un claro enfoque competencial e atenden tanto aos procesos coma aos produtos da aprendizaxe, o que exige o uso de instrumentos de avaliación variados e axustables aos distintos contextos e situacións de aprendizaxe.

Os criterios de avaliación e os contidos da área distribúense en tres bloques, conectados internamente e que se van despregando desde a conciencia do individuo ata as relacións sociais que conforman a súa vida, así como a súa vinculación íntima coa natureza. No primeiro deles, denominado Autoconecemento e autonomía moral, trátase de incitar o alumnado, a través da toma de conciencia e da expresión de diversas facetas da súa personalidade, a unha investigación sobre aquilo que o constitúe e o diferencia como persoa, promovendo a xestión de emocións e desexos e a deliberación racional arredor dos propios fins e motivacións. Este exercicio de autodeterminación exige, naturalmente, afrontar algunhas cuestións éticas de relevancia, como as referidas á autonomía e heteronomía moral, a distinción entre ser e deber ser, a práctica e a identificación de virtudes e sentimentos morais e, en xeral, a reflexión arredor dos valores, principios e normas que han de orientar as nosas vidas como persoas e cidadáns. Pola súa vez, para entender o peso que a reflexión ética ten na nosa vida, convén que as alumnas e os alumnos poñan a proba o seu xuízo e capacidade de criterio afrontando cuestións que afectan máis directamente a súa vida persoal, como as vinculadas coa autoestima, coa coeducación, coa prevención dos abusos e do acoso, coas condutas aditivas e coa influencia dos medios e das redes de comunicación.

No segundo dos bloques, denominado Sociedade, xustiza e democracia, búscase que os alumnas e os alumnos entendan a raíz social e cultural da súa propia identidade como



persoas, recoñecendo as distintas estruturas e relacións que constitúen a súa contorna social e reflexionando sobre a súa dimensión normativa, ética e afectiva. Para iso é conveniente que o alumnado comprenda certas nocións básicas de carácter político e social, que identifique e poida explicar as principais características do noso marco democrático de convivencia e que contraste os seus coñecementos e xuízos cos dos demais, mediante a investigación e o diálogo acerca de cuestións éticas de relevancia (a situación dos dereitos humanos no mundo, a pobreza, a violencia, a igualdade efectiva e a corresponsabilidade entre mulleres e homes, o valor do respecto á diversidade, o trato ás minorías, o fenómeno migratorio, a crise climática etc.), avaliando criticamente distintos xeitos de afrontalas e xustificando os seus propios xuízos respecto diso.

Por último, no terceiro bloque, denominado Desenvolvemento sostible e ética ambiental, búscase, a través do traballo interdisciplinar e cooperativo, que as alumnas e os alumnos comprendan a complexa relación entre as nosas formas de vida e a contorna, identificando os grandes problemas ecosociais que marcan a axenda mundial e debattendo acerca da forma de afrontalos e da nosa relación cos seres vivos, co obxecto de que adopten un compromiso ético e afectivo con hábitos de coexistencia sustentable coa natureza.

4.2. Obxectivos.

Obxectivos da área
OBX1. Deliberar e argumentar sobre problemas de carácter ético referidos a si mesmo e á súa contorna, buscando e analizando información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconhecimento e a autonomía moral.
▪ As nenas e os nenos deben aprender progresivamente a dirixir a súa conduta segundo criterios propios, a equilibrar os seus impulsos e a xestionar as súas emocións para, deste xeito, constituírse como suxeitos e cidadáns libres e responsables, con dominio dos seus actos e das súas vidas. Capacitar o alumnado para decidir con autonomía e prudencia implica inicialo na práctica da deliberación racional ao redor de problemas que afecten a súa existencia e a súa contorna cotiá e que estean relacionados con condutas, actitudes, sentimentos, valores e ideas de carácter ético e cívico. O traballo sobre eses problemas, frecuentes no propio ámbito escolar, é un exercicio idóneo para que o alumnado desenvolva os seus propios xuízos morais, reflexione sobre os seus desexos e afectos e constrúa, ao redor deles, a súa propia identidade e proxecto persoal. Para que tal exercicio non incorra en erros, nin en posicións dogmáticas ou prexuzosas, é imprescindible non só o uso rigoroso e crítico da información sobre os problemas que se van tratar, senón tamén o desenvolvemento de destrezas argumentativas e dialóxicas, así como a análise e o uso pertinente e crítico dalgúns conceptos básicos de carácter ético e cívico –entre eles, os de ben, valor, virtude, norma, deber, dereito, liberdade, responsabilidade, autonomía e cidadanía– e o estudo comparativo dos seus opostos –mal, disvalor, carente de virtudes, descoñecedor de toda norma, escravitude, irresponsabilidade, insociabilidade–.



OBX2. Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, recoñecendo a súa importancia para a vida individual e colectiva e aplicándoos de maneira efectiva e argumentada en distintos contextos, para promover unha convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica.

▪ Recoñecer a riqueza que achega a convivencia, así como a necesidade de establecer e respectar normas éticas e cívicas que exclúan todo tipo de arbitrariedade, inxustiza, discriminación e violencia, e que promovan unha conduta democrática, solidaria, inclusiva, respectuosa, pacífica e non sexista, implica o adecuado desenvolvemento de prácticas de interacción, recoñecemento mutuo e educación en valores que xeren unha comprensión significativa da importancia das normas éticas e cívicas, a partir do recoñecemento da nosa propia natureza social. O obxectivo é que o alumnado reflexione e adopte conscientemente os seus propios xuízos de forma motivada e autónoma, analizando racionalmente conflitos próximos, tanto en contornas presenciais coma virtuais. Esta análise ponderará aqueles ideais e comportamentos que, consignados na Declaración dos Dereitos Humanos e nos nosos propios principios constitucionais, e inspirados nunha consideración libre, responsable e empática das relacións cos demais, promovan unha convivencia plural, pacífica e democrática, carente de estereotipos e respectuosa coa diversidade e coa vontade individual das persoas. Polo mesmo, é imprescindible que as nenas e os nenos reflexionen criticamente acerca dos problemas éticos que se derivan da insuficiente aplicación daqueles valores, actitudes, ideais e comportamentos, ou da indiferenza ante eles, así como sobre as medidas que se han implementar para asegurar o seu efectivo establecemento.

OBX3. Comprender as relacións sistémicas entre o individuo, a sociedade e a natureza, a través do coñecemento e da reflexión sobre os problemas ecosociais, para comprometerse activamente con valores e prácticas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas e do planeta.

▪ A nosa vida constrúese en relación cun contexto social e cultural, pero tamén a través de complexas relacións de interdependencia co resto dos seres vivos e coa natureza. De aí a necesidade de comprender a dimensión ecosocial da nosa existencia, de recoñecer as condicións e límites materiais do planeta e das súas formas de vida e de avaliar criticamente a pegada ecolóxica das accións humanas. Para iso, é preciso que o alumnado busque e analice información fiable, que domine algúns conceptos e relacións clave como sistema, proceso, global-local, todo-parte, causa-consecuencia, medio-fin, e que sexa capaz de describir os principais problemas e ameazas que comprometen a conservación da biodiversidade e as condicións da vida humana, con especial incidencia na crise climática. O obxectivo é que comprenda a necesidade de adquirir na nosa relación coa contorna unha perspectiva ética e comprometida coa vida e, a partir desa convicción, xerar prácticas e hábitos responsables co medio ambiente, actitudes respectuosas co resto dos seres vivos e sensibilidade ante todo tipo de inxustizas. Todo iso a través de actividades que promovan de maneira concreta o coñecemento, o coidado polo planeta, a reflexión sobre as nosas accións nel e a consolidación de estilos de vida saudables e sustentables, tales como aqueles dirixidos a unha xestión responsable do solo, do aire, da auga, da enerxía e dos residuos, así como a mobilidade segura, saudable e sustentable na vida cotiá.

OBX4. Desenvolver a autoestima e a empatía coa contorna, identificando, xestionando e expresando emocións e sentimentos propios, e recoñecendo e valorando os dos outros, para adoptar unha actitude fundada no coidado e no aprecio de si mesmo, dos demais e do resto da natureza.

▪ A educación emocional é imprescindible para formar individuos equilibrados e capaces de manter relacións plenas e satisfactorias cos demais. Así, o modo en que tratamos afectivamente os outros e en que somos tratados por eles son factores esenciais para establecer relacións sociais adecuadas, harmoniosas e construtivas, así como para desenvolver a propia autoestima e, por iso, unha mellor actitude e aptitude para a conduta cívica e ética. Por iso, resulta necesario dotar o alumnado das ferramentas cognitivas e dos hábitos de observación e análise que se requiren para identificar, xestionar e expresar asertivamente as súas emocións e sentimentos, ademais de promover o contacto afectivo e empático con outras persoas e co medio natural. Doutro lado, a vivencia e a expresión asertiva e compartida de emocións e sentimentos pode darse en múltiples contextos e situacións e a través de multitude de códigos e linguaxes, entre eles, e de forma sobresaliente, nos da experiencia estética, a deliberación compartida ao redor de problemas morais e cotiáns ou a mesma experiencia de comprensión autónoma do mundo, polo que as actividades para desenvolver este obxectivo poden integrarse á perfección en case calquera tipo de dinámica e proceso que fomenta a creatividade, a reflexión, o xuízo e o coñecemento autónomos. En calquera caso, a educación emocional debe incorporar a reflexión arredor da interacción das emocións e sentimentos, con valores, crenzas e ideas, así como o papel de certas emocións na comprensión e xustificación dalgunhas das máis nobres accións e experiencias humanas.



4.3. Criterios de avaliación e contidos.

6º curso.

Área de Educación en Valores Cívicos e Éticos Terceiro ciclo 6º curso	
Bloque 1. Autocoñecemento e autonomía moral	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Construír un adecuado concepto de si mesmo ou si mesma en relación cos demais e coa natureza, organizando e xerando, de forma segura e crítica, información analóxica e dixital acerca dos trazos relativos á identidade, diferenza e dignidade das persoas.	OBX1
▪ CA1.2. Identificar e expresar emocións, afectos e desexos, mostrando confianza nas propias capacidades ao servizo da consecución motivada de fins persoais e colectivos.	OBX1
▪ CA1.3. Xerar unha posición moral autónoma mediante o exercicio da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso con outros arredor dos distintos valores e modos de vida, así como dos problemas relacionados co uso responsable, seguro e crítico das redes e medios de comunicación, das condutas adictivas, da prevención do abuso e do acoso escolar e do respecto á intimidade persoal.	OBX1
▪ CA1.4. Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	OBX2
▪ CA1.5. Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ A natureza dos seres humanos: <ul style="list-style-type: none"> – A igualdade en dignidade de todos os seres humanos. – As diferenzas entre os humanos: unicidade e irrepitibilidade dos individuos. ▪ As características que definen a persoa: <ul style="list-style-type: none"> – Ser natural, ser vivo, ser animal. – Ser social. Vivir con outros e depender dos outros para vivir. – Actuar libremente, movidos por desexos, emocións e sentimentos e pola razón. ▪ A identidade persoal: os papeis da natureza e da crianza na constitución do ser humano. 	

CVE-DOG: uaqmd6c3-yry3-ddz7-8sy4-jvwzfc9i5r6



- O proxecto persoal: o modelo de vida que orienta as accións:
 - A autonomía da vontade.
 - A responsabilidade sobre as accións propias.
 - O recoñecemento da diversidade de valores, fins e modelos de vida e o respecto aos proxectos persoais dos outros.
- A educación das emocións e dos sentimentos:
 - A autoestima persoal.
 - O autocontrol. A xestión dos sentimentos.
 - A educación afectivo-sexual.
- A ética como guía das accións:
 - Normas e xuízos morais. Os valores e o valioso.
 - A polaridade dos valores: virtudes e defectos.
- O pensamento crítico e ético en acción:
 - Os perigos para a autonomía e o proxecto persoal. Os medios de comunicación, as redes sociais, a publicidade e o consumismo. As condutas adictivas.
 - O respecto aos outros. O rexeitamento dos casos de abuso, ciberacoso, marxinação e exclusión.
 - Os riscos das tecnoloxías da información e da comunicación. Condutas responsables fronte aos malos usos dos distintos aparatos electrónicos.
 - O debate sobre os límites da liberdade de expresión.

Bloque 2. Sociedade, xustiza e democracia

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Promover e amosar un xeito de convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica, a partir da investigación e da comprensión da natureza social e política do ser humano e mediante o uso crítico dos conceptos de lei, ética, civismo, democracia, xustiza e paz.	OBX2
▪ CA2.2. Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	OBX2
▪ CA2.3. Reflexionar e asumir un compromiso activo e crítico con valores relativos á solidariedade e ao respecto ás minorías e ás identidades etnoculturais e de xénero, analizando desde un punto de vista ético cuestións relacionadas coa desigualdade e coa pobreza, co feito multicultural, coa diversidade humana e cos fenómenos migratorios.	OBX2
▪ CA2.4. Contribuír a xerar unha convivencia respectuosa, non sexista e comprometida co logro da igualdade e a corresponsabilidade efectivas e coa erradicación da violencia de xénero, a partir do coñecemento e da análise crítica da situación secular de desigualdade entre mulleres e homes.	OBX2



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.5. Comprender e valorar os principios de xustiza, solidariedade, seguridade e paz, á vez que o respecto ás liberdades básicas, a partir da análise e da ponderación das políticas e accións de axuda e cooperación internacional, de defensa para a paz e de seguridade integral cidadá, exercidas polo Estado e as súas institucións, os organismos internacionais, as ONG e ONGD e a propia cidadanía. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.6. Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas. 	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ O ser humano como ser social por natureza: <ul style="list-style-type: none"> – Fundamentos da vida en sociedade. A familia. A amizade e o amor. A empatía cos demais. – A conduta cívica: respectar as regras de convivencia. A diferenza entre as normas morais e as normas legais. ▪ A democracia como mellor modo de convivencia: <ul style="list-style-type: none"> – Principios e valores constitucionais e democráticos na Constitución española e no Estatuto de autonomía de Galicia. – O diálogo e a argumentación na toma de decisións en común e a resolución pacífica de conflitos. – O problema da consecución da xustiza na democracia. ▪ A cultura da paz e da non violencia: <ul style="list-style-type: none"> – O papel do Estado na consecución da paz, da seguridade e da cooperación internacional e o papel das ONG e ONGD. – O valor da defensa e da protección civil e a colaboración cidadá na seguridade integral dos cidadáns. ▪ O respecto dos dereitos humanos e os dereitos da infancia: <ul style="list-style-type: none"> – A pobreza e a explotación laboral e infantil. As súas causas e a procura de solucións globais e locais. ▪ A igualdade e a corresponsabilidade entre mulleres e homes, a prevención dos abusos e a violencia contra as mulleres e a conduta non sexista. ▪ O respecto da diversidade cultural e das tradicións: <ul style="list-style-type: none"> – A conquista da igualdade social de todos os cidadáns sen depender da súa orixe étnico-cultural. ▪ O respecto da orientación sexual e da identidade de xénero. A prevención da LGTBIQ+-fobia. 	
Bloque 3. Desenvolvemento sostible e ética ambiental	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.1. Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais. 	OBX2

CVE-DOG: uaqmd6c3-yry3-ddz7-8sy4-jwvzfc915r6



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.2. Avaliar diferentes alternativas coas que frear o cambio climático e acadar os obxectivos de desenvolvemento sustentable, identificando causas e problemas ecosociais e xustificando argumentalmente, e de modo crítico, o deber ético de protexer e coidar a natureza. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.3. Comprometerse activamente con valores, prácticas e actitudes afectivas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas, dos animais e do planeta, a través da participación en actividades que promovan un consumo responsable e un uso sustentable do solo, do aire, da auga, da enerxía, da mobilidade segura, saudable e sustentable e da prevención e xestión de residuos, recoñecendo o papel das persoas, colectivos e entidades comprometidas coa protección da contorna. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.4. Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas. 	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Natureza humana e natureza animal: <ul style="list-style-type: none"> – Relacións e condutas afectivas e respectuosas cara aos demais seres vivos fundamentadas en valores comúns e democráticos. – Actitude humana e respectuosa coa biodiversidade. ▪ A ecodependencia, a empatía e o deber. As posibles consecuencias dunha mala praxe: <ul style="list-style-type: none"> – As ameazas ao medio ambiente: o cambio climático, a deforestación, a desertización, a polución e a contaminación, a perda de biodiversidade. O exemplo da capa de ozono. ▪ A ética, a política e a xustiza nun planeta habitable: <ul style="list-style-type: none"> – O ser humano como animal político na natureza: dereitos humanos da solidariedade e comportamentos éticos cara aos animais. O rexeitamento e a prevención do maltrato animal. – O ser humano como un ser ético no planeta: o deber en relación co resto dos seres vivos. ▪ Prácticas responsables: valores, hábitos e actividades para o desenvolvemento racional e sustentable: <ul style="list-style-type: none"> – O papel das persoas, colectivos e entidades comprometidas coa protección da contorna. – O uso sustentable da enerxía, a produción racional de bens de consumo e a xestión dos residuos. – A actitude crítica ante a contaminación e a perda de biodiversidade. – A actitude responsable respecto do coidado dos animais, da valoración da auga, do aire, do solo e dos bosques e da protección do planeta. 	

4.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na área de Educación en Valores Cívicos e Éticos desenvolverá o seu currículo e tratará de asentir de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle



faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da área e, en combinación co resto das áreas, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da área e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos apartados seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar o adecuado grao de adquisición e o nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da área de Educación en Valores Cívicos e Éticos e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da área	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-3			4	4-5	1-2-3		
OBX2	5	3			3-4	1-2-3		1
OBX3	2-5		1-5		2	3-4	1	
OBX4	1-5				1-2-3	2-3-4	3	

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– A atención á diversidade do alumnado, usando distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado. Tamén se incidirá na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– O recoñecemento do vínculo entre o teórico e o práctico, realizando proxectos que lles resulten significativos ás alumnas e aos alumnos, procurando integrar as actividades da aula en contextos de aprendizaxe máis amplas, interdisciplinares e inseridas na vida do centro e da súa contorna.

– O uso de estratexias nas que se traballe transversalmente a comprensión lectora e a expresión escrita, tentando que as rapazas e os rapaces se acostumen de xeito crítico á busca e síntese de información en distintas fontes (periódicos, enciclopedias, recursos



que se poidan atopar na web...), que lles permitan formarse unha opinión autónoma e que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.

– A realización de actividades que tamén promovan entre o alumnado a comunicación audiovisual, a competencia dixital, na que se potenciará o uso seguro das tecnoloxías da información e da comunicación e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– O desenvolvemento de hábitos de vida saudables e sustentables, o respecto polas normas e valores comúns e a xestión asertiva das súas emocións e relacións afectivas con outros e coa contorna.

– O traballo en equipo, singularmente a preparación e posta en práctica de debates e outras actividades corais, tanto para madurar a autonomía coma para respectar e valorar axeitadamente a alteridade.

– A participación activa e razoada, o diálogo respectuoso e a cooperación cos demais, así como o pensamento crítico desde unha reflexión autónoma, a partir dun paradigma baseado na libre expresión de ideas.

– O fomento de canles de participación cidadá no marco dunha sociedade democrática, desde un exercicio crítico e responsable, que permita adquirir o respecto polas normas e valores comúns.

– O reforzo no alumnado da súa autoestima nas súas relacións persoais, a autonomía na toma de decisións, a reflexión como guía da súa conduta e a responsabilidade sobre os seus actos.

5. Educación Plástica e Visual.

5.1. Introducción.

A expresión artística é connatural ao ser humano desde a orixe dos tempos e, pola súa importancia na vida, debe gozar da súa atención e do seu espazo. As diferentes manifestacións culturais e artísticas teñen unha presenza constante na contorna e na vida das persoas, formando parte intrínseca do seu propio ser e da súa actividade comunicativa e social, á vez que son parte esencial do patrimonio cultural. A música, a danza, as artes plásticas, audiovisuais, performativas e escénicas preséntanse nos nosos días de moi diferentes maneiras e a través de distintos medios. Por estas razóns, a educación artística



posúe unha gran relevancia, xa que na vida cotiá o manexo da información vinculada con ela fai necesaria a disposición de competencias e capacidades de pensamento propias das artes.

A educación artística é de especial relevancia na educación primaria xa que, segundo indican os avances na neurociencia e nas ciencias da educación, contribúe ao desenvolvemento global do alumnado en múltiples dimensións: sensorial e psicomotriz, a través do desenvolvemento da percepción e da motricidade; intelectual, a través da potenciación da intelixencia, do pensamento crítico, da atención e da memoria a curto e longo prazo; social e comunicativa, estimulando a expresividade, a sensibilidade social e as capacidades comunicativas; emocional e afectiva, favorecendo o desenvolvemento da sensibilidade estética e da emotividade; estética e creativa, a través da estimulación da imaxinación, da creatividade e da autonomía. En consecuencia, a educación artística desencadea mecanismos que permiten desenvolver distintas capacidades que inflúen directamente na formación integral do alumnado, tanto de xeito individual coma grupal.

Nesta etapa, a área de Educación Plástica e Visual sitúase nun lugar privilexiado e estratéxico para a transversalidade e para a conexión natural co resto das áreas do currículo, colaborando nunha maior comprensión da realidade. Esta área dá continuidade, na educación primaria, ao desenvolvemento iniciado polo alumnado na etapa de educación infantil a nivel expresivo e comunicativo a través das áreas globalizadas. Así mesmo, asenta as bases para que o alumnado poida desenvolver nas mellores condicións as competencias artísticas a través da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, entre outras, na educación secundaria obrigatoria.

A área e Educación Plástica e Visual desenvólvese a través dunha dobre dimensión: reflexiva e creativa. Por unha banda, o alumnado debe ser partícipe da comprensión da cultura na que vive para poder dialogar con ela, elaborar criterios útiles de entendemento e gozo e desenvolver progresivamente o sentido crítico. Deste xeito, é esencial traballar a confianza en si mesmo, a autoestima e a empatía. Tamén é moi relevante a valoración de producións culturais e artísticas diversas que enriquezan tanto o individuo como a sociedade, xa que o diálogo intercultural e o respecto á diversidade son ferramentas poderosas para a reconciliación, a cohesión social e a creación de sociedades pacíficas.

Por outra banda, a área de Educación Plástica e Visual favorece a experimentación, a expresión e a produción artística de forma progresiva ao longo dos tres ciclos nos que



se organiza a educación primaria. O alumnado explorará as diversas linguaxes, artes e disciplinas, así como as distintas técnicas plásticas, visuais e audiovisuais para a creación das súas propias propostas. Considérase fundamental a aproximación ao traballo, tanto individual coma colectivo, a partir de ferramentas, instrumentos e materiais variados, co obxectivo de que o alumnado investigue e experimente nas dimensións lúdica, creativa, comunitaria e social da área.

As disciplinas artísticas deben tratarse baixo a perspectiva de xénero, polo que cómpre incorporar e normalizar tamén a contribución das mulleres á evolución das artes plásticas e visuais, historicamente esquecida. Deste xeito, favorecerase que o alumnado desenvolva as competencias que lle permitan acadar unha visión igualitaria da sociedade.

En canto á estrutura do currículo da área de Educación Plástica e Visual, a partir dos obxectivos da etapa e dos descritores que conforman o perfil de saída do alumnado establécense catro obxectivos da área, que podemos definir como aquelas aprendizaxes competenciais ás que esta área contribúe de forma máis directa, xa que posúen unha maior afinidade ou relación con ela. O grao de adquisición destes obxectivos determínase a través dos criterios de avaliación que aparecen directamente vinculados a eles e que inclúen aspectos relacionados cos coñecementos, coas destrezas e coas actitudes necesarias para a súa consecución por parte do alumnado.

Estes criterios de avaliación aparecen no currículo da área relacionados cos contidos, que se organizan en catro bloques fundamentais: Educación plástica e visual: percepción e análise, Educación plástica e visual: creación e interpretación, Educación audiovisual: percepción e análise e Educación audiovisual: creación e interpretación. Cada un destes catro bloques teñen características propias, aínda que todos están relacionados entre si. No primeiro e no terceiro, inclúense todos aqueles aspectos vencellados ao desenvolvemento de coñecementos, destrezas e actitudes relacionados co recoñecemento, recepción e observación sensitiva e visual, que permiten unha aproximación ás diferentes manifestacións culturais e artísticas da contorna para analizala e comprendela. O segundo e o cuarto bloques fan referencia á expresión creativa de ideas, sentimentos e sensacións mediante a exploración, o coñecemento, a execución e a utilización creativa de diferentes códigos, elementos, ferramentas, instrumentos, materiais, medios, recursos, soportes, programas, aplicacións e técnicas culturais e artísticas.



5.2. Obxectivos.

Obxectivos da área
<p>OBX1. Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.</p>
<ul style="list-style-type: none">▪ O desenvolvemento deste obxectivo permitiralle ao alumnado comprender as diferenzas culturais e integrar a necesidade de respectalas, coñecer as especificidades e intencionalidades das manifestacións culturais e artísticas máis destacadas do patrimonio, establecer relacións entre elas a través da recepción activa e apreciar a súa diversidade para enriquecer e construír a súa propia realidade valorando o intercambio coas persoas de diferentes culturas que comparten unha mesma contorna.▪ O acceso e coñecemento de propostas artísticas plásticas e visuais diversas e procedentes de distintas culturas a través da súa procura, observación e visionamento, así como a súa comprensión, análise e gozo, son procesos fundamentais para a formación de seres humanos críticos, empáticos, curiosos, respectuosos, sensibles e que evidencien unha actitude de interese e valoración ante estas manifestacións artísticas e as diversas culturas das que proceden.▪ O descubrimento das producións artísticas plásticas e visuais do pasado achega elementos esenciais para a interpretación do presente. Tamén favorece a toma consciente de decisións e actitudes en relación coa conservación do patrimonio. É especialmente interesante o coñecemento da riqueza e diversidade do patrimonio galego para a súa valoración, defensa e difusión.▪ O recoñecemento e o interese por producións actuais características da contorna máis próxima do alumnado, de Galicia, doutras comunidades autónomas e do resto do mundo proporcionan unha sólida base para descubrilas e valoralas.▪ Na selección e análise das propostas artísticas, incorporárase a perspectiva de xénero a través do estudo de producións creadas, impulsadas e executadas por mulleres, así como de obras nas que estas aparezan representadas, de cara á súa normalización.
<p>OBX2. Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.</p>
<ul style="list-style-type: none">▪ A apertura, a curiosidade e o interese por aproximarse a novas propostas culturais e artísticas plásticas e visuais supoñen un primeiro paso imprescindible para coñecelas e gozalas. Ademais da posibilidade de acceder a unha oferta cultural diversa a través dos medios tradicionais, o desenvolvemento de estratexias para a procura de información a través de distintas canles e medios amplía as posibilidades de gozar e de aprender delas. O cultivo dun pensamento propio, a autoconfianza e a capacidade de colaboración cos seus iguais son tres alicerces fundamentais para o desenvolvemento persoal do alumnado. Este obxectivo tamén contribúe a crear e a asentar progresivamente un sentido de pertenza e identidade. Así mesmo, implica respectar o feito artístico, os dereitos de autoría e o labor das persoas profesionais encargadas da súa creación, difusión e conservación.▪ En definitiva, a través da investigación, o alumnado pode recoñecer e valorar os aspectos fundamentais do patrimonio cultural e artístico analizando os seus principais elementos, desenvolvendo criterios de valoración propios e evidenciando unha actitude aberta, dialogante e respectuosa. Do mesmo xeito, poderá comprender as diferenzas e a necesidade de respectalas e iniciárase no gozo e no coñecemento das especificidades e intencionalidades das manifestacións máis destacadas do patrimonio a través das linguaxes e elementos técnicos plásticos e visuais en diversos medios e soportes.



OBX3. Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.

- Explorar, descubrir, coñecer e experimentar as posibilidades dos elementos básicos de expresión das diferentes artes móstrase hoxe en día como unha necesidade imprescindible para asimilar e gozar toda produción cultural e artística. Producir obras propias como forma de expresión creativa de ideas, emocións e sentimentos propios proporcionalle ao alumnado a posibilidade de experimentar coas distintas linguaxes, técnicas, materiais, instrumentos, medios e soportes que ten ao seu alcance. Ademais, a diversidade actual de medios tecnolóxicos que se poden empregar nos procesos educativos pon ao dispor do alumnado un enorme abano de posibilidades expresivas coas que poder comunicar e transmitir calquera idea, sentimento e emoción.
- Considérase moi relevante subliñar o vínculo existente coa educación emocional e afectiva. Débese fomentar o respecto polas creacións propias e polas dos demais, cunha actitude de interese e de admiración polo distinto e o novo, sabendo recibir e expresar críticas e opinións e utilizándoas como recurso para a mellora.
- Existe unha ampla cantidade e variedade de materiais e instrumentos para a creación artística que, sumados aos existentes con anterioridade, xeran un amplísimo catálogo a través do cal o alumnado pode expresarse e comunicarse. Nos ámbitos audiovisual e plástico, xurdiron medios, ferramentas e aplicacións, moitos deles totalmente dixitais, en consonancia coas novas tendencias sociais, que poden ser empregados no campo educativo. Así mesmo, o acceso, coñecemento e manexo destes instrumentos favorece a relación do alumnado co mundo cultural e artístico actual que, en simbiose coas achegas do pasado, ofrece un amplo, diverso e interesante universo ao seu alcance.
- Deste modo, desde este obxectivo poténciase unha visión crítica e informada das posibilidades comunicativas e expresivas da arte. Así mesmo, un manexo correcto das diferentes ferramentas e técnicas de expresión artística contribúe ao desenvolvemento da autoconfianza do alumnado.

OBX4. Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.

- A participación no deseño, creación, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais é primordial para o desenvolvemento pleno do individuo. Do mesmo xeito, desde un enfoque coeducativo, a intervención en producións grupais faise imprescindible, xa que o traballo colaborativo implica a aceptación e a comprensión da existencia de roles diversos que hai que coñecer, respectar, valorar e normalizar. Sen dúbida, o traballo en equipo contribúe ao enriquecemento e á construción da identidade persoal, así como da cohesión grupal e social, a través da expresión artística creativa e da utilización de diferentes representacións e expresións realizadas mediante o uso de técnicas plásticas e visuais.
- En definitiva, o alumnado debe planificar as súas propostas para lograr cumprir os obxectivos prefixados a través do traballo en equipo, colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un resultado final satisfactorio. Este obxectivo permite que o alumnado se involucre no proceso de creación e que empregue elementos de diferentes disciplinas, manifestacións e linguaxes artísticas evidenciando compromiso co proxecto, unha participación activa en todas as fases, respecto polo seu propio labor e o das súas compañeiras e compañeiros, así como sentido emprendedor. É tamén relevante compartir a experiencia creativa en diferentes espazos e canles, entre os que podemos citar, entre moitos outros, o grupo, o centro educativo, a comunidade ou internet. A opinión do resto de persoas e as ideas recibidas en forma de retroalimentación deben ser valoradas, asumidas e respectadas.



5.3. Criterios de avaliación e contidos.

Primeiro ciclo.

1º curso.

Área de Educación Plástica e Visual Primeiro ciclo 1º curso	
Bloque 1. Educación plástica e visual: percepción e análise	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA1.1. Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA1.2. Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA1.3. Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA1.4. Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA1.5. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. 	OBX1
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Estratexias básicas de recepción activa. Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. Elementos configurativos da linguaxe visual: observación e exploración sensorial. Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. 	



Bloque 2. Educación plástica e visual: creación e interpretación	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	OBX3
▪ CA2.2. Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	OBX3
▪ CA2.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	OBX4
▪ CA2.4. Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	OBX4
▪ CA2.5. Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	OBX4
▪ CA2.6. Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos. ▪ Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. ▪ Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. ▪ Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. 	
Bloque 3. Educación audiovisual: percepción e análise	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	OBX1
▪ CA3.2. Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	OBX1
▪ CA3.3. Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	OBX2
▪ CA3.4. Iniciar na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	OBX2
▪ CA3.5. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	OBX1



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias básicas de recepción activa. ▪ Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Características sinxelas de imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. ▪ Vocabulario específico básico das artes audiovisuais. ▪ Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. 	
Bloque 4. Educación audiovisual: creación e interpretación	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.1. Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.2. Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.4. Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.5. Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.6. Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. 	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas. ▪ Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. ▪ Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais. ▪ Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais. 	



2º curso.

Área de Educación Plástica e Visual Primeiro ciclo 2º curso	
Bloque 1. Educación plástica e visual: percepción e análise	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	OBX1
▪ CA1.2. Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico básico destas.	OBX1
▪ CA1.3. Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	OBX2
▪ CA1.4. Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	OBX2
▪ CA1.5. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	OBX1
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias básicas de recepción activa. ▪ Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Técnicas e estratexias básicas de comprensión da imaxe e descrición de imaxes presentes no contexto próximo. ▪ Elementos configurativos da linguaxe visual: punto, liña, plano, textura, cor. Experimentación básica. ▪ Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. Formas, texturas e cores nas producións das diferentes creacións plásticas. ▪ Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. ▪ Recursos dixitais básicos para as artes plásticas e visuais. ▪ Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. ▪ Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plásticos e visuais. ▪ Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. 	



Bloque 2. Educación plástica e visual: creación e interpretación	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	OBX3
▪ CA2.2. Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	OBX3
▪ CA2.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	OBX4
▪ CA2.4. Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	OBX4
▪ CA2.5. Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	OBX4
▪ CA2.6. Manifestar respecto na creación de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos. ▪ Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. ▪ Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. ▪ Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. 	
Bloque 3. Educación audiovisual: percepción e análise	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	OBX1
▪ CA3.2. Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	OBX1
▪ CA3.3. Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	OBX2
▪ CA3.4. Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	OBX2
▪ CA3.5. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	OBX1



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias básicas de recepción activa. ▪ Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Recoñecer e interpretar imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. ▪ Vocabulario específico básico das artes audiovisuais. ▪ Recursos dixitais básicos para as artes audiovisuais. ▪ Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos audiovisuais. ▪ Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. 	
Bloque 4. Educación audiovisual: creación e interpretación	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.1. Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.2. Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.4. Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.5. Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.6. Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. 	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas. ▪ Ferramentas adecuadas para o rexistro da imaxe e do son: manexo. Programas informáticos sinxelos de debuxo: inicio de forma guiada no seu uso. ▪ Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. ▪ Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais. ▪ Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais. 	



Segundo ciclo.

3º curso.

Área de Educación Plástica e Visual Segundo ciclo 3º curso	
Bloque 1. Educación plástica e visual: percepción e análise	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	OBX1
▪ CA1.2. Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico básico destas.	OBX1
▪ CA1.3. Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	OBX2
▪ CA1.4. Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	OBX2
▪ CA1.5. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	OBX1
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias de recepción activa. ▪ Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación. ▪ Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. ▪ Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grossa, fina, continua e discontinua; plano; textura; cor. ▪ Iniciación no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas. ▪ Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual. ▪ Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais. ▪ Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. ▪ Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. ▪ Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. ▪ Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. 	



Bloque 2. Educación plástica e visual: creación e interpretación	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	OBX3
▪ CA2.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	OBX3
▪ CA2.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	OBX4
▪ CA2.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	OBX4
▪ CA2.5. Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	OBX4
▪ CA2.6. Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. ▪ Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelos e actividades manipulativas. ▪ Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación. ▪ Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. ▪ Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais. ▪ Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. 	
Bloque 3. Educación audiovisual: percepción e análise	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	OBX1
▪ CA3.2. Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	OBX1
▪ CA3.3. Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	OBX2



Craterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA3.4. Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA3.5. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. 	OBX1
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Estratexias de recepción activa. Propostas audiovisuais básicas. O cinema como forma de narración. Imaxes fixas e en movemento en contextos culturais: análise e interpretación para a elaboración posterior de imaxes novas a partir do observado. Principais profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais. Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero. Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais. Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. 	
Bloque 4. Educación audiovisual: creación e interpretación	
Craterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA4.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA4.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA4.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final, planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA4.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA4.5. Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA4.6. Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. 	OBX4



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas. ▪ Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión. ▪ Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación. ▪ Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais. ▪ Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

4º curso.

Área de Educación Plástica e Visual	
Segundo ciclo	
4º curso	
Bloque 1. Educación plástica e visual: percepción e análise	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	OBX1
▪ CA1.2. Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	OBX1
▪ CA1.3. Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	OBX2
▪ CA1.4. Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	OBX2
▪ CA1.5. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	OBX1
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias de recepción activa. ▪ Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación. ▪ Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. ▪ Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor. 	



- Progreso no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

Bloque 2. Educación plástica e visual: creación e interpretación

Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	OBX3
▪ CA2.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	OBX3
▪ CA2.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	OBX4
▪ CA2.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	OBX4
▪ CA2.5. Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	OBX4
▪ CA2.6. Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	OBX4

Contidos

- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións, valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos e actividades manipulativas.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.



Bloque 3. Educación audiovisual: percepción e análise	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA3.1. Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA3.2. Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA3.3. Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA3.4. Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA3.5. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. 	OBX1
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Estratexias de recepción activa. Propostas audiovisuais básicas. O cinema como forma de narración. Imaxes fixas e en movemento en contextos culturais: análise e interpretación para a elaboración posterior de imaxes novas a partir do observado. Principais profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais. Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais. Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero. Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais. Xéneros e formatos básicos de producións audiovisuais. Características elementais da linguaxe audiovisual multimodal. Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. 	
Bloque 4. Educación audiovisual: creación e interpretación	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA4.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA4.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. 	OBX3



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA4.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA4.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA4.5. Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA4.6. Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. 	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Rexistro e edición básica de elementos audiovisuais: conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais e de manexo sinxelo. Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas. Producións audiovisuais. Traballo colaborativo e importancia do proceso dalgúns dos diferentes xéneros e formatos. Introducción á utilización de recursos dixitais e audiovisuais para a elaboración de obras artísticas. Producións multimodais: iniciación na realización con diversas ferramentas sinxelas e accesibles. Recoñecemento de características elementais da linguaxe audiovisual multimodal. Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación. Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión. Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais. Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais. 	

Terceiro ciclo.

5º curso.

Área de Educación Plástica e Visual	
Terceiro ciclo	
5º curso	
Bloque 1. Educación plástica e visual: percepción e análise	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA1.1. Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. 	OBX1



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA1.2. Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico destas. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA1.3. Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA1.4. Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA1.5. Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA1.6. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. 	OBX1
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Estratexias de recepción activa. Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero. Profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. Coñecemento e valoración. Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor. Afondamento no ensino técnico do debuxo. Introducción á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas. Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual. Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais. Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. 	
Bloque 2. Educación plástica e visual: creación e interpretación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA2.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. 	OBX3



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA2.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.3. Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA2.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA2.5. Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA2.6. Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. 	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais en debuxos e modelados. Iniciación ao debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía básica específica da área. Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto. Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais. Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. 	
Bloque 3. Educación audiovisual: percepción e análise	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA3.1. Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. 	OBX1



Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA3.2. Describir manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico destas. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA3.3. Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA3.4. Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA3.5. Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA3.6. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. 	OBX1
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero. Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración. Nocións elementais sobre formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación. Estratexias de procura, filtrado e valoración. Vocabulario específico nas artes audiovisuais. Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais. Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. 	
Bloque 4. Educación audiovisual: creación e interpretación	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA4.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. 	OBX3



Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA4.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA4.3. Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA4.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA4.5. Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA4.6. Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. 	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo. Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas. Producións audiovisuais: iniciación á planificación das diferentes fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos principais xéneros e formatos. Producións multimodais: realización con diversas ferramentas. Características da linguaxe audiovisual multimodal. Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación. Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor. Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas. 	

6º curso.

Área de Educación Plástica e Visual	
Terceiro ciclo	
6º curso	
Bloque 1. Educación plástica e visual: percepción e análise	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA1.1. Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. 	OBX1



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA1.2. Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico destas. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA1.3. Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA1.4. Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA1.5. Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA1.6. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. 	OBX1
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Estratexias de recepción activa. Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero. Profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. Coñecemento e valoración. Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor. Afondamento no ensino técnico do debuxo. Introducción á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas. Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual. Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais. Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. 	



Bloque 2. Educación plástica e visual: creación e interpretación	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA2.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.3. Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA2.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA2.5. Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA2.6. Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. 	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais en debuxos e modelados. Experimentación co debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía específica da área. Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto. Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais. Uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. 	



Bloque 3. Educación audiovisual: percepción e análise	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA3.1. Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA3.2. Describir manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico destas. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA3.3. Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA3.4. Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA3.5. Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA3.6. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. 	OBX1
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero. Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración. Vocabulario específico nas artes audiovisuais. Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais. Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. Características da linguaxe cinematográfica e audiovisual: encadramento, movementos, montaxe e son. Visionamento de propostas icónicas, cinematográficas e audiovisuais. Nocións elementais sobre estilos, xéneros e formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación. Estratexias de procura, filtrado e valoración. Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. 	



Bloque 4. Educación audiovisual: creación e interpretación	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	OBX3
▪ CA4.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	OBX3
▪ CA4.3. Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	OBX4
▪ CA4.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	OBX4
▪ CA4.5. Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	OBX4
▪ CA4.6. Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe, audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos básicos. ▪ Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas. ▪ Producións audiovisuais: planificación das fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos diferentes xéneros e formatos. ▪ Producións multimodais: realización con diversas ferramentas. ▪ Características da linguaxe audiovisual multimodal. ▪ Técnicas básicas de animación. ▪ Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos e respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor. ▪ Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas. 	

5.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na área de Educación Plástica e Visual desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da área e, en combina-



ción co resto das áreas, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da área e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos apartados seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da área de Educación Plástica e Visual e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da área	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2	3	3	2	1		3		1-2
OBX3	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4	1	3	3			2	1-3	3-4

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O afondamento progresivo no tratamento dos contidos da área ao longo de toda a etapa.

– O uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena.

– A planificación de situacións de aprendizaxe, experiencias, procesos, proxectos, retos e tarefas que desenvolvan a capacidade de apreciación, análise, creatividade, imaxinación e sensibilidade do alumnado. As situacións de aprendizaxe deben estar vinculadas a contextos próximos ao alumnado que favorezan a aprendizaxe significativa e esperten a súa curiosidade e interese polas artes plásticas, visuais e audiovisuais. Os proxectos son especialmente útiles á hora de motivar o alumnado para adquirir diferentes coñecementos, desenvolver habilidades e potenciar a súa autonomía. Resulta interesante desenvolver as capacidades plásticas e expresivas do alumnado a través das conmemoracións e centros de interese que se desenvolvan no centro. A aprendizaxe a partir de experiencias e do



aproveitamento da oferta cultural permite potenciar no alumnado un enfoque aberto e receptivo, estimulando o interese deste pola cultura propia e allea.

– O emprego de recursos, soportes e contextos variados na realización de actividades plásticas e visuais. A presentación da información ao alumnado pode realizarse en diferentes soportes e formatos tendo en conta a capacidade de percepción, comprensión ou o uso da linguaxe por parte deste. Potenciación e valoración do uso de material de refugallo na elaboración de determinadas propostas plásticas, así como o coñecemento e o uso consciente e responsable do material funxible que se vai empregar.

– A énfase en que o alumnado aprenda a aprender e participe na planificación e na toma de decisións sobre o traballo controlando os procesos, usando conscientemente estratexias de aprendizaxe e sendo progresivamente máis autónomo e protagonista da súa propia aprendizaxe.

– A realización do traballo na aula de xeito individual, en parellas estratéxicas, en pequenos grupos ou en grupo grande, posibilitando situacións que propicien a comunicación espontánea do alumnado.

– A potenciación no alumnado da expresión das súas emocións e da súa autorregulación para fomentar a empatía e facilitar o recoñecemento emocional propio e alleo.

– O tratamento das principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plásticos e visuais desde unha perspectiva de xénero.

6. Lingua Castelá e Literatura.

6.1. Introducción.

A lingua é un instrumento de comunicación empregado a diario para entender e producir mensaxes nos ámbitos comunicativos orais e escritos; que está, ademais, presente nos procesos de ensino-aprendizaxe. Na sociedade actual a competencia comunicativa e lingüística móstrase esencial para poder desenvolverse na meirande parte dos aspectos, circunstancias e situacións da vida. Na era das tecnoloxías da información e da profusión de medios de comunicación, todo o alumnado e todas as persoas deben estar preparadas para entender, elaborar e producir calquera tipo de mensaxe.



O currículo de Lingua Castelá e Literatura deséñase coa vista posta no modelo de alumnado proposto no perfil de saída do alumnado ao termo da ensinanza básica, a partir dos descritores operativos que concretan o desenvolvemento competencial esperado ao terminar a etapa de educación primaria. Ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Dentro do ensino desta área, a literatura vai ter un valor significativo como produto de expresión artística e de relación con outras manifestacións artísticas e culturais da contorna, de Galicia e do mundo. Así, o currículo organízase arredor das estratexias relacionadas con falar, escoitar, ler, comprender e escribir, co fin de proporcionarlle ao alumnado ferramentas que lle permitan responder os retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas; capaces de facer un uso eficaz e ético das palabras; respectuosas cara ás diferenzas; con capacidade de transformar a información en coñecemento e de aprender por si mesmas, informarse, colaborar e traballar en equipo; creativas e emprendedoras; cultas e comprometidas co desenvolvemento sustentable, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

O elemento básico do currículo son os obxectivos da área, que identifican que queremos que o alumnado faga, como queremos que o faga e para que queremos que o faga e cuxa finalidade é concretar e vertebrar a contribución da área de Lingua Castelá e Literatura aos obxectivos xerais de etapa e ao desenvolvemento do perfil de saída. Recollen a finalidade última das ensinanzas da área, entendida en termos de mobilización das aprendizaxes. O primeiro destes obxectivos de Lingua Castelá e Literatura oríentase ao recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da contorna e de España, para favorecer actitudes de respecto cara á diversidade étnica e cultural, combater prexuizos e estereotipos lingüísticos e iniciarse na reflexión interlingüística, incluídas as linguas de signos. Espérase que nesta etapa se produza a adquisición e consolidación do código escrito. En todo caso, debe partirse da diversidade de traxectorias educativas do alumnado e as aprendizaxes deben producirse a partir da reflexión, comprensión ou produción de textos de uso social. En consonancia con iso, un segundo grupo de obxectivos relaciónase coa produción, comprensión, interpretación e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación de corte tecnolóxico e atendendo ao ámbito persoal, educativo e social. Neste sentido, a transformación dixital dos centros educativos debe contribuír á mellora das competencias e influír, de xeito significativo, nos procesos de ensino-aprendizaxe. Cuestión esta que ten que ir acompañada dun cambio de metodoloxía e da participación activa do alumnado. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén saber navegar e buscar na rede e seleccionar información fiable con distintos propósitos. Así, o obxectivo sexto senta as bases da alfabetización mediática e informacional. Respondendo á necesidade de ensinar a ler todo tipo



de textos e con distintos propósitos de lectura, os obxectivos sétimo e oitavo resérvanse para a lectura literaria acompañada, tanto autónoma como guiada e compartida na aula. Adóptase así un dobre enfoque coa intención de iniciarse en dous procesos paralelos: por unha banda, o da adquisición do hábito lector autónomo e, por outra, o do desenvolvemento de habilidades de achegamento e interpretación dos textos literarios. Prestarase especial atención ao recoñecemento das mulleres escritoras. O obxectivo noveno atende a unha primeira aproximación á reflexión sobre a lingua e os seus usos, mentres que o décimo, relativo á ética da comunicación, é de carácter transversal a todos eles. Céntrase nas prácticas comunicativas non discriminatorias, para identificar e rexeitar os abusos de poder a través da palabra, fomentar a igualdade desde unha perspectiva de xénero e as condutas non sexistas, así como a xestión dialogada de conflitos, en consonancia coa prevención de calquera tipo de violencia, incluída en todo caso a violencia de xénero e a aposta pola cultura da paz.

O logro destes obxectivos debe producirse de maneira progresiva ao longo da etapa e sempre respectando os procesos individuais de maduración cognitiva. Partirase no primeiro ciclo da exploración, a interacción e a interpretación da contorna, acompañando o alumnado nos procesos de observación e análise en contextos significativos, e na reflexión sobre modelos textuais adecuados, para ir avanzando, ao longo da etapa, cara a unha crecente confianza e autonomía na produción e comprensión lingüística. Dado o enfoque inequivocamente competencial da educación lingüística, a gradación entre ciclos establécese en función da complexidade dos textos, dos contextos de uso, das habilidades de interpretación ou de produción requiridas, da metalinguaxe necesaria para reflexionar sobre os usos, así como do grao de autonomía conferido ao alumnado. Existe, xa que logo, un evidente paralelismo entre os ciclos entre si, e en relación coa etapa de educación secundaria obrigatoria, onde se producirá unha maior progresión cara á autonomía do alumnado, así como unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas en diferentes ámbitos de uso e máis plurais, subliñarase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e a reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos adquirirá un papel máis relevante.

Para determinar o progreso no grao de adquisición destes obxectivos ao longo da etapa, os criterios de avaliación establécense para cada un dos ciclos e cursos da etapa. Estes criterios fórmulanse dun modo claramente competencial, atendendo tanto aos produtos finais esperados como aos procesos e actitudes que acompañan a súa elaboración. Todo iso reclama ferramentas e instrumentos de avaliación variados e dotados de capacidade diagnóstica e de mellora.



Para abordar as actuacións descritas nos obxectivos, é imprescindible adquirir e mobilizar os contidos da área. As aprendizaxes de Lingua Castelá e Literatura non poden concibirse, de ningún xeito, como a mera transmisión e recepción de contidos disciplinares; pola contra, deben entenderse como un proceso en construción e baseado na reflexión e na análise acompañada, cuxo fin último é formar persoas capaces de comunicarse de maneira eficaz e ética. Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse en bloques temáticos que, como todo o currículo, ten unha estrutura semellante nos seis cursos da educación primaria.

O bloque 1, As linguas e os seus falantes, procura, a través dos criterios de avaliación e contidos deseñados, familiarizar o alumnado coa diversidade cultural e lingüística da súa contorna, favorecendo a reflexión interlingüística, a identificación e o recoñecemento e rexeitamento dos prexuízos lingüísticos e a valoración da diversidade cultural. O uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero constitúe outro dos núcleos importantes de aprendizaxe.

O bloque 2, Comunicación oral, recolle aspectos fundamentais da lingua oral. O uso oral da lingua ten o propósito de favorecer a adquisición de destrezas específicas de pronuncia e entoación axeitadas; de estratexias de recoñecemento, selección e interpretación da información; da construción e comunicación do coñecemento mediante a planificación e produción de textos orais e multimodais; da identificación e modelización das propiedades e tipoloxías dos textos; da interacción oral en situacións de aula, e de escoita activa na resolución dialogada de conflitos, respectando as normas esenciais da cortesía lingüística. A lectura e a produción oral implican unha paulatina mellora na comprensión de textos e inciden na aprendizaxe da lingua.

O bloque 3, Comunicación escrita, inclúe aspectos básicos e indispensables da lingua escrita, intensificando gradualmente o uso persoal, autónomo e creativo da lingua escrita. Implica o coñecemento das posibilidades que ofrece o código desde a perspectiva do léxico, da ortografía, da estrutura do discurso e das dimensións ética e estética. A produción de textos escritos e multimodais suporá a procura do xénero discursivo e do tipo de texto adecuado para cada situación comunicativa, utilizando, tanto de forma individual como colectiva, estratexias de planificación, redacción, revisión e edición. Nesta etapa teñen que consolidarse o dominio de técnicas gráficas, a relación entre son e grafía, as normas ortográficas convencionais e a disposición do texto desde as diferentes fases do proceso evolutivo da escritura. A lectura, tanto de forma individual como compartida, e a comprensión lectora permitiránlle ao alumnado adquirir as destrezas necesarias para a identificación das



ideas máis relevantes e do sentido global dos textos, para a realización de inferencias e para a detección dos usos discriminatorios da linguaxe.

O bloque 4, Alfabetización mediática e informacional, integra criterios de avaliación e contidos relacionados coa busca, selección e contraste da información procedente de fontes documentais variadas en distintos soportes e formatos con criterios de fiabilidade e pertinencia. Proponse un proceso de investigación e pescuda para que o alumnado, individualmente ou de forma cooperativa, prograse na planificación e busca de información en diversos contextos, formatos e soportes, para transformala, xestionala, comunicala de xeito persoal e creativo, e utilízala con distintos fins, adoptando un punto de vista crítico e de respecto pola propiedade intelectual. A biblioteca de aula ou do centro serán os espazos ideais para desenvolver proxectos globais e interdisciplinares, coa utilización de todos os recursos dixitais que dispoñan.

O bloque 5, Educación literaria, pretende implicar os alumnos e alumnas nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a súa vida. Acadar este obxectivo supón iniciar un camiño de progreso deseñado cara á construción de personalidades lectoras. A lectura, a comprensión e interpretación de obras próximas aos seus gustos e á súa madurez cognitiva, o recoñecemento dos elementos básicos da obra literaria, a dramatización ou interpretación de fragmentos e a creación de textos propios con intención literaria facilitará o progreso na construción da identidade lectora, na comprensión das relacións con outras manifestacións artísticas ou culturais e no coñecemento básico sobre obras representativas tradicionais e actuais da literatura. As bibliotecas de aula, do centro e as virtuais conformarán os escenarios básicos para as actividades literarias compartidas.

O bloque 6, Reflexións sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas a produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais, incorpora criterios de avaliación e contidos relacionados co coñecemento da lingua e a súa organización, facilitando a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico e a mellora dos textos propios. Supón para o alumnado o establecemento de xeneralizacións básicas respecto do funcionamento da lingua, prestando especial atención ás diferentes relacións de forma, función, concordancia e significado entre as palabras e grupos de palabras; á observación e comprensión das regras de acentuación; ás modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa; á correlación temporal establecida polos tempos verbais e ao uso de dicionarios, en distintos soportes. Preténdese, así mesmo, facilitarlle e permitirle ao alumnado o coñecemento e a reflexión sobre a situación das linguas da contorna e do seu ámbito escolar dentro dun contexto plurilingüe, e a identificación de similitudes e diferenzas entre estas para acadar unha competencia comunicativa integrada.



6.2. Obxectivos.**Obxectivos da área**

OBX1. Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.

- En moitas das nosas aulas utilízanse linguas ou variedades dialectais diferentes da lingua vehicular de aprendizaxe. Esta diversidade lingüística debe servir como base sobre a que achegarse ao coñecemento da realidade plurilingüe de España e do mundo.

- En primeiro lugar, para axudar o alumnado a valorar a riqueza cultural que iso supón e a detectar e evitar os prexuízos lingüísticos; en segundo lugar, para ir tomando conciencia sobre o funcionamento das linguas a partir da observación e comparación entre elas, incluída unha primeira aproximación ao coñecemento das linguas de signos.

- O castelán é unha lingua universal e policéntrica, cunha enorme diversidade dialectal, na que cada variedade xeográfica ten a súa norma culta. Non pode, polo tanto, establecerse unha delas como a máis correcta. Como ocorre con calquera outro idioma, o castelán evoluciona da man dos cambios sociais. A aula constitúe unha contorna privilexiada para aproximarse a unha visión global do castelán no mundo, coa finalidade última de promover o exercicio dunha cidadanía próxima e mundial sensibilizada, informada e comprometida cos dereitos lingüísticos individuais e colectivos, nun marco de interculturalidade e respecto aos dereitos humanos.

- A mediación interlingüística favorecerá o tratamento integrado das linguas na aula, baseado nunha relevante harmonización de contidos e competencias ao longo da etapa, tanto respecto da área de Lingua Galega e Literatura, coa que está a Lingua Castelá e Literatura estreitamente relacionada, como das linguas estranxeiras. Este tratamento integrado debe servirle ao alumnado para considerar e valorar as relacións de tipo lingüístico e a pluralidade lingüística do mundo como unha fonte de riqueza cultural, partindo da propia contorna e axudándoo a comprender as relacións de tipo lingüístico e favorecer a súa reflexión nun ámbito multicultural e interlingüístico.

OBX2. Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.

- No proceso de comunicación ponse en xogo, ademais do coñecemento compartido entre emisor e receptor, outros elementos contextuais e cotextuais que permiten ir máis alá do significado do texto e interpretar e comprender o seu sentido. A escola pode e debe incorporar prácticas discursivas de diferentes ámbitos, significativas para o alumnado, que aborden temas de relevancia ecosocial e cultural. Este obxectivo contribúe ao fin último de iniciarse na aprendizaxe de estratexias que permitan desenvolverse como individuos que se comunican de maneira eficaz e ética, ben informados e con capacidade crítica.



▪ A comprensión e interpretación de mensaxes orais en lingua castelá require a adquisición de destrezas específicas: desde as máis básicas ao comezo da etapa, ata aquelas que, ao final do último ciclo, permitirán ao alumnado obter, seleccionar, valorar e relacionar informacións procedentes de medios de comunicación e do contexto escolar (especialmente de tipo espacial, temporal e de secuencia lóxica), escoitar de maneira activa, realizar inferencias e deducións, distinguir a información da opinión e iniciarse na interpretación dalgúns elementos sinxelos implícitos, como a ironía ou o dobre sentido. No ámbito social, débense ter en conta a profusión de textos de carácter multimodal, que reclaman unha específica alfabetización audiovisual e mediática para facer fronte aos riscos de manipulación e desinformación.

▪ O coñecemento de textos de transmisión oral da contorna serviralle ao alumnado para unha maior comprensión da tradición popular e para valorar a diversidade cultural e os modos en que as persoas entenden e interpretan a realidade.

OBX3. Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.

▪ O desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado pasa necesariamente pola atención aos usos orais, como vehículos de expresión, aprendizaxe e control da propia conduta. A clase de Lingua Castelá e Literatura ofrecerá contextos diversificados e significativos onde o alumnado poida tomar a palabra e conversar cos seus iguais en diálogos pedagoxicamente orientados, estimulando así a incipiente reflexión sobre os usos orais formais ou informais, espontáneos ou planificados. A interacción oral require ir adquirindo estratexias para tomar e ceder a palabra, desenvolver actitudes de escoita activa, expresarse con fluidez, claridade, correcta dicción e co ton e o rexistro adecuados, así como iniciarse no uso de estratexias de cortesía e de cooperación conversacional.

▪ A produción oral formal convida a iniciarse nas estratexias básicas de planificación e coherencia, que se irán asimilando, de maneira acompañada, ao longo da etapa. Proporcionaranse tamén modelos axustados ás distintas situacións comunicativas e ámbitos, que ofrezan pautas para ordenar o texto oral e adecuar o rexistro e o comportamento non verbal: acenos, movementos, mirada, corporalidade etc. Por outra banda, as tecnoloxías da información e da comunicación facilitan novos formatos para a comunicación oral multimodal, tanto síncrona como asíncrona, e permiten tamén o rexistro das producións orais do alumnado en castelán para a súa difusión en contextos reais e a súa posterior análise e revisión.

OBX4. Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.

▪ O desenvolvemento da competencia lectora iníciase no primeiro ciclo coa motivación cara ás prácticas de lectura. Comeza así o achegamento a estratexias dirixidas, por unha banda, a localizar, entender e integrar a información relevante e explícita; e, por outro, a transcender algúns significados literais, realizando con axuda inferencias directas, atendendo a aspectos formais e non verbais elementais (imaxes, distribución do texto, etc.). Nesta fase, prestarase especial atención á comprensión reflexiva mediante a lectura silenciosa e en voz alta, acompañada de imaxes. No segundo ciclo, o alumnado debe adquirir estratexias que lle permitan realizar un número cada vez maior de inferencias directas (xeneralizacións, propósito do texto), sempre de maneira acompañada e contextualizada en situacións de aprendizaxe arredor de textos propios de diferentes ámbitos. En paralelo, identificarase un maior número de elementos non estritamente textuais, como tipografías ou subliñados. Cara ao final da etapa, de maneira progresivamente autónoma, o alumnado será capaz de comprender e valorar a información en textos escritos variados con distintos propósitos de lectura, transcendendo algúns significados superficiais, realizando inferencias directas e mesmo captando o dobre sentido ou a ironía e estimulando o seu espírito e pensamento críticos.



▪ A finalidade deste obxectivo é sentar as bases para formar lectores competentes, autónomos e críticos de todo tipo de textos en castelán, capaces de avaliar a súa calidade e fiabilidade e de responder a diferentes propósitos de lectura en todos os ámbitos da súa vida. En todo caso, a alfabetización requirida para responder os retos do século XXI pasa necesariamente polo ensino da lectura dos hipertextos.

OBX5. Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.

▪ Os textos elaboraranse no contexto das relacións interpersoais na aula ou coa intención de organizar ou compartir información. Ao longo da etapa, irase avanzando nun proceso acompañado, dirixido á adquisición de estratexias que permitan expresarse de forma coherente mediante escritos, individuais ou grupais, propios de ámbitos máis amplos referidos a feitos próximos á súa experiencia, como os medios de comunicación social, ou relacionados con outras áreas de aprendizaxe. Aprender a elaborar de forma acompañada textos en castelán que lle axuden a organizar a información, o pensamento e desenvolvan a creatividade –como resumos e esquemas sinxelos– axudará a progresar na adquisición da competencia de aprender a aprender. Espérase conseguir, de maneira paulatina, a automatización das normas ortográficas de aparición frecuente e a resolución de dúbidas ortográficas mediante a reflexión guiada nos procesos de mellora dos textos coa utilización dos apoios pertinentes e de estratexias sinxelas, tanto individuais como grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.

▪ Mesmo nas súas formas máis espontáneas, escribir un texto implica planificar –a partir de modelos ou pautas–, revisar –de maneira individual ou compartida– e editar. Todo iso debe traballarse na clase. En todo caso, saber escribir no século XXI significa facelo en diferentes soportes e formatos. A posibilidade de edición e difusión dixital dos escritos na rede ofrece un contexto real ás prácticas comunicativas escritas, á vez que convida a dar o paso cara ao hipertextual e multimodal. É o momento de iniciarse na reflexión sobre os aspectos elementais da propiedade intelectual, o respecto á privacidade ou a responsabilidade na transmisión de falsidades e manipulacións.

OBX6. Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.

▪ Ter acceso á información non garante por si mesmo o coñecemento, entendido este como ferramenta esencial para facer fronte aos retos do século XXI. Por iso é imprescindible que o alumnado se inicie na adquisición de habilidades e destrezas para acceder á información, xestionala, avaliála e comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal, así como unha actitude ética e responsable coa propiedade intelectual, recoñecendo as fontes orixinais sobre as que elabora o seu traballo.

▪ Proponse así un proceso de acompañamento que vaia guiando ao alumnado para que, individualmente ou de forma cooperativa, progresa cara a unha certa autonomía na planificación e procura de información en contextos persoais, ecosociais ou educativos, para transformala, comunicala de maneira persoal e creativa, e utilízala con distintos fins, e que implique a localización, a selección e o contraste de distintas fontes,. Estes procesos de investigación deben ir acompañados da reflexión guiada que permita avaliar a súa fiabilidade, seguridade e pertinencia, e distinguir entre feitos e opinións. Mediante o autocontrol, a autocorrección e a autorregulación, o alumnado irá adquirindo as ferramentas intelectuais necesarias para desenvolver a habilidade de analizar e avaliar situacións e informacións e para conformar un pensamento crítico.



▪ Deben proporse modelos básicos para orientar ao alumnado respecto ás convencións establecidas para a comunicación do coñecemento adquirido en distintos formatos e soportes. A biblioteca escolar, entendida como un espazo creativo de aprendizaxe, será a contorna ideal para a adquisición desta competencia mediante proxectos globais e interdisciplinares.

OBX7. Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.

▪ Desenvolver este obxectivo implica iniciar un camiño de progreso planificado cara á construción de persoalidades lectoras, o que require a dedicación dun tempo periódico e constante á lectura individual, acompañado das estratexias e estruturas adecuadas para iniciar a configuración da autonomía e a identidade lectora, que deberá desenvolverse ao longo de toda a vida. A construción da identidade lectora apela ao autoconcepto que cada persoa vai conformando de si mesmo como lectora e se relaciona especialmente coa selección dos textos e cos hábitos lectores. Trátase, xa que logo, de fortalecer a autoimaxe de cada estudante como suxeito lector para que iso axude a ler máis e mellor. Para iso hai que partir da configuración dun corpus de textos adecuado e variado, equilibrando a presenza de autoras e autores en lingua castelá, e que responda aos intereses e necesidades individuais, e favoreza o achegamento cara á reflexión sobre os grandes retos do século XXI. Seleccionaranse, preferentemente, textos que faciliten ou propicien a reflexión sobre valores como a cultura de paz, os dereitos da infancia, a igualdade de xénero e o respecto cara á diversidade familiar, funcional e étnico-cultural.

▪ A biblioteca escolar debe converterse nun centro neuráxico de aprendizaxe dos saberes básicos e da adquisición de competencias, que ofrece recursos tanto para compartir, reflexionar e expresar preferencias persoais ao redor da lectura, como para impulsar a innovación, a creatividade e o pensamento crítico da comunidade educativa. É tamén recomendable conformar comunidades lectoras con referentes compartidos; desenvolver estratexias que axuden o alumnado a seleccionar os textos do seu interese, apropiarse deles e compartir de maneira persoal e creativa a súa propia experiencia de lectura; e establecer contextos nos que xurdan motivos para ler, a partir de retos de indagación e contraste, e que propoñan maneiras de vincular afectivamente as lectoras e os lectores cos textos. A medida que se avance na adquisición do obxectivo, será posible ir reducindo progresivamente o acompañamento docente.

OBX8. Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.

▪ A educación literaria concíbese como unha aproximación á literatura desde as súas expresións máis sinxelas, tanto orais como escritas. É imprescindible favorecer experiencias pracenteiras que familiaricen o alumnado con referentes literarios e culturais compartidos, que inclúan unha diversidade de autoras e autores, partindo dos máis próximos, que o acheguen á representación e interpretación simbólica e que senten as bases para consolidar o hábito lector e unha progresiva autonomía lectora. De novo, a participación en comunidades lectoras achegará valor engadido a este respecto.



▪ Proponse traballar na aula a partir dunha selección de obras ou textos literarios en lingua castelá adecuados aos intereses e necesidades infantís, en distintos soportes, que se presentarán organizados ao redor de itinerarios lectores, en función de distintos criterios (temáticos, por xénero literario etc.) para que o alumnado poida establecer relacións entre eles e vaia construíndo, aínda de maneira incipiente, un mapa literario. Estes textos, ademais de ser o punto de partida para distintas actividades (escoita de textos; lectura guiada, acompañada e autónoma, silenciosa ou en voz alta, coa entoación e o ritmo adecuados; lectura dramatizada, recitado, xogos retóricos etc.), servirán tamén como modelo para a creación de textos con intención lúdica, artística e creativa e para establecer relacións e diálogos con outras manifestacións artísticas e culturais.

OBX9. Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.

▪ As primeiras reflexións sobre a linguaxe deben partir do coñecemento intuitivo que o alumnado ten como usuario dunha lingua e deben producirse sempre de maneira significativa, en contextos de produción e comprensión de textos, nunca como un proceso illado. Co acompañamento debido, que irá proporcionando un nivel progresivo de autonomía, propiciarase a comparación e transformación de palabras, frases, enunciados ou textos, para que o alumnado aprecie en que medida os cambios producidos afectan o texto, mellorando ou prexudicando a súa comprensión. Observaranse así diferentes relacións de forma, función e significado entre as palabras ou os grupos de palabras. A partir de aí, poderanse formular hipóteses, buscar exemplos e contraexemplos, establecer contrastes e comparacións etc. co fin de formular xeneralizacións que establecerán pontes entre o uso e o coñecemento lingüístico sistemático desde idades temperás, primeiro utilizando unha linguaxe común, máis próxima á realidade do escolar e da súa contorna, para despois ir introducindo de maneira progresiva a terminoloxía específica.

▪ Outras vías de reflexión poden xurdir a partir da observación das diferenzas entre a lingua oral e escrita, entre as distintas tipoloxías textuais e xéneros discursivos, ou mediante a iniciación no contraste interlingüístico a partir das distintas linguas do alumnado e daquelas integradas na realidade escolar. En definitiva, trátase de estimular a reflexión lingüística axustada ás limitadas posibilidades de abstracción destas idades e vinculada cos usos reais, que inicie a construción dos coñecementos sobre a lingua que resultarán imprescindibles para un mellor uso e unha comunicación máis eficaz.

OBX10. Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.

▪ Iniciarse na adquisición deste obxectivo implica iniciar unha aprendizaxe cuxo resultado sexa formar persoas, non só eficaces á hora de comunicarse, senón que poñan as palabras ao servizo dunha finalidade conforme cun imperativo ético e edificante: erradicar os usos discriminatorios e manipuladores da linguaxe, así como os abusos de poder a través da palabra.

▪ No ámbito da comunicación persoal, a educación lingüística debe axudar a forxar relacións interpersoais baseadas na empatía e o respecto, que teñan en conta a perspectiva de xénero. Para iso, débense brindar ferramentas para a escoita activa, a comunicación asertiva, a deliberación argumentada e a resolución dialogada dos conflitos, favorecendo a construción de opinións persoais razoadas, reflexivas e xustificadas. No ámbito escolar e social, a educación lingüística debe capacitar para tomar a palabra no exercicio dunha cidadanía activa e comprometida na construción de sociedades máis equitativas, máis democráticas e máis responsables en relación cos grandes desafíos que como humanidade temos proxectados: a sustentabilidade do planeta, a erradicación das infinitas violencias e as crecentes desigualdades.



6.3. Criterios de avaliación e contidos.

Primeiro ciclo.

1º curso.

Área de Lingua Castelá e Literatura	
Primeiro ciclo	
1º curso	
Bloque 1. A lingua e os seus falantes	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	OBX1
▪ CA1.2. Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna.	OBX1
▪ CA1.3. Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	OBX1
▪ CA1.4. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta un recoñecemento social equilibrado das dúas linguas oficiais.	OBX10
▪ CA1.5. Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Biografía lingüística persoal e da súa contorna. ▪ Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. ▪ Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna. ▪ A diversidade etnocultural e lingüística no contexto escolar e familia. ▪ Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. ▪ Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. 	
Bloque 2. Comunicación oral	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	OBX2



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA2.2. Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA2.3. Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA2.4. Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.5. Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.6. Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.7. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero. 	OBX10
<ul style="list-style-type: none"> CA2.8. Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos. 	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Contexto. <ul style="list-style-type: none"> – Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. Xéneros discursivos. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). – Elementos básicos de contido (tema, léxico). – Interese pola ampliación de vocabulario básico. – Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos axeitados a súa idade (normas, contos...). Procesos: interacción oral. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade. – Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente – Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos. 	



- Procesos: comprensión oral.
 - Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes.
 - Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.
 - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.
 - Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal en anuncios, carteis publicitarios...
- Procesos: produción oral.
 - Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
 - Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais breves e sinxelos, utilizando recursos non verbais elementais.

Bloque 3. Comunicación escrita

Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil identificando o sentido global do texto.	OBX4
▪ CA3.2. Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.	OBX4
▪ CA3.3. Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	OBX4
▪ CA3.4. Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	OBX4
▪ CA3.5. Empregar a lectura de textos infantís sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	OBX4
▪ CA3.6. Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	OBX4
▪ CA3.7. Producir, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	OBX5
▪ CA3.8. Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	OBX6
▪ CA3.9. Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	OBX10
▪ CA3.10. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	OBX10



Contidos

▪ Contexto.

- Estratexias para a planificación e produción de textos básicos axeitados á súa idade (normas, contos...).
- Incidencia dos compoñentes (situación e participantes) no acto comunicativo.

▪ Xéneros discursivos.

- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas).
- Estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.

▪ Procesos: comprensión lectora.

- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos.
- Valoración da lectura de textos sinxelos como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Inicio no coñecemento básico respecto á organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico.

▪ Procesos: produción escrita.

- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións que facilitan a comprensión do texto.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.
- Produción de textos escritos básicos a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Iniciación das regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.



Bloque 4. Alfabetización mediática e informacional	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	OBX6
▪ CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais para a procura da información.	OBX6
▪ CA4.3. Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula ou do centro.	OBX6
▪ CA4.4. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	OBX6
▪ CA4.5. Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diferentes fontes.	OBX7
▪ CA4.6. Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	OBX7
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. ▪ Valoración da elaboración e comunicación da información recollida en fontes sinxelas. ▪ Modelos explícitos para comunicar a información. ▪ Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro. ▪ Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. ▪ Recoñecemento da autoría dos textos de forma acompañada. ▪ Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información. ▪ Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas. 	
Bloque 5. Educación literaria	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA5.1. Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	OBX7
▪ CA5.2. Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	OBX7
▪ CA5.3. Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua como fonte de lecer e gozo persoal.	OBX7
▪ CA5.4. Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	OBX7
▪ CA5.5. Reproducir, de xeito acompañado e a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.	OBX7



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA5.6. escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> CA5.7. Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses (contos, lendas e adiviñas), recoñecéndooas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria. 	OBX8
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses. Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses. Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar. Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas. Cofecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal. Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos. Creación de breves relatos e contos infantís a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación. Relación dos textos lidos da literatura infantil con outras manifestacións artísticas e culturais. Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas a través de conversacións dirixidas. 	
Bloque 6. Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA6.1. Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA6.2. Producir, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA6.3. Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, da comparación e da transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos. 	OBX9
<ul style="list-style-type: none"> CA6.4. Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada. 	OBX9
<ul style="list-style-type: none"> CA6.5. Iniciar a adquisición de vocabulario a través dos textos. 	OBX9

CVE-DOG: uaqmd6c3-yry3-ddz7-8sy4-jwvzfc915r6



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. ▪ Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita. ▪ Estratexias para a transformación guiada de palabras entre as distintas linguas da contorna escolar. ▪ Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito. ▪ Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación. ▪ Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados. ▪ Estratexias básicas de recoñecemento da intención comunicativa. ▪ Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

2º curso.

Área de Lingua Castelá e Literatura	
Primeiro ciclo	
2º curso	
Bloque 1. A lingua e os seus falantes	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.1. Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluídas unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.2. Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.3. Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.4. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais. 	OBX10
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.5. Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero. 	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Biografía lingüística persoal e da súa contorna. ▪ Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. ▪ Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna. ▪ A diversidade etnocultural e lingüística na contorna escolar, familiar e social. ▪ Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. ▪ Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. 	



Bloque 2. Comunicación oral	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	OBX2
▪ CA2.2. Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	OBX2
▪ CA2.3. Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	OBX2
▪ CA2.4. Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	OBX3
▪ CA2.5. Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	OBX3
▪ CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	OBX3
▪ CA2.7. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	OBX10
▪ CA2.8. Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contexto. <ul style="list-style-type: none"> – Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. ▪ Xéneros discursivos. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). – Elementos básicos de contido (tema, léxico). – Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. – Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais, utilizando recursos non verbais básicos. ▪ Procesos: interacción oral. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación da información xeral do texto. – Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. – Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero. 	



- Procesos: comprensión oral.
 - Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes.
 - Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.
 - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.
 - Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Procesos: produción oral.
 - Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais breves e sinxelos utilizando recursos non verbais elementais.
 - Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos.
 - Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas.
 - Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 3. Comunicación escrita

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	OBX4
▪ CA3.2. Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.	OBX4
▪ CA3.3. Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	OBX4
▪ CA3.4. Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos, valorando o contido e estrutura.	OBX4
▪ CA3.5. Empregar a lectura de textos infantís e tradicionais sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	OBX4
▪ CA3.6. Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	OBX4
▪ CA3.7. Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e social adaptados á súa idade, mobilizando de maneira acompañada estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	OBX5
▪ CA3.8. Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	OBX6
▪ CA3.9. Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	OBX10
▪ CA3.10. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	OBX10



Contidos

- Contexto.
 - Estratexias para a coherencia textual.
 - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos.
 - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
 - Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico).
 - Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos de diversa tipoloxía.
- Procesos: comprensión lectora.
 - Lectura compartida con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
 - Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
 - Estratexias básicas de comprensión lectora, en voz alta e en silencio, e produción de textos sinxelos, adaptados ao nivel que estimulen o seu interese pola lectura.
 - Valoración da lectura de textos como medio para ampliar o vocabulario, progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.
 - Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade.
 - Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
 - Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal.
 - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita.
 - Consolidación do sistema de lectoescritura.
 - Estratexias para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
 - Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a organización e a comprensión do texto.
 - Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.
 - Produción de textos sinxelos, con coherencia e coidado e caligrafía clara na presentación, relativos a situacións cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
 - Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
 - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
 - Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
 - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.



Bloque 4. Alfabetización mediática e informacional	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	OBX6
▪ CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais e distintos soportes para a procura da información.	OBX6
▪ CA4.3. Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses.	OBX6
▪ CA4.4. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	OBX6
▪ CA4.5. Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diversas fontes.	OBX7
▪ CA4.6. Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	OBX7
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. ▪ Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de distintas fontes. ▪ Modelos explícitos para reelaborar de forma acompañada a información. ▪ Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer. ▪ Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. ▪ Recoñecemento da autoría dos textos de forma acompañada. ▪ Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información. ▪ Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas. 	
Bloque 5. Educación literaria	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA5.1. Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	OBX7
▪ CA5.2. Compartir oralmente a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	OBX7
▪ CA5.3. Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, como fonte de lecer e gozo persoal.	OBX7
▪ CA5.4. Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	OBX7



Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA5.5. Reproducir, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.	OBX7
▪ CA5.6. escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	OBX8
▪ CA5.7. Interpretar obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas) e recoñecéndooas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	OBX8
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses. ▪ Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. ▪ Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses. ▪ Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar. ▪ Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas. ▪ Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais, valorando a súa importancia como fonte de lecer e gozo persoal. ▪ Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos. ▪ Creación e dramatización de breves relatos e contos infantís, adaptados á idade, a partir de modelos dados, coidando a limpeza e a presentación. ▪ Os elementos esenciais da obra literaria (tema e personaxes principais). ▪ Relación dos textos lidos da literatura infantil con outras manifestacións artísticas e culturais. ▪ Estratexias para a interpretación acompañada e compartida das obras (contos, lendas e adiviñas) a través de conversacións dirixidas, valorando a diversidade cultural. 	
Bloque 6. Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA6.1. Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	OBX1
▪ CA6.2. Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	OBX5
▪ CA6.3. Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, comparación e transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañada de comprensión de textos en contextos significativos.	OBX9



Craterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA6.4. Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	OBX9
▪ CA6.5. Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	OBX9
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. ▪ Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita. ▪ Estratexias para a produción guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas da contorna escolar. ▪ Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito. ▪ Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados, prestando especial atención ás relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación. ▪ Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. ▪ Estratexias e técnicas básicas de recoñecemento da intención comunicativa. ▪ Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras. 	

Segundo ciclo.

3º curso.

Área de Lingua Castelá e Literatura Segundo ciclo 3º curso	
Bloque 1. A lingua e os seus falantes	
Craterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, identificando as empregadas no seu ámbito familiar.	OBX1
▪ CA1.2. Recoñecer a existencia de prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, achegando alternativas e valorando a pluralidade lingüística da súa contorna como unha fonte de riqueza cultural.	OBX1
▪ CA1.3. Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	OBX1



Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.4. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	OBX10
▪ CA1.5. Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo. ▪ Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma. ▪ Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos. ▪ A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta para achegarse á súa contorna. ▪ Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. ▪ Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. 	
Bloque 2. Comunicación oral	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	OBX2
▪ CA2.2. Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	OBX2
▪ CA2.3. Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais diversos, valorando a información máis relevante.	OBX2
▪ CA2.4. Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	OBX3
▪ CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.	OBX3
▪ CA2.6. Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	OBX3
▪ CA2.7. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra desde unha reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	OBX10
▪ CA2.8. Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contexto. <ul style="list-style-type: none"> – Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. ▪ Xéneros discursivos. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). – Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición. 	



- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos.
 - Procesos: interacción oral.
- Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
- Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.
 - Procesos: comprensión oral.
- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís).
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen o interese e os gustos.
- Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global de textos orais e multimodais sinxelos.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
 - Procesos: produción oral.
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas.
- Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 3. Comunicación escrita

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.	OBX4
▪ CA3.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, ampliando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	OBX4
▪ CA3.3. Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	OBX4



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA3.4. Analizar, de maneira acompañada, aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido e estrutura, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA3.5. Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA3.6. Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciarse, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global do texto. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA3.8. Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as súas normas básicas de organización e funcionamento e participando nas actividades organizadas e interesarse por formar unha pequena biblioteca de aula. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA3.9. Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita. 	OBX9
<ul style="list-style-type: none"> CA3.10. Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos. 	OBX10
<ul style="list-style-type: none"> CA3.11. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero. 	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Contexto. <ul style="list-style-type: none"> – Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. Xéneros discursivos. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos de diversa tipoloxía. – Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). – Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes). – Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo. – Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos. Procesos: comprensión lectora. <ul style="list-style-type: none"> – Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo. – Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos. – Elementos gráficos, textuais e paratextuais sinxelos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. 	



- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, para mellorar a comprensión dos textos.
- Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario progresando na consolidación dunha ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Uso da biblioteca respectando as súas normas de organización e funcionamento e valorando a participación nas actividades organizadas. Continuidade na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico.
- Procesos: produción escrita.
- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación...
- Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión de textos escritos sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita e a elaboración de textos.
- Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 4. Alfabetización mediática e informacional

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	OBX6
▪ CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	OBX6
▪ CA4.3. Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.	OBX6
▪ CA4.4. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información.	OBX6
▪ CA4.5. Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus gustos e intereses avanzados na construción da súa identidade lectora.	OBX7
▪ CA4.6. Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	OBX7



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. ▪ Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información. ▪ Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto. ▪ Modelos explícitos para reelaborar a información. ▪ Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual. ▪ Utilización da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer. ▪ Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. ▪ Construción da identidade lectora a través da lectura de textos adecuados aos seus intereses, procedentes de diversas fontes da información. ▪ Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas. 	
Bloque 5. Educación literaria	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA5.1. Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras, axustados aos seus gustos e intereses avanzando na construción da súa identidade lectora.	OBX7
▪ CA5.2. Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando en comunidades lectoras do ámbito escolar.	OBX7
▪ CA5.3. Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como fonte de lecer e información.	OBX7
▪ CA5.4. Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	OBX7
▪ CA5.5. Reproducir a partir de modelos dados textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	OBX7
▪ CA5.6. escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos básicos dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	OBX8
▪ CA5.7. Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	OBX8
▪ CA5.8. Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria.	OBX8



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores. ▪ Construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses. ▪ Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida de obras, a través de conversacións literarias, participando activamente nas comunidades lectoras escolares. ▪ Valoración dos textos literarios da literatura en xeral como vehículo de comunicación e recurso de lecer persoal. ▪ Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas. ▪ Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. ▪ Comprensión, memorización e recitado de poemas valorando o ritmo e a entoación. ▪ Elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios). ▪ Análise guiada dos recursos expresivos elementais e os seus efectos na recepción do texto. ▪ Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais. ▪ Comprensión, memorización e recitado de poemas valorando o ritmo e a entoación. ▪ Elaboración de textos con intención literaria, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios. ▪ Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro. ▪ Recoñecemento, de xeito acompañado, de recursos literarios básicos. 	
Bloque 6. Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA6.1. Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	OBX1
▪ CA6.2. Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	OBX5
▪ CA6.3. Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	OBX9
▪ CA6.4. Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	OBX9
▪ CA6.5. Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	OBX9
▪ CA6.6. Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	OBX9



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. ▪ Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito. ▪ Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas. ▪ Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación). ▪ Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais (xénero e número), prestando especial atención ás relacións que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos. ▪ Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e párrafos e aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos. ▪ Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes. ▪ Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. ▪ Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra. ▪ Procedementos elementais de adquisición de vocabulario. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

4º curso.

Área de Lingua Castelá e Literatura	
Segundo ciclo	
4º curso	
Bloque 1. A lingua e os seus falantes	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.1. Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotián. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.2. Identificar, con certa autonomía e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, achegando alternativas e recoñecendo a pluralidade lingüística da súa contorna como unha fonte de riqueza cultural. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.3. Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna e valorar a diversidade cultural existente a través da interacción coas persoas próximas. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.4. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais. 	OBX10
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.5. Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero. 	OBX10



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo. ▪ Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma. ▪ Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos. ▪ A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística para achegarse á súa contorna. ▪ Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. ▪ Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. 	
Bloque 2. Comunicación oral	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	OBX2
▪ CA2.2. Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	OBX2
▪ CA2.3. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar.	OBX3
▪ CA2.4. Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	OBX3
▪ CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.	OBX3
▪ CA2.6. Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.	OBX3
▪ CA2.7. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	OBX10
▪ CA2.8. Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contexto. <ul style="list-style-type: none"> – Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. ▪ Xéneros discursivos. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). – Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo. – Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. – Estratexias para a coherencia e a cohesión á hora de expresarse oralmente. 	



- Procesos: interacción oral.
- Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais e informais elementais, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
- Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral.
- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís) realizando as inferencias necesarias.
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen o interese e gustos.
- Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar, recoller datos e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos.
- Detección de posibles usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Procesos: produción oral.
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía, atendendo á súa intención comunicativa. Pronuncia e entoación adecuadas.
- Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais.
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 3. Comunicación escrita

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	OBX4
▪ CA3.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, ampliando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	OBX4
▪ CA3.3. Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses.	OBX4
▪ CA3.4. Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	OBX4



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.5. Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora, e o gusto pola lectura. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.6. Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e a información relevante. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.8. Coñecer o funcionamento das bibliotecas de aula, de centro e as virtuais, participando nas actividades organizadas e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.9. Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita. 	OBX9
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.10. Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos. 	OBX10
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.11. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero. 	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contexto. <ul style="list-style-type: none"> – Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. ▪ Xéneros discursivos. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para a comprensión lectora de textos, axeitados á súa idade, de diversas tipoloxías. – Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). – Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico) e forma (estrutura, formato, título, imaxes). – Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición. – Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos. ▪ Procesos: comprensión lectora. <ul style="list-style-type: none"> – Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo. – Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos, realizando as inferencias necesarias. – Elementos gráficos, textuais e paratextuais complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. – Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión dos textos. 	



- Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar unha ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
 - Procesos: produción escrita.
- Aplicación das normas ortográficas básicas e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita e a elaboración de textos.
- Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 4. Alfabetización mediática e informacional

Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	OBX6
▪ CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	OBX6
▪ CA4.3. Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	OBX6
▪ CA4.4. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	OBX6
▪ CA4.5. Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus gustos e intereses avanzados na construción da súa identidade lectora.	OBX7
▪ CA4.6. Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	OBX7



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. ▪ Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información. ▪ Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto. ▪ Modelos explícitos para reelaborar a información. ▪ Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual. ▪ Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer. ▪ Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. ▪ Construción da identidade lectora a partir de lecturas de textos procedentes de diversas fontes de información. ▪ Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas. 	
Bloque 5. Educación literaria	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.1. Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.2. Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando en comunidades lectoras do ámbito escolar. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.3. Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como fonte de lecer e información. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.4. Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.5. Incorporar a lectura expresiva e a comprensión de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.6. escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal, que recollan a diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos esenciais dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.7. Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.8. Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria e diferenzas das principais convencións formais dos xéneros. 	OBX8



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores. ▪ Construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e iniciación á valoración argumentada das obras. ▪ Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida das obras a través de conversacións literarias, participando nas comunidades lectoras escolares. ▪ Valoración dos textos literarios da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal. ▪ Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas. ▪ Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. ▪ Comprensión, memorización e recitado de poemas progresando no ritmo, entoación e dicción. ▪ Elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios, trama, escenario, linguaxe) na construción do sentido da obra. ▪ Análise guiada dos recursos expresivos e os seus efectos na recepción do texto. ▪ Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais. ▪ Comprensión, memorización e recitado de poemas progresando no ritmo, entoación e dicción. ▪ Elaboración de textos con intención literaria de maneira libre, a partir de modelos dados, ou recreación de textos literarios e recoñecemento de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. ▪ Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos e diferenciación dos principais xéneros literarios. 	
Bloque 6. Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas a produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.1. Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.2. Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.3. Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos. 	OBX9
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.4. Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais. 	OBX9



Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA6.5. Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	OBX9
▪ CA6.6. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	OBX9
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. ▪ Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional. ▪ Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas de xeito individual e grupal. ▪ Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación), utilización, formulación e comprobación de hipóteses e contrastes entre distintas linguas. ▪ Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais (xénero, número e persoa), prestando especial atención ás relacións que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos, utilizando unha metalinguaxe específica elemental. ▪ Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos, aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos e ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical elemental de referencia interna. ▪ Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes. ▪ Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. ▪ Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. ▪ Procedementos elementais de adquisición e ampliación de vocabulario. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica. 	

Terceiro ciclo.

5º curso.

Área de Lingua Castelá e Literatura	
Terceiro ciclo	
5º curso	
Bloque 1. A lingua e os seus falantes	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	OBX1



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA1.2. Detectar, de xeito guiado, con autonomía crecente e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo como unha fonte de riqueza cultural. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA1.3. Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA1.4. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, recoñecendo os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal guiada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais. 	OBX10
<ul style="list-style-type: none"> CA1.5. Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero. 	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica. Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. 	
Bloque 2. Comunicación oral	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA2.2. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar e un vocabulario adaptado ao nivel. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.3. Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.4. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.5. Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas. 	OBX6



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.7. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero. 	OBX10
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.8. Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas. 	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contexto. <ul style="list-style-type: none"> – Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral. ▪ Xéneros discursivos. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. – Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información). – Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. – Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos. ▪ Procesos: interacción oral. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expoñer ideas. – Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía lingüística. – Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. – Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero. ▪ Procesos: comprensión oral. <ul style="list-style-type: none"> – Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. – Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos. – Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, da información relevante e da integración da información explícita de textos sociais orais e multimodais. – Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. 	



– Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, internet...

▪ Procesos: produción oral.

– Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese.

– Construción, e comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.

– Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 3. Comunicación escrita

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal.	OBX4
▪ CA3.2. Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	OBX4
▪ CA3.3. Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	OBX4
▪ CA3.4. Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	OBX4
▪ CA3.5. Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	OBX4
▪ CA3.6. Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	OBX5
▪ CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	OBX5
▪ CA3.8. Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado. Interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual.	OBX6
▪ CA3.9. Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	OBX9
▪ CA3.10. Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	OBX10
▪ CA3.11. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	OBX10



Contidos

▪ Contexto.

– Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita.

▪ Xéneros discursivos.

– Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.

– Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve.

– Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía).

– Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos.

– Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.

– Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.

▪ Procesos: comprensión lectora.

– Lectura compartida e expresiva con entoación e ritmo progresivamente fluídos.

– Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos.

– Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.

– Estratexias de coñecemento progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.

– Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.

– Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.

– Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.

– Uso das bibliotecas de aula, do centro e as virtuais, mostrando coñecementos básicos da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades de corte literario. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais.

– Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.



- Procesos: produción escrita.
- Elaboración de textos, con presentación coidada e con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos.
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias sinxelas individuais ou grupais de planificación, redacción, revisión e autocorrección.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que faciliten a organización e claridade do texto.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 4. Alfabetización mediática e informacional

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados.	OBX6
▪ CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais.	OBX6
▪ CA4.3. Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	OBX6
▪ CA4.4. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.	OBX6
▪ CA4.5. Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar.	OBX7
▪ CA4.6. Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	OBX7



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social. ▪ Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información. ▪ Identificación e valoración crítica, de forma autónoma, das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto. ▪ Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos, coas convencións formais básicas. ▪ Síntese e reelaboración de coñecementos con apoio de modelos. ▪ Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual. ▪ Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro. ▪ Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. ▪ Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora. ▪ Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar. 	
Bloque 5. Educación literaria	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.1. Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.2. Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.3. Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.4. Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.5. Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.6. escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira acompañada. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.7. Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.8. Recoñecer e interpretar recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.9. Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas. 	OBX8



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores. ▪ Progreso na construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras de forma acompañada. ▪ Interpretación, progresivamente autónoma e compartida dos textos literarios a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar e social. ▪ Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal. ▪ Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas. ▪ Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. ▪ Análise acompañada da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción progresivamente autónoma do sentido da obra. ▪ Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais. ▪ Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados. ▪ Creación de textos literarios de maneira libre e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados. ▪ Identificación de recursos literarios básicos. ▪ Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países. 	
Bloque 6. Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.1. Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.2. Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.3. Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua de maneira acompañada, formulando hipóteses e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos. 	OBX9
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.4. Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada. 	OBX9



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.5. Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais. 	OBX9
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.6. Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz. 	OBX9
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.7. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos. 	OBX9
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. ▪ Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa. ▪ Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través de observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses. ▪ Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais, prestando especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple, a partir de metalinguaxe específica elemental. ▪ Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas. ▪ Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais. ▪ Mecanismos léxicos básicos para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados. ▪ Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados. ▪ Estratexias elementais para o uso progresivamente autónomo de dicionarios, en distintos soportes. ▪ Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación. ▪ Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa. ▪ Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación. ▪ Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos. 	



6º curso.

Área de Lingua Castelá e Literatura Terceiro ciclo 6º curso	
Bloque 1. A lingua e os seus falantes	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA1.1. Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA1.2. Detectar de forma autónoma e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA1.3. Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA1.4. Recoñecer e rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais. 	OBX10
<ul style="list-style-type: none"> CA1.5. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. 	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica e cultural. Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. 	
Bloque 2. Comunicación oral	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA2.2. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar, interpretar e un vocabulario adecuado ao nivel. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.3. Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos. 	OBX3



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.4. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.5. Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel, a partir de experiencias e interaccións orais. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.7. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero. 	OBX10
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.8. Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas. 	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contexto. <ul style="list-style-type: none"> – Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación oral. ▪ Xéneros discursivos. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. – Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información). – Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. – Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos. ▪ Procesos: interacción oral. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas. – Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía lingüística. – Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. – Estratexias de escoita activa, asertividade e proposta de solución creativa para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero. 	



- Procesos: comprensión oral.
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, da información relevante e da integración da información explícita e a realización de inferencias para superar o sentido literal de textos sociais orais e multimodais.
- Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivas, narrativas, dialogadas, expositivas) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, internet...
- Procesos: produción oral.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu intereses e gustos.
- Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese.
- Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 3. Comunicación escrita

Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal.	OBX4
▪ CA3.2. Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	OBX4
▪ CA3.3. Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	OBX4
▪ CA3.4. Analizar, de maneira autónoma o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	OBX4
▪ CA3.5. Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	OBX4
▪ CA3.6. Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	OBX5



Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA3.8. Utilizar as bibliotecas da aula e do centro e as virtuais, cada vez con máis autonomía, comprendendo como se organizan e colaborando no seu coidado. Interesarse por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA3.9. Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita. 	OBX9
<ul style="list-style-type: none"> CA3.10. Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos. 	OBX10
<ul style="list-style-type: none"> CA3.11. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero. 	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Contexto. <ul style="list-style-type: none"> – Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita. Xéneros discursivos. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. – Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación. – Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía). – Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos. – Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz. – Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación. Procesos: comprensión lectora. <ul style="list-style-type: none"> – Lectura compartida e expresiva con entoación e ritmo fluídos. – Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos. – Elementos gráficos, textuais e paratextuais relativamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. – Estratexias de uso progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos. 	



- Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos da súa organización (catalogación, funcionamento), participación en actividades de corte literario e obtención de información e modelos para a súa produción escrita. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais.
- Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
- Procesos: produción escrita.
- Elaboración de textos, con presentación coidada con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais complexos, con distintos propósitos comunicativos.
- Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias individuais ou grupais de planificación, redacción, e revisión e autocorrección.
- Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 4. Alfabetización mediática e informacional

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	OBX6
▪ CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira autónoma ofrecendo información extraída de distintas fontes, citándoas e recreándoas de maneira creativa.	OBX6
▪ CA4.3. Utilizar a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía, aplicando as normas do seu funcionamento.	OBX6



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA4.4. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA4.5. Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> CA4.6. Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar. 	OBX7
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social. Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información. Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto. Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais elementais. Síntese e reelaboración de coñecementos de forma progresivamente autónoma e con apoio de modelos. Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual. Utilización autónoma da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora. Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar. 	
Bloque 5. Educación literaria	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA5.1. Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para comentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> CA5.2. Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> CA5.3. Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer, información e coñecemento cultural. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> CA5.4. Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> CA5.5. Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar, valorando a súa diversidade. 	OBX8



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA5.6. escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos, valorándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira progresivamente autónoma. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> CA5.7. Producir, de maneira autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> CA5.8. Recoñecer e interpretar recursos da linguaxe literaria e a diferenza das principais convencións formais dos xéneros. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> CA5.9. Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral establecendo diferenzas entre eles e o seu uso: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas. 	OBX8
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Lectura autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores. Progreso na construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras. Interpretación autónoma e compartida de textos literarios a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social. Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal. Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas e de experiencias de gozo de persoal. Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. Análise da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción do sentido da obra. Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais. Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados. Creación de textos literarios de maneira libre e con progresiva complexidade (léxico, estruturas, sentido estético) e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados. Identificación de recursos literarios. Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países. 	



Bloque 6. Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas a produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA6.1. Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	OBX1
▪ CA6.2. Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	OBX5
▪ CA6.3. Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua de maneira progresivamente autónoma, formulando hipóteses e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	OBX9
▪ CA6.4. Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	OBX9
▪ CA6.5. Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.	OBX9
▪ CA6.6. Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	OBX9
▪ CA6.7. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	OBX9
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. ▪ Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa. ▪ Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través da observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes con outras linguas. ▪ Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais, prestando especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple, a partir de metalinguaxe específica elemental. ▪ Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas. ▪ Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais. ▪ Mecanismos léxicos elementais para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados. ▪ Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados. ▪ Estratexias elementais para o uso autónomo de dicionarios, en distintos soportes. 	



- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

6.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na área de Lingua Castelá e Literatura desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da área e, en combinación co resto de áreas, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da área e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos apartados seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da área de Lingua Castelá e Literatura e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da área	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2	2	2	1	3	3	3		
OBX3	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7	1-4			3	1			1-2-3
OBX8	1-2-4							1-2-3-4
OBX9	1-2	2	1-2		5			
OBX10	1-5	3		3	3	1-2-3		



Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– As propostas e o deseño de situacións comunicativas reais nos ámbitos persoal, social e educativo permitiránlle ao alumnado o progreso na aprendizaxe desta área. Facilitarase a súa participación activa.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

– O deseño de situacións de aprendizaxe contextualizadas, significativas e relevantes, atendendo á súa gradación e complementariedade, servirá para traballar de maneira proporcionada todos os bloques do currículo de Lingua Castelá e Literatura durante o ano escolar; de tal xeito que o logro dos obxectivos debe producirse de maneira progresiva ao longo da etapa, a partir da articulación, de forma coordinada e interrelacionada, dos saberes de todos os bloques. Promoverase, así mesmo, a interacción comunicativa e a colaboración do alumnado entre si e cos demais axentes que interveñen nos procesos de ensino-aprendizaxe. O traballo interdisciplinar debe ofrecer un valor engadido ao potenciar o carácter competencial das aprendizaxes.

– A observación e a análise en contextos significativos para o alumnado no primeiro ciclo, reflexionando sobre modelos textuais adecuados, dará paso aos avances e complexidades ao longo da etapa cara a unha crecente autonomía na produción e comprensión lingüística. A educación lingüística ten unha dimensión claramente competencial, de aí que a gradación entre ciclos deberá facerse en función da complexidade dos textos, dos contextos de uso, das habilidades de interpretación ou de produción requiridas, da metalingüaxe necesaria para a reflexionar sobre os usos, así como do grao de autonomía conferido ao alumnado. Partirase da diversidade de traxectorias educativas procurando que a progresión nas aprendizaxes se desenvolva a partir da reflexión, comprensión ou produción.

– A programación de actividades de ámbito dixital debe contribuir á mellora das competencias, á alfabetización mediática e informacional e influír, de xeito significativo, nos procesos de ensino-aprendizaxe; ten que ir acompañada dun cambio de metodoloxía, facilitando a participación activa do alumnado.

– O desenvolvemento da formación lectora implica potenciar a lectura, a comprensión e interpretación de obras próximas aos seus gustos e á súa madurez cognitiva, a dramatiza-



ción ou interpretación de fragmentos e a creación de textos propios con intención literaria, posibilitando o progreso do alumnado na construción da súa identidade lectora, na comprensión das relacións con outras manifestacións artísticas ou culturais e no coñecemento básico sobre obras representativas tradicionais e actuais da literatura. Neste sentido, as bibliotecas de aula, do centro e as virtuais deberán conformar os escenarios básicos para as actividades literarias compartidas.

– Mobilizaranse as estratexias necesarias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– Impulsarase a realización de proxectos significativos para o alumnado de diferentes niveis, en grupos reducidos para favorecer, desde o ámbito da comunicación, a adquisición de competencias clave, e a resolución de problemas de forma cooperativa e en equipo, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– Resulta esencial poñer a énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. A atención á diversidade debe estar presente en todas as accións, medidas e decisións metodolóxicas no ámbito educativo para potenciar a inclusión e permitir dar resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Así, o deseño de actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado, axudará a desenvolver unha atención individualizada.

– Fomentarase o uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, respectuosa coas diferenzas, coa perspectiva de xénero, coa igualdade entre homes e mulleres e coas distintas linguas. É fundamental brindarlle ao alumnado as ferramentas esenciais para a construción de opinións persoais razoadas, reflexivas e xustificadas; para a resolución dialogada dos conflitos, e para a valoración crítica da información, coa finalidade de construír sociedades máis equitativas e democráticas.

– As relacións entre a área de Lingua Castelá e Literatura e Lingua Galega e Literatura nun contexto de diversidade lingüística servirán de base para unha educación plurilingüe do alumnado. Debe propiciarse un tratamento integrado das linguas como canle relevante para estimular a reflexión interlingüística, xunto coas linguas estranxeiras.



– O progreso nas aprendizaxes da área debe permitirlle ao alumnado responder a situacións comunicativas reais nos ámbitos persoal, social e educativo. De aí que a programación de aula deba vertebrarse ao redor de situacións de aprendizaxe representativas e contextualizadas.

7. Lingua Estranxeira.

7.1. Introducción.

A rápida evolución das sociedades actuais e as súas múltiples interconexións exigen o desenvolvemento daquelas competencias que axuden os individuos a practicar unha cidadanía independente, activa e comprometida coa realidade contemporánea, cada vez máis global, intercultural e plurilingüe. Tal e como sinala o Marco de referencia de competencias para a cultura democrática, nas sociedades actuais, culturalmente diversas, os procesos democráticos requiren do diálogo intercultural. Polo tanto, a comunicación en distintas linguas resulta esencial no desenvolvemento desa cultura democrática. Na idea dun Espazo Europeo de Educación, a comunicación en máis dunha lingua evita que a educación e a formación se vexan obstaculizadas polas fronteiras, e favorece a internacionalización e a mobilidade, ademais de permitir o descubrimento doutras culturas, ampliando as perspectivas do alumnado.

A área de Lingua Estranxeira contribúe á adquisición das distintas competencias clave que conforman o perfil de saída do alumnado ao termo da ensinanza básica e, de forma directa, participa na consecución da competencia plurilingüe, que implica, nesta etapa, o uso de, polo menos, unha lingua, ademais das familiares, de forma apropiada, para a aprendizaxe e a comunicación. O plurilingüismo integra non só a dimensión comunicativa vinculada senón tamén os aspectos históricos e interculturais que guían o alumnado para coñecer, comprender e respectar a diversidade lingüística e cultural presente na súa contorna, e que contribúen a que poida exercer esa cidadanía global independente, activa e comprometida cunha sociedade democrática. En consonancia con este enfoque, a área de Lingua Estranxeira na etapa da educación primaria ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa básica na lingua estranxeira, así como o desenvolvemento e enriquecemento da conciencia intercultural do alumnado.

O eixe do currículo de Lingua Estranxeira está atravesado polas dúas dimensións do plurilingüismo: a dimensión comunicativa e a intercultural. Os obxectivos da área, relacionadas cos descritores das distintas competencias clave do perfil de saída e cos retos do século XXI, permítenlle ao alumnado comunicarse eficazmente na lingua estranxeira, de forma adecuada ao seu desenvolvemento psicoevolutivo e intereses, e ampliar o seu



repertorio lingüístico individual, aproveitando as experiencias propias para mellorar a comunicación tanto nas linguas familiares como nas linguas estranxeiras nun proceso de enriquecemento mutuo. Así mesmo, ocupan un lugar importante tanto o recoñecemento e o respecto polos perfís lingüísticos individuais e o aprecio da diversidade cultural como o interese e curiosidade polas distintas linguas e o diálogo intercultural. No caso de Galicia, o desenvolvemento da competencia plurilingüe vese favorecido pola coexistencia das dúas linguas, castelá e galega, e das respectivas culturas, o que lle permite ao alumnado aprender e usar distintas linguas ao mesmo tempo, practicar o respecto polas diferenzas entre elas e atopar as similitudes, supoñendo esta experiencia un enriquecemento para a persoa. Esta área contribúe a que o alumnado poida afrontar os retos do século XXI, axudándoo a adquirir os saberes necesarios para iniciarse na xestión de situacións interculturais, a convivencia democrática, a resolución dialogada de conflitos, e o establecemento de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos. Así, a área de Lingua Estranxeira axudará a favorecer a empatía, desenvolver a curiosidade polo coñecemento doutras realidades sociais e culturais, practicar o respecto polas diferenzas, atopar os puntos de conexión e facilitar a competencia comunicativa intercultural a partir da relación do alumnado cos falantes doutras linguas dende posicións de respecto polo interlocutor.

Ademais, a área de Lingua Estranxeira permítelle ao alumnado desenvolverse mellor nas contornas dixitais e achegarse a culturas que ela vincula, tanto como motor para a aprendizaxe canto como fonte de información e elemento de gozo. Neste sentido, as ferramentas dixitais posúen un potencial que favorece o seu aproveitamento para reforzar a aprendizaxe e o ensino das linguas e culturas estranxeiras. Por todo isto, parece claro que o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización mediática e o uso adecuado, seguro e responsable da tecnoloxía supoñen un elemento de aprendizaxe moi relevante nesta área.

Os obxectivos da área de Lingua Estranxeira na educación primaria, en moitos casos, constitúen o punto de partida na aprendizaxe formal de idiomas. Pártese dun estadio aínda moi elemental da lingua estranxeira, polo que, durante toda a etapa, será imprescindible basear a aprendizaxe nos repertorios e experiencias do alumnado, facilitando así a súa participación en actos de comunicación sinxelos. Isto inclúe a posta en práctica de actividades e estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación lingüística, entendida nesta etapa como a actividade orientada a facilitar a comprensión mutua e a procesar e transmitir información básica e sinxela. Os obxectivos da área de Lingua Estranxeira tamén inclúen o fomento do aprecio pola diversidade lingüística, artística e cultural entre o alumnado co fin de que aprenda a xestionar situacións comunicativas interculturais.



Os criterios de avaliación da materia determinan o grao de adquisición dos obxectivos por parte do alumnado, polo que se presentan vinculados a eles. A súa formulación competencial faise enunciando o proceso ou capacidade que o alumnado debe adquirir, xunto co contexto ou modo de aplicación e uso de devandito proceso ou capacidade. A nivelación dos criterios de avaliación está baseada no Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER), pero axustados á madurez e o desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado da etapa de educación primaria. Estrutúranse en tres bloques: comunicación, plurilingüismo e interculturalidade.

Pola súa banda, os contidos unifican os coñecementos (saber), as destrezas (saber facer) e as actitudes (saber ser) necesarios para a adquisición dos obxectivos da área e favorecen a avaliación das aprendizaxes a través dos criterios. Preséntanse en cada un dos tres bloques temáticos. O bloque de comunicación abarca os saberes que é necesario mobilizar para o desenvolvemento das actividades comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación lingüística, incluídos os relacionados coa procura guiada de información. O bloque de plurilingüismo integra os saberes relacionados coa capacidade de reflexionar sobre o funcionamento das linguas, así como sobre os saberes que forman parte do repertorio lingüístico do alumnado, co fin de contribuír á aprendizaxe da lingua estranxeira e á mellora das linguas que conforman o repertorio lingüístico do alumnado. Por último, no bloque de interculturalidade agrúpanse os saberes sobre as culturas transmitidas a través da lingua estranxeira e a súa apreciación como oportunidade para o alumnado de enriquecemento e desenvolvemento de actitudes de interese por coñecer e comprender outras linguas, variedades lingüísticas e culturas.

O enfoque, a nivelación e a definición dos distintos elementos do currículo introdúcense aquí a partir das actividades de lingua e as competencias que establece o Consello de Europa no MCER. Esta ferramenta é peza clave para determinar os distintos niveis de competencia que o alumnado chega a acadar nas distintas actividades e apoia tamén o seu proceso de aprendizaxe, que se entende coma dinámico e continuado, flexible e aberto, e debe adecuarse ás súas circunstancias, necesidades e intereses. Espérase que o alumnado sexa capaz de poñer en funcionamento todos os saberes básicos no marco de situacións comunicativas propias dos diferentes ámbitos: persoal, social e educativo, e a partir de textos sobre temas cotiáns e de relevancia para o alumnado que inclúan aspectos relacionados cos obxectivos de desenvolvemento sustentable e os retos e desafíos do século XXI. En consonancia co enfoque orientado á acción que expón o MCER, que contribúe de maneira significativa ao deseño de metodoloxías eclécticas, o carácter competencial deste currículo invita o profesorado a crear tarefas interdisciplinares, contextualizadas, significativas e relevantes, e a desenvolver situacións de aprendizaxe nas que se considere o



alumnado como axente social progresivamente autónomo e gradualmente responsable do seu propio proceso de aprendizaxe, e onde se teñan en conta os seus repertorios, intereses e emocións, así como as súas circunstancias específicas.

7.2. Obxectivos.

Obxectivos da área
<p>OBX1. Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.</p>
<p>▪ A comprensión supón recibir e procesar información, o que leva consigo o enriquecemento do repertorio lingüístico individual. Na etapa da educación primaria, a comprensión é unha destreza comunicativa que se debe desenvolver a partir de textos breves e sinxelos, orais, escritos e multimodais, sobre temas cotiáns, de relevancia persoal para o alumnado, expresados de forma clara e usando a lingua estándar. A comprensión, neste nivel, implica entender o sentido xeral e información específica e predicible para satisfacer necesidades comunicativas relacionadas con prioridades inmediatas do alumnado. Para iso, é necesario activar as estratexias máis adecuadas ao desenvolvemento psicoevolutivo e ás necesidades do alumnado, co fin de facilitar a comprensión da información expresada nos textos e de entender enunciados curtos e sinxelos, con axuda, se fose necesario, de distintos tipos de apoio. Entre as estratexias de comprensión máis útiles para o alumnado atópanse a linguaxe non verbal, as imaxes, a repetición ou a segunda lectura, a transferencia e integración dos coñecementos, as destrezas e as actitudes das linguas que conforman o seu repertorio lingüístico. Inclúe a interpretación de formas de representación básicas (escritura, imaxe, gráficos, táboas, sons, xestos etcétera), e tamén información contextual (elementos extralingüísticos) e cotextual (elementos lingüísticos) que lle permita comprobar a hipótese inicial con respecto ao sentido global do texto, así como expor hipóteses alternativas se fose necesario. Ademais destas estratexias, a procura de información, en soportes tanto analóxicos como dixitais, constitúe un método de grande utilidade para a comprensión, pois permite contrastar, validar e sustentar a información. Os procesos de comprensión requiren contextos de diálogo que favorezan a construción dun saber conxunto e que estimulen a identificación de prexuízos e estereotipos de calquera tipo, así como o interese xenuíno polas diferenzas e similitudes étnico-culturais.</p>
<p>OBX2. Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.</p>
<p>▪ A produción engloba tanto a expresión oral como a escrita e a multimodal. Nesta etapa, a produción debe dar lugar á redacción e á exposición de textos breves e sinxelos, planificados, sobre temas cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado, e expresados con creatividade e claridade. A produción, en diversos formatos e soportes, pode incluír nesta etapa a exposición dunha pequena descrición ou anécdota sinxela, unha presentación formal de extensión breve ou unha narración sinxela de textos que expresen feitos e sentimentos cotiáns, mediante ferramentas dixitais e analóxicas, así como a procura guiada de información en internet como fonte de documentación. No seu formato multimodal, a produción inclúe o uso conxunto de diferentes recursos: a escritura, a imaxe, o son, os xestos etcétera, xunto coa selección guiada e a aplicación do máis adecuado en función da tarefa que se vai desenvolver.</p>



▪ As actividades vinculadas coa produción de textos cumpren funcións importantes nos ámbitos persoal, social e educativo e existe un valor social e cívico concreto asociado a elas. A destreza nas producións máis formais en diferentes soportes non se adquire de forma natural, senón que é produto do proceso de aprendizaxe. Nesta etapa ten lugar o primeiro achegamento ás producións formais, o que supón unha aprendizaxe guiada de aspectos formais básicos de cariz máis lingüístico, sociolingüístico e pragmático; das expectativas e convencións máis comúns asociadas ao xénero empregado; de ferramentas sinxelas de produción; e do soporte utilizado. As estratexias que permiten a mellora da produción, tanto formal como informal, na educación primaria comprenden, entre outras, a planificación e a compensación a través da linguaxe verbal e non verbal.

OBX3. Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.

▪ A interacción implica a dous ou máis participantes na construción dun discurso. Considérase a orixe da comunicación e comprende funcións interpersoais, cooperativas e transaccionais. Na interacción entran en xogo a cortesía lingüística e a etiqueta dixital, os elementos verbais e non verbais da comunicación, así como a adecuación aos distintos xéneros de conversa máis frecuentes, tanto orais como escritos e multimodais, en contextos analóxicos e virtuais. Nesta etapa da educación espérase que os intercambios de información sexan breves e sinxelos e aborden temas cotiáns e predicibles, e de relevancia persoal para o alumnado.

▪ Esta competencia específica é fundamental na aprendizaxe, pois inclúe estratexias de inicio, mantemento e/ou conclusión de conversacións básicas, así como estratexias elementais para indicar que non se entendeu a mensaxe e para solicitar repetición. Ademais, a adquisición das normas e principios que conforman a cortesía lingüística e a etiqueta dixital prepara para o exercicio dunha cidadanía democrática, responsable, respectuosa, inclusiva, segura e activa.

OBX4. Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.

▪ A mediación é a actividade da linguaxe consistente en explicar e facilitar a comprensión de mensaxes ou textos a partir de estratexias como a reformulación, de maneira oral ou escrita. Na mediación, o alumnado debe actuar como un axente social encargado de crear pontes e axudar a construír ou expresar mensaxes en forma de conversa ou expositiva, non só entre linguas distintas, senón tamén entre distintas modalidades ou rexistros dentro dunha mesma lingua. Na educación primaria, a mediación está orientada ao procesamento e á transmisión de información básica e sinxela entre usuarios ou a partir de textos sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal, coñecidos previamente polo alumnado, podendo empregar tanto medios convencionais como aplicacións ou plataformas virtuais para interpretar e compartir contidos.

▪ A mediación favorece o desenvolvemento do pensamento estratéxico do alumnado, en tanto que supón que este elixa adecuadamente destrezas e estratexias do seu repertorio para lograr unha comunicación eficaz, pero tamén para favorecer a participación propia e doutras persoas en contornas cooperativas de intercambios de información. Así mesmo, implica recoñecer os recursos dispoñibles e promover a motivación dos demais e a empatía, comprendendo e respectando as diferentes motivacións, ideas e circunstancias persoais dos interlocutores. En consecuencia, espérase que o alumnado amose empatía e respecto como elementos esenciais para unha axeitada mediación nesta etapa.



OBX5. Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.

▪ O uso do repertorio lingüístico e a reflexión sobre o seu funcionamento están vinculados co enfoque plurilingüe da adquisición de linguas. O enfoque plurilingüe parte do feito de que as experiencias do alumnado coas linguas que coñece serven de base para a ampliación e mellora da aprendizaxe de linguas novas e axúdanos a desenvolver e enriquecer o seu repertorio lingüístico plurilingüe e a súa curiosidade e sensibilización cultural. Na educación primaria o alumnado iníciase nesa reflexión e empeza a establecer as relacións entre as que conforman os seus repertorios individuais, analizando as súas semellanzas e diferenzas co fin de ampliar coñecementos e estratexias. Deste xeito, favorécese a aprendizaxe de novas linguas e mellórase a competencia comunicativa. A reflexión sobre as linguas e o seu funcionamento implica que o alumnado entenda as súas relacións, pero, ademais, contribúe a que identifique as fortalezas e carencias propias no terreo lingüístico e comunicativo, tomando conciencia dos coñecementos e das estratexias ao seu dispor. Neste sentido, supón tamén a posta en marcha de destrezas básicas para lles facer fronte á incerteza, ao sentido da iniciativa e á perseveranza na consecución dos obxectivos ou á toma de decisións.

▪ Ademais, o coñecemento de distintas linguas permite recoñecer e apreciar a diversidade lingüística da sociedade como un aspecto cotián e positivo. A selección, configuración e aplicación dos dispositivos e ferramentas tanto analóxicas como dixitais para a construción e integración de novos contidos sobre o repertorio lingüístico propio pode facilitar a adquisición e mellora da aprendizaxe doutras linguas.

OBX6. Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.

▪ A interculturalidade supón experimentar a diversidade lingüística, cultural e artística da contorna, recoñecendo e valorándoa como fonte de riqueza social. Na educación primaria, a interculturalidade, que favorece o entendemento cos demais, merece unha atención específica porque, a diferenza doutros aspectos, é probable que non se encontre na experiencia previa do alumnado, que a súa percepción estea distorsionada polos estereotipos e constitúa a orixe de certos tipos de discriminación. O recoñecemento e aprecio da diversidade debe permitirlle ao alumnado aprender a xestionar situacións interculturais cotiás.

▪ A conciencia da diversidade proporciónalle ao alumnado a posibilidade de relacionar distintas culturas. Ademais, senta as bases para o desenvolvemento dunha sensibilidade artística e cultural, e a capacidade de identificar e utilizar unha gran variedade de estratexias que lle permitan establecer relacións con persoas doutras culturas. As situacións interculturais que se poden expor na etapa da educación primaria durante o ensino da lingua estranxeira permítenlle ao alumnado abrirse a novas experiencias, ideas, sociedades e culturas, mostrando interese e respecto polo diferente; relativizar a propia perspectiva; ademais de distanciarse e rexeitar as actitudes sustentadas sobre calquera tipo de discriminación ou reforzo de estereotipos, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a convivencia pacífica, o respecto polos demais, a sustentabilidade e o exercicio da cidadanía democrática.



7.3. Criterios de avaliación e contidos.

Primeiro ciclo.

1º curso.

Área de Lingua Estranxeira Primeiro ciclo 1º curso	
Bloque 1. Comunicación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	OBX1
▪ CA1.2. Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	OBX2
▪ CA1.3. Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	OBX2
▪ CA1.4. Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	OBX3
▪ CA1.5. Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	OBX3
▪ CA1.6. Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	OBX4
Contidos	
▪ Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.	
▪ Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.	
▪ Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.	



- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.
- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.
- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.
- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.

Bloque 2. Plurilingüismo

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento.	OBX5
▪ CA2.2. Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	OBX5
▪ CA2.3. Identificar e explicar de maneira guiada progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	OBX5

Contidos

- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).
- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.

Bloque 3. Interculturalidade

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	OBX6
▪ CA3.2. Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	OBX6



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira. ▪ Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. ▪ Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. ▪ Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

2º curso.

Área de Lingua Estranxeira Primeiro ciclo 2º curso	
Bloque 1. Comunicación	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.1. Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.2. Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.3. Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.4. Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.5. Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.6. Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.7. Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.8. Interpretar e explicar, de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes. 	OBX4



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. ▪ Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. ▪ Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. ▪ Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. ▪ Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. ▪ Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. ▪ Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. ▪ Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos. ▪ Convencións ortográficas elementais. ▪ Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. ▪ Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. 	
Bloque 2. Plurilingüismo	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.1., Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, sobre aspectos moi elementais do seu funcionamento. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.2. Identificar e aplicar, de forma moi guiada, os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.3. Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. 	OBX5
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares. ▪ Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio. 	



Bloque 3. Interculturalidade	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	OBX6
▪ CA3.2. Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	OBX6
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira. ▪ Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. ▪ Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. ▪ Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. 	

Segundo ciclo.

3º curso.

Área de Lingua Estranxeira Segundo ciclo 3º curso	
Bloque 1. Comunicación	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiás, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	OBX1
▪ CA1.2. Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	OBX1
▪ CA1.3. Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	OBX2
▪ CA1.4. Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiás e de relevancia persoal para o alumnado.	OBX2



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.5. Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.6. Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.7. Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.8. Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes. 	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. ▪ Técnicas de aprendizaxe. ▪ O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. ▪ Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. ▪ Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. ▪ Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos ou conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso). ▪ Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación. ▪ Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese. ▪ Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. ▪ Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). 	



- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.

Bloque 2. Plurilingüismo

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	OBX5
▪ CA2.2. Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	OBX5
▪ CA2.3. Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	OBX5

Contidos

- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.

Bloque 3. Interculturalidade

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiás e habituais.	OBX6
▪ CA3.2. Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	OBX6



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes. ▪ Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios. ▪ Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. ▪ Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. ▪ Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. ▪ Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4º curso.

Área de Lingua Estranxeira Segundo ciclo 4º curso	
Bloque 1. Comunicación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.1. Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.2. Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiáns e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.3. Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.4. Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.5. Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.6. Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística. 	OBX3



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA1.7. Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA1.8. Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e os interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA1.9. Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, usando, pero con axuda, recursos e apoios físicos e dixitais en función das necesidades de cada momento. 	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. Técnicas de aprendizaxe. O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións básicas e cotiás; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos o conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso). Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación. Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornos de interese. Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común e funcións comunicativas xerais asociadas a eles. Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións. 	



- Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.
- Léxico e expresións, básicos e frecuentes relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua e a aprendizaxe.
- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.
- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.

Bloque 2. Plurilingüismo

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	OBX5
▪ CA2.2. Utilizar e diferenciar, de forma guiada, os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	OBX5
▪ CA2.3. Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	OBX5

Contidos

- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.

Bloque 3. Interculturalidade

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiás e habituais.	OBX6



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA3.2. Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA3.3. Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias básicas para entender e apreciar os aspectos máis relevantes da diversidade lingüística, cultural e artística. 	OBX6
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes. Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios. Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. 	

Terceiro ciclo.

5º curso.

Área de Lingua Estranxeira Terceiro ciclo 5º curso	
Bloque 1. Comunicación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA1.1. Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA1.2. Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiáns e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA1.3. Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira. 	OBX2



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA1.4. Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA1.5. Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA1.6. Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA1.7. Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA1.8. Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA1.9. Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. 	OBX4
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. Técnicas de aprendizaxe. O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade. Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade. 	



- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais.
- Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.
- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.
- Propiedade intelectual das fontes consultadas e contidos utilizados; identificación de dereitos de autoría.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.
- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.

Bloque 2. Plurilingüismo

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	OBX5
▪ CA2.2. Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	OBX5
▪ CA2.3. Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	OBX5



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. ▪ Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. ▪ Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. ▪ Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos. 	
Bloque 3. Interculturalidade	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.1. Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.2. Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.3. Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística. 	OBX6
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes. ▪ Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira. ▪ Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. ▪ Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. ▪ Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios. ▪ Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. 	



6º curso.

Área de Lingua Estranxeira Terceiro ciclo 6º curso	
Bloque 1. Comunicación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, adecuados ao nivel de desenvolvemento do alumnado, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	OBX1
▪ CA1.2. Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	OBX1
▪ CA1.3. Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	OBX2
▪ CA1.4. Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia.	OBX2
▪ CA1.5. Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos útiles adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	OBX2
▪ CA1.6. Planificar e participar en situacións interactivas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas e motivacións das e dos interlocutores.	OBX3
▪ CA1.7. Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.	OBX3
▪ CA1.8. Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	OBX4
▪ CA1.9. Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	OBX4

CVE-DOG: uaqmd6c3-ry3-ddz7-8sy4-jwvzfc915r6



Contidos

- Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.
- Técnicas de aprendizaxe.
- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe (a aceptación do erro como oportunidade de mellora).
- Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais, e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto (participantes e situación), organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade.
- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais.
- Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre.
- Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.
- Léxico e expresións básicos de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.
- Propiedade intelectual das fontes consultadas e contidos utilizados; identificación e dereitos de autoría.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.
- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.



Bloque 2. Plurilingüismo	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA2.1. Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA2.2. Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA2.3. Rexistrar e utilizar, de maneira guiada, os progresos e dificultades no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe. 	OBX5
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares. Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos. 	
Bloque 3. Interculturalidade	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA3.1. Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA3.2. Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA3.3. Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística. 	OBX6
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira. 	



- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.
- Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.
- Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

7.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na área de Lingua Estranxeira desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da área e, en combinación co resto de áreas, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da área e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos apartados seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da área de Lingua Estranxeira e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxetivos da área	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6	5	3			1-3	2-3		1



Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O enfoque orientado á acción, tal e como propón o Marco común europeo de referencia, a través de deseños fundamentados na análise de necesidades, orientados a tarefas da vida real e construídos sobre nocións e funcións seleccionadas deliberadamente. Isto favorece unha perspectiva de dominio guiada polo que o alumnado pode facer, no canto dunha perspectiva de carencia na que se acentúa aquilo que aínda non foi adquirido. Trátase de deseñar currículos fundamentados nas necesidades comunicativas do mundo real, organizados sobre tarefas da vida real, coa guía dos criterios de avaliación que indican o grao de consecución dos obxectivos establecidos no propio currículo.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado de diferentes niveis, en grupos reducidos favorecendo dende o ámbito da comunicación a adquisición de competencias clave a través da resolución de problemas de forma creativa e colaborativa, fomentando o espírito científico e o emprendemento (iniciativa persoal), reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Deste xeito, o papel do profesorado pasa a ser o de acompañamento e guía, que axude a converter cada proxecto nunha experiencia positiva e enriquecedora para todos e todas.

– O deseño de actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado, o que axudará a darlle unha atención individualizada.

– A énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten.

– A identificación persoa-lingua, que implica axudar o alumnado a asociar a mestra/e coa lingua que ensina de xeito automático. Dende o primeiro momento, a lingua estranxeira ten que ter presenza activa non só na aula senón tamén na escola. O profesorado desta lingua debe crear situacións de comunicación oral co alumnado: practicamente toda a relación que se establece na escola co alumnado é susceptible de facerse nela. Isto implica a necesidade de simplificar a comunicación habitual e tamén as instrucións para a aula e das actividades que se van realizar.

– A creación de situacións de interacción, de comunicación oral entre o alumnado de todos os niveis: en parellas, pequenos grupos ou grupo-aula, en situacións reais ou supostas (cubrir cadros de datos sobre o outro/a; competición entre grupos de pregunta-resposta; descubrir datos reais ou supostos sobre os demais a través de xogos como Adiviña quen



é?); dramatizacións de diálogos en situacións reais ou imaxinarias etc.). Neste ámbito da comunicación oral, a introdución do xogo –en diferentes formatos, soportes e modalidades– preséntase como un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de primaria: xogos de tarxetas, tales como xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadoras teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co seu desenvolvemento: número do dado, do cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, contestar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que poidan encaixar no marco do xogo de taboleiro e cumpra cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionarlles diversión e concentración aos participantes e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos lingüísticos, como o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias ao longo de toda a etapa de primaria.

– O uso das tecnoloxías, recurso que nos proporcionará moitas posibilidades tanto de situación como de motivación para que o alumnado utilice a lingua estranxeira na medida das súas aptitudes e capacidade adquirida: realizar programas de radio, podcasts de duración curta, anuncios en vídeo sobre eventos que se van realizar no propio centro ou na contorna, e actividades similares. Todas elas son adaptables a diferentes niveis de aprendizaxe da lingua e van permitir a interacción entre alumnado diverso.

– A introdución á lectura en lingua estranxeira, dende o primeiro nivel, se ben neste primeiro momento será unicamente o profesorado quen lea para os nenos e nenas, alternando co uso de ferramentas dixitais: historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes. A necesaria gradación no avance de coñecemento e adquisición da lingua irá marcando o tipo de actividades ao longo da etapa, dende a lectura e interpretación das ilustracións do libro que pode facer o alumnado do primeiro nivel ata unha lectura individualizada de textos simples e claros en libros e medios escritos de difusión de información no sexto.

– A práctica da comprensión oral ao longo de toda a etapa de primaria, mediante a utilización de documentos audiovisuais tipo documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, noticias... adecuados ao seu nivel, que lles permitan a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales como a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual; a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.



– O achegamento á lingua estranxeira como a unha ferramenta para a comunicación que lles vai permitir aos nenos e nenas expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas (átame os cordóns, quero ir ao baño), relacionarse nos xogos (tócame a min) e, asemade, entender as necesidades dos/das demais.

– O aproveitamento de todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das maternas do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a esta lingua, a través do mundo dixital.

– A utilización de materiais visuais e variados como libros ilustrados, páxinas web, presentacións dixitais, vídeos curtos que faciliten chegar a nenos e nenas de calquera nivel educativo ou con diversidade de aprendizaxe e, en consecuencia, incluílos, na actividade da aula.

– A adquisición de técnicas de aprendizaxe e autoaprendizaxe, así como de estratexias que permitan gañar autoconfianza no uso da lingua estranxeira pasa pola práctica na escola. Así, considérase de grande importancia a utilización frecuente de técnicas como impulsar repazos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesa lingua. Así mesmo, se o profesorado usa, de xeito prioritario fronte á tradución, estratexias como linguaxe corporal, xestos, mímica e soportes visuais para facerse entender cos nenos e nenas, eles estarán practicando e aprendendo estas mesmas estratexias.

– A coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos propios das aprendizaxes de calquera lingua (estratexias de comprensión, produción e coprodución, interacción e mediación lingüística), a tipoloxía textual, a definición de termos lingüísticos, e a utilización de terminoloxía similar. O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

– A coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.



– A avaliación, como parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe, permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados da avaliación proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

8. Lingua Galega e Literatura.

8.1. Introducción.

A lingua é un instrumento de comunicación empregado a diario para entender e producir mensaxes nos ámbitos comunicativos orais e escritos; ademais, está presente nos procesos de ensino-aprendizaxe. Na sociedade actual a competencia comunicativa e lingüística móstrase esencial para poder desenvolverse na meirande parte dos aspectos, circunstancias e situacións da vida. Na era das tecnoloxías da información e da profusión de medios de comunicación, todo o alumnado e todas as persoas deben estar preparadas para entender, elaborar e producir calquera tipo de mensaxe.

O currículo de Lingua Galega e Literatura deséñase coa vista posta no modelo de alumnado proposto no perfil de saída do alumnado ao termo da ensinanza básica, a partir dos descritores operativos que concretan o desenvolvemento competencial esperado ao terminar a etapa de educación primaria. Ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado en galego. Dentro do ensino desta área, a literatura vai ter un valor significativo como produto e expresión artística dunha cultura de seu e de relación con outras manifestacións artísticas e culturais da contorna de Galicia, de España e do mundo. Aprender e expresarse en lingua galega e coñecer e valorar a propia literatura implica achegarse e entender ese sistema de comunicación e de expresión, polo que se transmiten e se manifestan os significados culturais e os modos singulares de entender e interpretar a realidade. Así, o currículo organízase ao redor das estratexias relacionadas con falar, escoitar, ler e escribir en lingua galega, co fin de lle proporcionar ao alumnado ferramentas que lle permitan responder os retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas; capaces de facer un uso eficaz e ético das palabras; respectuosas cara ás diferenzas; con capacidade de transformar a información en coñecemento e de aprender por si mesmas, informarse, colaborar e traba-



llar en equipo; creativas e emprendedoras; cultas e comprometidas co desenvolvemento sustentable, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

O elemento básico do currículo son os obxectivos da área, que identifican que queremos que o alumnado faga, como queremos que o faga e para que queremos que o faga e cuxa finalidade é concretar e vertebrar a contribución da área de Lingua Galega e Literatura aos obxectivos xerais de etapa e ao desenvolvemento do perfil de saída. Recollen a finalidade última das ensinanzas da área, entendida en termos de mobilización das aprendizaxes. O primeiro destes obxectivos de Lingua Galega e Literatura oriéntase ao recoñecemento da diversidade e variedades lingüísticas da contorna, de Galicia e de España, para favorecer actitudes de respecto cara á diversidade étnica e cultural, combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e iniciarse na reflexión interlingüística, incluídas as linguas de signos. Espérase que nesta etapa se produza a adquisición e consolidación do código escrito. En todo caso, debe partirse da diversidade de traxectorias educativas do alumnado e as aprendizaxes deben producirse a partir da reflexión, comprensión ou produción de textos de uso social. En consonancia con iso, un segundo grupo de obxectivos relaciónase coa produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación de corte tecnolóxico e atendendo ao ámbito persoal, educativo e social. Neste sentido, a transformación dixital dos centros educativos debe contribuír á mellora das competencias e influír, de xeito significativo, nos procesos de ensino-aprendizaxe. Cuestión esta que ten que ir acompañada dun cambio de metodoloxía e da participación activa do alumnado. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén saber navegar e buscar na Rede e seleccionar información fiable con distintos propósitos. Así, o obxectivo sexto senta as bases da alfabetización mediática e informacional. Respondendo á necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos e con distintos propósitos de lectura, os obxectivos sétimo e oitavo resérvanse para a lectura literaria acompañada, tanto autónoma como compartida na aula. Adóptase así un dobre enfoque coa intención de iniciarse en dous procesos paralelos: por unha banda, o da adquisición do hábito lector autónomo e, por outra, o do desenvolvemento de habilidades de achegamento e interpretación dos textos literarios. Prestarase especial atención ao recoñecemento das mulleres escritoras en galego. O obxectivo noveno atende a unha primeira aproximación á reflexión sobre a lingua e os seus usos, tendo presente que, na actualidade, a lingua galega é unha lingua minorizada, pero expresión e representación dunha cultura propia; mentres que o décimo, relativo á ética da comunicación, é de carácter transversal a todos eles. Céntrase nas prácticas comunicativas non discriminatorias, para identificar e rexeitar os abusos de poder a través da palabra, fomentar a igualdade desde



unha perspectiva de xénero e as condutas non sexistas, así como a xestión dialogada de conflitos, en consonancia coa prevención de calquera tipo de violencia, incluíndo, en todo caso, a violencia de xénero e a aposta pola cultura da paz.

O logro destes obxectivos debe producirse de maneira progresiva ao longo da etapa e sempre respectando os procesos individuais de maduración cognitiva. Partirase no primeiro ciclo da exploración, a interacción e a interpretación da contorna, acompañando o alumnado nos procesos de observación e análise en contextos significativos e na reflexión sobre modelos textuais adecuados, para ir avanzando, ao longo da etapa, cara a unha crecente confianza e autonomía na produción e comprensión lingüística. Dado o enfoque inequivocamente competencial da educación lingüística, a gradación entre ciclos establécese en función da complexidade dos textos, dos contextos de uso, das habilidades de interpretación ou de produción requiridas, da metalinguaxe necesaria para reflexionar sobre os usos, así como do grao de autonomía conferido ao alumnado. Existe, xa que logo, un evidente paralelismo entre os ciclos entre si e en relación coa etapa de educación secundaria obrigatoria, onde se producirá unha maior progresión cara á autonomía do alumnado, así como unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas en diferentes ámbitos de uso e máis plurais, subliñarase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e a reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos adquirirá un papel máis relevante.

Para determinar o progreso no grao de adquisición destes obxectivos ao longo da etapa, os criterios de avaliación establécense para cada un dos ciclos e cursos da etapa. Estes criterios fórmulanse dun modo claramente competencial, atendendo tanto aos produtos finais esperados como aos procesos e actitudes que acompañan a súa elaboración. Todo iso reclama ferramentas e instrumentos de avaliación variados e dotados de capacidade diagnóstica e de mellora.

Para abordar as actuacións descritas nos obxectivos, é imprescindible adquirir e mobilizar os contidos da área. As aprendizaxes de Lingua Galega e Literatura non poden concibirse, de ningún xeito, como a mera transmisión e recepción de contidos disciplinares; pola contra, deben entenderse como un proceso en construción e baseado na reflexión e na análise acompañada, cuxo fin último é formar persoas capaces de comunicarse de maneira eficaz e ética. Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse en bloques temáticos que, como todo o currículo, ten unha estrutura semellante nos seis cursos da educación primaria.



O bloque 1, As linguas e os seus falantes, procura, a través dos criterios de avaliación e contidos deseñados, familiarizar o alumnado coa diversidade cultural e lingüística da súa contorna, favorecendo a reflexión interlingüística, a identificación e rexeitamento dos prexuízos lingüísticos e a valoración da diversidade cultural. Establecer relacións entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender axuda o alumnado a reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega. O uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero constitúe outro dos núcleos importantes de aprendizaxe.

O bloque 2, Comunicación oral, recolle aspectos fundamentais da lingua oral. O uso oral do galego ten o propósito de favorecer a adquisición de destrezas específicas de pronuncia e entoación axeitadas; de estratexias de recoñecemento, selección e interpretación da información; da construción e comunicación do coñecemento mediante a planificación e produción de textos orais en galego e multimodais; da identificación e modelización das propiedades e tipoloxías dos textos; da interacción oral en situacións de aula e de escoita activa na resolución dialogada de conflitos, respectando as normas esenciais da cortesía lingüística. A lectura e a produción oral implican unha paulatina mellora na comprensión de textos e inciden na aprendizaxe da propia lingua: a lingua galega.

O bloque 3, Comunicación escrita, inclúe aspectos básicos e indispensables da lingua escrita, intensificando gradualmente o uso persoal, autónomo e creativo da lingua escrita en galego. Implica o coñecemento das posibilidades que ofrece o código desde a perspectiva do léxico, da ortografía, da estrutura do discurso e das dimensións ética e estética. A produción de textos escritos en galego e multimodais suporá a procura do xénero discursivo e do tipo de texto adecuado para cada situación comunicativa, utilizando, tanto de forma individual como colectiva, estratexias de planificación, redacción, revisión e edición. Nesta etapa teñen que consolidarse o dominio de técnicas gráficas, a relación entre son e grafía, as normas ortográficas convencionais e a disposición do texto desde as diferentes fases do proceso evolutivo da escritura. A lectura, tanto de forma individual como compartida, e a comprensión lectora permitiránlle ao alumnado adquirir as destrezas necesarias para a identificación das ideas máis relevantes e do sentido global dos textos, para a realización de inferencias e para a detección dos usos discriminatorios da linguaxe.

O bloque 4, Alfabetización mediática e informacional, integra criterios de avaliación e contidos relacionados coa busca, selección e contraste da información procedente de fontes documentais variadas en distintos soportes e formatos con criterios de fiabilidade e



pertinencia. Proponse un proceso de investigación e pescuda para que o alumnado, individualmente ou de forma cooperativa, progresa na planificación e busca de información en diversos contextos, formatos e soportes, para transformala, xestionala, comunicala de xeito persoal e creativo, e utilízala con distintos fins, adoptando un punto de vista crítico e de respecto pola propiedade intelectual. As bibliotecas de aula, do centro e as virtuais serán os espazos ideais para desenvolver proxectos globais e interdisciplinares, coa utilización de todos os recursos dixitais dos que dispoñan.

O bloque 5, Educación literaria, asume o obxectivo de facer do alumnado lectores e lectoras competentes, implicados nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida. Acadar este obxectivo supón iniciar un camiño de progreso deseñado cara á construción de personalidades lectoras. A lectura, a comprensión e interpretación de obras próximas aos seus gustos e á súa madurez cognitiva, o recoñecemento dos elementos básicos da obra literaria, a dramatización ou interpretación de fragmentos e a creación de textos propios en lingua galega con intención literaria facilitarán o progreso na construción da identidade lectora, na comprensión das relacións con outras manifestacións artísticas ou culturais e no coñecemento básico sobre obras representativas tradicionais e actuais da nosa literatura. Resulta fundamental que o alumnado se familiarice con referentes literarios e culturais compartidos de Galicia. As bibliotecas de aula, do centro e as dixitais conformarán os escenarios básicos para as actividades literarias compartidas.

O bloque 6, Reflexións sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas a produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais, incorpora criterios de avaliación e contidos relacionados co coñecemento da lingua galega e a súa organización, facilitando a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico e a mellora dos textos propios. Supón para o alumnado o establecemento de xeneralizacións básicas respecto do funcionamento da lingua e préstalles especial atención ás diferentes relacións de forma, función, concordancia e significado entre as palabras e grupos de palabras; á observación e comprensión das regras de acentuación; ás modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa; á correlación temporal establecida polos tempos verbais e ao uso de dicionarios, en distintos soportes. Preténdese, así mesmo, facilitarlle e permitirlle ao alumnado o coñecemento e a reflexión sobre a situación da lingua galega dentro dun contexto plurilingüe e a identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas da contorna e do seu ámbito escolar para acadar unha competencia comunicativa integrada.



8.2. Obxectivos.**Obxectivos da área**

OBX1. Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.

- En moitas das nosas aulas utilízanse linguas ou variantes lingüísticas diferentes da lingua vehicular de aprendizaxe. Esta diversidade lingüística debe servir como base sobre a que achegarse ao coñecemento da realidade lingüística de Galicia e plurilingüe de España e do mundo. En primeiro lugar, para axudar o alumnado a valorar a riqueza cultural que iso supón e a detectar e evitar os prexuízos lingüísticos; en segundo lugar, para ir tomando conciencia sobre o funcionamento das linguas a partir da observación e comparación entre elas, incluída unha primeira aproximación ao coñecemento das linguas de signos.

- O galego é unha lingua que posúe unha significativa diversidade de variantes lingüísticas. Como ocorre con calquera outro idioma, o galego evoluciona da man dos cambios sociais. A aula constitúe unha contorna privilexiada para comprender a lingua galega como mostra de identidade e como medio de comunicación e expresión que transmite e manifesta os significados culturais e os modos singulares de entender e interpretar a realidade; e para aproximarse a unha visión global do galego na propia comunidade, en España e no mundo, coa finalidade última de promover o exercicio dunha cidadanía próxima e mundial sensibilizada, informada e comprometida cos dereitos lingüísticos individuais e colectivos, nun marco de interculturalidade e respecto aos dereitos humanos.

- A mediación interlingüística favorecerá o tratamento integrado das linguas na aula, baseado nunha relevante harmonización de contidos e competencias ao longo da etapa, tanto respecto da área de Lingua Galega e Literatura, coa que está a Lingua Castelá e Literatura estreitamente relacionada, como das linguas estranxeiras. Este tratamento integrado debe servirle ao alumnado para considerar e valorar as relacións de tipo lingüístico e a pluralidade lingüística do mundo como unha fonte de riqueza cultural, partindo da propia contorna e axudándoo a comprender as relacións de tipo lingüístico e favorecer a súa reflexión nun ámbito multicultural e interlingüístico.

OBX2. Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.

- No proceso de comunicación ponse en xogo, ademais do coñecemento compartido entre emisor e receptor, outros elementos contextuais e cotextuais que permiten ir máis alá do significado do texto e interpretar e comprender o seu sentido. A escola pode e debe incorporar prácticas discursivas de diferentes ámbitos, significativas para o alumnado, que aborden temas de relevancia ecosocial e cultural. Este obxectivo contribúe ao fin último de iniciarse na aprendizaxe de estratexias que permitan desenvolverse como individuos que se comunican de maneira eficaz e ética, ben informados e con capacidade crítica.



▪ A comprensión e interpretación de mensaxes orais en lingua galega require a adquisición de destrezas específicas: dende as máis básicas ao comezo da etapa, ata aquelas que, ao final do último ciclo, lle permitirán ao alumnado obter, seleccionar, valorar e relacionar informacións procedentes de medios de comunicación e do contexto escolar (especialmente de tipo espacial, temporal e de secuencia lóxica), escoitar de maneira activa, realizar inferencias e deducións, distinguir a información da opinión e iniciarse na interpretación dalgúns elementos sinxelos implícitos, como a ironía ou o dobre sentido. No ámbito social, débense ter en conta a profusión de textos de carácter multimodal, que reclaman unha específica alfabetización audiovisual e mediática para lles facer fronte aos riscos de manipulación e desinformación.

▪ O coñecemento de textos de transmisión oral da contorna e de Galicia serviralle ao alumnado para unha maior comprensión da tradición popular galega e para valorar a diversidade cultural e os modos en que as persoas entenden e interpretan a realidade.

OBX3. Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.

▪ O desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado pasa necesariamente pola atención aos usos orais, como vehículos de expresión, aprendizaxe e control da propia conduta. A clase de Lingua Galega e Literatura ofrecerá contextos diversificados e significativos onde o alumnado poida tomar a palabra e conversar cos seus iguais en diálogos pedagoxicamente orientados, estimulando así a incipiente reflexión sobre os usos orais formais ou informais, espontáneos ou planificados. A interacción oral require ir adquirindo estratexias para tomar e ceder a palabra, desenvolver actitudes de escoita activa, expresarse con fluidez, claridade, correcta dicción e co ton e o rexistro adecuados, así como iniciarse no uso de estratexias de cortesía e de cooperación conversacional.

▪ A produción oral formal convida a iniciarse nas estratexias básicas de planificación e coherencia, que se irán asimilando, de maneira acompañada, ao longo da etapa. Proporcionaranse tamén modelos axustados ás distintas situacións comunicativas e ámbitos, que ofrezan pautas para ordenar o texto oral e adecuar o rexistro e o comportamento non verbal: acenos, movementos, mirada, corporalidade etc. Por outra banda, as tecnoloxías da información e da comunicación facilitan novos formatos para a comunicación oral multimodal, tanto síncrona como asíncrona, e permiten tamén o rexistro das producións orais do alumnado en galego para a súa difusión en contextos reais e a súa posterior análise e revisión.

OBX4. Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.

▪ O desenvolvemento da competencia lectora iníciase no primeiro ciclo coa motivación cara ás prácticas de lectura. Comeza así o achegamento a estratexias dirixidas, por unha banda, a localizar, entender e integrar a información relevante e explícita; e, por outra, a transcender algúns significados literais, realizando con axuda inferencias directas, atendendo a aspectos formais e non verbais elementais (imaxes, distribución do texto etc.). Nesta fase, prestarase especial atención á comprensión reflexiva mediante a lectura silenciosa e en voz alta, acompañada de imaxes. No segundo ciclo, o alumnado debe adquirir estratexias que lle permitan realizar un número cada vez maior de inferencias directas (xeneralizacións, propósito do texto), sempre de maneira acompañada e contextualizada en situacións de aprendizaxe arredor de textos propios de diferentes ámbitos. En paralelo, identificarase un maior número de elementos non estritamente textuais, como tipografías ou subliñados. Cara ao final da etapa, de maneira progresivamente autónoma, o alumnado será capaz de comprender e valorar a información en textos escritos variados con distintos propósitos de lectura, transcendendo algúns significados superficiais, realizando inferencias directas e mesmo captando o dobre sentido ou a ironía e estimulando o seu espírito e pensamento críticos.



▪ A finalidade deste obxectivo é sentar as bases para formar lectores competentes, autónomos e críticos de todo tipo de textos en galego, capaces de avaliar a súa calidade e fiabilidade e de responder a diferentes propósitos de lectura en todos os ámbitos da súa vida. En todo caso, a alfabetización requirida para responder os retos do século XXI pasa necesariamente polo ensino da lectura dos hipertextos.

OBX5. Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.

▪ Os textos elaboraranse no contexto das relacións interpersoais na aula ou coa intención de organizar ou compartir información. Ao longo da etapa, irase avanzando nun proceso evolutivo acompañado, dirixido á adquisición de estratexias que permitan expresarse de forma coherente mediante escritos, individuais ou grupais, propios de ámbitos máis amplos referidos a feitos próximos á súa experiencia, como os medios de comunicación social ou relacionados con outras áreas de aprendizaxe. Aprender a elaborar de forma acompañada textos en galego que lle axuden a organizar a información, o pensamento e desenvolvan a creatividade –como resumos e esquemas sinxelos–, axudará a progresar na adquisición da competencia de aprender a aprender. Espérase conseguir, de maneira paulatina, a automatización das normas ortográficas de aparición frecuente e a resolución de dúbidas ortográficas mediante a reflexión guiada nos procesos de mellora dos textos coa utilización dos apoios pertinentes e de estratexias sinxelas, tanto individuais como grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.

▪ Mesmo nas súas formas máis espontáneas, escribir un texto en lingua galega implica planificar –a partir de modelos ou pautas–, revisar –de maneira individual ou compartida– e editar. Todo iso debe traballarse na clase. En todo caso, saber escribir no século XXI significa facelo en diferentes soportes e formatos. A posibilidade de edición e difusión dixital dos escritos na rede ofrece un contexto real ás prácticas comunicativas escritas, á vez que convida a dar o paso cara ao hipertextual e multimodal. É o momento de iniciarse na reflexión sobre os aspectos elementais da propiedade intelectual, o respecto á privacidade ou a responsabilidade na transmisión de falsidades e manipulacións.

OBX6. Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.

▪ Ter acceso á información non garante en por si o coñecemento, entendido este como ferramenta esencial para lles facer fronte aos retos do século XXI. Por iso é imprescindible que o alumnado se inicie na adquisición de habilidades e destrezas para acceder á información, xestionala, avaliála e comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal, así como unha actitude ética e responsable coa propiedade intelectual, recoñecendo as fontes orixinais sobre as que elabora o seu traballo.



▪ Proponse así un proceso de acompañamento que vaia guiando o alumnado para que, individualmente ou de forma cooperativa, progresa cara a unha certa autonomía na planificación e procura de información en contextos persoais, ecosociais ou educativos, para transformala, comunicala de maneira persoal e creativa, e utilízala con distintos fins, e que implique a localización, a selección e o contraste de distintas fontes. Estes procesos de investigación deben ir acompañados da reflexión guiada que permita avaliar a súa fiabilidade, seguridade e pertinencia, e distinguir entre feitos e opinións. Mediante o autocontrol, a autocorrección e a autorregulación, o alumnado irá adquirindo as ferramentas intelectuais necesarias para desenvolver a habilidade de analizar e avaliar situacións e informacións e para conformar un pensamento crítico.

▪ Deben proporse modelos básicos para orientar o alumnado con respecto ás convencións establecidas para a comunicación do coñecemento adquirido en distintos formatos e soportes. A biblioteca escolar, entendida como un espazo creativo de aprendizaxe, será a contorna ideal para a adquisición desta competencia, mediante proxectos globais e interdisciplinares.

OBX7. Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.

▪ Desenvolver este obxectivo implica iniciar un camiño de progreso planificado cara á construción de personalidades lectoras en galego, o que require a dedicación dun tempo periódico e constante á lectura individual, acompañado das estratexias e estruturas adecuadas para iniciar a configuración da autonomía e a identidade lectora, que deberá desenvolverse ao longo de toda a vida. A construción da identidade lectora apela ao autoconcepto que cada un vai conformando de si mesmo como lector e relaciónase especialmente coa selección dos textos e cos hábitos lectores. Trátase, xa que logo, de fortalecer a autoimaxe de cada estudante como suxeito lector para que iso axude a ler máis e mellor. Para iso hai que partir da configuración dun corpus de textos en lingua galega adecuado e variado, equilibrando a presenza de autoras e autores, e que responda aos intereses e necesidades individuais, e favoreza o achegamento cara á reflexión sobre os grandes retos do século XXI. Seleccionaranse, preferentemente, textos que faciliten ou propicien a reflexión sobre valores como a cultura de paz, os dereitos da infancia, a igualdade de xénero e o respecto cara á diversidade familiar, funcional e étnico-cultural.

▪ A biblioteca escolar debe converterse nun centro neuráxico de aprendizaxe dos saberes básicos e da adquisición de competencias, que ofrece recursos tanto para compartir, reflexionar e expresar preferencias persoais ao redor da lectura, como para impulsar a innovación, a creatividade e o pensamento crítico da comunidade educativa. É tamén recomendable configurar comunidades lectoras con referentes compartidos; desenvolver estratexias que axuden o alumnado a seleccionar os textos do seu interese, apropiarse deles e compartir de maneira persoal e creativa a súa propia experiencia de lectura; e establecer contextos nos que xurdan motivos para ler, a partir de retos de indagación e contraste, e que propoñan maneiras de vincular afectivamente os lectores e lectoras cos textos. A medida que se avance na adquisición do obxectivo será posible ir reducindo progresivamente o acompañamento docente.

OBX8. Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.

▪ A educación literaria concíbese como unha aproximación á literatura desde as súas expresións máis sinxelas, tanto orais como escritas. É imprescindible favorecer experiencias prazenteiras que familiaricen o alumnado con referentes literarios e culturais compartidos de Galicia, que inclúan unha diversidade de autoras e autores, partindo dos máis próximos, que o acheguen á representación e interpretación simbólica e que senten as bases para consolidar o hábito lector e unha progresiva autonomía lectora. De novo, a participación en comunidades lectoras achegará valor engadido a este respecto.



▪ Proponse traballar na aula a partir dunha selección de obras ou textos literarios en lingua galega adecuados aos intereses e necesidades infantís, en distintos soportes, que se presentarán organizados ao redor de itinerarios lectores, en función de distintos criterios (temáticos, por xénero literario etc.) para que o alumnado poida establecer relacións entre eles e vaia construíndo, aínda de maneira incipiente, un mapa literario. Estes textos, ademais de ser o punto de partida para distintas actividades (escoita de textos; lectura guiada, acompañada e autónoma, silenciosa ou en voz alta, coa entoación e o ritmo adecuados; lectura dramatizada, recitado, xogos retóricos etc.), servirán tamén como modelo para a creación de textos con intención lúdica, artística e creativa e para establecer relacións e diálogos con outras manifestacións artísticas e culturais. A introdución no coñecemento da literatura galega debe servirle ao alumnado para valorar a súa importancia e singularidade como produto e expresión artística dunha cultura de seu e de relación con outras manifestacións artísticas e culturais da contorna, de Galicia e do mundo.

OBX9. Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.

▪ As primeiras reflexións sobre a linguaxe deben partir do coñecemento intuitivo que o alumnado ten como usuario dunha lingua e deben producirse sempre de maneira significativa, en contextos de produción e comprensión de textos, nunca como un proceso illado. Co acompañamento debido, que irá proporcionando un nivel progresivo de autonomía, propiciarase a comparación e transformación de palabras, frases, enunciados ou textos, para que o alumnado aprecie en que medida os cambios producidos afectan o texto, mellorando ou prexudicando a súa comprensión. Observaranse así diferentes relacións de forma, función e significado entre as palabras ou os grupos de palabras. A partir de aí, poderanse formular hipóteses, buscar exemplos e contraexemplos, establecer contrastes e comparacións etc. co fin de formular xeneralizacións que establecerán pontes entre o uso e o coñecemento lingüístico sistemático desde idades temperás, primeiro utilizando unha linguaxe común, máis próxima á realidade do escolar e da súa contorna, para despois ir introducindo de maneira progresiva a terminoloxía específica.

▪ Outras vías de reflexión poden xurdir a partir da observación das diferenzas entre a lingua oral e escrita, entre as distintas tipoloxías textuais e xéneros discursivos, ou mediante a iniciación no contraste interlingüístico a partir das distintas linguas do alumnado e daquelas integradas na realidade escolar. Neste sentido, o alumnado debe inferir que aprender e expresarse en lingua galega, valorándoa como lingua propia e mostra da identidade de Galicia, supón recoñecer a existencia da diversidade lingüística como factor cultural enriquecedor. En definitiva, trátase de estimular a reflexión lingüística axustada ás limitadas posibilidades de abstracción destas idades e vinculada aos usos reais, que inicie a construción dos coñecementos sobre a lingua que resultarán imprescindibles para un mellor uso e unha comunicación máis eficaz.

OBX10. Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.

▪ Iniciarse na adquisición deste obxectivo implica iniciar unha aprendizaxe cuxo resultado sexa formar persoas, non só eficaces á hora de comunicarse, senón que poñan as palabras ao servizo dunha finalidade conforme cun imperativo ético e edificante: erradicar os usos discriminatorios e manipuladores da linguaxe, así como os abusos de poder a través da palabra.



▪ No ámbito da comunicación persoal, a educación lingüística debe axudar a forxar relacións interpersoais baseadas na empatía e no respecto, que teñan en conta a perspectiva de xénero. Para iso, débense brindar ferramentas para a escoita activa, a comunicación asertiva, a deliberación argumentada e a resolución dialogada dos conflitos, favorecendo a construción de opinións persoais razoadas, reflexivas e xustificadas. No ámbito escolar e social, a educación lingüística debe capacitar para tomar a palabra no exercicio dunha cidadanía activa e comprometida na construción de sociedades máis equitativas, máis democráticas e máis responsables en relación cos grandes desafíos que como humanidade temos proxectados: a sustentabilidade do planeta, a erradicación das infinitas violencias e as crecentes desigualdades.

8.3. Criterios de avaliación e contidos.

Primeiro ciclo.

1º curso.

Área de Lingua Galega e Literatura Primeiro ciclo 1º curso	
Bloque 1. As linguas e os seus falantes	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	OBX1
▪ CA1.2. Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, en especial os relacionados co galego/castelán, a partir da observación da contorna.	OBX1
▪ CA1.3. Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	OBX1
▪ CA1.4. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta un recoñecemento social equilibrado das dúas linguas oficiais.	OBX10
▪ CA1.5. Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Biografía lingüística persoal e da súa contorna. ▪ Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. ▪ Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia, recoñecendo o galego como lingua propia. 	



- Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna.
- A diversidade etnocultural e lingüística no contexto escolar e familiar.
- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.
- Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.

Bloque 2. Comunicación oral

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido, da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	OBX2
▪ CA2.2. Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	OBX2
▪ CA2.3. Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	OBX2
▪ CA2.4. Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	OBX3
▪ CA2.5. Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	OBX3
▪ CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa.	OBX3
▪ CA2.7. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	OBX10
▪ CA2.8. Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	OBX10

Contidos

- Contexto.
 - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral.
- Xéneros discursivos.
 - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
 - Elementos básicos de contido (tema, léxico).
 - Interese pola ampliación de vocabulario básico.
 - Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos en lingua galega axeitados a súa idade (normas, contos...).



- Procesos: interacción oral.
 - Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade.
 - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.
 - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos.
- Procesos: comprensión oral.
 - Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes.
 - Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.
 - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, de xeito acompañado, que estimulen o seu interese e gustos.
 - Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal en anuncios, carteis publicitarios, e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.
- Procesos: produción oral.
 - Creación de textos orais básicos nos que utilicen unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
 - Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
 - Interese por expresarse oralmente cunha pronuncia e unha entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.

Bloque 3. Comunicación escrita

Crterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil e identificar o sentido global do texto.	OBX4
▪ CA3.2. Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.	OBX4
▪ CA3.3. Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	OBX4
▪ CA3.4. Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	OBX4
▪ CA3.5. Empregar a lectura de textos infantís sinxelos, en lingua galega, para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	OBX4



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.6. Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.7. Elaborar, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.8. Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.9. Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio. 	OBX10
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.10. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero. 	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contexto. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para a planificación e produción de textos básicos, en lingua galega, axeitados a súa idade (normas, contos...). – Incidencia dos compoñentes (situación e participantes) no acto comunicativo. ▪ Xéneros discursivos. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). – Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas). – Estratexias para a comprensión lectora de textos, da literatura galega, axeitados ao nivel: título e ilustracións. ▪ Procesos: comprensión lectora. <ul style="list-style-type: none"> – Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo. – Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. – Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega. – Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas. 	



- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Inicio no coñecemento básico respecto da organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal con textos da literatura galega.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita.
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións, que facilitan a comprensión do texto.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega.
- Iniciación na produción de textos escritos básicos en galego a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Iniciación nas regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 4. Alfabetización mediática e informacional

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	OBX 6
▪ CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais para a procura da información.	OBX6
▪ CA4.3. Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula ou do centro.	OBX6
▪ CA4.4. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas.	OBX6
▪ CA4.5. Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diferentes fontes.	OBX7
▪ CA4.6. Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	OBX7



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. ▪ Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de fontes sinxelas. ▪ Modelos explícitos para comunicar a información. ▪ Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro. ▪ Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura de información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. ▪ Recoñecemento de forma acompañada da autoría de escritores e escritoras galegos e galegas. ▪ Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información. ▪ Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas. 	
Bloque 5. Educación literaria	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.1. Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras da literatura galega, acordos cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.2. Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.3. Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.4. Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartida. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.5. Reproducir, de xeito acompañado, e a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.6. escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.7. Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses (contos, lendas e adiviñas), recoñecéndooas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria. 	OBX8
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses. ▪ Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. ▪ Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses. 	



- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos.
- Creación de breves relatos e contos infantís en galego, a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación.
- Relación dos textos lidos da literatura infantil galega con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas en galego, a través de conversacións dirixidas.

Bloque 6. Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais

Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA6.1. Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	OBX1
▪ CA6.2. Producir en galego, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.	OBX5
▪ CA6.3. Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia, a partir da observación, comparación e transformación de palabras nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	OBX9
▪ CA6.4. Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística, usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	OBX9
▪ CA6.5. Iniciar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	OBX9

Contidos

- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita na lingua galega.
- Estratexias para a transformación guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas da contorna escolar.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.
- Estratexias básicas de recoñecemento da intención comunicativa.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.



2º curso.

Área de Lingua Galega e Literatura Primeiro ciclo 2º curso	
Bloque 1. As linguas e os seus falantes	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	OBX1
▪ CA1.2. Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, particularmente os relacionados co galego/castelán, a partir da observación da contorna.	OBX1
▪ CA1.3. Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	OBX1
▪ CA1.4. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	OBX10
▪ CA1.5. Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Biografía lingüística persoal da súa contorna. ▪ Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. ▪ Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia, recoñecendo o galego como lingua propia. ▪ Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna. ▪ A diversidade etnocultural e lingüística na contorna escolar, familiar e social. ▪ Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. ▪ Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. 	
Bloque 2. Comunicación oral	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido, da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	OBX2
▪ CA2.2. Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	OBX2
▪ CA2.3. Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	OBX2



Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.4. Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	OBX3
▪ CA2.5. Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	OBX3
▪ CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	OBX3
▪ CA2.7. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	OBX10
▪ CA2.8. Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contexto. <ul style="list-style-type: none"> – Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. ▪ Xéneros discursivos. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). – Elementos básicos de contido (tema, léxico). – Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. – Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais en lingua galega, utilizando recursos non verbais básicos. ▪ Procesos: interacción oral. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación de forma acompañada da información xeral do texto e para a identificación dos elementos básicos da comunicación non verbal. – Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. – Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero. ▪ Procesos: comprensión oral. <ul style="list-style-type: none"> – Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes. – Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal. – Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, de xeito acompañado, que estimulen o seu interese e gustos. – Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación. 	



- Procesos: produción oral.
- Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
- Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos.
- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 3. Comunicación escrita

Cráterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	OBX4
▪ CA3.2. Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, en lingua galega, axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.	OBX4
▪ CA3.3. Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	OBX4
▪ CA3.4. Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos infantís e multimodais sinxelos, valorando os aspectos formais e non verbais.	OBX4
▪ CA3.5. Empregar a lectura de textos infantís e tradicionais sinxelos, da lingua galega, para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	OBX4
▪ CA3.6. Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	OBX4
▪ CA3.7. Producir, con axuda e en diferentes soportes, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e social, adaptados a súa idade, mobilizando de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	OBX5
▪ CA3.8. Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	OBX6
▪ CA3.9. Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	OBX10
▪ CA3.10. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	OBX10

Contidos

- Contexto.
- Estratexias para a coherencia textual na produción de textos escritos, en lingua galega.
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) no acto comunicativo.



- Xéneros discursivos.
 - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
 - Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico).
 - Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de diversa tipoloxía.
- Procesos: comprensión lectora.
 - Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
 - Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
 - Estratexias básicas de comprensión lectora, en voz alta e en silencio, e produción e comprensión de textos sinxelos, escritos en lingua galega, adaptados ao nivel que estimulen o seu interese pola lectura.
 - Valoración da lectura de textos sinxelos como medio para ampliar o vocabulario progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.
 - Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade.
 - Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
 - Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal, con textos propios da literatura galega.
 - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico.
- Procesos produción escrita.
 - Consolidación do sistema de lectoescritura.
 - Estratexias para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
 - Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a organización e a comprensión do texto.
 - Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega.
 - Produción de textos sinxelos con coherencia e orde na presentación (caligrafía clara e limpa), relativos a situacións cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
 - Creación de textos sinxelos utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics...
 - Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
 - Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas.
 - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 4. Alfabetización mediática e informacional

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	OBX6

CVE-DOG: uaqmd6c3-ry3-ddz7-8sy4-jvwzfc9i5r6



Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais e distintos soportes para a procura da información.	OBX6
▪ CA4.3. Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses.	OBX6
▪ CA4.4. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	OBX6
▪ CA4.5. Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diversas fontes.	OBX7
▪ CA4.6. Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	OBX7
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. ▪ Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de distintas fontes. ▪ Modelos explícitos para reelaborar de forma acompañada a información. ▪ Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer. ▪ Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. ▪ Recoñecemento, de forma acompañada, da autoría de textos de escritores e escritoras galegos e galegas. ▪ Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información. ▪ Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas. 	
Bloque 5. Educación literaria	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA5.1. Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras da literatura galega, acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	OBX7
▪ CA5.2. Compartir oralmente a experiencia pola lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	OBX7
▪ CA5.3. Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua como fonte de lecer e de gozo persoal.	OBX7
▪ CA5.4. Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	OBX7
▪ CA5.5. Reproducir a partir de modelos dados textos literarios sinxelos.	OBX7



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA5.6. escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> CA5.7. Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas) e recoñecéndolas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria. 	OBX8
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuados aos seus intereses. Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de textos literarios en lingua galega, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses. Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar. Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas. Cofecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais, valorando a súa importancia como fonte de lecer e gozo persoal. Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos. Creación e dramatización de breves relatos e contos infantís, adaptados á idade, a partir de modelos dados, coidando a limpeza e a presentación. Os elementos esenciais da obra literaria (tema e personaxes principais). Relación dos textos lidos da literatura infantil galega con outras manifestacións artísticas e culturais. Estratexias para a interpretación acompañada e compartida das obras (contos, lendas e adiviñas) a través de conversacións dirixidas, valorando a diversidade cultural. 	
Bloque6. Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas a produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA6.1. Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA6.2. Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA6.3. Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, comparación e transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañando de comprensión de textos en contextos significativos. 	OBX9



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA6.4. Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística usando a terminoloxía lingüística básica adecuada. 	OBX9
<ul style="list-style-type: none"> CA6.5. Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos. 	OBX9
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita na lingua galega. Estratexias para a produción guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas. Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito. Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados, prestando especial atención ás relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación. Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados mobilizando estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. Estratexias e técnicas básicas de recoñecemento da intención comunicativa. Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras. 	

Segundo ciclo.

3º curso.

Área de Lingua Galega e Literatura Segundo ciclo 3º curso	
Bloque 1. As linguas e os seus falantes	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA1.1. Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha primeira aproximación ás linguaxes de signos, identificando as empregadas no seu ámbito familiar. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA1.2. Recoñecer a existencia de prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística da súa contorna e, particularmente, a dualidade lingüística xeral galego-castelán como unha fonte de riqueza cultural. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA1.3. Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas. 	OBX1



Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.4. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	OBX10
▪ CA1.5. Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo. ▪ Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma. ▪ Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia, recoñecendo o galego como lingua propia. ▪ Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos. ▪ A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta para achegarse á súa contorna. ▪ Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. ▪ Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. 	
Bloque 2. Comunicación oral	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	OBX2
▪ CA2.2. Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	OBX2
▪ CA2.3. Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais diversos, valorando a información máis relevante.	OBX2
▪ CA2.4. Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	OBX3
▪ CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.	OBX3
▪ CA2.6. Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	OBX3
▪ CA2.7. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra desde unha reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	OBX10
▪ CA2.8. Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	OBX10



Contidos

- Contexto.
 - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos.
 - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
 - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.
 - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.
 - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos en lingua galega.
- Procesos: interacción oral.
 - Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal.
 - Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.
 - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
 - Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral.
 - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís).
 - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
 - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen intereses e gustos.
 - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global de textos orais e multimodais sinxelos.
 - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.
- Procesos: produción oral.
 - Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
 - Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
 - Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.



Bloque 3. Comunicación escrita	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.	OBX4
▪ CA3.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	OBX4
▪ CA3.3. Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	OBX4
▪ CA3.4. Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	OBX4
▪ CA3.5. Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura.	OBX4
▪ CA3.6. Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciándose, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, cuidando a presentación.	OBX5
▪ CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais sinxelos que faciliten a comprensión do sentido global do texto.	OBX5
▪ CA3.8. Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as súas normas básicas de organización e funcionamento e participando nas actividades organizadas e interesarse por formar unha pequena biblioteca propia con textos da literatura infantil galega.	OBX6
▪ CA3.9. Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	OBX9
▪ CA3.10. Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	OBX10
▪ CA3.11. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contexto. <ul style="list-style-type: none"> – Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. ▪ Xéneros discursivos. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de uso cotián. – Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). – Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes). – Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo. – Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos, en lingua galega. 	



▪ Procesos: comprensión lectora.

– Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.

– Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega.

– Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.

– Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión dos textos.

– Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.

– Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.

– Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.

– Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega.

– Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.

▪ Procesos: produción escrita.

– Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación.

– Creación de textos utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.

– Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión de textos escritos sinxelos, en diferentes soportes (incluídos os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.

– Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.

– Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos.

– Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.

– Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita das compañeiras e os compañeiros.

– Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 4. Alfabetización mediática e informacional

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	OBX6



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA4.3. Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA4.4. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA4.5. Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> CA4.6. Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar. 	OBX7
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información. Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto. Modelos explícitos para reelaborar a información. Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas. Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer. Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. Construción da identidade lectora a través da lectura de textos en galego e adecuados aos seus intereses, procedentes de diversas fontes de información. Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas. 	
Bloque 5. Educación literaria	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA5.1. Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> CA5.2. Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando na comunidade lectora escolar. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> CA5.3. Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como fonte de lecer e información. 	OBX7



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA5.4. Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> CA5.5. Reproducir, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> CA5.6. escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal e galega, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos básicos dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> CA5.7. Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> CA5.8. Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria. 	OBX8
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores. Construción da identidade lectora empregando textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses. Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida de obras, a través de conversacións literarias, participando na comunidade lectora escolar. Valoración do texto literario galego e da literatura en xeral, como vehículo de comunicación e recurso de lecer persoal. Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas. Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. Comprensión, memorización e recitado de poemas, valorando o ritmo e a entoación. Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios). Análise guiada dos recursos expresivos elementais e os seus efectos na recepción do texto. Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais. Elaboración de textos con intención literaria en galego, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios. Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro. Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos. 	



Bloque 6. Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA6.1. Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	OBX1
▪ CA6.2. Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	OBX5
▪ CA6.3. Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	OBX9
▪ CA6.4. Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	OBX9
▪ CA6.5. Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	OBX9
▪ CA6.6. Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	OBX9
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. ▪ Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito. ▪ Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas. ▪ Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación). ▪ Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ás relacións (xénero e número) que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos. ▪ Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos e aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos. ▪ Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes. ▪ Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. ▪ Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra. ▪ Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica. 	



4º curso.

Área de Lingua Galega e Literatura	
Segundo ciclo	
4º curso	
Bloque 1. As linguas e os seus falantes	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotián.	OBX1
▪ CA1.2. Identificar, con certa autonomía e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e recoñecendo a pluralidade lingüística da súa contorna, especialmente a dualidade galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural.	OBX1
▪ CA1.3. Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna e valorando a diversidade cultural existente a través da interacción coas persoas próximas.	OBX1
▪ CA1.4. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	OBX10
▪ CA1.5. Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo. ▪ Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma. ▪ Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia, recoñecendo o galego como lingua propia. ▪ Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos. ▪ A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión lingüística para achegarse á súa contorna. ▪ Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. ▪ Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. 	
Bloque 2. Comunicación oral	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	OBX2
▪ CA2.2. Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	OBX2



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA2.3. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.4. Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.6. Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.7. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero. 	OBX10
<ul style="list-style-type: none"> CA2.8. Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos. 	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Contexto. <ul style="list-style-type: none"> – Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. Xéneros discursivos. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). – Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo. – Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. – Estratexias para a coherencia e a cohesión á hora de expresarse oralmente en lingua galega. Procesos: interacción oral. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal. – Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais e informais elementais, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade. – Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación. – Estratexias de expresión e escoita activa empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero. 	



- Procesos: comprensión oral.
 - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís), realizando as inferencias necesarias.
 - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
 - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen intereses e gustos.
 - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar, recoller datos e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos.
 - Detección de posibles usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.
- Procesos: produción oral.
 - Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía, atendendo á súa intención comunicativa. Pronuncia e entoación adecuadas atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
 - Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais.
 - Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 3. Comunicación escrita

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	OBX4
▪ CA3.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	OBX4
▪ CA3.3. Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses.	OBX4
▪ CA3.4. Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	OBX4
▪ CA3.5. Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	OBX4
▪ CA3.6. Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	OBX5



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.8. Coñecer o funcionamento das bibliotecas de aula, de centro e das virtuais, participando nas actividades organizadas e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.9. Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita. 	OBX9
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.10. Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos. 	OBX10
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.11. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero. 	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contexto. <ul style="list-style-type: none"> – Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. ▪ Xéneros discursivos. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade. – Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). – Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico) e forma (estrutura, formato, título, imaxes). – Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición. – Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos en lingua galega. ▪ Procesos: comprensión lectora. <ul style="list-style-type: none"> – Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo. – Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega, realizando as inferencias necesarias. – Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. – Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión dos textos. – Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. 	



- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
 - Procesos: produción escrita.
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Creación de textos breves utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación, o modelo discursivo que corresponda e progresando no uso de normas ortográficas.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos.
- Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 4. Alfabetización mediática e informacional

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	OBX6
▪ CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	OBX6
▪ CA4.3. Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	OBX6
▪ CA4.4. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	OBX6
▪ CA4.5. Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	OBX7
▪ CA4.6. Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	OBX7



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. ▪ Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información. ▪ Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto. ▪ Modelos explícitos para reelaborar a información. ▪ Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas. ▪ Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer. ▪ Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. ▪ Construción da identidade lectora a partir de lecturas de textos en galego procedentes de diversas fontes de información. ▪ Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas. 	
Bloque 5. Educación literaria	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.1. Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses, fomentando o gusto pola lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.2. Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando na comunidade lectora escolar. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.3. Valorar os textos literarios e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega como vehículo de comunicación e como fonte de lecer e información. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.4. Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.5. Incorporar a lectura expresiva e a comprensión de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos en lingua galega na práctica escolar. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.6. escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal e galega, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos esenciais dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.7. Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.8. Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros. 	OBX8



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores. ▪ Construción da identidade lectora a través da lectura de textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e iniciación á valoración argumentada das obras. ▪ Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida das obras en galego, a través de conversacións literarias, participando activamente na comunidade lectora escolar. ▪ Valoración dos textos literarios da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal. ▪ Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas. ▪ Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. ▪ Comprensión, memorización e recitado de poemas, progresando no ritmo, entoación e dicción. ▪ Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios, trama, escenario, linguaxe) na construción do sentido da obra. ▪ Análise guiada dos recursos expresivos e os seus efectos na recepción do texto. ▪ Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais. ▪ Recoñecemento de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro) e elaboración de textos con intención literaria de maneira libre, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios, valorando o sentido estético e a creatividade. ▪ Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos e diferenciación dos principais xéneros literarios. 	
Bloque 6. Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas a produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.1. Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.2. Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.3. Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos. 	OBX9
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.4. Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais. 	OBX9



Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA6.5. Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	OBX9
▪ CA6.6. Sistematizar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	OBX9
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. ▪ Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional. ▪ Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas de xeito individual e grupal. ▪ Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación), utilización, formulación e comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas. ▪ Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ás relacións (xénero, número, persoa) que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos, utilizando unha metalinguaxe específica elemental. ▪ Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos, aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos e ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical elemental de referencia interna. ▪ Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes. ▪ Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. ▪ Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. ▪ Procedementos elementais de adquisición e ampliación de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica. 	

Terceiro ciclo.

5º curso.

Área de Lingua Galega e Literatura	
Terceiro ciclo	
5º curso	
Bloque 1. As linguas e os seus falantes	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	OBX1



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA1.2. Detectar, de xeito guiado e con autonomía crecente en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA1.3. Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA1.4. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, recoñecendo os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal guiada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais. 	OBX10
<ul style="list-style-type: none"> CA1.5. Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas e coa perspectiva de xénero. 	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica. Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia, recoñecendo o galego como lingua propia. Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. 	
Bloque 2. Comunicación oral	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA2.2. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar e un vocabulario adecuado ao nivel. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.3. Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.4. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA2.5. Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir de experiencias e interaccións orais próximas. 	OBX3



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.7. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero. 	OBX10
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.8. Mobilizar coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos e propondo solucións creativas. 	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contexto. <ul style="list-style-type: none"> – Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral. ▪ Xéneros discursivos. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. – Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información). – Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. – Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega. ▪ Procesos: interacción oral. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos. – Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo. – Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. – Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero. 	



- Procesos: comprensión oral.
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.
- Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, a información relevante e a integración da información explícita de textos sociais orais e multimodais.
- Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, internet.
- Procesos: produción oral.
- Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. Pronuncia e entoación adecuadas nos distintos contextos, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 3. Comunicación escrita

Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal.	OBX4
▪ CA3.2. Comprender distintos tipos de textos en lingua galega valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	OBX4
▪ CA3.3. Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, en lingua galega identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	OBX4
▪ CA3.4. Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	OBX4
▪ CA3.5. Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	OBX4



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA3.6. Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA3.8. Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e das virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual, contextos variados da literatura galega. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA3.9. Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita. 	OBX9
<ul style="list-style-type: none"> CA3.10. Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos. 	OBX10
<ul style="list-style-type: none"> CA3.11. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero. 	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Contexto. <ul style="list-style-type: none"> – Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita. Xéneros discursivos. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. – Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve. – Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía). – Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega. – Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz. – Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación. Procesos: comprensión lectora. <ul style="list-style-type: none"> – Lectura grupal ou individual de textos literarios e non literarios con entoación e ritmo progresivamente fluídos. 	



- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos en lingua galega.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias de coñecemento progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.
- Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e a súa utilización como fonte de información e lecer.
- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos básicos da súa organización (catalogación, funcionamento) e participación en actividades de corte literario. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais, con textos variados da literatura galega.
- Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
- Procesos: produción escrita.
- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos.
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e autocorrección.
- Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e claridade do texto.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 4. Alfabetización mediática e informacional

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados.	OBX6



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA4.3. Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA4.4. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información de modo eficiente e responsable. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA4.5. Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses avanzando na construción da súa identidade lectora. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> CA4.6. Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar. 	OBX7
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social. Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información. Identificación e valoración crítica, de forma autónoma, das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto. Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais básicas. Síntese e reelaboración de coñecementos de forma acompañada e con apoio de modelos. Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas. Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora. Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar. 	
Bloque 5. Educación literaria	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA5.1. Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> CA5.2. Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras no ámbito escolar ou social. 	OBX7



<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.3. Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.4. Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.5. Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.6. escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, especialmente da literatura galega, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos, e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira acompañada. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.7. Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.8. Recoñecer e interpretar recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA5.9. Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas. 	OBX8
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores. ▪ Progreso na construción da identidade lectora en textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras de forma acompañada. ▪ Interpretación progresivamente autónoma e compartida das obras literarias en galego a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social. ▪ Valoración dos textos literarios e da literatura en xeral, como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal. ▪ Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas. ▪ Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. ▪ Análise acompañada da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción progresivamente autónoma do sentido da obra. ▪ Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais do contorno galego. ▪ Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados. ▪ Creación de textos literarios de maneira libre, en galego e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados. ▪ Identificación de recursos literarios básicos. ▪ Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas e da súa contorna. 	



Bloque 6. Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA6.1. Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA6.2. Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA6.3. Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua galega de maneira acompañada, formulando hipótese e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos. 	OBX 9
<ul style="list-style-type: none"> CA6.4. Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada. 	OBX 9
<ul style="list-style-type: none"> CA6.5. Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais. 	OBX9
<ul style="list-style-type: none"> CA6.6. Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz. 	OBX9
<ul style="list-style-type: none"> CA6.7. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos. 	OBX9
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa. Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través de observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas. Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple, a partir de metalinguaxe específica elemental. Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas. Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais. 	



- Mecanismos léxicos básicos para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.
- Estratexias elementais para o uso progresivamente autónomo de dicionarios, en distintos soportes.
- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

6º curso.

Área de Lingua Galega e Literatura Terceiro ciclo 6º curso	
Bloque 1. As linguas e os seus falantes	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	OBX1
▪ CA1.2. Detectar de forma autónoma e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega.	OBX1
▪ CA1.3. Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	OBX1
▪ CA1.4. Recoñecer e rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha consideración social equilibrada das dúas linguas.	OBX10
▪ CA1.5. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas, e coa perspectiva de xénero.	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica e cultural. ▪ Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. 	



- Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia, recoñecendo o galego como lingua propia.
- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes.
- A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística.
- Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.

Bloque 2. Comunicación oral

Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	OBX2
▪ CA2.2. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar, interpretar e un vocabulario adecuado ao nivel.	OBX3
▪ CA2.3. Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	OBX3
▪ CA2.4. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	OBX3
▪ CA2.5. Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.	OBX3
▪ CA2.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	OBX6
▪ CA2.7. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios ea discriminación polo uso da lingua galega, e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	OBX10
▪ CA2.8. Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.	OBX10

Contidos

- Contexto.
 - Incidencia dos compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral.
- Xéneros discursivos.
 - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
 - Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información).



- Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións.
- Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega.
 - Procesos: interacción oral.
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos e a realización de inferencias para superar o seu sentido literal.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Estratexias de escoita activa, asertividade e proposta de solución creativa para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria e rexeitando a discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación e tendo en conta a perspectiva de xénero.
 - Procesos: comprensión oral.
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Estratexias de identificación e interpretación e do sentido global, da información relevante e da integración da información explícita e a realización de inferencias para superar o sentido literal de textos sociais orais e multimodais.
- Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, internet...
 - Procesos: produción oral.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.
- Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. Pronuncia e entoación adecuadas nos distintos contextos, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a planificación e produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 3. Comunicación escrita

Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA3.1. Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias directas de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal. 	OBX4

CVE-DOG: uaqmd6c3-yry3-ddz7-8sy4-jwvzicp9i5r6



Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.2. Comprender distintos tipos de textos en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	OBX4
▪ CA3.3. Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole en lingua galega, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	OBX4
▪ CA3.4. Analizar, de maneira autónoma o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	OBX4
▪ CA3.5. Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	OBX4
▪ CA3.6. Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	OBX5
▪ CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	OBX5
▪ CA3.8. Utilizar as bibliotecas da aula e do centro e as virtuais, cada vez con máis autonomía, comprendendo como se organizan e colaborando no seu coidado e mellora e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual, con textos variados da literatura galega.	OBX6
▪ CA3.9. Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	OBX9
▪ CA3.10. Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	OBX10
▪ CA3.11. Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	OBX10
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contexto. <ul style="list-style-type: none"> – Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita. ▪ Xéneros discursivos. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. – Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación. – Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía). – Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega. 	



- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
 - Procesos: comprensión lectora.
- Lectura individual de textos literarios e non literarios con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos en lingua galega.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais relativamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.
- Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos da súa organización (catalogación, funcionamento), participación en actividades de corte literario e obtención de información e modelos para a súa produción escrita. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e visuais, con textos variados da literatura galega.
- Estratexias para identificar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
 - Procesos: produción escrita.
- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais complexos, con distintos propósitos comunicativos.
- Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias individuais ou grupais de planificación, redacción, revisión e autocorrección.
- Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.



Bloque 4. Alfabetización mediática e informacional	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA4.1. Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira autónoma ofrecendo información extraída de distintas fontes, citándoas e recreándoas de maneira creativa. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA4.3. Utilizar a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía, aplicando as normas de funcionamento desta. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA4.4. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da Información e da comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA4.5. Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, autores e autoras da literatura galega, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> CA4.6. Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar. 	OBX7
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social. Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información. Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto. Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais elementais. Síntese e reelaboración de coñecementos de forma progresivamente autónoma e con apoio de modelos. Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas. Utilización autónoma da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen identidade lectora. Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar. 	



Bloque 5. Educación literaria	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA5.1. Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.	OBX7
▪ CA5.2. Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras no ámbito escolar ou social.	OBX7
▪ CA5.3. Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer, información e coñecemento cultural.	OBX7
▪ CA5.4. Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	OBX7
▪ CA5.5. Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	OBX8
▪ CA5.6. escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, especialmente da literatura galega, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos, valorándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira progresivamente autónoma.	OBX8
▪ CA5.7. Producir, de maneira autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	OBX8
▪ CA5.8. Recoñecer e interpretar algúns recursos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	OBX8
▪ CA5.9. Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral, establecendo diferenzas entre eles e o seu uso: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	OBX8
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Lectura autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores, iniciándose na súa análise. ▪ Progreso na construción da identidade lectora en textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras. ▪ Interpretación autónoma e compartida das obras literarias en lingua galega a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar e social. ▪ Valoración dos textos literarios e da literatura en xeral, como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal. ▪ Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas e de experiencias de gozo de persoal. ▪ Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. 	



- Análise acompañada da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción progresivamente autónoma do sentido da obra.
- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais do contorno galego.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.
- Creación de textos literarios de maneira libre, en galego e con progresiva complexidade (léxico, estruturas, sentido estético) e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Identificación de recursos literarios.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas e da súa contorna.

Bloque 6. Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais

Cráterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA6.1. Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	OBX1
▪ CA6.2. Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	OBX5
▪ CA6.3. Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua galega de maneira progresivamente autónoma, formulando hipóteses e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	OBX 9
▪ CA6.4. Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	OBX 9
▪ CA6.5. Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.	OBX9
▪ CA6.6. Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenciais co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	OBX9
▪ CA6.7. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	OBX9

Contidos

- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través de observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas.



- Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestándolle especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple, a partir de metalinguaxe específica elemental.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.
- Mecanismos léxicos elementais para a adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.
- Estratexias elementais para o uso autónomo de dicionarios, en distintos soportes.
- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

8.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na área de Lingua Galega e Literatura desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da área e, en combinación co resto de áreas, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da área e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos apartados seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.



Relación entre os obxectivos da área de Lingua Galega e Literatura e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da área	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2	2	2	1	3	3	3		
OBX3	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7	1-4			3	1			1-2-3
OBX8	1-2-4							1-2-3-4
OBX9	1-2	2	1-2		5			
OBX10	1-5	3		3	3	1-2-3		

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– As propostas e o deseño de situacións comunicativas reais, nos ámbitos persoal, social e educativo permitiránlle ao alumnado o progreso na aprendizaxe desta área e o desenvolvemento da súa competencia lingüística en galego. Facilitarase a súa participación activa.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo.

– O deseño de situacións de aprendizaxe contextualizadas, significativas e relevantes, atendendo á súa gradación e complementariedade, servirán para traballar de maneira proporcionada todos os contidos do currículo de Lingua Galega e Literatura durante o ano escolar e para que o alumnado aprenda a expresarse en lingua galega, comprendendo gradualmente este sistema propio e singular de comunicación, de expresión, de identidade e de entender e interpretar a realidade; de tal xeito que o logro dos obxectivos debe producirse de maneira progresiva ao longo da etapa, a partir da articulación, de forma coordinada e interrelacionada, dos saberes de todos os bloques. Promoverase, así mesmo, a interacción comunicativa e a colaboración do alumnado entre si e cos demais axentes que



interveñen nos procesos de ensino-aprendizaxe. O traballo interdisciplinar debe achegar un valor engadido ao potenciar o carácter competencial das aprendizaxes.

– A observación e análise en contextos significativos para o alumnado no primeiro ciclo, reflexionando sobre modelos textuais adecuados, dará paso aos avances e complexidades ao longo da etapa cara a unha crecente autonomía na produción e comprensión lingüística, incidindo na aprendizaxe da propia lingua galega. A educación lingüística ten unha dimensión claramente competencial, de aí que a gradación entre ciclos deberá facerse en función da complexidade dos textos, dos contextos de uso, das habilidades de interpretación ou de produción requiridas, da metalinguaxe necesario para a reflexionar sobre os usos, así como do grao de autonomía conferido ao alumnado. Partirase da diversidade de traxectorias educativas, procurando que a progresión nas aprendizaxes se desenvolva a partir da reflexión, comprensión ou produción.

– A programación de actividades de ámbito dixital debe contribuír á mellora das competencias, á alfabetización mediática e informacional e influír, de xeito significativo, nos procesos de ensino-aprendizaxe; ten que ir acompañada dun cambio de metodoloxía, facilitando a participación activa do alumnado.

– O desenvolvemento da formación lectora implica potenciar a lectura, a comprensión e interpretación de obras próximas aos seus gustos e á súa madurez cognitiva, a dramatización ou interpretación de fragmentos e a creación de textos propios con intención literaria, posibilitando o progreso do alumnado na construción da súa identidade lectora, na comprensión das relacións con outras manifestacións artísticas ou culturais da contorna, de Galicia e do mundo e no coñecemento básico sobre obras representativas tradicionais e actuais da literatura galega, entendendo a literatura galega como parte representativa dunha cultura propia. Neste sentido, as bibliotecas de aula, do centro e as virtuais deberán conformar os escenarios básicos para as actividades literarias compartidas.

– Mobilizaranse as estratexias necesarias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– Impulsarase a realización de proxectos significativos para o alumnado de diferentes niveis, en grupos reducidos para favorecer, desde o ámbito da comunicación, a adquisición de competencias clave, e a resolución de problemas de forma cooperativa e en equipo, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.



– Resulta esencial poñer a énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. A atención á diversidade debe estar presente en todas as accións, medidas e decisións metodolóxicas no ámbito educativo para potenciar a inclusión e permitir dar resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Así, o deseño de actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado, axudará a desenvolver unha atención individualizada.

– Fomentarase o uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, respectuosa coas diferenzas, coa perspectiva de xénero, coa igualdade entre homes e mulleres e coas distintas linguas. É fundamental brindarlle ao alumnado as ferramentas esenciais para a construción de opinións persoais razoadas, reflexivas e xustificadas; para a resolución dialogada dos conflitos e para a valoración crítica da información, coa finalidade de construír sociedades máis equitativas e democráticas.

– As relacións entre a área de Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Literatura, nun contexto de diversidade lingüística servirán de base para unha educación plurilingüe do alumnado. Debe propiciarse un tratamento integrado das linguas como canle relevante para estimular a reflexión interlingüística, xunto coas linguas estranxeiras.

– O progreso nas aprendizaxes da área debe permitirlle ao alumnado responder a situacións comunicativas reais nos ámbitos persoal, social e educativo. De aí que a programación de aula deba vertebrarse ao redor de situacións de aprendizaxe representativas e contextualizadas.

9. Matemáticas.

9.1. Introducción.

As matemáticas desempeñan un papel indispensable na nosa sociedade, forman parte do noso patrimonio cultural e están presentes en calquera actividade humana. O seu carácter instrumental vincúlalas coa maioría das áreas de coñecemento: as ciencias da natureza, a enxeñaría, a tecnoloxía, as ciencias sociais ou a arte (música, arquitectura, cinema...). Os descubrimentos matemáticos permitiron o desenvolvemento de ámbitos tan diversificados como os arquitectónicos, informáticos, tecnolóxicos, astronómicos ou sociais.



Ademais, as matemáticas posúen un valor propio, constitúen un conxunto de ideas e formas de actuar que permiten coñecer e estruturar a realidade, analízala e obter información nova con conclusións que inicialmente non estaban explícitas. As matemáticas integran características como o dominio do espazo, o tempo, a proporción, a optimización de recursos, a análise da incerteza ou o manexo da tecnoloxía dixital; promoven o razoamento, a argumentación, a comunicación, a perseveranza, a toma de decisións ou a creatividade.

Na era da información e da comunicación cobran especial interese as habilidades no manexo e xestión de datos e da información, así como o pensamento computacional; as matemáticas contribúen ao desenvolvemento de ambos. Xogan un papel esencial ante os actuais desafíos sociais e ambientais aos que o alumnado terá que enfrontarse no seu futuro, como instrumento para analizar e comprender mellor a contorna próxima e global, os problemas sociais, económicos, científicos e ambientais e para avaliar solucións viables. As matemáticas eríxense como un saber instrumental indispensable para alcanzar os obxectivos de desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas.

En consecuencia con todo o anterior, a proposta curricular da área de Matemáticas en educación primaria establece uns ensinamentos que se persegue alcanzar, por unha banda, o desenvolvemento máximo das potencialidades en todo o alumnado desde unha perspectiva inclusiva, á vez que fomenta o interese polas matemáticas; por outra banda, a alfabetización matemática, é dicir, a adquisición dos coñecementos, as habilidades e as destrezas necesarias para aplicar a perspectiva e o razoamento matemático na formulación dunha situación-problema próxima ao seu contexto cotián, seleccionar as ferramentas adecuadas para a súa resolución, interpretar as solucións en contexto e tomar decisións estratéxicas. Esta visión das matemáticas desenvolverá destrezas imprescindibles na formación dunha cidadanía comprometida e reflexiva capaz de enfrontar os desafíos do século XXI.

O desenvolvemento curricular da área de Matemáticas oríentase á consecución da finalidade da educación primaria e presta unha especial atención ao desenvolvemento e a adquisición das competencias clave conceptualizadas no perfil de saída que o alumnado debe conseguir ao finalizar esta etapa, e cuxos descritores constituíron o marco de referencia para a definición dos obxectivos de área.

A área organízase en cinco procesos matemáticos: destrezas socioemocionais, resolución de problemas, razoamento e proba, conexións, e comunicación e representación. A resolución de problemas e as destrezas socioemocionais constitúen os eixes fundamentais



da aprendizaxe das matemáticas. Polo tanto, ha de ser prioritario o seu ensino fronte a outros aspectos en canto ao tempo e a atención que requirirá a súa abordaxe na aula.

A resolución de problemas é unha actividade presente na vida diaria e a través da cal se poñen en acción outros procesos da competencia matemática como o razoamento e o pensamento computacional, a representación de obxectos e a comunicación empregando a linguaxe matemática. Constitúe na área un contexto de aprendizaxe presentándolle retos ao alumnado que resolverá manipulando, simulando, hipotetizando, contrastando, compartindo, imaxinando, observando ou creando. Ao mesmo tempo, a comprensión do problema, a identificación dos datos e a capacidade de expresar a solución e a forma de chegar a ela, son destrezas vinculadas coa competencia en comunicación lingüística.

As destrezas socioemocionais contribúen de forma fundamental á finalidade da educación primaria ao traballar todos os aspectos relacionados coa convivencia e o benestar emocional do alumnado, ao mesmo tempo que axudan a mellorar o rendemento e a potenciar a igualdade.

Abordando un enfoque competencial, os criterios de avaliación e os contidos, graduados a través dos sucesivos niveis, véntense ao redor dos cinco procesos descritos anteriormente. Hai unha progresión que parte de contornas moi próximas e manipulativas en relación coa etapa de educación infantil e que facilita a transición cara a aprendizaxes máis formais favorecendo o desenvolvemento da capacidade de pensamento abstracto na educación secundaria.

Os obxectivos de área avalíaranse a través da posta en acción de diversos contidos. Estes, entendidos como un medio, non como un fin, teñen conexións cos criterios de avaliación. No currículo indícanse esas conexións a través dunha redacción integradora.

Os contidos estrutúranse en seis sentidos arredor do concepto de sentido matemático e integran un conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes deseñados de acordo co desenvolvemento evolutivo do alumnado. Os procesos de resolución de problemas e as destrezas socioemocionais abordaranse e avalíaranse de forma transversal en todos os sentidos matemáticos.

O sentido numérico caracterízase polo desenvolvemento de habilidades e modos de pensar baseados na comprensión, a representación e o uso flexible de números e operacións para, por exemplo, orientar a toma de decisións.



O sentido da medida caracterízase por comprender e comparar atributos dos obxectos do mundo natural, entender e elixir as unidades adecuadas para estimar, medir e comparar; usar instrumentos adecuados para realizar medicións e comprender as relacións entre magnitudes utilizando a experimentación.

O sentido espacial é fundamental para comprender e apreciar os aspectos xeométricos do mundo, identificar, representar e clasificar figuras, descubrir as súas propiedades e relacións, describir os seus movementos e razoar con elas.

O sentido alxébrico e pensamento computacional proporciona a linguaxe na que se comunican as matemáticas, así como a necesaria e progresiva tradución da linguaxe oral ou escrita á linguaxe matemática. Recoñecer patróns e relacións entre variables, expresar regularidades ou modelizar situacións con expresións simbólicas son as súas características fundamentais. O pensamento computacional permite secuenciar en pasos sinxelos unha situación complexa.

O sentido estocástico oriéntase cara ao razoamento e a interpretación de datos, a valoración crítica e a toma de decisións a partir de información estatística, ademais da comprensión e comunicación de fenómenos aleatorios en situacións da vida cotiá.

O sentido socioemocional integra coñecementos, destrezas e actitudes esenciais para entender as emocións e os valores de respecto, igualdade e resolución pacífica de conflitos, así como o da perseveranza ou a asunción do erro como parte da aprendizaxe. Manexar correctamente estas habilidades mellora o rendemento do alumnado en matemáticas, fomenta actitudes positivas cara a elas, contribúe a erradicar ideas preconcebidas relacionadas co xénero ou o mito do talento innato indispensable e promove unha aprendizaxe activa e viva. Para reforzar este fin, resultará esencial darlle a coñecer ao alumnado as contribucións das matemáticas e os matemáticos ao longo da historia de forma que teñan uns referentes que contribúan a construír unha identidade propia. Neste sentido a convivencia e o traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos serán claves para adquirir un conxunto de habilidades e destrezas que fomenten os valores de respecto e resolución pacífica de conflitos, principios básicos para formar unha cidadanía tolerante e respectuosa coas diferenzas que convive en igualdade.

A área matemática ten que abordarse de forma práctica de tal maneira que permita conectar as aprendizaxes a adquirir polo alumnado co seu contexto próximo, concedéndolle especial relevancia á vivencia, manipulación e experimentación, propoñéndolle ao alumnado situacións de aprendizaxe que propicien a adquisición de actitudes de perseveranza e



colaboración, a exploración, a reflexión, o razoamento, o establecemento de conexións, a anticipación de resultados, a investigación, a comunicación e a representación.

Do mesmo xeito, resulta necesario empregar metodoloxías que posibiliten poñer o alumnado en situación de desenvolver as competencias clave e alcanzar os fins da educación primaria recollidos no artigo 16.2 da lei. Serán necesarias, pois, metodoloxías (pequenos proxectos, aprendizaxe baseada en problemas, método de casos, plans de traballo, tarefas complexas) que favorezan a integración de áreas, a visión global dos sucesos, a investigación, o manexo de diversos recursos e fontes, o intercambio respectuoso de ideas, a comparación de estratexias, a convivencia, a cooperación e a autorregulación da aprendizaxe; metodoloxías activas que fomenten no alumnado a curiosidade, as ganas de seguir aprendendo e xeren actividades socialmente relevantes.

9.2. Obxectivos.

Obxectivos da área
OBX1. Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.
<ul style="list-style-type: none">▪ A comprensión dunha situación problematizada na que se intervéen desde o ámbito matemático é sempre o primeiro paso cara á súa resolución. Unha boa interpretación dos problemas permite representalos matematicamente, identificar os datos útiles descartando os superfluos e coñecer as relacións máis relevantes. A interpretación de situacións problematizadas non se limita só á comprensión de problemas escritos, senón tamén de problemas orais, visuais (a través de debuxos, imaxes, fotografías) ou con materiais manipulativos. Con iso, búscase que o alumnado comprenda a contorna próxima, ademais de dotalo de ferramentas para que poida establecer unha correcta representación do mundo que lle rodea e poida afrontar e resolver as situacións problemáticas que se lle presenten, tanto na escola como na súa vida cotiá.▪ Os contextos na resolución de problemas proporcionan un amplo abano de posibilidades para a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, así como das diferentes competencias cunha perspectiva global, fomentando o respecto mutuo e a cooperación entre iguais con especial atención á igualdade de xénero, a inclusión e a diversidade persoal e cultural. Estes contextos inclúen o persoal, o escolar, o social, o científico e o humanístico. Ofrecen unha oportunidade para integrar as oito competencias clave e incluír a formulación dos grandes problemas que se lle presentan á humanidade. Os problemas relacionados co cambio climático (a deforestación, as catástrofes provocadas pola acción da especie humana), a sustentabilidade (os 7R para o medio ambiente, o consumo responsable, a globalización), os estilos de vida saudable ou a previsión de enfermidades son problemas cuxa formulación desde o punto de vista matemático espertan o interese do alumnado polas matemáticas e conciencian a este das consecuencias destes problemas para o futuro da nosa sociedade.



OBX2. Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.

- A resolución de problemas constitúe unha parte fundamental da aprendizaxe das matemáticas: como obxectivo en si mesmo e como eixe metodolóxico para a construción do coñecemento matemático.

- Como obxectivo en si mesmo entran en xogo diferentes estratexias para obter as posibles solucións: analogía, ensaio e erro, resolución inversa, tanteo, descomposición en problemas máis sinxelos... Coñecer unha variedade de estratexias permite abordar con seguridade futuros retos que se lle propoñan ao alumnado e facilita o establecemento de conexións. As estratexias non deben centrarse unicamente na resolución aritmética, senón que tamén se facilitarán situacións que poidan ser resoltas a través da manipulación de materiais, o deseño de representacións gráficas ou a argumentación verbal. A elección da estratexia e a súa periódica revisión durante a resolución do problema implica tomar decisións, anticipar a resposta, seguir as pautas establecidas, asumir riscos, proceder con flexibilidade e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe. Son procesos implicados na resolución de problemas a interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, hipóteses de resolución e proposta de plan, contraste e argumentación de puntos de vista, simbolización, elaboración, revisión do proceso e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma clara, ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido.

- Como eixe metodolóxico proporciona novas conexións entre os coñecementos do alumnado, construíndo así novos significados e coñecementos matemáticos que contribúen claramente á competencia STEM.

- Asegurar a validez das solucións supón razoar sobre o proceso seguido e avalialas en canto á súa corrección matemática. Con todo, tamén debe fomentarse a reflexión crítica sobre a idoneidade das solucións no contexto exposto e as implicacións que terían desde diversos puntos de vista (consumo responsable, saúde, medio ambiente, sustentabilidade).

OBX3. Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.

- O razoamento e o pensamento analítico incrementan a percepción de patróns, estruturas e regularidades, así como a observación e identificación de características, relacións e propiedades de obxectos. Con iso, fórmulanse conxecturas ou afirmacións en contextos cotiáns, desenvolvendo ideas, explorando fenómenos, argumentando conclusións e xerando novos coñecementos. A análise matemática contribúe, polo tanto, ao desenvolvemento do pensamento crítico, xa que implica analizar e profundar na situación ou problema, exploralo desde diferentes perspectivas, formular as preguntas adecuadas e ordenar as ideas de forma que teñan sentido.

- Lograr que o alumnado detecte elementos matemáticos na contorna que o rodea ou en situacións da súa vida cotiá, facéndose preguntas ou formulando conxecturas, desenvolve unha actitude activa ante o traballo, así como unha actitude proactiva ante a aprendizaxe. Deste xeito, contribúese ao incremento do razoamento e da análise crítica a través da observación e da reflexión. Ademais, desenvólvense destrezas comunicativas ao expresar o observado, as preguntas formuladas e o proceso de proba levado a cabo.



OBX4. Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.

- O pensamento computacional preséntase como unha das habilidades clave no futuro do alumnado, xa que entronca directamente coa resolución de problemas e coa formulación de procedementos. Require a abstracción para identificar os aspectos máis relevantes e a descomposición en tarefas máis simples para chegar ás posibles solucións que poidan ser executadas por un sistema informático, unha persoa ou unha combinación de ambos.

- Aplicar o pensamento computacional á resolución de problemas no contexto próximo do alumnado implica analizar a información, descompoñer o problema e expresar nunha linguaxe simbólica cada unha das accións que hai que realizar para resolver a situación dada. Ademais, tamén implica unha previsión daquelas situacións que levarían a un bloqueo que impediría alcanzar o obxectivo perseguido. Desta forma, o alumnado anticipase a eses supostos e busca unha solución que resolva o problema nese caso.

OBX5. Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.

- A conexión entre os diferentes obxectos matemáticos (conceptos, procedementos, sistemas de representación) achega unha comprensión máis profunda e duradeira dos saberes adquiridos, proporcionando unha visión máis ampla sobre o propio coñecemento. Esta visión global e interrelacionada dos coñecementos contribúe á creación de conexións con outras áreas, así como coa vida cotiá do alumnado, por exemplo, na planificación e xestión da súa propia economía persoal ou na interpretación de información gráfica en diversos medios. Comprender que os saberes matemáticos non son elementos illados, senón que se interrelacionan entre si formando un todo, desenvolven a capacidade de comprensión da contorna e dos sucesos que nela acontecen, creando unha base sólida onde asentar novos coñecementos, afrontar retos e adoptar decisións informadas.

- Doutra banda, o recoñecemento da conexión das matemáticas con outras áreas, coa vida real ou coa súa propia experiencia permítelle ao alumnado entender a utilidade das matemáticas. A vinculación coa música, a medicina, a física, a arte ou as ciencias sociais, por exemplo, espertan o interese do alumnado pola área e concienciano da necesidade do seu estudo para a súa futura vida profesional e persoal.

OBX6. Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrita, gráfica, multimodal e a terminoloxía matemática apropiada, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas.

- A comunicación e o intercambio de ideas é unha parte esencial da educación científica e matemática. A través da comunicación, as ideas, conceptos, procedementos e actitudes convértense en obxectos de reflexión, perfeccionamento, discusión, rectificación e validación. A capacidade de analizar verbalmente e expresar o razoado vese como unha necesidade para desenvolverse socialmente. O alumnado emprega o vocabulario matemático adecuado, organiza e expón as ideas que quere transmitir. Por outra banda, é capaz de comprender as ideas, conceptos e razoamentos expostos polo resto do alumnado, de forma que está en condicións de aceptar e rebater eses argumentos.



▪ Comunicar o pensamento matemático con claridade, coherencia e de forma adecuada á canle de comunicación contribúe a cooperar, afianzar e xerar novos coñecementos. A representación matemática, como elemento comunicativo, utiliza unha variedade de linguaxes como a verbal, gráfica, simbólica ou tabular, a través de medios tradicionais e dixitais, que permiten expresar ideas matemáticas con precisión en contextos diversos (persoais, escolares, sociais, científicos e humanísticos). O alumnado ha de recoñecer e comprender a linguaxe matemática presente en diferentes formatos e contextos, partindo dunha linguaxe próxima e adquirindo progresivamente a terminoloxía precisa e co rigor científico que caracteriza ás matemáticas. Nesta comunicación, toma especial relevancia que o alumnado transmita a información matemática adecuando o formato da mensaxe á audiencia e ao propósito comunicativo.

OBX7. Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.

▪ Resolver problemas matemáticos ou retos máis globais nos que interveñen as matemáticas debe ser unha tarefa gratificante. A adquisición de destrezas emocionais dentro da aprendizaxe das matemáticas fomenta o benestar do alumnado, diminúe a ansiedade e inseguridade e, en definitiva, aumenta o interese pola área. Para iso, o alumnado debe identificar e xestionar as súas emocións, recoñecer as fontes de estrés, manter unha actitude positiva, ser perseverante e pensar de forma crítica e creativa. É fundamental entender o erro como unha oportunidade para construír aprendizaxe contribuíndo a desenvolver a resiliencia, ter unha actitude proactiva ante novos retos matemáticos e medrar de maneira persoal.

▪ Con todo iso, contribúese a desenvolver unha disposición ante a aprendizaxe que fomente a transferencia das destrezas adquiridas a outros ámbitos da vida, favorecendo a aprendizaxe e o benestar persoal como parte integral do proceso vital das persoas. Neste ámbito é necesario traballar con perspectiva de xénero para favorecer unha efectiva igualdade de oportunidades.

OBX8. Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.

▪ Con este obxectivo de área preténdese fomentar os valores de respecto, igualdade e resolución pacífica de conflitos. Estes valores trabállanse á vez que o alumnado resolve os retos matemáticos propostos. Con iso desenvólvense destrezas de comunicación efectiva, planificación, indagación, motivación e confianza que crean relacións e contornas saudables de traballo. Neste contexto resulta imprescindible a organización en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados rotatorios, tanto en equipos colaborativos como cooperativos. Desta forma, constrúense relacións saudables, solidarias e comprometidas, afiánzase a autoconfianza e normalízanse situacións inclusivas de convivencia en igualdade.

▪ A este obxectivo de área contribúe tamén o estudo da achega das matemáticas e dos matemáticos ao desenvolvemento das sociedades ao longo da historia buscando a proximidade da área á súa vida e, polo tanto, aos seus intereses e motivacións.

▪ Desta forma, dótase o alumnado de ferramentas e estratexias de comunicación efectiva e de traballo en equipo como un recurso necesario para o futuro. Así, trabállanse a escoita activa e a comunicación asertiva, o alumnado colabora de maneira creativa, crítica, igualitaria e responsable e abórdase a resolución de conflitos de maneira positiva, empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.



9.3. Criterios de avaliación e contidos.

Primeiro ciclo.

1º curso.

Área de Matemáticas Primeiro ciclo 1º curso	
Bloque 1. Sentido numérico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	OBX8
▪ CA1.2. Comprender as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	OBX1
▪ CA1.3. Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	OBX1
▪ CA1.4. Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	OBX2
▪ CA1.5. Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	OBX2
▪ CA1.6. Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	OBX3
▪ CA1.7. Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	OBX5
▪ CA1.8. Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	OBX6
Contidos	
▪ Contaxe. – Estratexias para contar e recontar a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos. ▪ Cantidade. – Estimación razoada de cantidades ata o 99 en problemas cotiás con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. – Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso. – Identificación, lectura, escritura e representación en recta numérica, ábaco, regrestas e con obxectos cotiás de números naturais ata o 99. – Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá.	



- Sentido das operacións.
 - Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 99 en contextos significativos, explicación oral das estratexias seguidas e valoración do erro como parte da aprendizaxe.
 - Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas e o uso de forma guiada dos procesos adecuados.
 - Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, hipóteses de resolución, contraste de puntos de vista, realización de operacións, verificación e idoneidade do resultado e explicitación do proceso seguido.
- Relacións.
 - Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 99) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta.
 - Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 99) e ordinais (ata o 5º) como solución de problemas de situacións cotiás.
 - Estratexias manipulativas e gráficas para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiás de forma guiada.
- Educación financeira.
 - Situacións de compra e venda en xogos en equipo nas que se utilicen diferentes combinacións de moedas e billetes do sistema monetario da UE.

Bloque 2. Sentido da medida

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	OBX8
▪ CA2.2. Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	OBX2
▪ CA2.3. Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente formuladas.	OBX2
▪ CA2.4. Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resolven matematicamente.	OBX3
▪ CA2.5. Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	OBX5
▪ CA2.6. Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	OBX5
▪ CA2.7. Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	OBX6
▪ CA2.8. Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	OBX6



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Magnitude. <ul style="list-style-type: none"> – Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima. – Identificación de unidades non convencionais (palmo, pé, paso, cullerada, puñado, chisco) presentes no seu contexto próximo. – Identificación de unidades convencionais (metro, centímetro, quilogramo, gramo, litro) presentes no seu contexto vivencial. – Identificación, ordenación e clasificación das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día e hora) en situacións cotiás persoais e sociais. – Construción do calendario para a comprensión das conexións entre diferentes unidades de tempo. – Utilización das medidas de tempo no relato das súas experiencias e na xestión das emocións (tempos de espera e momentos de calma). ▪ Medición. <ul style="list-style-type: none"> – Medición individual e en equipo para experimentar con medidas non convencionais mediante repetición da mesma unidade en situacións diversas da vida cotiá. – Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (regras, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos) para resolver problemas cotiás e achegarse á medición eficaz. Explicación verbal e gráfica do proceso seguido: selección de instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades. ▪ Estimación e relacións. <ul style="list-style-type: none"> – Resolución de problemas cotiás que requiran estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude. Explicación oral do proceso seguido e da estratexia usada. – Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiás, análises dos acertos e dos erros como parte do proceso de aprendizaxe. 	
Bloque 3. Sentido espacial	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	OBX8
▪ CA3.2. Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	OBX3
▪ CA3.3. Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	OBX4
▪ CA3.4. Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	OBX5



Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.5. Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	OBX5
▪ CA3.6. Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	OBX6
▪ CA3.7. Explicar, ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	OBX6
Contidos	
<p>▪ Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Identificación en contextos próximos do punto xeométrico, liñas abertas e pechadas, liñas rectas e curvas. – Descrición de obxectos cotiáns cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras sinxelas (triángulo cadrado, rectángulo e círculo) e os seus elementos (lados e vértices). – Experimentación lúdica con figuras e elementos xeométricos para buscar regularidades, descubrir propiedades, comparar, compoñer, descompoñer e clasificar mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, mosaico de pinchos), con adestramento da constancia, perseveranza ante os retos e interese por descubrir. – Construción individual e en equipo de figuras xeométricas sinxelas con recursos funxibles e non funxibles como pezas de construción, bloques, xeoplanos, xogos de figuras... <p>▪ Localización e sistemas de representación.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Representación sinxela, desde a propia vivencia e a través do xogo, da localización persoal ou de obxectos no espazo físico cotián e os seus movementos con contraste en equipo dos resultados. – Descrición de posicións e movementos de obxectos e persoas no espazo con relación a un mesmo ou a puntos de referencia co vocabulario adecuado (arriba, abaixo, diante, detrás, preto, lonxe, á beira). Interpretación de mensaxes que conteñan esa información espacial con contraste en equipo dos datos e emprego do xogo como recurso. <p>▪ Visualización, razoamento e modelización xeométrica.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Construción de modelos sinxelos a partir de figuras xeométricas dadas. – Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, contorna física, xogos e planos do seu contexto próximo. 	
Bloque 4. Sentido alxébrico e pensamento computacional	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	OBX7
▪ CA4.2. Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	OBX1
▪ CA4.3. Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	OBX2



Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.4. Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	OBX2
▪ CA4.5. Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	OBX3
▪ CA4.6. Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	OBX4
▪ CA4.7. Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	OBX5
▪ CA4.8. Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	OBX6
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Patróns. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias guiadas para a identificación das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás. ▪ Modelo matemático. <ul style="list-style-type: none"> – Modelización guiada do proceso de resolución de problemas da vida cotiá con debuxos, esquemas, diagramas, material manipulativo e dramatizacións. ▪ Relacións e funcións. <ul style="list-style-type: none"> – Expresión de relacións de igualdade e desigualdade entre obxectos, números e operacións no contexto cotián e a súa translación á linguaxe matemática cos signos = e \neq. – Obtención dun dato descoñecido en relacións de igualdade sinxelas e en retos matemáticos, con comprobación de que o resultado obtido é correcto. ▪ Pensamento computacional. <ul style="list-style-type: none"> – Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) con emprego de estratexias básicas guiadas. 	
Bloque 5. Sentido estocástico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA5.1. Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	OBX7
▪ CA5.2. Comprender as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	OBX1
▪ CA5.3. Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	OBX2
▪ CA5.4. Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	OBX2
▪ CA5.5. Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	OBX5



Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA5.6. Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	OBX6
▪ CA5.7. Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	OBX6
Contidos	
<p>▪ Organización e análise de datos.</p> <p>– Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiáns, imaxes, regretas, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción...</p> <p>– Resolución de problemas en equipo relacionados co contexto próximo mediante o emprego de estratexias manipulativas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos sinxelos.</p> <p>▪ Incerteza.</p> <p>– Distinción entre un suceso posible e imposible nun ámbito lúdico e cotián.</p>	
Bloque 6. Sentido socioemocional	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA6.1. Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	OBX7
▪ CA6.2. Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	OBX7
▪ CA6.3. Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	OBX8
▪ CA6.4. Aceptar a tarefa e o rol asignados no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	OBX8
▪ CA6.5. Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	OBX3
▪ CA6.6. Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	OBX5
▪ CA6.7. Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	OBX5
▪ CA6.8. Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	OBX6



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Crenzas, actitudes e emocións. – Clasificación e organización de imaxes de emocións como instrumento para identificar e recoller as emocións da aula ante as matemáticas. – Comprensión das emocións e técnicas de xestión a través de relatos de manexo de diversas situacións emocionais relacionadas coas matemáticas. – Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal. – Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas. ▪ Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade. – Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas. – Os equipos colaborativos e cooperativos: responsabilidade individual, interdependencia positiva, repartición equitativa e rotatoria de roles, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo. – Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas. – Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático ao longo da historia como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

2º curso.

Área de Matemáticas Primeiro ciclo 2º curso	
Bloque 1. Sentido numérico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	OBX8
▪ CA1.2. Comprender as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	OBX1
▪ CA1.3. Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	OBX1
▪ CA1.4. Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	OBX2
▪ CA1.5. Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	OBX2
▪ CA1.6. Realizar conxecturas matemáticas sinxelas, investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	OBX3



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.7. Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.8. Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA1.9. Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica. 	OBX6
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contaxe. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para contar e recontar a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 999 con explicación dos procesos. – Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) a partir dun número dado como introdución ao cálculo mental e a outras operacións, con valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe. ▪ Cantidade. <ul style="list-style-type: none"> – Identificación, lectura, escritura e representación (recta numérica, ábaco, bloques multibase e outros materiais manipulativos) de números naturais ata o 999. – Composición, descomposición e recomposición de números naturais en contextos cotiás ata 999 investigando propiedades e relacións, con explicación do proceso seguido. – Representación dunha mesma cantidade ata 999 de forma manipulativa, gráfica e numérica segundo requira cada situación, reto ou problema da vida cotiá. – Estimación razoada de cantidades ata o 999 en problemas cotiás con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. ▪ Sentido das operacións. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 999 en contextos significativos, con explicación oral das estratexias desenvoltas, iniciación na autorregulación do proceso e valoración do erro como parte da aprendizaxe. – Agrupacións manipulativas e gráficas de cantidades repetidas (2, 3, 4, 5 e 10), con investigación dos patróns para introducir a multiplicación en contextos habituais. – Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas con uso guiado dos procesos adecuados. – Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipóteses de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, elaboración con flexibilidade e sentido, expresión da solución, verificación e idoneidade dos resultados, expresión ordenada destes e explicitación do proceso seguido. 	



- Formulación de problemas que se resolvan con operacións de suma e resta baseados en situacións habituais que permitan establecer conexións con experiencias propias.
- Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.
 - Relacións.
- Identificación, representación e uso dos números pares e impares en contextos cotiáns, investigando propiedades e relacións de forma guiada.
- Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 999) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta.
- Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 999) e ordinais (ata o 10º) como solución de problemas de situacións cotiás.
- Estratexias variadas manipulativas, gráficas e con calculadora para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiáns.
 - Educación financeira.
- Resolución individual e en equipo de problemas sinxelos da vida diaria nos que se manexen prezos de obxectos cotiáns e se empreguen, relacionadas con eses prezos, moedas e billetes de euro, ademais das súas equivalencias.
- Elaboración e representación de problemas nos que sexa necesario empregar e administrar o diñeiro.
- Aproximacións e estimacións en situacións simuladas de compra e venda, contraste da validez de cada estratexia, así como das súas vantaxes e inconvenientes.

Bloque 2. Sentido da medida

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Aceptar a tarefa e o rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	OBX8
▪ CA2.2. Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	OBX2
▪ CA2.3. Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente formuladas.	OBX2
▪ CA2.4. Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resolven matematicamente.	OBX3
▪ CA2.5. Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	OBX5
▪ CA2.6. Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	OBX5
▪ CA2.7. Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	OBX6
▪ CA2.8. Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	OBX6



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Magnitude. <ul style="list-style-type: none"> – Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade, temperatura), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima. – Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (metro, centímetro, quilogramo, gramo, litro) para realizar medicións adecuadas en situacións cotiás. – Identificación, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día e hora) en situacións habituais. – Construción dun modelo de reloxo analóxico con materiais sinxelos como recurso para coñecer a relación entre os seus elementos, así como a representación das medidas temporais presentes. – Lectura da hora (en punto, medias e cuartos) en reloxos analóxicos e dixitais de forma contextualizada. – Utilización das medidas de tempo (minutos e segundos) na xestión das emocións (tempo de espera, tempo de calma e relax, quendas de intervención), na planificación do traballo escolar e no relato de experiencias persoais (secuencias temporais). ▪ Medición. <ul style="list-style-type: none"> – Experimentación individual e en equipo con unidades non convencionais presentes no seu contexto cotián e utilización de recursos dispoñibles variados para medir, comparar, atopar equivalencias e diferenzas. – Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (regras, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos, termómetros) para resolver problemas cotiáns e achegarse á medición eficaz (selección do instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades) con explicación verbal e gráfica do proceso seguido. ▪ Estimación e relacións. <ul style="list-style-type: none"> – Experimentación (comparación, ordenación, composición, descomposición) e expresión oral, gráfica ou iconográfica e escrita das equivalencias entre quilo, medio quilo e cuarto quilo ou entre litro, medio litro e cuarto litro. – Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades, tempos, temperatura) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises de acertos e erros como parte do proceso de aprendizaxe. 	
Bloque 3. Sentido espacial	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	OBX8
▪ CA3.2. Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	OBX2
▪ CA3.3. Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	OBX3
▪ CA3.4. Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	OBX4



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA3.5. Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos, aplicando coñecementos e experiencias propios. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA3.6. Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA3.7. Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico. 	OBX6
<ul style="list-style-type: none"> CA3.8. Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica. 	OBX6
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións. <ul style="list-style-type: none"> Análise, comparación e descrición de obxectos cotiáns e elementos destes, así como de imaxes, cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras (triángulo, cadrado, rectángulo, rombo e círculo), os seus elementos (lados, ángulos e vértices) e as súas propiedades. Construción individual e en equipo de figuras xeométricas, logo da análise, exploración e recoñecemento de regularidades e propiedades; composición e descomposición manipulativas con recursos funxibles, non funxibles como pezas de construción, bloques, mecanos, xeoplanos, tangram, xogos de figuras... e ferramentas dixitais. Experimentación a partir da composición e descomposición de figuras planas para formar outras, mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, tangram...) e ferramentas dixitais, con explicación do proceso seguido e demostrando curiosidade por descubrir relacións, propiedades e patróns con perseveranza ante os retos. Observación, manipulación e xogo para a identificación de simetrías en figuras xeométricas sinxelas e compleción de figuras simétricas. Localización e sistemas de representación. <ul style="list-style-type: none"> Localización e posicións no espazo físico cotián a través do xogo: descrición, interpretación e representación da posición de obxectos e persoas en espazos concretos, relacións espaciais e desprazamentos. Interpretación, descrición e deseño de esbozos relacionados con itinerarios en espazos habituais, análises e comparación das producións en equipo, reelaboración individual con valoración do erro como mecanismo de mellora e explicación do proceso con vocabulario de posición (arriba, abaixo, diante, detrás, entre, preto, lonxe, máis preto que, menos preto que, máis lonxe que, menos lonxe que, próximo, afastado, á beira) e de elementos xeométricos básicos. Visualización, razoamento e modelización xeométrica. <ul style="list-style-type: none"> Resolución en equipo de problemas da vida cotiá relacionados cos outros sentidos matemáticos mediante modelos xeométricos, con elaboración de hipóteses sinxelas, explicación do significado dos datos, contraste dos resultados obtidos e indicación do proceso seguido. Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, a linguaxe oral, a contorna físico-natural, os xogos e planos do seu contexto próximo. 	



Bloque 4. Sentido alxébrico e pensamento computacional	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	OBX7
▪ CA4.2. Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	OBX1
▪ CA4.3. Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	OBX2
▪ CA4.4. Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	OBX2
▪ CA4.5. Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	OBX3
▪ CA4.6. Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	OBX4
▪ CA4.7. Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.	OBX4
▪ CA4.8. Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	OBX5
▪ CA4.9. Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	OBX6
Contidos	
<p>▪ Patróns.</p> <p>– Estratexias para a identificación das regularidades nunha colección ou secuencia de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás, con descrición oral e extensión da secuencia.</p> <p>▪ Modelo matemático.</p> <p>– Modelización guiada do proceso de resolución de problemas en equipo con debuxos, pictogramas, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións... para a súa comprensión, recoñecemento de datos, elaboración e contraste de hipóteses, procura do procedemento adecuado, comprobación de solucións e verbalización ou explicación do realizado.</p> <p>▪ Relacións e funcións.</p> <p>– Comparación entre expresións que inclúan obxectos, números e operacións con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e o uso da simboloxía adecuada = e ≠.</p> <p>– Obtención de datos descoñecidos nunha relación de equivalencia ou igualdade con perseveranza, explicación do proceso, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto.</p> <p>▪ Pensamento computacional.</p> <p>– Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) co uso guiado de estratexias.</p>	



Bloque 5. Sentido estocástico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA5.1. Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	OBX7
▪ CA5.2. Comprender as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	OBX1
▪ CA5.3. Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	OBX2
▪ CA5.4. Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	OBX2
▪ CA5.5. Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	OBX5
▪ CA5.6. Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	OBX6
▪ CA5.7. Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	OBX6
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Organización e análise de datos. <ul style="list-style-type: none"> – Lectura e interpretación de datos en representacións gráficas sinxelas para resolver problemas significativos. – Resolución de problemas cotiáns, familiares e próximos en equipo co emprego de estratexias sinxelas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos e cuantitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos simples e recursos tradicionais manipulables e tecnolóxicos. – Representación de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais, físicos e escolares), logo da observación e reconto, con gráficas sinxelas (barras, pictogramas) e recursos tanto non convencionais (obxectos cotiáns, imaxes, regrestas, policubos, encaixables, pezas de construción, bloques...) como convencionais e tecnolóxicos para comunicalos. ▪ Incerteza. <ul style="list-style-type: none"> – Distinción, nun ámbito lúdico e cotián, entre suceso posible e imposible e utilización adecuada deses termos. 	
Bloque 6. Sentido socioemocional	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA6.1. Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	OBX7
▪ CA6.2. Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	OBX7
▪ CA6.3. Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	OBX8



Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA6.4. Aceptar a tarefa e rol asignados no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	OBX8
▪ CA6.5. Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	OBX3
▪ CA6.6. Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	OBX5
▪ CA6.7. Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	OBX5
▪ CA6.8. Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	OBX6
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Crenzas, actitudes e emocións. <ul style="list-style-type: none"> – Expresión oral, gráfica ou escrita das propias emocións ante as matemáticas para identificalas e atopar fórmulas persoais de xestión. – Técnicas de xestión das emocións ante as matemáticas: escenificación, autocontrol e adestramento positivo para regular a frustración. – Promoción de preguntas e pequenas investigacións matemáticas como estratexias para fomentar a curiosidade e iniciativa na súa aprendizaxe. – Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal. – Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas. – Orde, claridade e limpeza como actitude que cómpre desenvolver no traballo matemático cotián. ▪ Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade. <ul style="list-style-type: none"> – Actitude crítica no propio traballo en equipo ante actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas. – Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, analizar producións...: responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo. – Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas e a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea. – Contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero. – Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático e a súa contribución a ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia. 	



Segundo ciclo.

3º curso.

Área de Matemáticas Segundo ciclo 3º curso	
Bloque 1. Sentido numérico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Mostrar actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	OBX7
▪ CA1.2. Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	OBX1
▪ CA1.3. Producir representacións matemáticas a través de esquemas ou diagramas que axuden na resolución dunha situación problematizada.	OBX1
▪ CA1.4. Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	OBX2
▪ CA1.5. Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	OBX2
▪ CA1.6. Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	OBX3
▪ CA1.7. Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	OBX4
▪ CA1.8. Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	OBX5
▪ CA1.9. Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	OBX6
Contidos	
▪ Contaxe. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para contar e recontar sistematicamente e a súa adaptación ao tamaño dos números a partir da manipulación e representación en situacións variadas e cotiás con cantidades ata o 9.999 con explicación, comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos. – Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) a partir dun número dado como introdución ao cálculo mental e a outras operacións, con valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe. ▪ Cantidade. <ul style="list-style-type: none"> – Identificación, lectura e escritura de números naturais ata o 9.999 en textos e contextos familiares e habituais. – Composición, descomposición e recomposición manipulativa, gráfica e simbólica de números naturais ata 9.999 con investigación de propiedades e relacións, explicación do proceso e interpretación do valor posicional das cifras (unidades, decenas, centenas e milleiros). 	



– Estimación razoada de cantidades ata o 9.999 e redondeo en problemas cotiáns mediante estratexias diversificadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.

▪ Sentido das operacións.

– Estratexias de cálculo mental para resolver operacións de suma, resta, multiplicación (dobre, tripla) e división (metade, terzo) en situacións habituais e significativas, con explicación dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración.

– Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas, restas e multiplicacións, seguindo os procesos adecuados.

– Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipóteses de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido.

– Formulación de problemas que se resolvan con sumas, restas ou multiplicacións baseados en situacións familiares e cotiás.

– Estratexias e ferramentas de resolución de sumas, restas e multiplicacións de números naturais con flexibilidade e sentido en situacións contextualizadas: propiedades das operacións.

– Estratexias manipulativas e gráficas para a comprensión da división como repartición, agrupamentos ou fraccionamento en situacións de resolución de problemas en contextos reais, previas á utilización do algoritmo por comparación dos procedementos.

– Construción manipulativa, gráfica e simbólica das táboas de multiplicar con base no número de veces, suma repetida ou disposición en cuadrículas para facilitar o cálculo mental.

– Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.

▪ Relacións.

– Sistema de numeración de base dez para a comprensión do valor posicional das cifras dos números ata o 9.999, as súas equivalencias e a súa aplicación nas relacións que xera nas operacións.

– Resolución de problemas cotiáns que impliquen a comparación e ordenación de números cardinais ata o 9.999 e ordinais ata o 20º cun uso adecuado da simboloxía das relacións.

– Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre a suma e a resta, e entre a suma e a multiplicación: aplicación en contextos cotiáns.

▪ Educación financeira.

– Identificación e experimentación en problemas da vida cotiá que requiran administración do diñeiro, fomento do aforro e do consumo responsable en contextos de xogo.

– Estimación do gasto que se vai realizar e das moedas e billetes necesarios para pagar en situacións de compra simulada, contraste das estimacións e rectificación en función deses contrastes.

– Formulación e resolución de problemas, de maneira individual e en equipo, nos que sexa necesario o uso de moedas e billetes, con verificación do resultado e aceptación da necesidade de rectificar en función do erro.



Bloque 2. Sentido da medida	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	OBX8
▪ CA2.2. Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	OBX2
▪ CA2.3. Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	OBX2
▪ CA2.4. Demostrar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	OBX2
▪ CA2.5. Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	OBX5
▪ CA2.6. Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	OBX5
▪ CA2.7. Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	OBX6
▪ CA2.8. Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	OBX6
Contidos	
<p>▪ Magnitude.</p> <p>– Identificación e exemplificación de características mensurables dos elementos do medio (lonxitude, masa, capacidade, temperatura e tempo) mediante a observación da realidade próxima.</p> <p>– Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (km, m, cm, mm; kg, g; l) para realizar medicións adecuadas en situacións cotiás.</p> <p>– Identificación, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día, hora e minuto) en situacións cotiás e da contorna, con determinación da duración dos períodos de tempo e a medida máis adecuada.</p> <p>– Lectura da hora en reloxos analóxicos e dixitais de forma contextualizada para planificar, regular, coñecer a duración, inicio ou finalización dun suceso.</p> <p>▪ Medición.</p> <p>– Estratexias para realizar medicións con instrumentos e unidades non convencionais (repetición dunha unidade, uso de cuadrículas e materiais manipulativos) e convencionais.</p> <p>– Resolución de problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións convencionais e non convencionais no contexto escolar: selección e uso do instrumento adecuado (regra, cinta métrica, balanzas, reloxos analóxicos e dixitais), elección das unidades máis apropiadas, medición con precisión, contraste dos resultados e expresión correcta das unidades, con control e explicación do proceso seguido.</p>	



- Estimación e relacións.
 - Experimentación, comparación, ordenación, composición, descomposición e expresión das equivalencias entre quilo, medio quilo e cuarto quilo ou entre litro, medio litro e cuarto litro.
 - Estratexias de comparación e ordenación de medidas da mesma magnitude (km, m, cm, mm; kg, g; l, mes, semana, día, hora, minuto) e aplicación de equivalencias entre unidades para resolver problemas da vida cotiá de maneira individual e en equipo que impliquen a conversión en unidades máis pequenas.
 - Estratexias de estimación de medidas (de lonxitude, masa, capacidade, tempo e temperatura) por comparación con unidades de medida coñecidas convencionais e non convencionais para aplicar en contextos habituais, con contraste dos resultados e análises da desviación como parte do proceso de aprendizaxe.
 - Utilización das medidas de tempo (minutos e segundos) na planificación do traballo, no relato das experiencias persoais e na xestión das emocións: tempo de espera, tempo de calma, quendas de intervención...

Bloque 3. Sentido espacial

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	OBX8
▪ CA3.2. Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	OBX1
▪ CA3.3. Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	OBX2
▪ CA3.4. Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional.	OBX4
▪ CA3.5. Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	OBX5
▪ CA3.6. Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	OBX5
▪ CA3.7. Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo un vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	OBX6
▪ CA3.8. Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	OBX6



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións. <ul style="list-style-type: none"> – Interpretación e elaboración de mensaxes e descrições que supoñan a identificación e clasificación de figuras xeométricas (triángulos, cuadriláteros, círculos), dos seus elementos (lados, vértices, ángulos) e propiedades en obxectos e imaxes da súa contorna. – Identificación e clasificación de corpos xeométricos (cubos, prismas e pirámides) en obxectos e imaxes da súa contorna, explicación do proceso seguido e demostrando curiosidade por descubrir relacións. – Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables (cuadrículas, xeoplanos, policubos, bloques xeométricos, organicubos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram...) para buscar regularidades, comparalas e clasificalas con criterios sinxelos con explicación do proceso. – Estratexias e técnicas de construción de figuras xeométricas de dúas dimensións por composición e descomposición, mediante materiais manipulables e a regra, con explicación do proceso. ▪ Localización e sistemas de representación. <ul style="list-style-type: none"> – Interpretación, descrición e representación da posición relativa de obxectos no espazo con vocabulario xeométrico adecuado (paralelo, perpendicular, oblicuo, dereita, esquerda). – Descrición verbal e interpretación de información sobre movementos de obxectos e outros elementos do contexto, con relación a un mesmo ou a outros puntos de referencia con vocabulario xeométrico adecuado. – Interpretación, descrición e elaboración de itinerarios en planos e maquetas sinxelas en soportes físicos a partir do espazo vivenciado e representación con estratexias persoais e contrastadas en equipo. ▪ Movementos e transformacións. <ul style="list-style-type: none"> – Identificación de figuras mediante simetrías en situacións da vida cotiá. – Xeración de figuras a partir de simetrías dun patrón inicial. ▪ Visualización, razoamento e modelización xeométrica. <ul style="list-style-type: none"> – Resolución e formulación de problemas da vida cotiá que impliquen o uso de estratexias variadas para o cálculo de perímetros de figuras planas, contraste de estratexias e resultados. – Recoñecemento de relacións xeométricas na linguaxe oral e escrita, contextos lúdicos, artísticos, científicos, técnicos e en calquera outro ámbito da vida cotiá. 	
Bloque 4. Sentido alxébrico e pensamento computacional	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.1. Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.2. Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.3. Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.4. Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida. 	OBX2



Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.5. Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	OBX3
▪ CA4.6. Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional.	OBX4
▪ CA4.7. Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	OBX4
▪ CA4.8. Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	OBX5
▪ CA4.9. Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	OBX6
Contidos	
<p>▪ Patróns.</p> <p>– Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación e predición razoada de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes con anticipación ou extensión da secuencia.</p> <p>▪ Modelo matemático.</p> <p>– Resolución de problemas da vida cotiá a partir dun proceso pautado de modelización con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para interpretar o enunciado, recoñecer os datos útiles, elaborar e contrastar hipóteses, buscar o plan de acción, perseverar na solución, simbolizar e realizar os cálculos, comprobar solucións e expresar clara e correctamente o resultado.</p> <p>▪ Relacións e funcións.</p> <p>– Comparación entre expresións que inclúan obxectos, números, operacións e as súas propiedades, con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e uso adecuado da simboloxía ($=$, \neq, $>$, $<$, \geq, \leq).</p> <p>– A igualdade como expresión dunha relación de equivalencia entre dous elementos, obtención de datos sinxelos descoñecidos (representados por medio dun símbolo) ou completión de datos en relacións de igualdade en xogos e retos matemáticos, con persistencia na obtención, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto.</p> <p>▪ Pensamento computacional.</p> <p>– Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) mediante estratexias sinxelas persoais ou modeladas.</p> <p>– Representación de situacións con secuencias de instrucións ou algoritmos sinxelos.</p>	
Bloque 5. Sentido estocástico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA5.1. Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	OBX8



Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA5.2. Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	OBX1
▪ CA5.3. Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	OBX2
▪ CA5.4. Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	OBX2
▪ CA5.5. Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente.	OBX3
▪ CA5.6. Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	OBX5
▪ CA5.7. Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	OBX6
▪ CA5.8. Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	OBX6
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Organización e análise de datos. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias guiadas de recollida e reconto de datos cualitativos ou cuantitativos discretos da vida cotiá, análise, clasificación e organización destes, interpretación da frecuencia absoluta e representación con gráficas sinxelas para comunicalos: pictogramas, gráficas de barras e histogramas. – Extracción e interpretación de información relacionada co contexto familiar e próximo a través da lectura individual e en equipos de gráficos estatísticos (pictogramas, diagramas de barras, histogramas); uso desa información na resolución de problemas. – Formulación en equipo, a partir de modelos, de problemas relacionados co contexto próximo nos que interveña a lectura, interpretación ou representación de gráficas e táboas de datos. ▪ Incerteza. <ul style="list-style-type: none"> – Utilización de expresións como seguro, posible e imposible na valoración de resultados de experiencias lúdicas ou cotiás nas que interveñen o azar. 	
Bloque 6. Sentido socioemocional	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA6.1. Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo a autoconfianza.	OBX7
▪ CA6.2. Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	OBX7
▪ CA6.3. Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	OBX8
▪ CA6.4. Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	OBX8



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.5. Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.6. Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.7. Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.8. Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos. 	OBX6
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Crenzas, actitudes e emocións. <ul style="list-style-type: none"> – Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo. – Desenvolvemento da autonomía e coñecemento de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros. – Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe. – Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal. – Os enigmas, adiviñas, procuras de pistas, xeroglíficos, codificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas. – Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar e compartir o realizado. ▪ Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade. <ul style="list-style-type: none"> – Identificación de actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, cunha actitude crítica cara a estas, ademais de sensibilidade e respecto polas diferenzas. – Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo. – Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas, a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea. – Recoñecemento e comprensión das emocións e experiencias das e dos demais ante as matemáticas. – Recoñecemento das contribucións de mulleres e homes en matemáticas e a súa achega a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia. 	



4º curso.

Área de Matemáticas Segundo ciclo 4º curso	
Bloque 1. Sentido numérico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Mostrar actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	OBX7
▪ CA1.2. Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	OBX1
▪ CA1.3. Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	OBX1
▪ CA1.4. Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	OBX2
▪ CA1.5. Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	OBX2
▪ CA1.6. Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	OBX3
▪ CA1.7. Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	OBX4
▪ CA1.8. Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	OBX5
▪ CA1.9. Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	OBX6
Contidos	
<p>▪ Contaxe.</p> <p>– Estratexias para contar e recontar sistematicamente, a súa adaptación ao tamaño dos números, representación en situacións variadas e cotiás con cantidades ata o 99.999 con explicación, comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos.</p> <p>– Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) como elemento facilitador do cálculo mental, interpretación da relación existente entre os diversos números e valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe.</p> <p>▪ Cantidade.</p> <p>– Identificación, lectura e escritura de números naturais ata o 99.999 en textos e contextos familiares e habituais.</p> <p>– Composición, descomposición e recomposición manipulativa, gráfica e simbólica de números naturais ata o 99.999 investigando propiedades e relacións, explicación do proceso e interpretación do valor posicional das cifras (unidades, decenas, centenas e milleiros).</p> <p>– Estimación razoada de cantidades ata o 99.999 e redondeo en problemas cotiás con estratexias diversificadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.</p> <p>– Expresión de particións, reparticións e relacións coa utilización de fraccións propias con denominador ata 12 en contextos da vida cotiá.</p>	



– Identificación, lectura, escritura e representación de fraccións propias con denominador ata 12 en textos e contextos familiares e habituais.

▪ Sentido das operacións.

– Estratexias de cálculo mental para resolver operacións de suma, resta, multiplicación e división en situacións habituais e significativas, explicación das estratexias e dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración.

– Estratexias de cálculo mental con fraccións, con denominador ata 12, en contextos cotiáns con explicación do proceso seguido e as estratexias usadas.

– Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas, restas, multiplicacións e divisións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados.

– Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipóteses de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido.

– Resolución de operacións combinadas en problemas contextualizados con atención á súa xerarquía, aplicación das súas propiedades, as estratexias persoais e os procedementos máis adecuados segundo a natureza do cálculo: mental, estimacións, algoritmos ou calculadora.

– Estratexias e ferramentas de resolución de sumas, restas, multiplicacións e divisións de números naturais con flexibilidade e sentido en situacións contextualizadas: propiedades das operacións.

– Formulación de problemas que se resolvan con sumas (como incremento), restas (como diminución, comparación e complemento), multiplicacións (como suma abreviada, repetición e operador multiplicativo) ou divisións (como repartición ou agrupación) baseados en situacións familiares e cotiáns que permitan establecer conexións con experiencias propias.

– Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.

▪ Relacións.

– Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números ata o 99.999 e as súas equivalencias, aplicación nas relacións que xera nas operacións.

– Resolución de problemas cotiáns que impliquen a comparación e ordenación de números cardinais ata o 99.999 e ordinais cun uso adecuado da simboloxía das relacións, interpretación e expresión do resultado, exacto ou estimado, segundo a situación.

– Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre a suma e a resta, a suma e a multiplicación, a división e a resta, a multiplicación e a división: aplicación en contextos cotiáns.

– Identificación da relación entre a multiplicación e a superficie dos rectángulos.

▪ Educación financeira.

– Identificación do valor e das equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea, con emprego desas equivalencias para resolver problemas de compra-venda en situacións reais e simuladas.

– Identificación e experimentación na vida cotiá de situacións que requiran administración do diñeiro (ingresos e gastos), fomento do aforro e do consumo responsable en contextos de xogo.

– Estimación e cálculo do gasto para realizar e das moedas e billetes necesarios para pagar, así como do cambio, en problemas da vida cotiá, contraste das estimacións e rectificación en función deses contrastes.

– Formulación e resolución de problemas, de maneira individual e en equipo, nos que sexa necesario o uso de moedas e billetes relacionados co sistema monetario europeo: orzamentos sinxelos, situacións de compra e venda, planificación de aforro necesario... con verificación do resultado e da necesidade de rectificar en función do erro.



Bloque 2. Sentido da medida	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	OBX8
▪ CA2.2. Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	OBX2
▪ CA2.3. Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	OBX2
▪ CA2.4. Demostrar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	OBX2
▪ CA2.5. Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	OBX5
▪ CA2.6. Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	OBX5
▪ CA2.7. Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	OBX6
▪ CA2.8. Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	OBX6
Contidos	
<p>▪ Magnitude.</p> <p>– Recoñecemento e explicación de características mensurables dos elementos do medio (lonxitude, superficie, masa, capacidade, temperatura, tempo e amplitude de ángulos) mediante a observación da realidade próxima.</p> <p>– Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (km, m, cm, mm; kg, g; l, cl, ml e graos centígrados) para a realización de medicións adecuadas en situacións cotiás que permitan calcular itinerarios, construír figuras planas, confrontar capacidades e calcular intervalos de temperatura.</p> <p>– Recoñecemento, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día, hora e minuto) en situacións habituais e da contorna, determinación da duración dos períodos de tempo e a medida máis adecuada en cada situación.</p> <p>– Lectura e escritura da hora en reloxos analóxicos e dixitais de forma contextualizada para planificar, regular, coñecer a duración, inicio ou finalización dun suceso, calcular intervalos, facer horarios...</p> <p>▪ Medición.</p> <p>– Resolución de problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións convencionais e non convencionais no contexto escolar: selección do instrumento adecuado, elección das unidades máis apropiadas ao contexto e tamaño, demostrando coñecemento das equivalencias entre medidas, medición con precisión, contraste dos resultados, expresión correcta das unidades, con control e expresión verbal e gráfica do proceso seguido.</p>	



▪ Estimación e relacións.

– Estratexias de comparación e ordenación de medidas da mesma magnitude (km, m, cm, mm; kg, g; l e ml, mes, semana, día, hora, minuto e segundo): aplicación de equivalencias entre unidades na resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a conversión en unidades máis pequenas.

– Estratexias de estimación de medidas (de lonxitude, masa, capacidade, tempo e temperatura) por comparación con unidades de medida coñecidas convencionais e non convencionais en contextos habituais, con contraste dos resultados e análises da desviación como parte do proceso de aprendizaxe.

– Relación entre as medidas de tempo en reloxos analóxicos e dixitais.

– Utilización das medidas de tempo (minutos e segundos) na planificación do traballo, no relato de experiencias persoais e na xestión de emocións: tempo de espera, tempo de calma, quendas de intervención.

Bloque 3. Sentido espacial

Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	OBX8
▪ CA3.2. Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	OBX1
▪ CA3.3. Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	OBX2
▪ CA3.4. Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional.	OBX4
▪ CA3.5. Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	OBX5
▪ CA3.6. Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	OBX5
▪ CA3.7. Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo un vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	OBX6
▪ CA3.8. Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	OBX6

Contidos

▪ Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións.

– Interpretación e elaboración de mensaxes e descrições que supoñan a identificación e clasificación de figuras xeométricas e dos seus elementos (lados, vértices, ángulos), as relacións entre eles, propiedades e tipoloxía en obxectos e imaxes da súa contorna.

– Resolución de problemas que impliquen o recoñecemento, clasificación e descrição de corpos xeométricos (cubo, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) en obxectos e imaxes da súa contorna con explicación do proceso seguido, demostrando curiosidade por descubrir relacións.



– Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables (cuadrículas, xeoplanos, policubos, bloques xeométricos, organicubos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram...) e o manexo de ferramentas dixitais (realidade aumentada, robótica educativa, xeometría dinámica) para buscar regularidades, comparalas e clasificalas con criterios sinxelos con explicación do proceso.

– Estratexias e técnicas de construción de figuras xeométricas de dúas dimensións por composición e descomposición, mediante materiais manipulables e instrumentos de debuxo (regra e escuadra) con explicación do proceso.

- Localización e sistemas de representación.

– Interpretación e descrición da posición relativa de obxectos do espazo real, mapas, planos e textos co vocabulario xeométrico adecuado (perpendicularidade, aliñamento, paralelismo, angularidade) e a súa representación.

– Interpretación, descrición, elaboración e representación, con estratexias persoais e contrastadas en equipo, de itinerarios en planos, bosquexos, mapas e maquetas sinxelas con uso de soportes físicos e virtuais partindo do espazo vivenciado.

- Movementos e transformacións.

– Descrición verbal e interpretación de información sobre movementos, translacións e simetrías de obxectos e outros elementos do contexto con vocabulario xeométrico adecuado.

– Xeración de figuras a partir de simetrías e translacións dun patrón inicial e predición do resultado: aplicación á creación artística.

- Visualización, razoamento e modelización xeométrica.

– Resolución e formulación de problemas da vida cotiá que impliquen o uso de estratexias variadas para o cálculo de perímetros de figuras planas, contraste de estratexias e resultados.

– Resolución individual e en equipo de problemas xeométricos que impliquen o coñecemento de figuras, as súas relacións e propiedades, utilizando estratexias de clasificación, uso de exemplos contrarios, creación de hipóteses e construción, argumentación e toma de decisións.

– Resolución de problemas da vida cotiá empregando o modelo xeométrico e a representación matemática da situación para resolver.

– Recoñecemento de relacións xeométricas, posicións, movementos, simetrías e translacións en contextos lúdicos, artísticos, científicos, técnicos e en calquera outro ámbito da vida cotiá.

Bloque 4. Sentido alxébrico e pensamento computacional

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.	OBX7
▪ CA4.2. Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	OBX1
▪ CA4.3. Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	OBX2
▪ CA4.4. Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	OBX2



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA4.5. Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA4.6. Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA4.7. Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA4.8. Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos, aplicando coñecementos e experiencias propios. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA4.9. Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos. 	OBX6
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Patróns. <ul style="list-style-type: none"> Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación, predición razoada e creación de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes con anticipación ou extensión da secuencia. Modelo matemático. <ul style="list-style-type: none"> Resolución de problemas da vida cotiá seguindo un proceso pautado de modelización con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para a interpretación do enunciado, recoñecemento de datos útiles, elaboración e contraste de hipóteses, procura do plan de acción, perseveranza na solución, simbolización e realización dos cálculos, comprobación de solucións, expresión clara e correcta do resultado, revisión da súa idoneidade, rectificación se é necesaria e explicación do realizado. Relacións e funcións. <ul style="list-style-type: none"> Comparación entre expresións que inclúan obxectos, números, operacións e as súas propiedades con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e uso adecuado da simboloxía ($=$, \neq, $>$, $<$, \geq, \leq). Obtención de datos sinxelos descoñecidos (representados por medio dun símbolo) ou completión de datos en relacións de igualdade en xogos e retos matemáticos, con persistencia na obtención, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto. Pensamento computacional. <ul style="list-style-type: none"> Estratexias para a interpretación, modificación e representación de algoritmos sinxelos relacionados co contexto cotián e o xogo en regras de xogos, instrucións secuenciais, bucles, patróns repetitivos, programación por bloques, robótica educativa... 	
Bloque 5. Sentido estocástico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA5.1. Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos. 	OBX8



Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA5.2. Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	OBX1
▪ CA5.3. Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	OBX2
▪ CA5.4. Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	OBX2
▪ CA5.5. Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente.	OBX3
▪ CA5.6. Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	OBX5
▪ CA5.7. Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	OBX6
▪ CA5.8. Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	OBX6
Contidos	
<p>▪ Organización e análise de datos.</p> <p>– Resolución de problemas contextualizados que impliquen o uso de estratexias guiadas para a recollida, clasificación, ordenación, reconto, rexistro (táboas de dobre entrada, gráficas, rexistro simbólico) e comunicación de datos cualitativos cuantificables ou cuantitativos discretos de mostras pequenas e representación en gráficas destes mediante recursos tradicionais e aplicacións informáticas sinxelas.</p> <p>– Extracción, interpretación e explicación de información relacionada co contexto familiar e próximo a través da lectura individual e en equipos de gráficos estatísticos (pictogramas, diagramas de barras, histogramas); uso desa información na resolución de problemas.</p> <p>– Identificación da moda como o dato máis frecuente en conxuntos de datos.</p> <p>– Comparación gráfica de dous conxuntos de datos para establecer relacións e extraer conclusións.</p> <p>▪ Incerteza.</p> <p>– Identificación e recoñecemento da incerteza en situacións da vida cotiá a través de experimentos baseados en xogos como cartas, dados, moedas...</p> <p>– Utilización de expresións como seguro, posible e imposible na valoración de resultados de experiencias lúdicas ou cotiás sinxelas nas que intervén o azar e identificación de sucesos aleatorios no seu contorno próximo.</p> <p>– Comparación da probabilidade de dous sucesos de forma intuitiva.</p> <p>▪ Inferencia.</p> <p>– Formulación de conxecturas a partir dos datos recolleitos e analizados, dándolles sentido no contexto de estudo.</p>	
Bloque 6. Sentido socioemocional	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA6.1. Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.	OBX7



Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA6.2. Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	O BX7
▪ CA6.3. Traballar en equipo activa e respectuosamente, comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	O BX8
▪ CA6.4. Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	O BX8
▪ CA6.5. Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	O BX3
▪ CA6.6. Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos, aplicando coñecementos e experiencias propios.	O BX5
▪ CA6.7. Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	O BX5
▪ CA6.8. Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	O BX6
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Crenzas, actitudes e emocións. <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas e regulación destas segundo conveña. – Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo. – Desenvolvemento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros. – Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe. – Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal. – Os enigmas, adiviñas, procura de pistas, xeroglíficos, codificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas. – Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir o realizado. ▪ Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade. <ul style="list-style-type: none"> – Uso de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo con comprensión das emocións e experiencias das demais persoas, sensibilidade e respecto polas diferenzas. – Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade e exixibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo. 	



- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea e a avaliación do funcionamento do equipo.
- Valoración da contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.
- Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

Terceiro ciclo.

5º curso.

Área de Matemáticas Terceiro ciclo 5º curso	
Bloque 1. Sentido numérico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como a perseveranza e a responsabilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	OBX7
▪ CA1.2. Comprender problemas da vida cotiá a través da reformulación da pregunta, de forma verbal e gráfica.	OBX1
▪ CA1.3. Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	OBX2
▪ CA1.4. Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	OBX2
▪ CA1.5. Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	OBX3
▪ CA1.6. Formular novos problemas sobre situacións cotiás que se resolvan matematicamente.	OBX3
▪ CA1.7. Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na investigación e resolución de problemas.	OBX4
▪ CA1.8. Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	OBX5
▪ CA1.9. Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	OBX6
Contidos	
<p>▪ Contaxe.</p> <p>– Estratexias para contar e recontar sistematicamente, a súa adaptación ao tamaño dos números, representación en situacións variadas e cotiás con cantidades ata o 999.999 con explicación, comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos.</p> <p>– Realización de series ascendentes e descendentes como elemento facilitador do cálculo mental e aceptación do erro como unha oportunidade de aprendizaxe.</p>	



▪ Cantidade.

– Lectura, escritura, ordenación e representación con materiais manipulativos e a recta numérica de números naturais ata o 999.999 e decimais ata as centésimas.

– Identificación, lectura, escritura, ordenación e representación de fraccións en textos e contextos familiares e habituais.

– Identificación, lectura, escritura, ordenación e representación de números enteiros en textos e contextos familiares e habituais.

– Composición, descomposición e recomposición (manipulativa, gráfica e simbólica) de números naturais ata o 999.999 e decimais ata as centésimas investigando propiedades e relacións, con explicación do proceso e interpretación do valor posicional das cifras.

– Estimacións, aproximacións razoadas e redondeo de cantidades con números ata o 999.999 e decimais (ata as centésimas) en problemas cotiáns resoltos con estratexias diversas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.

– Expresión de fraccións e decimais en contextos da vida cotiá: selección da expresión máis adecuada para cada situación previa manipulación, exploración de regularidades e procura de equivalencias.

▪ Sentido das operacións.

– Estratexias de cálculo mental para resolver operacións con números naturais, fraccións e decimais en situacións habituais e significativas, explicación das estratexias e os procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade para a aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración.

– Resolución de problemas contextualizados que impliquen a comprensión da utilidade das operacións aritméticas con números naturais, decimais e fraccións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados.

– Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipóteses de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración, expresión da solución de forma clara, ordenada e coas unidades correctas, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos con explicitación do proceso seguido.

– Resolución de problemas contextualizados con operacións aritméticas combinadas (con números naturais, decimais e fraccións) con atención á súa xerarquía, aplicando as súas propiedades, as estratexias con flexibilidade e sentido e os procedementos de cálculo mental, estimacións, algoritmos ou calculadora que se precisen segundo a natureza do cálculo e a súa complexidade.

– Creación e formulación de problemas que se resolvan mediante operacións aritméticas (con números naturais, fraccións e decimais) baseados en situacións familiares e cotiás que permitan establecer conexións con experiencias propias.

– Uso de calculadora como recurso para a autocorrección de resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso, para a investigación de patróns e propiedades numéricas e como procedemento útil en cálculos complexos.

– Construción manipulativa e gráfica de cadrados como produto de factores iguais, investigando patróns e propiedades, como introdución ás potencias e medidas de superficie.



▪ Relacións.

– Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (naturais ata o 999.999 e decimais ata a centésima) e as súas equivalencias; aplicación nas relacións que xera nas operacións.

– Comparación e ordenación de números naturais, decimais e fraccións con igual denominador como solución de problemas de situacións cotiás, con interpretación e expresión do resultado exacto ou estimado da comparación e uso adecuado da simboloxía das relacións numéricas.

– Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre as operacións aritméticas de suma e multiplicación, suma e resta, resta e división, multiplicación e división, fracción e división; aplicación en contextos cotiás.

– Construción manipulativa e gráfica con pezas de construción, regras, cuadrículas, tramas de puntos... de múltiplos e divisores para investigar a relación de divisibilidade. Utilización da táboa de multiplicar para identificar múltiplos e divisores e a relación entre eles.

– Investigación e comprobación da relación entre fraccións sinxelas (metade, cuarto, décimo), decimais (0,5, 0,25, 0,10) e porcentaxes (50 %, 25 % e 10 %) en situacións cotiás.

▪ Razoamento proporcional.

– Resolución de problemas da vida cotiá seguindo os procesos e as estratexias adecuadas, que impliquen o uso de porcentaxes: rebaixas, contidos nos alimentos envasados, análise deportiva, votacións...

▪ Educación financeira.

– Identificación de situacións da vida cotiá que requiran dun manexo responsable do diñeiro: a cesta da compra, o aforro, os gastos domésticos, os salarios, as necesidades básicas, as marcas, a calidade e o prezo.

– Resolución individual ou en equipo de problemas en situacións cotiás que requiran unha correcta administración do diñeiro e consumo responsable, con análise crítica das relacións valor/prezo, calidade/prezo, mellor prezo, con emprego de propostas sobre ofertas e rebaixas, para comparar e elixir a mellor opción nunha compra simulada.

– Formulación e resolución de problemas de índole financeiro que impliquen a elección dun produto, a análise das relacións valor/prezo e calidade/prezo, e a xustificación da decisión tomada.

Bloque 2. Sentido da medida

criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Colaborar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	OBX8
▪ CA2.2. Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	OBX2
▪ CA2.3. Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	OBX2
▪ CA2.4. Comprobar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	OBX2



Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.5. Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.	OBX5
▪ CA2.6. Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	OBX5
▪ CA2.7. Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.	OBX6
▪ CA2.8. Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	OBX6
Contidos	
<p>▪ Magnitude.</p> <p>– Recoñecemento, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do sistema métrico decimal (lonxitude, masa, capacidade e superficie), do tempo, da temperatura e de ángulos (graos) en situacións habituais e da súa contorna; elección da medida máis adecuada en cada situación.</p> <p>▪ Medición.</p> <p>– Resolución de problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións (lonxitude, masa, capacidade, tempo e ángulos) no contexto escolar: selección e uso do instrumento adecuado (analóxicos ou dixitais), elección das unidades máis apropiadas ao contexto e tamaño, coñecemento das equivalencias entre medidas e medición precisa seguindo os procesos adecuados.</p> <p>▪ Estimación e relacións.</p> <p>– Estratexias de comparación e ordenación de medidas da mesma magnitude e aplicación de equivalencias entre unidades para resolver problemas da vida cotiá que impliquen a conversión de unidades.</p> <p>– Resolución de retos e problemas que permitan observar e comprobar a relación existente entre o sistema métrico decimal e o sistema de numeración decimal.</p> <p>– Estratexias para a estimación de medidas do sistema métrico decimal, de ángulos, tempo e temperatura por comparación con unidades de medida coñecidas e a súa aplicación en contextos habituais, con verificación dos resultados, comprobación de se son posibles ou non e análises da desviación como parte do proceso de aprendizaxe.</p> <p>– Interiorización de medidas de tempo na xestión das emocións, vivencia do tempo de espera, o tempo de calma, as quendas de intervención, a percepción emocional do tempo... na planificación do traballo e nas secuencias temporais das súas producións orais e escritas.</p>	
Bloque 3. Sentido espacial	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	OBX8
▪ CA3.2. Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.	OBX1



Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.3. Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	OBX2
▪ CA3.4. Formular conxecturas matemáticas sinxelas, investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	OBX3
▪ CA3.5. Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.	OBX5
▪ CA3.6. Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	OBX5
▪ CA3.7. Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.	OBX6
▪ CA3.8. Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	OBX6
Contidos	
<p>▪ Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións.</p> <p>– Interpretación e elaboración de mensaxes e descrições relativas ao seu contorno físico, aos obxectos e á arte con vocabulario adecuado relacionado con figuras e corpos xeométricos, relacións (paralelismo, perpendicularidade, simetría) e posicións ou elementos referenciais (coordenadas, puntos cardinais, distancias, ángulos e xiros).</p> <p>– Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables como cuadrículas, xeoplanos, policubos, bloques xeométricos, organicubos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram... e o manexo de ferramentas dixitais de xeometría dinámica, realidade aumentada e robótica educativa para a procura de regularidades, comparación e clasificación con criterios sinxelos e explicación do proceso.</p> <p>– Resolución de problemas contextualizados que impliquen o recoñecemento, clasificación e descrição de corpos xeométricos en obxectos e imaxes, demostrando curiosidade por descubrir propiedades e relacións, con explicación do proceso.</p> <p>– Estratexias e técnicas de construción de figuras e corpos xeométricos por composición e descomposición, mediante materiais manipulables, instrumentos de debuxo (regra, escuadro, compás) e aplicacións informáticas, con explicación do proceso seguido.</p> <p>▪ Localización e sistemas de representación.</p> <p>– Interpretación e descrição, co uso de vocabulario adecuado, das direccións e da posición relativa en planos e mapas a partir de puntos de referencia (incluídos os puntos cardinais) e indicación relativa de distancias en soportes físicos e virtuais.</p> <p>– Descrição de posicións e movementos no primeiro cuadrante do sistema de coordenadas cartesiano a través de xogos e retos (gráficos, robótica educativa...), identificando utilidades habituais.</p> <p>– Elaboración de itinerarios sinxelos en planos, bosquexos, mapas e maquetas con representación de situacións da vida cotiá.</p>	



- Movementos e transformacións.
 - Identificación de figuras transformadas en situacións da vida cotiá, observando translacións e simetrías.
 - Xeración de figuras transformadas a partir dun patrón, realización de predicións sobre o resultado e contraste das opinións en equipo.
 - Identificación de figuras semellantes (ampliacións, reducións) en situacións da vida cotiá.
 - Xeración de figuras semellantes a partir de simetrías e translacións dun patrón inicial con predición do resultado.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica.
 - Resolución e formulación de problemas da vida cotiá que impliquen o uso de estratexias variadas para o cálculo de perímetros e áreas de figuras planas (triángulos, cadrados e rectángulos), con contraste de estratexias e resultados.
 - Resolución de problemas xeométricos que impliquen o coñecemento de figuras, as súas relacións e propiedades, estratexias de clasificación, uso de exemplos contrarios, creación de hipóteses e construción, argumentación e toma de decisións.
 - Resolución de problemas da vida cotiá empregando o modelo xeométrico e a representación matemática da situación que hai que resolver.
 - Utilización de instrumentos de debuxo (regra, escuadro, compás e transportador de ángulos) e programas de xeometría dinámica para a elaboración de conxecturas sobre propiedades xeométricas.
 - Recoñecemento de relacións xeométricas, posicións, movementos, simetrías e translacións en contextos lúdicos, artísticos, científicos, técnicos, e en calquera outro ámbito da vida cotiá.

Bloque 4. Sentido alxébrico e pensamento computacional

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Autorregular as emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, desenvolvendo así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos.	OBX7
▪ CA4.2. Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.	OBX1
▪ CA4.3. Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	OBX2
▪ CA4.4. Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	OBX2
▪ CA4.5. Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	OBX3
▪ CA4.6. Modelizar situacións da vida cotiá utilizando, de forma pautada, principios básicos do pensamento computacional.	OBX4
▪ CA4.7. Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na investigación e resolución de problemas.	OBX4
▪ CA4.8. Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.	OBX5
▪ CA4.9. Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	OBX6



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Patróns. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación en táboas e gráficos, notacións inventadas, predición razoada e creación de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes, con anticipación ou extensión da secuencia. – Creación de patróns recorrentes a partir de regularidades ou doutros patróns con números, figuras ou imaxes. ▪ Modelo matemático. <ul style="list-style-type: none"> – Resolución de problemas da vida cotiá seguindo un modelo matemático con representacións con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para a interpretación do enunciado, recoñecemento de datos útiles, elaboración e contraste de hipóteses, procura do plan de acción, perseveranza na solución, simbolización e realización dos cálculos, comprobación de solucións, expresión clara e correcta do resultado, revisión da súa idoneidade, rectificación, se é necesaria, e explicación do realizado. ▪ Relacións e funcións. <ul style="list-style-type: none"> – Comparación de números, operacións e as súas propiedades con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e uso adecuado da simboloxía ($=$, \neq, $>$, $<$, \geq, \leq). – Obtención de datos sinxelos descoñecidos representados por medio dun símbolo ou completado de datos en relacións de igualdade en xogos e retos matemáticos, con persistencia na obtención, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto. ▪ Pensamento computacional. <ul style="list-style-type: none"> – Estratexias para a interpretación, modificación e creación de algoritmos sinxelos relacionados co contexto cotián e o xogo nas regras de xogos, instrucións secuenciais, bucles, patróns repetitivos, representacións computacionais... 	
Bloque 5. Sentido estocástico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA5.1. Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	OBX8
▪ CA5.2. Comprender problemas da vida cotiá a través da reformulación da pregunta, de forma verbal e gráfica.	OBX1
▪ CA5.3. Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.	OBX1
▪ CA5.4. Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	OBX2
▪ CA5.5. Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	OBX3
▪ CA5.6. Formular novos problemas sobre situacións cotiás que se resolvan matematicamente.	OBX3



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA5.7. Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA5.8. Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe. 	OBX6
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Organización e análise de datos. <ul style="list-style-type: none"> Identificación de datos cuantitativos e cualitativos da contorna próxima que podemos rexistrar e cuantificar. Extracción, interpretación e explicación de información a través da lectura, descrición e análise crítica de gráficos estatísticos con pictogramas, diagramas de barras ou histogramas e de táboas de frecuencias absolutas; uso desa información na resolución de problemas. Formulación en equipo de problemas relacionados co contexto próximo en que interveña a lectura, interpretación ou representación de gráficas e táboas de datos. Estratexias para a realización dun estudo estatístico sinxelo: formulación de preguntas, e recollida, rexistro e organización de datos cualitativos e cuantitativos procedentes de diferentes experimentos (enquisas, medicións, observacións...) de maneira individual ou en equipo para aplicar en situacións contextualizadas. Representación de datos en gráficas sinxelas (diagrama de barras e histograma), con emprego de recursos tradicionais e tecnolóxicos e elección do máis adecuado á situación. Interpretación, cálculo e aplicación da media e da moda en resolución de problemas en contextos cotiáns. Organización de información estatística sinxela e elaboración de diferentes visualizacións dos datos con uso da calculadora e outros recursos dixitais, como a folla de cálculo. Relación e comparación de dous conxuntos de datos a partir da súa representación gráfica: formulación de conxecturas, análises da dispersión, obtención de conclusións e exposición destas. Incerteza. <ul style="list-style-type: none"> Identificación da incerteza en situacións da vida cotiá a través da cuantificación e estimación subxectiva e mediante a comprobación da estabilización das frecuencias relativas en experimentos aleatorios repetitivos baseados en xogos de cartas, dados, moedas... Investigación sobre a contribución de homes e mulleres ao desenvolvemento da probabilidade e da estatística e destas ao desenvolvemento humano. Inferencia. <ul style="list-style-type: none"> Cofecemento da necesidade de mostras cando a poboación é moi grande, procura de exemplos de estudos con mostras no contexto cotián. 	
Bloque 6. Sentido socioemocional	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA6.1. Autorregular as emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, desenvolvendo así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos. 	OBX7
<ul style="list-style-type: none"> CA6.2. Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como a perseveranza e a responsabilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe. 	OBX7



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.3. Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.4. Colaborar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos. 	OBX8
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.5. Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.6. Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.7. Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA6.8. Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada. 	OBX6
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Crenzas, actitudes e emocións. <ul style="list-style-type: none"> – Autorregulación das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas. – Recursos e estratexias para autorregular as emocións implicadas na frustración ante tarefas matemáticas, valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe, fixación de metas e obxectivos realistas e alcanzables, autocontrol e adestramento positivo. – O reforzo verbal, a participación, a gradación das dificultades e a identificación de fortalezas como recursos para desenvolver un autoconceito positivo ante as matemáticas desde unha perspectiva de xénero. – Estratexias para desenvolver a autoestima como medio para superar dificultades e afrontar os retos matemáticos con maior seguridade. – Realización de investigacións matemáticas individuais ou en equipo para fomentar a curiosidade, o interese, o pensamento autónomo e crítico e a iniciativa na súa aprendizaxe. – Os xogos matemáticos individuais en formato dixital e físico como adestramento da perseveranza, a confianza nas propias posibilidades e a superación persoal. – Os enigmas, desafíos, procura de pistas, xeroglíficos, xogos de codificación e decodificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, o descubrimento, a curiosidade e o gusto polas matemáticas. – Estratexias persoais para a presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, adaptar ou cambiar o sistema utilizado, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir comprensiblemente o realizado. – Fomento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, desenvolvendo a capacidade de adaptarse ou cambiar de estratexias, estimulando o razoamento, con valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe e reforzo dos logros. 	



- Traballo en equipo, inclusión, respecto e diversidade.
- Expresión de actitudes empáticas inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, mostrando actitudes de comprensión das emocións e experiencias das demais persoas e de sensibilidade e respecto pola diversidade presente na aula.
- Os equipos colaborativos e cooperativos heteroxéneos, mixtos e diversos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa e empática, responsabilidade e exibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo: estratexias e dinámicas cooperativas.
- Estratexias de planificación, control e organización do traballo en equipo para xestionar o tempo, a realización de tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea, a avaliación do funcionamento do equipo e a xestión de conflitos.
- Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

6º curso.

Área de Matemáticas Terceiro ciclo 6º curso	
Bloque 1. Sentido numérico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como a perseveranza e a responsabilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	OBX7
▪ CA1.2. Comprender problemas da vida cotiá a través da reformulación da pregunta, de forma verbal e gráfica.	OBX1
▪ CA1.3. Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	OBX2
▪ CA1.4. Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	OBX2
▪ CA1.5. Formular conxecturas matemáticas sinxelas, investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	OBX3
▪ CA1.6. Formular novos problemas sobre situacións cotiás que se resolvan matematicamente.	OBX3
▪ CA1.7. Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na investigación e resolución de problemas.	OBX4
▪ CA1.8. Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	OBX5
▪ CA1.9. Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	OBX6



Contidos

▪ Contaxe.

– Estratexias para contar e recontar sistematicamente, a súa adaptación ao tamaño dos números, representación en situacións variadas e cotiás con explicación, comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos.

– Realización de series ascendentes e descendentes como elemento facilitador do cálculo mental, con aceptación do erro como unha oportunidade de aprendizaxe.

▪ Cantidade.

– Lectura, escritura, ordenación e representación de números naturais e decimais ata as milésimas en textos e contextos habituais.

– Identificación, lectura, escritura, ordenación e representación de fraccións en textos e contextos familiares e habituais.

– Identificación, lectura, escritura, ordenación e representación de números enteiros en textos e contextos familiares e habituais.

– Composición, descomposición e recomposición de forma manipulativa, gráfica e simbólica de números naturais e decimais ata as milésimas, con investigación de propiedades e relacións, explicación do proceso e interpretación do valor posicional das cifras.

– Estimacións, aproximacións razoadas e redondeo de cantidades con números naturais e decimais ata as milésimas en problemas cotiás resoltos con estratexias diversas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.

– Expresión de fraccións e decimais en problemas sobre a vida cotiá; selección da expresión máis adecuada para cada situación.

▪ Sentido das operacións.

– Estratexias de cálculo mental para resolver operacións con números naturais, fraccións e decimais en situacións habituais e significativas, con explicación das estratexias e os procesos seguidos, aceptación do erro como unha oportunidade para a aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración.

– Resolución de problemas contextualizados que impliquen a comprensión da utilidade das operacións aritméticas con números naturais, decimais e fraccións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados.

– Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipóteses de resolución e proposta de plan, contraste e argumentación de puntos de vista, simbolización, elaboración, revisión do proceso, expresión da solución de forma clara, ordenada e coas unidades correctas, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos con explicitación do proceso seguido.

– Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas con atención á súa xerarquía, aplicando as súas propiedades, as estratexias persoais e os procedementos de cálculo mental, estimacións, algoritmos ou calculadora que se precisen segundo a natureza do cálculo.



- Creación e formulación de problemas que se resolvan mediante operacións aritméticas (con números naturais, fraccións, decimais e porcentaxes) baseados en situacións familiares e cotiás que permitan establecer conexións con experiencias propias.
- Uso de calculadora como recurso para a autocorrección de resultados de operacións realizadas en problemas unha vez establecida a idoneidade do proceso, para a investigación de patróns e propiedades numéricas e como procedemento útil en cálculos complexos.
- Construción e representación de cadrados, cubos e potencias de base 10 como produto de factores iguais, investigación de patróns e propiedades, como introdución ás potencias, medidas de superficie e volume.
- **Relacións.**
 - Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números naturais e decimais (ata as milésimas) e as súas equivalencias; aplicación nas relacións que xera nas operacións.
 - Comparación e ordenación de números naturais, decimais ata as milésimas e fraccións como solución de problemas de situacións cotiás, con interpretación e expresión do resultado exacto ou estimado da comparación e uso adecuado da simboloxía das relacións numéricas.
 - Resolución de problemas que impliquen o uso de fraccións con comparación entre elas, procura de equivalencias por ampliación ou redución, sumando, restando... seguindo as estratexias adecuadas, con explicación do proceso seguido na resolución.
 - Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre as operacións aritméticas de suma e multiplicación, suma e resta, resta e división, multiplicación e división, multiplicación e potencia, fracción e división; aplicación en contextos cotiás.
 - Construción manipulativa e gráfica con pezas de construción, regras, cuadrículas, tramas de puntos... de múltiplos e divisores para investigar a relación de divisibilidade. Utilización da táboa de multiplicar para identificar múltiplos e divisores e a relación entre eles.
 - Exploración de relacións de divisibilidade entre dous números con estratexias diversas, comprobación do resultado e aceptación do erro como parte do proceso.
 - Investigación e comprobación de relación entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes en situacións cotiás.
- **Razoamento proporcional.**
 - Identificación de situacións proporcionais e non proporcionais como comparación multiplicativa entre magnitudes en problemas da vida cotiá.
 - Formulación e resolución de problemas, individualmente e en equipo, que impliquen o uso de proporcionalidade, porcentaxes e escalas na vida cotiá, mediante a igualdade entre razóns, a redución á unidade e o uso de coeficientes de proporcionalidade, seguindo a estratexia adecuada, con explicación do proceso seguido na resolución.



- Educación financeira.
 - Resolución de problemas en situacións cotiás que requiran unha correcta administración do diñeiro e consumo responsable (valor/prezo, calidade/prezo, mellor prezo), con análise crítica de aspectos relacionados co diñeiro, usando textos cotiáns físicos (folletos, carteis, informes) ou dixitais para comparar e elixir a mellor opción nunha compra simulada.
 - Formulación e resolución de problemas que impliquen a elección dun produto para partir da análise das relacións valor/prezo e calidade/prezo entre as diferentes opcións buscadas, xustificación da decisión tomada e proposta de alternativas.

Bloque 2. Sentido da medida

Cráterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Colaborar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	OBX8
▪ CA2.2. Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	OBX2
▪ CA2.3. Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	OBX2
▪ CA2.4. Comprobar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	OBX2
▪ CA2.5. Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.	OBX5
▪ CA2.6. Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	OBX5
▪ CA2.7. Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.	OBX6
▪ CA2.8. Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	OBX6

Contidos

- Magnitude.
 - Recoñecemento, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do sistema métrico decimal (lonxitude, masa, capacidade, volume e superficie), do tempo, da temperatura e de ángulos (graos) en situacións habituais e da súa contorna, determinación da medida máis adecuada en cada situación.
- Medición.
 - Resolución de problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións no contexto escolar: selección e uso do instrumento adecuado (analóxico ou dixital), elección das unidades máis apropiadas ao contexto e tamaño, demostrando coñecemento das equivalencias entre medidas, medición precisa, valoración e contraste dos resultados, expresión correcta de forma simple e complexa das unidades, control do proceso seguido e explicación verbal deste.



▪ Estimación e relacións.

– Estratexias de comparación, ordenación, composición e descomposición de medidas da mesma magnitude e aplicación de equivalencias entre unidades para resolver problemas da vida cotiá que impliquen a conversión de unidades.

– Resolución de retos e problemas que permitan observar e comprobar a relación existente entre o sistema métrico decimal e o sistema de numeración decimal.

– Estratexias para a estimación de medidas do sistema métrico decimal, de ángulos, tempo e temperatura por comparación con unidades de medida coñecidas e a súa aplicación en contextos habituais, con verificación dos resultados, comprobación de se son posibles ou non e análises da desviación como parte do proceso de aprendizaxe.

– Interiorización de medidas de tempo na xestión das emocións, vivencia do tempo de espera, o tempo de calma, as quendas de intervención, a percepción emocional do tempo... na planificación do traballo e nas secuencias temporais das súas producións orais e escritas.

Bloque 3. Sentido espacial

Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	OBX8
▪ CA3.2. Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.	OBX1
▪ CA3.3. Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	OBX2
▪ CA3.4. Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	OBX3
▪ CA3.5. Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.	OBX5
▪ CA3.6. Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	OBX5
▪ CA3.7. Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.	OBX6
▪ CA3.8. Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	OBX6

Contidos

▪ Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións.

– Interpretación e elaboración de mensaxes e descrições relativas ao seu contorno físico, aos obxectos e á arte con vocabulario adecuado relacionado con figuras e corpos xeométricos, relacións (paralelismo, perpendicularidade, simetría) e posicións ou elementos referenciais (coordenadas, puntos cardinais, distancias, ángulos e xiros).



- Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables como cuadrículas, xeoplanos, polígonos, bloques xeométricos, orgánicos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram... e o manexo de ferramentas dixitais de xeometría dinámica, realidade aumentada e robótica educativa para a procura de regularidades, comparación e clasificación con criterios sinxelos e explicación do proceso.
- Resolución de problemas contextualizados que impliquen o recoñecemento, clasificación e descrición de corpos xeométricos en obxectos e imaxes, demostrando curiosidade por descubrir propiedades e relacións, con explicación do proceso seguido.
- Estratexias e técnicas de construción de figuras e corpos xeométricos por composición e descomposición, mediante materiais manipulables, instrumentos de debuxo (regra, escuadro, compás) e aplicacións informáticas, con explicación do proceso.
 - Localización e sistemas de representación.
- Interpretación e descrición co uso de vocabulario adecuado das direccións e da posición relativa en planos e mapas a partir de puntos de referencia (incluídos os puntos cardinais), cálculo de distancias e escalas en soportes físicos e virtuais.
- Descrición de posicións e movementos no primeiro cuadrante do sistema de coordenadas cartesiano a través de xogos e retos (gráficos, robótica educativa), identificando utilidades habituais.
- Elaboración e descrición de itinerarios, desprazamentos e movementos en planos, bosquejos, mapas e maquetas con representación de situacións da vida cotiá.
 - Movementos e transformacións.
- Identificación de figuras transformadas, observando translacións, xiros e simetrías.
- Xeración de figuras transformadas a partir dun patrón, con predicións sobre o resultado e contraste das opinións en equipo.
- Identificación de figuras semellantes en situacións da vida cotiá.
- Xeración de figuras semellantes a partir de simetrías e translacións dun patrón inicial con predición do resultado.
 - Visualización, razoamento e modelización xeométrica.
- Resolución e formulación de problemas da vida cotiá que impliquen o uso de estratexias variadas para o cálculo de perímetros e áreas de figuras planas, con contraste de estratexias e resultados.
- Resolución de problemas xeométricos que impliquen o coñecemento de figuras e corpos, as súas relacións e propiedades, utilizando un modelo (estratexias de clasificación, exemplos contrarios, formulación de hipóteses, construción, argumentación e toma de decisións).
- Resolución de problemas da vida cotiá con emprego do modelo xeométrico e a representación matemática da situación para resolver.
- Utilización de instrumentos de debuxo (regra, escuadro, compás e transportador de ángulos) e programas de xeometría dinámica para a elaboración de conxecturas sobre propiedades xeométricas.
- Recoñecemento de relacións xeométricas, posicións, movementos, simetrías e translacións en contextos lúdicos, artísticos, científicos, técnicos, e en calquera outro ámbito da vida cotiá.



Bloque 4. Sentido alxébrico e pensamento computacional	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Autorregular as emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, desenvolvendo así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos.	OBX7
▪ CA4.2. Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.	OBX1
▪ CA4.3. Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	OBX2
▪ CA4.4. Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	OBX2
▪ CA4.5. Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	OBX3
▪ CA4.6. Modelizar situacións da vida cotiá utilizando, de forma pautada, principios básicos do pensamento computacional.	OBX4
▪ CA4.7. Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na investigación e resolución de problemas.	OBX4
▪ CA4.8. Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.	OBX5
▪ CA4.9. Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	OBX6
Contidos	
<p>▪ Patróns.</p> <p>– Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación en táboas e gráficos, notacións inventadas, predición razoada e creación individual e en equipo de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes, con anticipación ou extensión da secuencia.</p> <p>– Creación de patróns recorrentes a partir de regularidades ou doutros patróns con números, figuras ou imaxes.</p> <p>▪ Modelo matemático.</p> <p>– Resolución de problemas da vida cotiá seguindo un modelo matemático con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para a interpretación do enunciado, recoñecemento de datos útiles, elaboración e contraste de hipóteses, procura do plan de acción, perseveranza na solución, simbolización e realización dos cálculos, comprobación de solucións, expresión clara e correcta do resultado, revisión da súa idoneidade, rectificación, se é necesaria, e explicación do realizado.</p> <p>▪ Relacións e funcións.</p> <p>– Comparación de números, operacións e as súas propiedades con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e uso adecuado da simboloxía ($=$, \neq, $>$, $<$, \geq, \leq).</p> <p>– Obtención de datos sinxelos descoñecidos representados por medio dun símbolo ou compleción de datos en relacións de igualdade en xogos e retos matemáticos, con persistencia na obtención, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto.</p>	



▪ Pensamento computacional.

– Estratexias para a interpretación, modificación e creación de algoritmos sinxelos relacionados co contexto cotián e o xogo nas regras de xogos, instrucións secuenciais, instrucións aniñadas e condicionais, bucles, patróns repetitivos, representacións computacionais, programación por bloques, robótica educativa...

Bloque 5. Sentido estocástico

Cráterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA5.1. Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	OBX8
▪ CA5.2. Comprender problemas da vida cotiá a través da reformulación da pregunta, de forma verbal e gráfica.	OBX1
▪ CA5.3. Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.	OBX1
▪ CA5.4. Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	OBX2
▪ CA5.5. Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	OBX3
▪ CA5.6. Expor novos problemas sobre situacións cotiás que se resolvan matematicamente.	OBX3
▪ CA5.7. Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	OBX5
▪ CA5.8. Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.	OBX6

Contidos

▪ Organización e análise de datos.

– Estratexias para a realización dun estudo estatístico sinxelo: formulación de preguntas, e recollida, rexistro e organización de datos cualitativos e cuantitativos procedentes de diferentes experimentos a través de enquisas, medicións, observacións..., de maneira individual ou en equipo, para aplicar en situacións contextualizadas.

– Extracción, interpretación e explicación de información a través da lectura, descrición e análise crítico de gráficos estatísticos con pictogramas, diagramas de barras ou histogramas e de táboas de frecuencias absolutas e relativas; uso desa información na resolución de problemas.

– Formulación en equipo de problemas relacionados co contexto próximo nos que interveña a lectura, a interpretación ou a representación de gráficas e táboas de datos.

– Representación de datos en gráficas sinxelas (diagrama de barras, sectores circulares e poligonais e histograma), con recursos tradicionais e tecnolóxicos, e elección do máis adecuado á situación.

– Interpretación, cálculo e aplicación da media e da moda nun rexistro estatístico ou táboas de datos en contextos cotiáns.



- Cálculo e interpretación de medidas de dispersión (rango) para comprender a variabilidade dos datos nun rexistro estatístico.
- Organización de información estatística sinxela e elaboración de diferentes visualizacións dos datos con uso da calculadora e outros recursos dixitais, como a folla de cálculo.
- Relación e comparación de dous conxuntos de datos a partir da súa representación gráfica: formulación de conxecturas, análise da dispersión, obtención de conclusións e exposición destas.
 - Incerteza.
- Cuantificación e estimación subxectiva e mediante a comprobación da estabilización das frecuencias relativas en experimentos aleatorios repetitivos, previa identificación da incerteza en situacións da vida cotiá.
- Aplicación de técnicas básicas do cálculo para o cálculo de probabilidades en experimentos, comparacións ou investigacións nos que sexa aplicable a regra de Laplace.
- Valoración da contribución de homes e mulleres ao desenvolvemento da probabilidade e da estatística e destas ao desenvolvemento humano.
 - Inferencia.
- Identificación dun conxunto de datos como mostra dun conxunto máis grande e reflexión sobre a poboación á que é posible aplicar as conclusións de investigacións estatísticas sinxelas relacionadas co cotián.

Bloque 6. Sentido socioemocional

Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA6.1. Autorregular as emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, desenvolvendo así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos.	OBX7
▪ CA6.2. Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como a perseveranza e a responsabilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	OBX7
▪ CA6.3. Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	OBX8
▪ CA6.4. Colaborar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	OBX8
▪ CA6.5. Formular conxecturas matemáticas sinxelas, investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	OBX3
▪ CA6.6. Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos, mobilizando coñecementos e experiencias propios.	OBX5
▪ CA6.7. Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	OBX5
▪ CA6.8. Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	OBX6



Contidos

- Crenzas, actitudes e emocións.
 - Autorregulación das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas.
 - Recursos e estratexias para autorregular as emocións implicadas na frustración ante tarefas matemáticas, valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe, fixación de metas e obxectivos realistas e alcanzables, autocontrol e adestramento positivo.
 - O reforzo verbal, fomento da participación, gradación das dificultades e identificación de fortalezas como estratexias para desenvolver un autoconceito positivo ante as matemáticas desde unha perspectiva de xénero.
 - Estratexias para desenvolver a autoestima como medio para superar dificultades, confiar nas súas posibilidades, perseverar nas solucións e afrontar os retos matemáticos con seguridade.
 - Realización de investigacións matemáticas individuais ou en equipo para fomentar a curiosidade, o interese, a iniciativa na súa aprendizaxe, a organización de ideas, o tratamento da información e a formulación e comprobación de conxecturas.
 - Os xogos matemáticos individuais en formatos dixital e físico como adestramento da perseveranza, a confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
 - Os enigmas, desafíos, procura de pistas, xeroglíficos, xogos de codificación e decodificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, o descubrimento, a curiosidade e gusto polas matemáticas.
 - Estratexias persoais para a presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, adaptar ou cambiar o sistema utilizado, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir comprensiblemente o realizado.
 - Fomento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: valoración de alternativas, desenvolvemento da flexibilidade cognitiva, estimulación do razoamento, valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe e reforzo dos logros.
- Traballo en equipo, inclusión, respecto e diversidade.
 - Expresión de actitudes empáticas inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, mostrando actitudes de comprensión das emocións e experiencias das demais persoas e de sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula.
 - Os equipos colaborativos e cooperativos heteroxéneos, mixtos e diversos para clarificar tarefas, titorizarse, debater e argumentar propostas, chegar a acordos, revisar e analizar producións: escoita e participación activa e empática, responsabilidade e exibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo, habilidades sociais: estratexias e dinámicas cooperativas.
 - Estratexias de planificación, control e organización do traballo en equipo para xestionar o tempo, a realización das tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea, a autoavaliación do funcionamento do equipo e a xestión de conflitos.
 - Investigación individual e en equipo sobre a contribución da análise de datos, a xeometría, a numeración, o cálculo e a probabilidade aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.
 - Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.



9.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na área de Matemáticas desenvolverá o seu currículo e tratará de asentarse de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da área e, en combinación co resto das áreas, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da área e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos apartados seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da área de Matemáticas e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da área	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2			1-2		4-5		3	
OBX3	1		1-2	1-3-5			3	
OBX4			1-2-3	1-3-5			3	
OBX5			1-3	3-5		4		1
OBX6	1-3		2-4	1-5			3	4
OBX7			5		1-4-5		2-3	
OBX8	5	3	3		1-3	2-3		

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– A área das Matemáticas na educación primaria debe abordarse cun triplo enfoque: as matemáticas son útiles e imprescindibles para o cotián, axúdannos a comprender a realidade e contribúen á formación intelectual das persoas. Porén, a aprendizaxe desta área debe



mudar e pasar dun enfoque tradicional centrado nos contidos e no mero desenvolvemento mecánico dunhas habilidades a un enfoque competencial onde estes contidos non son un obxectivo en si mesmos senón un medio que lle sirva ao alumnado para desenvolver a competencia matemática na vida cotiá. Os procesos matemáticos, vinculados cos diferentes obxectivos de área e competencias, son o referente que empregamos para que o alumnado comprenda e use os diferentes contidos organizados en sentidos. Os sentidos matemáticos (socioemocional, numérico, da medida, espacial, alxébrico e pensamento computacional e o estocástico) deben traballarse de maneira interrelacionada entre si e cos procesos matemáticos: destrezas socioemocionais, resolución de problemas, razoamento e proba, conexións (tanto intra como interárea), e comunicación e representación.

– Dado que os contidos traballados illadamente están desprovistos de significado, hai que proporcionarlle ao alumnado situacións máis complexas, como complexa é a realidade, situacións que involucren varios ámbitos do saber. Trátase de proporcionar unha variedade rica e diversa de situacións de aprendizaxe nas que o alumnado constrúa significativamente os coñecementos que serán as ferramentas que lle permitan resolver interrogantes e problemas. A coordinación horizontal e vertical entre o profesorado será fundamental para compartir e acordar criterios, realizar reflexións conxuntas e compartir aspectos metodolóxicos que respondan ás necesidades e intereses de cada nena e neno que temos na aula.

– As matemáticas apréndense en contextos funcionais, reais e relacionados co cotián, e en contextos xenuinamente matemáticos. Iso implica traballar de maneira integrada e globalizada. Tamén se aprenden coa actividade do alumnado. Así pois, requirense métodos con enfoque globalizador e activos que respondan á diversidade da aula (traballo por proxectos, aprendizaxe baseada en problemas, plans de traballo, tarefas complexas).

– As matemáticas actuais requiren dunha perspectiva socioemocional e de xénero que axude o alumnado a aumentar a súa autoconfianza e perseveranza. Deberán sinalarse as aplicacións da materia á vida real e á mellora do mundo, ofrecer referentes femininos nos diversos sentidos matemáticos, recoñecer as fontes de ansiedade (aritmofobia), bloqueo e estrés aprendendo a manexalas, facilitar que o alumnado manteña unha actitude positiva e que pense crítica e creativamente, valorando o erro como fonte de aprendizaxe. Unha perspectiva que contribúa a xerar a curiosidade e a necesidade de adquirir e aplicar coñecementos, actitudes, valores, habilidades e destrezas. O coñecemento do desenvolvemento histórico das matemáticas e das contribucións de mulleres e homes a elas axudarán a achegalas ao alumnado como un saber útil.



– A interacción é fundamental na aprendizaxe das matemáticas. As estruturas, estratexias e dinámicas de aprendizaxe cooperativa propiciarán a resolución conxunta de tarefas e problemas, potenciarán a atención á diversidade, a inclusión, a igualdade e, en definitiva, a convivencia. As propostas en equipo brindan a oportunidade de intercambio entre o alumnado, permiten a diversidade de ideas e propostas, favorecen clarificar tarefas, discutir plans, chegar a acordos e consensos, analizar producións... Promoven reflexionar e compartir diferentes maneiras de resolver permitindo aproximarse cada vez máis a un proceso eficaz. É imprescindible que en todos os sentidos matemáticos se realicen actividades en equipo.

– A vivencia, manipulación, representación e abstracción deberán ser procesos presentes en calquera situación de aprendizaxe. Non se trata de realizar actividades manipulativas próximas a un activismo sen senso, senón a través de accións guiadas por situacións contextualizadas e cheas de sentido nas que estean presentes a exploración e a investigación. Aínda que se fala de importancia da vivencia e da manipulación en matemáticas, cómpre abandonar a idea dunha construción lineal do coñecemento (do simple ao complexo, do concreto ao abstracto). As accións terán a finalidade de responder a unha pregunta, solucionar un reto, lograr unha construción, representar vivencias, resolver problemas...

– A resolución de problemas, xunto ás destrezas emocionais, constitúen os dous eixes principais da actividade matemática. Porén, deberán abordarse e avaliarse de forma transversal en toda a área. Un problema é toda situación que presenta un desafío para o alumnado, permite que faga uso dos seus coñecementos previos, que incorpore datos doutras áreas, que elabore novos coñecementos ou modifique os adquiridos. O problema supón comprometerse cunha solución, tomar decisións, indagar, explorar, analizar, seleccionar procedementos adecuados, sentir satisfacción por chegar a resultados. Implica procesos variados de interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipóteses de resolución e proposta de plan, contraste e argumentación de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e idoneidade dos resultados obtidos, e interpretación en contexto, expresión de forma ordenada e explicitación do proceso seguido. Na resolución de problemas teñen lugar a lectura, reflexión, planificación, establecemento de estratexias, revisión, comunicación, xustificación e modificación de plan se cumpre. A resolución de problemas permítelle ao alumnado planificar o proceso realizando preguntas apropiadas tales como: que quero descubrir?, que sei?, que hipóteses fago?, como podo facer para descubrir o que desexo?, os resultados relaciónanse coas hipóteses?, está ben expresado o resultado?, ten sentido a solución?, podería resolvelo doutro xeito?, podo aplicar o proceso a problemas similares? Na resolución de problemas entran en xogo unha serie de aspectos metacognitivos e emocionais: autorregulación do proceso, expresión, xestión e autocontrol emocional que non podemos esquecer.



– O profesorado debe ter un rol mediador, un rol de guía. Seleccionará a situación de aprendizaxe adecuada e en función dela escollerá recursos dixitais e non dixitais variados e diversos que lle permitan ao alumnado explorar e investigar, que fomente a interacción coas compañeiras e cos compañeiros, o enfrontamento dos retos sen ansiedade e que ofrezca novas oportunidades de aprendizaxe. Será un profesorado promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumnado, atendendo á diversidade e personalizando os procesos de construción de aprendizaxe. Require que as mestras e os mestres deseñen e empreguen situacións de aprendizaxe que esperten o interese do alumnado planificando tempos, espazos, agrupamentos e outros recursos, mediando na aprendizaxe e na investigación, dando tempos necesarios para investigar, tentar estratexias, equivocarse, volver tentar, contrastar, validar procesos e aplicar a nova aprendizaxe a outras situacións contextualizadas.

– A avaliación deberá formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino, permitirá valorar os procesos matemáticos, será reguladora e autorreguladora da aprendizaxe e atenderá á diversidade variando situacións, instrumentos e procedementos de avaliación cando corresponda. A súa finalidade é mellorar os procesos tanto de ensino como de aprendizaxe. Os resultados da avaliación proporcionarán información que poida ser utilizada para tomar decisións sobre axustar, revisar ou modificar os elementos que inciden no proceso de ensino e aprendizaxe (o tempo dedicado ás diferentes tarefas, os espazos e recursos que se empregan, a adecuación das actividades e estratexias propostas, a atención á diversidade da aula, a concreción curricular, as situacións de aprendizaxe propostas...) e información sobre o desenvolvemento da capacidade do alumnado para actuar en situacións matemáticas diversas poñendo en funcionamento coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes. A valoración dos logros do alumnado achegaralle ao profesorado datos para reflexionar sobre a súa práctica docente e o impacto que tivo na aprendizaxe das nenas e dos nenos, de forma que poida introducir os cambios e axustes que cumpran para que se produza unha intervención axustada ás características do alumnado, unha aprendizaxe matemática significativa e unha contribución adecuada ao desenvolvemento das competencias.

10. Música e Danza.

10.1. Introducción.

A expresión artística é connatural ao ser humano desde a orixe dos tempos e, pola súa importancia na vida, debe gozar da súa atención e do seu espazo. As diferentes manifes-



tacións culturais e artísticas teñen unha presenza constante na contorna e na vida das persoas, formando parte intrínseca do seu propio ser e da súa actividade comunicativa e social, á vez que son parte esencial do patrimonio cultural. A música, a danza, as artes plásticas, audiovisuais, performativas e escénicas preséntanse nos nosos días de moi diferentes maneiras e a través de distintos medios. Por estas razóns, a educación artística posúe unha gran relevancia, xa que na vida cotiá o manexo da información vinculada con ela fai necesaria a disposición de competencias e capacidades de pensamento propias das artes.

A educación artística é de especial relevancia na educación primaria, xa que segundo indican os avances na neurociencia e nas ciencias da educación contribúe ao desenvolvemento global do alumnado en múltiples dimensións: sensorial e psicomotriz, a través do desenvolvemento da percepción e da motricidade; intelectual, a través da potenciación da intelixencia, do pensamento crítico, da atención e da memoria a curto e longo prazo; social e comunicativa, estimulando a expresividade, a sensibilidade social e as capacidades comunicativas; emocional e afectiva, favorecendo o desenvolvemento da sensibilidade estética e da emotividade; estética e creativa, a través da estimulación da imaxinación, da creatividade e da autonomía. En consecuencia, a educación artística desencadea mecanismos que permiten desenvolver distintas capacidades que inflúen directamente na formación integral do alumnado, tanto de xeito individual coma grupal.

A área de Música e Danza na educación primaria dá continuidade ao desenvolvemento iniciado polo alumnado na etapa de educación infantil a nivel expresivo e comunicativo a través das áreas globalizadas. Así mesmo, esta área asenta as bases para que o alumnado poida desenvolver nas mellores condicións as competencias artísticas a través da materia de Música na educación secundaria obrigatoria.

A área de Música e Danza desenvólvese a través dunha dobre dimensión: reflexiva e creativa. Por unha banda, o alumnado debe ser partícipe da comprensión da cultura na que vive para poder dialogar con ela, elaborar criterios útiles de entendemento e gozo e desenvolver progresivamente o sentido crítico. Deste xeito, é esencial traballar a confianza en si mesmo, a autoestima e a empatía. Tamén é moi relevante a valoración de producións culturais e artísticas diversas que enriquezan tanto o individuo como a sociedade, xa que o diálogo intercultural e o respecto á diversidade son ferramentas poderosas para a reconciliación, a cohesión social e a creación de sociedades pacíficas.



Por outra banda, a área de Música e Danza favorece a experimentación, a expresión e a produción artística de forma progresiva ao longo dos tres ciclos nos que se organiza a educación primaria. O alumnado explorará as diversas linguaxes, artes e disciplinas, así como as distintas técnicas sonoras e corporais para a creación das súas propias propostas. Considérase fundamental a aproximación ao traballo, tanto individual coma colectivo, a partir de ferramentas, instrumentos e materiais variados, co obxectivo de que o alumnado investigue e experimente nas dimensións lúdica, creativa, comunitaria e social da área.

As disciplinas artísticas deben tratarse baixo a perspectiva de xénero, polo que cómpre incorporar e normalizar tamén a contribución das mulleres á evolución da música e da danza, historicamente esquecida. Deste xeito, favorecerase que o alumnado desenvolva as competencias que lle permitan acadar unha visión igualitaria da sociedade.

En canto á estrutura do currículo da área de Música e Danza, a partir dos obxectivos da etapa e dos descritores que conforman o perfil de saída do alumnado, establécense cinco obxectivos da área, que podemos definir como aquelas aprendizaxes competenciais ás que esta contribúe de forma máis directa, xa que posúen unha maior afinidade ou relación con ela. O grao de adquisición destes obxectivos determínase a través dos criterios de avaliación que aparecen directamente vinculados a eles e que inclúen aspectos relacionados cos coñecementos, as destrezas e as actitudes necesarias para a súa consecución por parte do alumnado.

Estes criterios de avaliación aparecen no currículo da área relacionados cos contidos, que se organizan en catro bloques fundamentais: Educación musical: percepción e análise, Educación musical: creación e interpretación, Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise, e Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación. Cada un destes catro bloques de contidos ten características propias, aínda que todos están relacionados entre si. No primeiro e no terceiro, inclúense todos aqueles aspectos vencellados ao desenvolvemento de coñecementos, destrezas e actitudes relacionados co recoñecemento, recepción e observación sensitiva, visual, auditiva e corporal, que permiten unha aproximación ás diferentes manifestacións culturais e artísticas da contorna para analizalo e comprendelo. O segundo e o cuarto bloques fan referencia á expresión creativa de ideas, sentimentos e sensacións, mediante a exploración, o coñecemento, a execución e a utilización creativa de diferentes códigos, elementos, ferramentas, instrumentos, materiais, medios, recursos, soportes, programas, aplicacións e técnicas culturais e artísticas.



10.2. Obxectivos.

Obxectivos da área
<p>OBX1. Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ O desenvolvemento deste obxectivo permitiralle ao alumnado comprender as diferenzas culturais e integrar a necesidade de respectalas; coñecer as especificidades e intencionalidades das manifestacións culturais e artísticas máis destacadas do patrimonio; establecer relacións entre elas a través da recepción activa e apreciar a súa diversidade para enriquecer e construír a súa propia realidade, valorando o intercambio coas persoas de diferentes culturas que comparten unha mesma contorna. ▪ O acceso e o coñecemento de propostas artísticas musicais e dancísticas diversas e procedentes de distintas culturas a través da súa procura, escoita, observación e visionamento, así como a súa comprensión, análise e gozo son procesos fundamentais para a formación de seres humanos críticos, empáticos, curiosos, respectuosos, sensibles e que evidencien unha actitude de interese e valoración ante estas manifestacións artísticas e as diversas culturas das que proceden. ▪ O descubrimento das producións artísticas musicais e dancísticas do pasado achega elementos esenciais para a interpretación do presente. Tamén favorece a toma consciente de decisións e actitudes en relación coa conservación do patrimonio. É especialmente interesante o coñecemento da riqueza e da diversidade do patrimonio galego para a súa valoración, defensa e difusión. ▪ O recoñecemento e o interese por producións actuais características da contorna máis próxima do alumnado de Galicia, doutras comunidades autónomas e do resto do mundo proporcionan unha sólida base para descubrilas e valoralas. ▪ Na selección e na análise das propostas artísticas incorporárase a perspectiva de xénero, a través do estudo de producións creadas, impulsadas e executadas por mulleres, así como de obras nas que estas aparezan representadas de cara á súa normalización.
<p>OBX2. Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ A desagregación principal dentro da área de Música e Danza dá lugar a dúas partes claramente diferenciadas, como son o aspecto musical, por un lado, e o da danza e o movemento, polo outro. Malia que a música e a danza comparten o ámbito artístico como espazo en común, estas son tamén moi diferentes entre elas, xa que a primeira contén unha complexidade e nivel de abstracción para o alumnado que require deste unha atención e un traballo concretos. A linguaxe musical é moi específica e posúe elementos propios que a constitúen e a definen. Nese sentido, a importancia do aspecto visual nesta, e non só do auditivo, obriga o alumnado a desenvolver a capacidade de entender e de poder trasladar o escoitado a un formato visual mediante os elementos da linguaxe musical e viceversa, o que consecuentemente produce un proceso de codificación e descodificación. ▪ As diferentes culturas empregan esta linguaxe, dunha maneira ou doutra, a través da expresión musical, existindo un enorme abano de posibilidades dentro dos diferentes xéneros, correntes e estilos nos que se deben elixir os fragmentos e as obras máis axeitados para a percepción e a análise do ámbito propio da linguaxe musical por parte do alumnado. Polo tanto, para chegar a unha comprensión adecuada do feito musical é imprescindible que este se inicie no coñecemento dos diferentes aspectos técnicos da devandita linguaxe. Na educación primaria, cómpre consolidar as bases da linguaxe musical, que se desenvolverán progresivamente ao longo desta etapa e sobre as que se asentarán as aprendizaxes posteriores na educación secundaria.



OBX3. Investigar sobre diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.

▪ A apertura, a curiosidade e o interese por aproximarse a novas propostas culturais e artísticas musicais e dancísticas supoñen un primeiro paso imprescindible para coñecerlas e gozalas. Ademais da posibilidade de acceder a unha oferta cultural diversa a través dos medios tradicionais, o desenvolvemento de estratexias para a procura de información a través de distintas canles e medios amplía as posibilidades de gozar e de aprender destas. O cultivo dun pensamento propio, a autoconfianza e a capacidade de colaboración cos seus iguais son tres alicerces fundamentais para o desenvolvemento persoal do alumnado. Este obxectivo tamén contribúe a crear e a asentar progresivamente un sentido de pertenza e de identidade. Así mesmo, implica respectar o feito artístico, os dereitos de autoría e o labor das persoas profesionais encargadas da súa creación, difusión e conservación.

▪ En definitiva, a través da investigación, o alumnado pode recoñecer e valorar os aspectos fundamentais do patrimonio cultural e artístico, analizando os seus principais elementos, desenvolvendo criterios de valoración propios e evidenciando unha actitude aberta, dialogante e respectuosa. Do mesmo xeito, poderá comprender as diferenzas e a necesidade de respectalas e iniciarse no gozo e no coñecemento das especificidades e intencionalidades das manifestacións máis destacadas do patrimonio, a través das linguaxes e elementos técnicos musicais e do movemento en diversos medios e soportes.

OBX4. Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.

▪ Explorar, descubrir, coñecer e experimentar as posibilidades dos elementos básicos de expresión das diferentes artes móstrase hoxe en día como unha necesidade imprescindible para asimilar e gozar toda produción cultural e artística. Producir obras propias como forma de expresión creativa de ideas, emocións e sentimentos propios proporciónalle ao alumnado a posibilidade de experimentar coas distintas linguaxes, técnicas, materiais, instrumentos, medios e soportes que ten ao seu alcance. Ademais, a diversidade actual de medios tecnolóxicos que se poden empregar nos procesos educativos pon ao dispor do alumnado un enorme abano de posibilidades expresivas coas que poder comunicar e transmitir calquera idea, sentimento e emoción.

▪ Considérase moi relevante subliñar o vínculo existente coa educación emocional e afectiva. Débese fomentar o respecto polas creacións propias e as dos demais, cunha actitude de interese e de admiración polo distinto e o novo, sabendo recibir e expresar críticas e opinións e utilizándoas como recurso para a mellora.

▪ Existe unha ampla cantidade e variedade de materiais e instrumentos para a creación artística que, sumados aos existentes con anterioridade, xeran un amplísimo catálogo a través do cal o alumnado pode expresarse e comunicarse. Nos ámbitos escénico e musical xurdiron medios, ferramentas e aplicacións, moitos deles totalmente dixitais, en consonancia coas novas tendencias sociais, que poden ser empregados no campo educativo. Así mesmo, o acceso, coñecemento e manexo destes instrumentos favorece a relación do alumnado co mundo cultural e artístico actual que, en simbiose coas achegas do pasado, lle ofrece un amplo, diverso e interesante universo ao seu alcance.

▪ Deste modo, desde este obxectivo poténciase unha visión crítica e informada das posibilidades comunicativas e expresivas da arte. Así mesmo, un manexo correcto das diferentes ferramentas e técnicas de expresión artística contribúe ao desenvolvemento da autoconfianza do alumnado.



OBX5. Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.

▪ A participación no deseño, creación, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas é primordial para o desenvolvemento pleno do individuo. Do mesmo xeito, desde un enfoque coeducativo, a intervención en producións grupais faise imprescindible, xa que o traballo colaborativo implica a aceptación e a comprensión da existencia de roles diversos que hai que coñecer, respectar, valorar e normalizar. Sen dúbida, o traballo en equipo contribúe ao enriquecemento e á construción da identidade persoal, así como da cohesión grupal e social, a través da expresión artística creativa e da utilización de diferentes representacións e expresións realizadas mediante o uso de técnicas sonoras, dramáticas e corporais.

▪ En definitiva, o alumnado debe planificar as súas propostas para lograr cumprir os obxectivos prefixados a través do traballo en equipo, colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un resultado final satisfactorio. Este obxectivo permite que o alumnado se involucre no proceso de creación e empregue elementos de diferentes disciplinas, manifestacións e linguaxes artísticas, evidenciando compromiso co proxecto, unha participación activa en todas as fases, respecto polo seu propio labor e o das súas compañeiras e compañeiros, así como sentido emprendedor. É tamén relevante compartir a experiencia creativa en diferentes espazos e canles, entre os que podemos citar, entre moitos outros, o grupo, o centro educativo, a comunidade ou internet. A opinión do resto das persoas e as ideas recibidas en forma de retroalimentación deben ser valoradas, asumidas e respectadas.

10.3. Criterios de avaliación e contidos.

Primeiro ciclo.

1º curso.

Área de Música e Danza Primeiro ciclo 1º curso	
Bloque 1. Educación musical: percepción e análise	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	OBX1
▪ CA1.2. Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	OBX1
▪ CA1.3. Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	OBX2
▪ CA1.4. Desenvolver e aplicar a capacidade de procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	OBX3



Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA1.5. Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA1.6. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. 	OBX1
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Estratexias básicas de recepción activa. O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. Vocabulario específico básico de música. Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. 	
Bloque 2. Educación musical: creación e interpretación	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA2.1. Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA2.2. Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA2.3. Iniciarse na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais a través da vivencia destes. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA2.4. Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA2.5 Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA2.6. Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA2.7. Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. 	OBX5



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. ▪ Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras. ▪ Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais. ▪ Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. ▪ Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. 	
Bloque 3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	OBX1
▪ CA3.2. Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	OBX1
▪ CA3.3. Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	OBX3
▪ CA3.4. Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	OBX3
▪ CA3.5. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	OBX1
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias básicas de recepción activa. ▪ Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. ▪ Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas. ▪ Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. 	



Bloque 4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	OBX4
▪ CA4.2. Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	OBX4
▪ CA4.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	OBX5
▪ CA4.4. Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	OBX5
▪ CA4.5. Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	OBX5
▪ CA4.6. Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	OBX5
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión. ▪ Técnicas dramáticas e dancísticas elementais. ▪ Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. ▪ Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. ▪ Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática. 	

2º curso.

Área de Música e Danza Primeiro ciclo 2º curso	
Bloque 1. Educación musical: percepción e análise	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	OBX1



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA1.2. Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, empregando o vocabulario específico básico destas. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA1.3. Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA1.4. Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA1.5. Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA1.6. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. 	OBX1
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Estratexias básicas de recepción activa. Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical. O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. Vocabulario específico básico de música. Recursos dixitais básicos para música. Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. 	
Bloque 2. Educación musical: creación e interpretación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA2.1. Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. 	OBX4



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA2.2. Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA2.3. Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA2.4. Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA2.5. Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA2.6. Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA2.7. Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais. 	OBX5
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras. Linguaxes musicais básicas: progreso no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos máis elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais. Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación básicas. Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. 	
Bloque 3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA3.1. Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA3.2. Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, incluíndo as principais profesións vinculadas ás artes escénicas e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA3.3. Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa. 	OBX3



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA3.4. Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA3.5. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. 	OBX1
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Estratexias básicas de recepción activa. Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas. Recursos dixitais básicos para as artes escénicas e performativas. Principais profesións vinculadas ás artes escénicas. Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. 	
Bloque 4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA4.1. Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA4.2. Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA4.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA4.4. Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA4.5. Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA4.6. Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. 	OBX5



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expresión e diversión. ▪ Técnicas dramáticas e dancísticas elementais. ▪ Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. ▪ Fases do <i>proceso</i> creativo: planificación guiada e experimentación. ▪ Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. ▪ Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

Segundo ciclo.

3º curso.

Área de Música e Danza Segundo ciclo 3º curso	
Bloque 1. Educación musical: percepción e análise	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	OBX1
▪ CA1.2. Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	OBX1
▪ CA1.3. Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	OBX2
▪ CA1.4. Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	OBX3
▪ CA1.5. Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	OBX3
▪ CA1.6. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	OBX1



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias básicas de recepción activa. ▪ Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical. ▪ O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. ▪ A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. ▪ O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos máis característicos. ▪ O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas. ▪ Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. ▪ Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. ▪ Vocabulario específico de uso común en música. ▪ Recursos dixitais de uso común para música. ▪ Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. 	
Bloque 2. Educación musical: creación e interpretación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.3. Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.4. Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.5. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.6. Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA2.7. Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. 	OBX5



Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. ▪ Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras. ▪ Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical. ▪ Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. ▪ Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. ▪ Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. 	
Bloque 3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	OBX1
▪ CA3.2. Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas.	OBX1
▪ CA3.3. Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	OBX3
▪ CA3.4. Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	OBX3
▪ CA3.5. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	OBX1
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias básicas de recepción activa. ▪ Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. ▪ Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero. ▪ Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas. 	



- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Recoñecemento básico.
- Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

Bloque 4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación

Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	OBX4
▪ CA4.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	OBX4
▪ CA4.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	OBX5
▪ CA4.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	OBX5
▪ CA4.5. Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	OBX5
▪ CA4.6. Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	OBX5

Contidos

- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expresión e diversión.
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.



4º curso.

Área de Música e Danza Segundo ciclo 4º curso	
Bloque 1. Educación musical: percepción e análise	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	OBX1
▪ CA1.2. Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	OBX1
▪ CA1.3. Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	OBX2
▪ CA1.4. Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	OBX3
▪ CA1.5. Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	OBX3
▪ CA1.6. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	OBX1
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias básicas de recepción activa. ▪ Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical. ▪ O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas, a través de grafías convencionais e non convencionais. ▪ A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. ▪ O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición básica dos máis característicos. ▪ O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas. ▪ Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. ▪ Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. ▪ Vocabulario específico de uso común en música. ▪ Recursos dixitais de uso común para música. ▪ Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. 	



Bloque 2. Educación musical: creación e interpretación	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	OBX4
▪ CA2.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	OBX4
▪ CA2.3. Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	OBX4
▪ CA2.4. Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	OBX5
▪ CA2.5. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa e utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	OBX5
▪ CA2.6. Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	OBX5
▪ CA2.7. Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	OBX5
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. ▪ Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras. ▪ Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical. ▪ Aplicacións informáticas básicas de gravación e edición de audio: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación e reprodución de obras diversas. ▪ Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. ▪ Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. ▪ Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. 	
Bloque 3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	OBX1



Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA3.2. Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA3.3. Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA3.4. Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA3.5. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. 	OBX1
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Estratexias básicas de recepción activa. Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero. Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas. Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas. Principais profesións vinculadas ás artes escénicas. Elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos. Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. 	
Bloque 4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA4.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA4.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas e experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA4.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade. 	OBX5



Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	OBX5
▪ CA4.5. Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	OBX5
▪ CA4.6. Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	OBX5
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión. ▪ Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo. ▪ Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática. ▪ Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. ▪ Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. ▪ Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática. 	

Terceiro ciclo.

5º curso.

Área de Música e Danza Terceiro ciclo 5º curso	
Bloque 1. Educación musical: percepción e análise	
Critérios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	OBX1
▪ CA1.2. Describir manifestacións culturais e artísticas musicais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico destas.	OBX1
▪ CA1.3. Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	OBX2



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA1.4. Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA1.5. Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA1.6. Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA1.7. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. 	OBX1
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Estratexias de recepción activa. Profesións vinculadas á creación e interpretación musical. Coñecemento e valoración. O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas. Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Aproximación a instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros. O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición. O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción ao concepto de subdivisión. A melodía e a forma musical. Repetición e variación melódica. Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. Aproximación aos principais xéneros musicais. Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. Vocabulario específico de música. Recursos dixitais de uso común para música. Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. 	
Bloque 2. Educación musical: creación e interpretación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA2.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. 	OBX4



Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA2.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas musicais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA2.3. Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA2.4. Planificar e deseñar producións culturais e artísticas musicais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA2.5. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas musicais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA2.6. Compartir os proxectos creativos musicais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA2.7. Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. 	OBX5
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Construción de obxectos sonoros e instrumentos e exploración das súas posibilidades sonoras para o seu uso expresivo. Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical. Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas. Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. 	
Bloque 3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA3.1. Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas. 	OBX1



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA3.2. Describir manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico destas. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA3.3. Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA3.4. Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA3.5. Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA3.6. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto de comportamento e mostrando unha actitude positiva. 	OBX1
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Estratexias de recepción activa. Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. Profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Coñecemento e valoración. Elementos da representación escénica. Roles, materiais e espazos. Teatralidade. Estrutura dramática básica. Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero. Vocabulario específico das artes escénicas e performativas. Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas. Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. 	
Bloque 4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA4.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. 	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> CA4.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas escénicas e performativas, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución. 	OBX4



Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA4.3. Planificar e deseñar producións culturais e artísticas escénicas e performativas colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA4.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA4.5. Compartir os proxectos creativos escénicos e performativos empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido. 	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> CA4.6. Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. 	OBX5
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión. Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nocións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo. Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético. Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática. 	

6º curso.

Área de Música e Danza Terceiro ciclo 6º curso	
Bloque 1. Educación musical: percepción e análise	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA1.1. Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas. 	OBX1



Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA1.2. Describir manifestacións culturais e artísticas musicais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico destas. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA1.3. Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical. 	OBX2
<ul style="list-style-type: none"> CA1.4. Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA1.5. Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA1.6. Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA1.7. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. 	OBX1
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Estratexias de recepción activa. Profesións vinculadas á creación e interpretación musical. Coñecemento e valoración. O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións. Clasificación e comprensión dos mecanismos de produción sonora en cada un. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros. O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición. O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción á diferenciación auditiva entre subdivisión binaria e ternaria. A melodía e a forma musical. Identificación de formas sinxelas: monotemáticas, binarias, ternarias, canción popular, rondó simple e canon. A harmonía. Concepto de acorde, consonancia e disonancia. Diferenciación auditiva entre acorde maior e menor. A textura. Aproximación á discriminación auditiva de monodia, melodía acompañada e textura fuxida. Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. Principais xéneros musicais. Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. 	



- Vocabulario específico de música.
- Recursos dixitais de uso común para música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.

Bloque 2. Educación musical: creación e interpretación

Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	OBX4
▪ CA2.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas musicais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	OBX4
▪ CA2.3. Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes.	OBX4
▪ CA2.4. Planificar e deseñar producións culturais e artísticas musicais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	OBX5
▪ CA2.5. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas musicais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	OBX5
▪ CA2.6. Compartir os proxectos creativos musicais empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	OBX5
▪ CA2.7. Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	OBX5

Contidos

- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Construción de obxectos sonoros e instrumentos e exploración das súas posibilidades sonoras para o seu uso expresivo.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical.
- Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas.
- Uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.



Bloque 3. Educación en artes escénicas e performativas: percepción e análise	
Critérios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> CA3.1. Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA3.2. Describir manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico destas. 	OBX1
<ul style="list-style-type: none"> CA3.3. Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA3.4. Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA3.5. Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. 	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> CA3.6. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto e mostrando unha actitude positiva. 	OBX1
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> Estratexias de recepción activa. Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, orixes e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. Profesións vinculadas ás artes escénicas performativas. Coñecemento e valoración. Xéneros escénicos: aproximación a estes. Valoración da importancia da interpretación dramática no proceso artístico e do patrimonio vinculado ás artes escénicas e performativas. Elementos fundamentais da representación escénica. Roles, materiais e espazos. Teatralidade. Estrutura dramática básica. Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero. Vocabulario específico das artes escénicas e performativas. Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas. Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. 	



Bloque 4. Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA4.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	OBX4
▪ CA4.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas escénicas e performativas, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	OBX4
▪ CA4.3. Planificar e deseñar producións culturais e artísticas escénicas e performativas colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	OBX5
▪ CA4.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	OBX5
▪ CA4.5. Compartir os proxectos creativos escénicos e performativos, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	OBX5
▪ CA4.6. Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	OBX5
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión. ▪ Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nocións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo. ▪ Uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. ▪ Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético. ▪ Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. ▪ Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. ▪ Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática. 	



10.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na área de Música e Danza desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da área e, en combinación co resto das áreas, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da área e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos apartados seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da área de Música e Danza e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da área	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2								2-4
OBX3	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O afondamento progresivo no coñecemento da linguaxe musical e no tratamento dos contidos da área de Música e Danza ao longo de toda a etapa.

– O uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena.

– O emprego de didácticas específicas da ensinanza da música e do movemento (Orff-Schulwerk, Curwen, Ward, Dalcroze, Kodály, Chevais, Willems, Martenot etc.) que axuden a potenciar no alumnado as diferentes habilidades de percepción, análise, creación



e expresión musicais e do movemento. Estas metodoloxías pódense empregar dun xeito ecléctico co fin de adaptarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

– A vivencia dos elementos da linguaxe musical e do movemento como paso necesario para a súa correcta comprensión e adquisición.

– A planificación de situacións de aprendizaxe, experiencias, procesos, proxectos, retos e tarefas que desenvolvan a capacidade de apreciación, análise, creatividade, imaxinación e sensibilidade do alumnado. As situacións de aprendizaxe deben estar vinculadas a contextos próximos ao alumnado que favorezan a aprendizaxe significativa e esperten a súa curiosidade e interese pola música, a danza e as artes performativas. Os proxectos son especialmente útiles á hora de motivar o alumnado para adquirir diferentes coñecementos, desenvolver habilidades e potenciar a súa autonomía. Resulta interesante desenvolver as capacidades musicais e expresivas do alumnado a través das conmemoracións e centros de interese que se desenvolvan no centro. A aprendizaxe a partir de experiencias e do aproveitamento da oferta musical e escénica permite potenciar no alumnado un enfoque aberto e receptivo, estimulando o interese deste pola cultura propia e allea.

– O emprego de recursos, soportes e contextos variados na realización de actividades musicais e de expresión corporal. A presentación da información ao alumnado pode realizarse en diferentes formatos tendo en conta a capacidade de percepción e de comprensión ou o uso da linguaxe por parte deste.

– A énfase en que o alumnado aprenda a aprender e participe na planificación e na toma de decisións sobre o traballo controlando os procesos, usando conscientemente estratexias de aprendizaxe e sendo progresivamente máis autónomo e protagonista da súa propia aprendizaxe.

– A realización do traballo na aula de xeito individual, en parellas estratéxicas, en pequenos grupos ou en grupo grande. Isto ten especial relevancia nas actividades de expresión musical e do movemento.

– A potenciación no alumnado da expresión das súas emocións e da autorregulación destas para fomentar a empatía e facilitar o recoñecemento emocional propio e alleo.

– O tratamento das principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical e escénica e performativa desde unha perspectiva de xénero.



11. Proxecto Competencial.

11.1. Introducción.

A área do Proxecto Competencial diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

As competencias poden entenderse como unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes, nas que os coñecementos se compoñen de feitos e cifras, conceptos, ideas e teorías que xa están establecidos e apoian a comprensión dunha temática concreta. As capacidades enténdense como a habilidade para realizar procesos e utilizar os coñecementos existentes para obter resultados. As actitudes describen a mentalidade e a disposición para actuar ou reaccionar ante as ideas, as persoas ou as situacións.

Nese sentido, as competencias son aquelas que as persoas precisan para o seu desenvolvemento persoal, para resolver situacións e problemas en distintos ámbitos da vida, para crear novas oportunidades de mellora, así como para desenvolver a súa socialización, lograr a continuidade do seu itinerario formativo, e inserirse e participar activamente na sociedade na que vivirán e no coidado da contorna natural e do planeta. Estas competencias desenvólvense cunha perspectiva de aprendizaxe permanente, desde a primeira infancia ata a vida adulta, e mediante a aprendizaxe formal, a non formal e a informal en todos os contextos, incluídos a familia, o centro educativo, o lugar de traballo, a contorna e outras comunidades.

As competencias poden aplicarse en contextos moi distintos e en diversas combinacións, nas que se solapan e entrelazan, xa que determinados aspectos esenciais nun ámbito apoian a competencia noutro. Entre estas competencias intégranse capacidades como o pensamento crítico, a resolución de problemas, o traballo en equipo, as capacidades de comunicación e negociación, as capacidades analíticas, a creatividade e as capacidades interculturais.

Deste xeito, a área do Proxecto Competencial pode configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade, e as actividades que se propoñan reforzarán os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os diferentes saberes.



Para facilitar a concreción curricular desta área establécense tres bloques. No primeiro bloque, o propósito é que cada alumna e cada alumno adquiren as competencias necesarias para prever un plan de traballo de cara á realización de proxectos ou a resolución de problemas.

No segundo bloque, unha vez previsto un plan de traballo, o alumnado terá que mobilizar conxuntamente as competencias transversais e os seus coñecementos para, segundo as pautas establecidas, resolver os problemas ou executar os proxectos planificados.

No terceiro bloque, abórdase a presentación do proxecto competencial por parte do alumnado. Cómpre reforzar a presenza da comunicación nas aulas, e esta área parece un ámbito adecuado para o facer, polo que máis que a simple exposición do traballado se busca tamén a presentación dun discurso. Por outra banda, neste bloque inclúense aspectos relacionados co emprego de soportes audiovisuais e informáticos que serven de apoio.

Desta maneira, a través da realización de proxectos significativos e da resolución colaborativa de problemas, oriéntase o alumnado para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

11.2. Obxectivos.

Obxectivos da área
OBX1. Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.
<ul style="list-style-type: none">▪ Entender a realidade desde unha perspectiva ampla é fundamental para comprender mellor o mundo no que vivimos. Espertar a curiosidade e ter unha visión aberta sobre a realidade constitúe o punto de partida de calquera investigación do contexto. Deste modo, preténdese que o alumnado empaticice e se poña fronte a unha problemática, adquirindo unha perspectiva integral e de conxunto desta.▪ Os elementos transversais do currículo presentan ao alumnado e ao profesorado un grupo amplo de aspectos que a sociedade, no seu conxunto, e as persoas, de forma individual, deben comprender e tratar de darlle solución. É fundamental, polo tanto, coñecelos e observalos, de cara a entender o porqué das situacións xeradas e tratar de achegar unha solución posible a estes.▪ Antes de desenvolver un plan de traballo, é preciso que o alumnado tome o seu tempo para reflexionar sobre cales son as cuestións principais que deberá abordar no seu proxecto e, unha vez determinados estes aspectos, elaborar un plan detallado de execución deste. Decidir sobre aspectos como a dimensión e a duración do proxecto e a identificación dos seus obxectivos, facer balance entre os recursos que se precisan e a dispoñibilidade deles, determinar, de ser o caso, as persoas que vaian intervir e chegar aos acordos precisos sobre o que haxa que facer e sobre quen o vai facer, e determinar e concretar os pasos que haxa que seguir na súa execución, son decisións moi importantes de cara ao éxito final do traballo que cumpra realizar.



OBX2. Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.

- Deseñada a planificación do proxecto, é o momento de poñelo en acción, de facelo realidade e, co correspondente seguimento, observar que é o que sucede para, de ser o caso, tratar de corrixir o que sexa preciso.
- A fase de execución do proxecto é unha das máis relevantes porque será a que permita acadar os obxectivos que se propoñan e porque exixirá un maior tempo de dedicación por parte do alumnado. É o momento de ter en conta aspectos como a coordinación das persoas implicadas, o uso eficiente dos tempos e dos recursos e a supervisión constante do que se está a facer.
- É importante afrontar o proxecto cunha actitude emprendedora, resolutiva, áxil, innovadora, sustentable e creativa que permita a adaptación a distintas situacións e comprender a importancia de desenvolver o hábito de actuar con creatividade, tanto individual coma colectivamente.
- Recoñecer e valorar trazos e calidades persoais propias e das demais persoas resulta indispensable para afrontar con éxito un proxecto. Unha correcta identificación das propias potencialidades permite avanzar de forma segura e, no caso da constitución de equipos de traballo, que deben ser inclusivos, permite darlles a estes escenarios nos que os obxectivos se acaden dun xeito equilibrado, eficaz, cooperativo, motivado e responsable, que compense as debilidades duns e potencie as fortalezas dos outros, adecuándose así ás necesidades do proxecto que se pretende abordar e xerando, a través do diálogo, unha intelixencia colectiva que lles permita funcionar con autonomía. Un correcto desenvolvemento e uso das habilidades sociais como a empatía, a asertividade, a negociación, o liderado e o respecto cara aos intereses, as eleccións e as ideas das demais persoas facilitan unha visión compartida entre os membros do equipo, a creación dun bo clima de traballo e a construción de vínculos de cooperación que redunden no crecemento persoal e colectivo, e intensifiquen valores de respecto, tolerancia e equidade.

OBX3. Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.

- A presentación dos resultados obtidos xunto a un sistema eficaz de comunicación resultan esenciais para lograr obxectivos en calquera ámbito. O alumnado debe coñecer estratexias de comunicación adecuadas e áxiles e aplicar diferentes ferramentas comunicativas, especialmente as ligadas ás novas tecnoloxías. En todo este proceso resulta esencial desenvolver unha actitude cooperativa e respectuosa na forma de comunicarse, aprendendo a argumentar, a escoitar e a transmitir eficazmente o que se pretende dar a coñecer.
- Compartir os coñecementos e as experiencias cos demais permite idear solucións contrastadas e innovadoras, motivar, convencer, tomar decisións e xerar oportunidades. Neste sentido, a utilización de estratexias de comunicación áxil facilitan a tarefa de explicar unha idea orixinal transmitindo, con claridade e rapidez, os seus puntos fortes e débiles. Así mesmo, permite que os equipos compartan as ideas creativas xeradas, e se validen ou descarten con rapidez e se tomen decisións sobre as solucións que finalmente se elixan para afrontar os retos propostos.
- O mundo global e complexo no que vivimos exige formación para mellorar a competencia comunicativa das persoas, en especial no uso dunha linguaxe positiva e no control das emocións que puideran xurdir no propio proceso do acto comunicativo. É importante entender que as estratexias de comunicación son elementos que cobran especial importancia para que unha persoa emprendedora se relacione con outras de maneira efectiva e positiva.



11.3. Criterios de avaliación e contidos.

Todos os cursos da etapa.

Área de Proxecto Competencial Todos os cursos da etapa	
Bloque 1. Definición de proxectos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA1.1. Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	OBX1
▪ CA1.2. Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	OBX1
▪ CA1.3. Identificar e seleccionar a información que se precisa.	OBX1
▪ CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	OBX1
▪ CA1.5. Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	OBX1
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Procura e selección de información relacionada cos proxectos. ▪ Planificación: secuenciación e temporización. 	
Bloque 2. Execución de proxectos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA2.1. Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.	OBX2
▪ CA2.2. Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	OBX2
▪ CA2.3. Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	OBX2
▪ CA2.4. Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	OBX2
▪ CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	OBX2
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Execución de proxectos: dinámicas e roles. 	
Bloque 3. Presentación de proxectos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.1. Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	OBX3
▪ CA3.2. Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	OBX3
▪ CA3.3. Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	OBX3



Criterios de avaliación	Obxectivos
▪ CA3.4. Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	OBX3
▪ CA3.5. Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	OBX3
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. ▪ Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto. 	

11.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na área do Proxecto Competencial desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da área e unha adecuada adquisición das competencias transversais.

O currículo da área do Proxecto Competencial ten unha formulación aberta para permitirle ao profesorado un marco amplo de posibilidades de concreción para axustarse ás necesidades do alumnado destinatario, ás súas preocupacións e aos seus intereses, así como á realidade da contorna do centro docente. Por outra banda, o currículo da área é común para todos os cursos da etapa, polo que o profesorado terá que adecuar as propostas de desenvolvemento curricular ao nivel e idade do alumnado buscando unha oportuna progresividade no conxunto dos cursos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da área e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nas epígrafes seguintes, e seleccionar os criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da área do Proxecto Competencial e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

Obxectivos da área	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4



Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– A área debe enfocarse ao desenvolvemento no alumnado dunha actitude responsable e crítica a partir da toma de conciencia das problemáticas ás que se enfrontan a sociedade e as persoas que nela conviven, desde unha visión sistémica, tanto local como global, e da reflexión crítica sobre os factores internos e externos que inciden nela, asumindo a responsabilidade persoal na procura de solución para estas.

– Os deseños dos proxectos ou problemas de traballo deben ser significativos e desenvolverse en contextos reais que permitan ao alumnado experimentar e vivenciar o proxecto, ter tempos e espazos de protagonismo, así como obter o recoñecemento da súa valía persoal e das súas contribucións aos diferentes grupos nos que desenvolva a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– As actividades que se propoñan dirixiranse a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade, a conexión entre os diferentes saberes e a mobilización conxunta das competencias necesarias para utilizar o razoamento lóxico e analizar e axuizar criticamente os problemas sociais e históricos.

– A realización do proxecto contribuirá á alfabetización informacional e dixital, empregando destrezas e habilidades na procura e na selección de información, o uso ético desta e a xeración de contidos, introducindo as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas de documentación e comunicación que permitan ao alumnado almacenar, organizar, transferir e presentar o traballo elaborado ao longo do curso.

– Impulsarase o traballo cooperativo para a realización das tarefas, que lles permita ás alumnas e aos alumnos a análise, a expresión e a interpretación de pensamentos, sentimentos e feitos en distintos contextos sociais e culturais, así como o uso da linguaxe para regular a conduta e relacionarse coas demais persoas.

– O profesorado debe estimular a axuda mutua e o traballo colaborativo co que, a través da comunicación oral, o diálogo e a interacción entre o alumnado, se contribuirá a desenvolver a competencia para participar activamente nun equipo, a análise e a reorganización das propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e das propias limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas e a solidariedade, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.



– O carácter colectivo do proxecto buscará a inclusión do alumnado, desenvolvendo empatía e xenerosidade.

– Empregaranse distintos métodos que terán en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorecerán a capacidade de aprender por si mesmo. Estes métodos deben fundamentarse na relación entre o progreso persoal e o académico, porque equilibrio afectivo e aprendizaxe van unidos e fortalécense mutuamente.

– As propostas metodolóxicas deben favorecer que se integren na vida cotiá do alumnado o coñecemento de principios, valores e estratexias de regulación emocional, contribuíndo así á súa incorporación á vida adulta de maneira satisfactoria, desenvolvendo a capacidade de asumir os seus deberes e defender os seus dereitos, exercer a cidadanía activa e desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

– Na aula débese crear un clima emocional de confianza e seguridade que facilite que, progresivamente, o alumnado acepte a incerteza como unha oportunidade para articular respostas máis creativas e reforce as súas emocións positivas, aprendendo a manexar a ansiedade e a controlar as condutas asociadas ás emocións negativas, evolucionando desde unha posible falta de confianza inicial ata a satisfacción que supón ter a oportunidade de presentar en público as propias ideas e opinións.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

ANEXO III

Distribución horaria

1. Distribución horaria da etapa.

Áreas	Cursos					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
▪ Ciencias da Natureza	3	2	3	2	3	2
▪ Ciencias Sociais	2	3	2	3	2	2
▪ Educación en Valores Cívicos e Éticos						1
▪ Educación Física	2	2	2	2	2	2



Áreas	Cursos					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
▪ Educación Plástica e Visual	1	1	1	1	1	1
▪ Lingua Castelá e Literatura	4	4	4	4	4	4
▪ Lingua Estranxeira	2	2	3	3	3	3
▪ Lingua Galega e Literatura	4	4	4	4	4	4
▪ Matemáticas	5	5	4	4	4	4
▪ Música e Danza	1	1	1	1	1	1
▪ Relixión/Proxecto Competencial	1	1	1	1	1	1
Totais	25	25	25	25	25	25

2. Distribución horaria por cursos.

Primeiro ciclo.

1º curso.

Curso	Área	Períodos lectivos
1º	▪ Ciencias da Natureza	3
1º	▪ Ciencias Sociais	2
1º	▪ Educación Física	2
1º	▪ Educación Plástica e Visual	1
1º	▪ Lingua Castelá e Literatura	4
1º	▪ Lingua Estranxeira	2
1º	▪ Lingua Galega e Literatura	4
1º	▪ Matemáticas	5
1º	▪ Música e Danza	1
1º	▪ Relixión/Proxecto Competencial	1
Total 1º		25

2º curso.

Curso	Área	Períodos lectivos
2º	▪ Ciencias da Natureza	2
2º	▪ Ciencias Sociais	3



Curso	Área	Períodos lectivos
2º	▪ Educación Física	2
2º	▪ Educación Plástica e Visual	1
2º	▪ Lingua Castelá e Literatura	4
2º	▪ Lingua Estranxeira	2
2º	▪ Lingua Galega e Literatura	4
2º	▪ Matemáticas	5
2º	▪ Música e Danza	1
2º	▪ Relixión/Proxecto Competencial	1
Total 2º		25

Segundo ciclo.

3º curso.

Curso	Área	Períodos lectivos
3º	▪ Ciencias da Natureza	3
3º	▪ Ciencias Sociais	2
3º	▪ Educación Física	2
3º	▪ Educación Plástica e Visual	1
3º	▪ Lingua Castelá e Literatura	4
3º	▪ Lingua Estranxeira	3
3º	▪ Lingua Galega e Literatura	4
3º	▪ Matemáticas	4
3º	▪ Música e Danza	1
3º	▪ Relixión/Proxecto Competencial	1
Total 3º		25

4º curso.

Curso	Área	Períodos lectivos
4º	▪ Ciencias da Natureza	2
4º	▪ Ciencias Sociais	3



Curso	Área	Períodos lectivos
4º	▪ Educación Física	2
4º	▪ Educación Plástica e Visual	1
4º	▪ Lingua Castelá e Literatura	4
4º	▪ Lingua Estranxeira	3
4º	▪ Lingua Galega e Literatura	4
4º	▪ Matemáticas	4
4º	▪ Música e Danza	1
4º	▪ Relixión/Proxecto Competencial	1
Total 4º		25

Terceiro ciclo.

5º curso.

Curso	Área	Períodos lectivos
5º	▪ Ciencias da Natureza	3
5º	▪ Ciencias Sociais	2
5º	▪ Educación Física	2
5º	▪ Educación Plástica e Visual	1
5º	▪ Lingua Castelá e Literatura	4
5º	▪ Lingua Estranxeira	3
5º	▪ Lingua Galega e Literatura	4
5º	▪ Matemáticas	4
5º	▪ Música e Danza	1
5º	▪ Relixión/Proxecto Competencial	1
Total 5º		25

6º curso.

Curso	Área	Períodos lectivos
6º	▪ Ciencias da Natureza	2
6º	▪ Ciencias Sociais	2



Curso	Área	Períodos lectivos
6º	▪ Educación en Valores Cívicos e Éticos	1
6º	▪ Educación Física	2
6º	▪ Educación Plástica e Visual	1
6º	▪ Lingua Castelá e Literatura	4
6º	▪ Lingua Estranxeira	3
6º	▪ Lingua Galega e Literatura	4
6º	▪ Matemáticas	4
6º	▪ Música e Danza	1
6º	▪ Relixión/Proxecto Competencial	1
Total 6º		25

